

# MAR ADIANTE

AS XEIRAS DOS ULTREIAS

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

FOTOGRAFÍA: PÍO GARCÍA







© ASOCIACIÓN ÁLVARO DAS CASAS

© FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA

PATROCINA:



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de  
Conservación da Natureza

**DIRECCIÓN E COORDINACIÓN: CARME PÉREZ VAQUERO, XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ**

**TEXTOS E INVESTIGACIÓN: CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ**

**FOTOGRAFÍA: PÍO GARCÍA**

**DESEÑADORA: NEREA OTAZO ECHEVARRIA**

**DEBUXOS: XURXO LOURENZO, P. FÁBREGA, XOÁN R. MARÍN MARTÍNEZ**

**MAPAS: XOÁN R. MARÍN MARTÍNEZ**

**EDITA: PÍO GARCÍA EDICIÓN S**

**IMPRIME: ARTES GRÁFICAS LITONOR**

**D.L.:**

**CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ**

TEXTOS E INVESTIGACIÓN

**PÍO GARCÍA**

FOTOGRAFÍA



I. NA MISIÓN BIOLÓXICA DE GALICIA  
II. UN PERIPLO POLAS RÍAS BAIXAS  
III. UNHA EXCURSIÓN POLA SERRA DO BARBANZA

AS XEIRAS DOS ULTREIAS







## NOTA PROLOQUIAL

**F**ai neste libro o autor, ben coñecido, a referencia histórica, o desenvolvemento do labor realizado polo agrupamento xuvenil “Ultreia”. A fundación deste débese ao profesor nacionalista Álvaro de las Casas. Rexíase por un Consello que el mesmo presidiu. Na etapa inicial formárono, ademais, como vogais, Filgueira Valverde, Xurxo Lourenzo, Rodríguez Tenreiro, Aguiar Álvarez e o que isto escribe co cargo de segredario xeral. Moi axiña, a nova sociedade moza amosouse encamiñada cara os obxectivos que determinaran a súa creación: os de que as promocións novas adquirisen conciencia do propio país, coñecesen Galicia e a súa cultura. Que ademais cultivase arreo a lingua autóctona e espallase en todo lugar os valores característicos da nacionalidade.

A seguido fóronse constituíndo grupos locais, en Noia, Pontevedra, Compostela, Vigo, Ourense, Tui, Redondela, A Estrada, Padrón, Lugo. Xa formalizado en realidade o propósito que perseguía, “Ultreia”

*realizou a primeira xira de actividades. Estivo encarreirada a introducir aos rapaces no vivir da peculiaridade galega.*

*Concretouse unha visita informativa á “Misión Biolóxica de Galicia”, de tanta significación para o porvir agrario do país. Lembramos que narraron despois as impresións recibidas, en escritos xornalísticos, algúns dos mozos asistentes: Alexandro Agra Cadarso, Miguel Roig Lestón, Rufo Pérez González, Carlos R. Padín, Xoán Astorga, Xaime Illa, Manuel Rei Lado.*

*Tamén organizaron unha excursión marítima polas Rías Baixas, orientada ao directo coñecemento da súa realidade xeográfica, de Muros a Vigo, pasando por Noia, Ribeira, Rianxo, Vilagarcía, Cambados, O Grove, Sanxenxo, Pontevedra, Marín, as Illas Ons, Cangas, etc.*

*Seguiu ao devandito cruceiro ilustrativo por augas das Rías Baixas, unha expedición por lugares do Barbanza. Posteriormente, a andadura durante unha semá por terras do Ribeiro de Avia. Percorrido de ensino histórico-artístico por Esposende, Camporredondo, Beade, Leiro, San Clodio. Polos pazos e polas pequenas igrexas espaxadas por toda a paisaxe ribeirá.*

*As peregrinaxes polos litorais galegos e porterras do interior, en autobús ou a pé, acadaban proveitosos resultados formativos. Por outra banda, o labor de formación cultural cifrouse na edición e espallamento de amplas series de cantigas populares, de refraneiros, de romances. Ou de publicacións postais coa “Carta das nacións céltigas”, así como de pequenas biografías de personalidades da Galicia histórica e literaria. Os membros dos diversos grupos saían cada domingo a venderen libros na nosa lingua por vilas e cidades. Espallaron centos e centos do folleto “Dez cursos de traballo do Seminario de Estudos Galegos”.*

*Cumprida a primeira etapa de actividade, anovouse o Consello de “Ultreia”. Continuou Álvaro de las Casas como presidente. Ocuparon os cargos de vogais, Vicente Risco, Filgueira Valverde, Barreiro Salaño, Díaz Baliño. O autor desta nota proloquial seguiu como secretario xeral da organización. E velaí, en obrigado resumo, o acento dunha tarefa, as xeiras que nas páxinas seguintes describe Clodio González Pérez con xustiza e axeitada visión.*

*Francisco Fernández del Riego*





O Monte Louro (Muros)



LIMIAR

## FORMANDO LÍDERES

No discurso pronunciado por Álvaro das Casas no paraninfo da universidade de Santiago de Compostela o 9 de marzo de 1933, editado en facsímile pola Asociación Álvaro das Casas en marzo de 2003, dicía o escritor ourensán: “Cómpre que os nosos rapaces vexan, doitamente dirixidos, escolas, fábricas, minas, talleres, bancos, clínicas, museos, laboratorios, hospitais, sociedades obreiras, etc.; o día de mañá se son chamados ao goberno, se teñen de sentir por riba de si a responsabilidade dunha dirección, estarán documentados persoalmente e saberán das nosas angueiras, das nosas preocupacións e das nosas necesidades”.

Naquelas verbas de Álvaro das Casas pronunciadas na universidade de Santiago aparecía diafanamente promulgada toda unha antropoloxía filosófica, á vez pragmática e idealista, referida á formación dos mozos galegos chamados a liderar unha xeración á que lle esperaban acontecementos históricos inimaxinables. O profesor Álvaro das Casas confiaba naquela xuventude chea de vontade e de entrega ao seu país, e quería preparala para unha aventura aberta e sen complexos promovendo neles a curiosidade científica. Propoñíase, pois, dotar a esta terra dunha base idónea de xóvenes con amplos e profundos coñecementos teóricos e

prácticos; pretendía dinamizar unha xuventude que se implicase no progreso de Galicia e fose capaz de afrontar os retos do futuro tan pronto pasasen da xuventude á madurez. Formar mozos conscientes, libres, integrados e participativos, preparados para saber ocupar o seu lugar no mundo e dispostos a desempeñaren un papel activo nunha sociedade complexa e competitiva. Era preciso para levar a cabo tal proxecto mergullar aos mozos na realidade galega, non só coñecela conceptualmente a través dos libros, senón tamén sentila, acariñala, compartila, amala. O homérico Álvaro das Casas deseñou as xeiras dos Ultreias con mimo e con detalle. Programou para aqueles novos Ulises as rutas e as escalas, os perigos dos cantos das sereas e os riscos dos feitizos de Circe. Soñou con levalos á Ítaca galega onde poideran abrazar á fiel Penélope que os estaba esperando impaciente e expectante.

Polo que logo se comprobou, moitos daqueles mozos ultreias colaboraron activamente nos cambios estruturais de Galicia e algúns, unindo a amplitude de opinións á penetración da intelixencia, aínda lideraron a transformación da realidade social circundante. Unha grande maioría daqueles ultreias decatábase de que o traballo non só é un deber senón tamén unha nobre aspiración, debéndose cumprir como unha obriga moral porque ten que ser considerado base da dignidade humana.

O espírito ultreia respondía así ao obxectivo de defender a liberdade humana por



riva de rexímenes políticos –como queda patente na introdución que fai Clodio González, aquela mocidade enrolada nos Ulteira non militaba en ningún partido–, pois eran conscientes de que a militancia coacciona ao individuo ata reduci-lo a unha engranaxe do mecanismo partidista; pero nese mesmo designio expresaban o seu amor por Galicia formándose intelectual, práctica e estratexicamente. Estes obxectivos representan un compromiso moral coa sociedade galega, á que observaban discriminada e sometida a antagonismos respecto ao resto de España. Decía Ortega que “é unha ilusión pueril crer que está garantida nalgunha parte a eternidade dos pobos; da historia teñen desaparecido moitas razas como entidades independentes... É preciso que a nosa xeración se preocupe con toda consciencia, premeditadamente, organicamente, do futuro nacional” (*Vieja y nueva política*). Foi, pois, aquela mocidade galega dos Ulteira a que recolleu a mensaxe orteguiana, a que protagonizou o compromiso con esta terra. Aos poucos daqueles ultreias que aínda gozan do privilexio de vivir débémolles dar protagonismo e ter en conta as súas opinións sobre o desenvolvemento de Galicia porque, coincidindo con Nietzsche, “só aquel que constrúe o futuro ten dereito a xulgar o pasado”.

**Xosé González Martínez**

Presidente da Fundación Premios da Crítica Galicia

**Avelino Muleiro García**

Presidente da Asociación Álvaro das Casas





ÁLVARO DAS CASAS,  
A ASOCIACIÓN XUVENIL ULTREIA  
E AS SÚAS XEIRAS

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ





*Álvaro das Casas*

Álvaro María Casas Blanco, que asina as súas publicacións como Álvaro de las Casas ou, algunhas veces cando escribe en galego, Álvaro das Casas, nace en Ourense o 2 de xullo de 1901 e fina en Barcelona o 8 de marzo de 1950. Cursa o bacharelato no instituto da cidade natal e Filosofía e Letras (sección Historia) na universidade de Valladolid<sup>1</sup>, ao tempo que colabora en varias publicacións, sendo a primeira a ourensá *O tío Marcos da Portela*, na que insire “Cadros da terra. D’o natural”, cando só contaba 16 anos. Dende 1922 fixa a residencia en Madrid, co gallo de redactar a tese de doutoramento, comezando unha etapa da súa vida que se vai caracterizar por unha extraordinaria relación coas clases conservadoras e monárquicas, de tal xeito que ademais de acollelo como membro de varias institucións culturais e aristocráticas, é nomeado secretario particular do alcalde de Madrid, o conde de Vallellano.

Durante estes anos mantén boas relacións con varios intelectuais galegos, sobre todo con Vicente Risco, publicando dende 1925 algúns artigos en galego en *Nós* e *A Nosa Terra* e na colección *Lar* as novelas *O xardín do castelo de Vidre e Ladaíña*, ao tempo que tamén o fai en castelán, neste caso en particular na conservadora revista viguesa *Vida Gallega*. En 1928 saen do prelo en Madrid, editadas pola Compañía Ibero-Americana de Publicaciones, dúas obras máis: *Antología de la lírica gallega* e *Dos días en Orense*, que son ben acollidas, casando tamén neste ano con Natividad Ulloa Sotelo na capela do pazo dos Ulloa de Esposende (Ribadavia), da que ela era unha das propietarias.

De súpeto, cando ninguén o agardaba, decide trocar a vida aristocrática da capital pola de ensinante, comezando o seu labor pedagóxico no instituto estremeño de Fregenal de la Sierra<sup>2</sup>.

Solicita traslado para Galicia, e o primeiro de outubro de 1930 toma posesión como profesor de Xeografía e Historia do instituto de Noia, data que sinala o comezo

da segunda etapa da súa vida, totalmente diferente da anterior, agora como resolto republicano e galeguista. Será a máis frutífera, desenvolvéndose boa parte da actividade cultural e mesmo política na devandita vila, asinando xa ao pouco de chegar -o 23 do mesmo mes-, a solicitude para a aprobación do regulamento da “Irmandade Galeguista” que se lle envía ao gobernador civil da Coruña<sup>3</sup>. Non obstante de tomar parte en actos e actividades en varias poboacións, durante todo este tempo reside en Noia ou en Compostela, non abandonando o labor cotiá de ensinante no instituto ata a Guerra Civil, en que é destituído como profesor polos sublevados o 11 de agosto de 1936<sup>4</sup>, cando se atopaba fuxido en Portugal. Con estas palabras publicadas no libriño *El cementerio de Noya*, escritas no país veciño pero co pensamento en Galicia, despedíase para sempre dos seus alumnos:

*Entrañablemente emocionado dedico este libro a mis carísimos alumnos en el Instituto de Noya: unos me ayudaron con su esfuerzo; otros me alentaron con su fe. En todos ellos he visto esperanzas ubérrimas en las que fío lo mejor de mi labor diaria. En ellos está, como en depósito sagrado, la suerte de una Galicia nueva que juntos soñamos día tras día, sin desmayos.*

*Que andando los años, cuando yo ya sea viejo y estos chicos de hoy sean hombres de verdad, sirvan estas páginas para todos ellos de recuerdo amable, generoso y fecundo. Sean para ellos una pobre lección de clase, dicha cuando ya no se puede decir.*



O 11 de maio de 1932 é nomeado director do instituto, pero desempeña o cargo pouco tempo xa que renuncia, a petición propia, o 28 de outubro de 1933, debido

a apertura dun expediente que lle incoa o reitor da Universidade Compostelá, o noiés Alejandro Rodríguez Cadarso, co gallo dunha conferencia que pronuncia no paraninfo da universidade e que, co título de *Verbas aos mozos galegos. O momento universitario*, foi considerada un alegato separatista por un grupo de profesores<sup>5</sup>.

Concordarase ou non coa súa ideoloxía, así como coa forma de actuar, tanto a nivel político como mesmo persoal, pero non se pode poñer en dúbida a extraordinaria capacidade que posuía como dinamizador cultural, recoñecida por todos os compañeiros: *sementador de ideas e proieutos*, di Ramón Otero Pedrayo<sup>6</sup>; *impenitente suxeridor de proxectos*, afirma Fernández del Riego<sup>7</sup>; ao que cómpre engadir o de pedagogo innovador, que non se conforma coas asépticas explicacións da aula e bota man de diferentes medios para que os alumnos coñezan a realidade social, económica e cultural da Terra.


Nunca un instituto galego acadara o prestixio ao que chegou o de Noia entre os anos 1930 e 1936 que, si é certo, tamén se debeu en parte ao labor dos demais profesores, pero el será quen poña en marcha innovacións descoñecidas e ata revolucionarias: convida a falar nas aulas a sobranceiros personaxes da cultura: Alejandro Rodríguez Cadarso, Salvador Cabeza de León, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Antonio Fraguas Fraguas, Ángel del Castillo, Xoaquín Lorenzo Fernández, Florentino López Cuevillas, Sebastián González García-Paz, Aquilino Iglesia Alvariño, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, B. José Castro Rial...

Funda unha pequena editorial da que se encargan os propios alumnos, que publica varios folletos: escolmas de alalás, refráns, unha síntese da historia de Galicia...



*Los chicos dirigen las ediciones, las financian y las administran. De cada número se editan cien ejemplares por los que pagan al impresor veinte pesetas, los cuales, vendidos a cincuenta céntimos, reportan un beneficio de treinta pesetas...<sup>8</sup>*

Organiza viaxes culturais de cote para que os alumnos coñezan outras terras, nunha época en que tanto as comunicacións como os medios de transporte eran moi deficitarios: Oseira, A Coruña, Santiago de Compostela, o monte de Santa Trega, Buño, Ferrol, Vigo, Sobrado dos Monxes, Fisterra, Marín... Ata chegan a botar oito días entre o Porto e Coimbra, inconcibible para aquela e máis polo que atinxe en particular ao ensino público.



Á. das Casas (Caricatura de P. Fábregas 1936)

E, por último, funda unha agrupación xuvenil á que poderán pertencer todos os rapaces e mozos galegos, sabedor de que o futuro dun país depende da xuventude, e o primeiro que cómpre facer é que esta coñeza ben a realidade social e económica, a xeografía e a historia, os monumentos e os lugares de interese natural, as virtudes e os defectos dos habitantes, as carencias e os excedentes...

Foron moitos os galegos que coincidiron con Álvaro das Casas, e a mellor mostra témola no número extraordinario de rapaces afiliados con que axiña contou a agrupación, así como tamén dos intelectuais que colaboraron dalgún xeito con el: tomando parte nos actos, aportando publicacións, asistindo a viaxes culturais, etc...

Nunca se esquecería de Noia, das súas xentes e dos seus monumentos, e menos aínda dos alumnos, aos que xa lles dedica ao pouco de chegar os alalás do libro *Sulco e Vento* (1931): (*Aos meus rapaces de Noia*). Rapaces que agora xa son vellos, pero seguen mantendo na súa memoria a estadía do innovador mestre, de quen falan con cariño e que, a teor do que escribe Remixio González Gándara, asistente á primeira xeira que se desenvolve na Misión Biolóxica en Pontevedra, era de carácter extrovertido e trato afable:



O Instituto de Noia na época en que Álvaro das Casas era profesor.

*D. Álvaro é baixo, gordo, sano, alegre, e sempre de bó humor; é moi dicharacheiro e na primeira ollada fáisenos simpatiquísimo. Ofrece un vivo contraste co señor Filgueira Valverde; D. Álvaro é gordo e baixo, e o outro alto e delgado; aquél é home de izquierdas e éste de dereitas; aquél é dunha alegría espontánea e rebuldeira, e éste de alegría reposada e silenciosa, e sin embargo son íntimos amigos, acaso porque se completan moi ben. D. Álvaro parece, na vida e na literatura, un romántico...*<sup>9</sup>



Álvaro das Casas e dous profesores con varios alumnos e alumnas no instituto de Noia.

Ramón Otero Pedrayo, amigo desde a infancia e un dos convidados a falar nas aulas do instituto noiés, resume deste xeito en 1953 a estada de Álvaro das Casas nestas terras de beiramar:

*En Noya foi mestre e proel non soio da mocidade de aquila riveiriña de finas esencia mariñeiras onde o oxival galego compriu seus fermosos e crebados degoios. Dono de un gosto e saber fidalgamente sensitivo das ideas e das formas Álvaro podía non afastar na vida e no ensino a forza da gracia, a maneira mundana e o deber esencial. Espertaba nos mozos o amor das paisaxes. A dinidade antiga e as lembranzas podentes tiveron en Álvaro un afervorado espallador [...]*

*Sementador de ideas e proieutos cecais dira unha sensación de fadiga as veces... O certo nil era un fervor sin repouso e un caraiter dominado por unha sensibilidade pronta, esperta, delicada...<sup>10</sup>*





I Xeira: Mision Biolóxica de Galicia (marzo 1932)

*A Agrupación Xuvenil Galeguista Ultraia*

*Concebín a idea de crear os agrupamentos Ulteya libre de toda suxerencia; si acaso pensando no éisito que un tempo alcanzaron no noso país os eisproradores -xa totalmente desaparecidos- e na posibilidade de ispirar unha orgaización que, recollendo o espírito xuvenil daquelas tropas, se mantivese ao marxen de patrioteirías pueriles e de malsanas parodias castrenses. Coidaba que o intre era propicio: nosa mocidade, aburrída dos partidos polítecós, cansa de loitar por conquistar metas eiscesivamente fáciís, arelaba xuntarse nunha gran cruzada espíritoal na que os obxetivos, por lonxanos, serían infinitamente máis cobizados. Outras orgaizacións semellantes (como Schokol no eistranxeiro e Palestra na Iberia) conocinas despóis de estar en marcha, en prena realización, a miña idea. Agora, sabendo como viven as xuventudes da Europa nova, estudado o intresantísimo libro de Alexander e Beryl Parker<sup>11</sup> en col da educación na Alemaña, síntome máis que nunca orguloso da miña obra e teño a certeza de que, continuando como hastra eiquí a miña patria será un belo eisempro<sup>12</sup>.*

O 10 de febreiro de 1932 constitúese de forma oficial a Agrupación Xuvenil Galeguista Ulteya, exclusivamente masculina, malia que o instituto de Noia era mixto, que terá por principais obxectivos o coñecemento pleno de Galicia por parte da mocidade (cultura, economía, natureza...), así como tamén o melloramento físico do corpo a base de excursións, exercicios ximnásticos e paseos.

Álvaro das Casas manifestara máis dunha vez o desexo de crear unha organización destas características e con tais fins, en particular a varios amigos que se reunían nos parladoiros do local da revista *Nós*, en Santiago de Compostela<sup>13</sup>. O que non se agardaba era que fixese realidade tan axiña o proxecto, empezando con cinco dos seus alumnos noieses que asinan o manifesto fundacional dirixido a todos os mozos galegos, ao tempo que tamén fan públicos os enderezos para aqueles que desexen solicitar información ou afiliarse: Manuel Blanco Ons, Juan Suárez Oviedo, Antonio Busto Rodríguez, Miguel Roig Lestón e Gonzalo Rudiño Castro.



Don Álvaro con varios ultreias diante da portada da igrexa de San Martiño de Noia (c. 1933)

A folla vai encabezada á esquerda co tríscele, logotipo escollido como símbolo desde o comezo que, malia ás opinións contrarias dos que non lles gustaba pola manifesta semellanza coa esvástica hitleriana, manteríano ata a extinción da agrupación a partir do 18 de xullo de 1936:

*A todol-os mozos galegos:*

*Un fato de rapaces noiases maxinamos organizarnos nun agrupamento que baixo o nome de ULTREYA faga algunha cousa boa pol-a Terra axudando, na posibilidade das nosas forzas, a eses grandes homes que labouran sin acougos pol-a redenzón da Galiza, adiantando o intre cobizado no que o noso país volte aos días groriosos doutroa.*

*Xuntámonos, nomeamos un xefe e, cada un de Nós, asiñou este Decálogo (ver imaxe na páxina seguinte). Os rapaces galegos, dos 12 ós 20 anos, estánse orgaizando n-uns agrupamentos tidoados Ultreya, chamados á conquistar posto de honra n-as vanguardas da galeguidade.*

*Baixo esta bandeira desenrolaremos a nosa aituación circuscrita a escursiós e paseios nos que procuramos o conocimiento do chan natal dirixidos por un profesor ou home de ciencias ou letras que, ao par que fala con Nós na língua groriosa e docísima dos nosos país, vainos espicando monumentos e paisaxes, afincando nos nosos peitos este sagro amor á Terra que nos criou e que un día ha recoller nosos hosos rente das cinsas venerabres dos nosos vellos.*



*Rapaces irmáns do chan galego: é preciso que en cada cidade, en cada vila, en cada aldeia, fagades tamén grupos ULTREYA. O fraterno convivio dos nosos espíritos, mantendo sempre aceso o fogo de tan limpas espranzas, é pra Galiza a garantía do adicado amor con que a temos de servir de homes. Sobre os nosos xerseis brancos fulxe un triskele roxo que ha correr os camiños galegos chamando a todol-os rapaces irmáns a esta nobre cruzada de galeguidade.*

*Rapaces irmáns da beiramar e da montana: botáivos como Nós, co roxo triskele no peito, a choutar pol-as congostras enriba fortalecendo voso corpo e abrindo a ialma a esta maternal fermosura do chan nativo, que é o recanto mais belo e mais bó de todo o mundo.*

*Ei Terra!*

*Manuel Blanco Ons (Corredoira, 33), Juan Suárez Oviedo (Campo de Noia), Antonio Busto (Comercio, 23), Miguel Roig Lestón (Mazacáñamos, 2), Gonzalo Rudiño (San Bricio, Santa Cristina).<sup>14</sup>*



Segundo o único asinante aínda vivo, Antonio Busto Rodríguez, o escrito foi integramente redactado polo profesor, que o leu na clase e logo pediu voluntarios que estivesen de acordo para asinalo e poñer os seus enderezos. Foron os cinco, que tiñan, seguindo a mesma orde con que están no manifesto, 15, 15, 14, 16 e 15 anos, respectivamente. Os tres primeiros eran naturais de Noia, o cuarto do Porto do Son, e o quinto de San Breixo –que castelanizaban daquela por Bricio–, lugar da parroquia noíesa de Santa Cristina de Barro.

O nome, *Ultreia*, tomouno do *Liber Sancti Jacobi* ou *Códice Calixtinus* que se conserva na catedral compostelá, do himno dos peregrinos do século XII coñecido por “canto de ultreia” que empeza co verso *Dum pater familias*. Segundo opinan algúns estudosos na súa orixe foi de carácter guerreiro, dos cruzados, xa que esta verba significa “máis alá!” ou “adiante!”:

*Herru Sanctiagu!*

*Got Sanctiagu!*

*E ultreia!, e sus eia!*

*Deus, adiuvanos!*<sup>15</sup>



Eran moitos os galeguistas que botaban en falta unha asociación que acollese á xuventude, de semellantes características a varias que xa había no Estado Español, como Palestra en Catalunya e os Mendigotxales en Euskadi, e, sobre todo, nalgúns países europeos, como Alemaña, por eso en xeral o seu nacemento foi ben recibido polos sectores comprometidos co rexurdimento político, cultural e económico da Terra. Consonte coa nova que publica o xornal vigués *El Pueblo Gallego* seguida do texto completo do manifesto, no proxecto xa se viña traballando cando menos dende algúns meses antes, en particular mantendo contacto con posibles colaboradores en varias poboacións e nos institutos con profesores galeguistas, pois só dous días despois de se facer pública a constitución xa se di que conta con grupos organizados en Ourense, Vigo, Vilagarcía, Pontevedra e Santiago de Compostela, e eso non se acada en tan pouco tempo:

*Estos días circula por Galicia un interesante manifesto, inspirado en el más puro fervor galleguista, que hoy damos a conocer a nuestros lectores. Huelgan los comentarios. Forma y fondo constituyen una página plena de emoción gallega que se enorgullecerán en firmar todos los jóvenes de nuestro país. Según nuestras noticias, dirige la organización nuestro fraternal amigo y colaborador el catedrático Álvaro de las Casas, hombre colmado de esperanzas y nobilísimas inquietudes que abre a nuestra juventud un camino espléndido de promesas. “Ultreia” se llama esta organización – “más allá!”- que cuenta, apenas nacida, con fuertes núcleos en Orense, Vigo, Villagarcía, Pontevedra, Noya y Santiago [...].<sup>16</sup>*

Dous días despois de dar esta nova, o mesmo xornal publica un eloxioso artigo asinado por Víctor Casas dando conta do nacemento doutra agrupación xuvenil semellante na Coruña, Mocidade Galeguista, que se non se debeu ao xurdimento de Ultreia, é de supor que o acelerase coa fin de contrarrestar a súa influencia antes de se estender máis, ou tamén que Álvaro das Casas estivese

ao tanto da asociación coruñesa e adiantase a presentación pública da súa para ser deste xeito a primeira. Ambas as dúas se constitúen polas mesmas datas, na primeira quincena de febreiro de 1932, pois se a coruñesa xa contaba con 58 membros e elixira o consello directivo, a noiesa tiña núcleos de afiliados en diferentes poboacións polo que se viña traballando na organización dende antes.<sup>17</sup>

O 15 de febreiro -cinco días despois da constitución- insire o “decálogo” nas súas páxinas a revista *Nós*, ao tempo que di que se trata dunha agrupación que dirixe Álvaro das Casas:

*Os rapaces galegos, dos 12 ós 20 anos, estánse orgaizando n-uns agrupamentos tidoados Ultreya, chamados á conquistar posto de honra n-as vanguardas da galeguidade [...]*<sup>18</sup>

Algúns meses máis tarde, en outubro, afirma que Ultreia constitúe

*unha das máis rexas convulsións do pensamento novo, como un movemento da nosa xuventude destinaada á dar á nosa patria fúlxidos días de gloria.*<sup>19</sup>

A medra de afiliados foi espectacular, de tal xeito que un mes despois da constitución xa se di que conta cuns 800 inscritos procedentes de toda Galicia. Axiña procuraron unha sede para o Consello, que non foi en Noia, senón na rúa Manuel Quiroga de Pontevedra, onde xa ficaba no mes de xullo seguinte, seguro que por residir nesa poboación, entre outros, dous dos principais promotores: Filgueira Valverde e Iglesias Vilarelle. Segundo unha folla impresa de carácter informativo espallada para atraer socios, aos seis meses da fundación contaba con máis de mil ultreias:

*Irmáns: O agrupamento Ultreya vai cumprir agora medio ano de vida e xa ten na súa organización máis de un milleiro de rapaces galegos. Ningún outro naceu con millores esperanzas nin puído sinalar, en tan pouco tempo, un éisito tan compreto. Namentras, aínda nos parez pouco: quixéramos ter xá, rente de Nós, a toda a mocidade do país.*

*Irmáns: vinde a Nós pra formar nesta gran falanxe de galeguidade. Soio un fin perseguimos: o conocimiento, engrandecemento e grorificación da Galiza [...]*

*Irmáns: mozos galegos, rapaces do noso sangue, agardamos por vós, vinde logo. Galiza percisa de todol-os esforzos. Pol-os milenarios camiños de Santiago por onde noutrora veu Europa a soñar inmortalidade diante os líricos infindos atrántecos, veñen oxe os nosos inteleituales de Berlín, de Oxford, da Sorbona e de Munich, de Roma e de Stugart, de Coimbra e de Zurich, a beber historia nas fontes purísimas de Compostela. Que non encontren a nosa Universidade valdeira: somos Nós os que temos de enchela de cencia e de esprito.*



Cunqueiro, Fernández del Riego e Carballo Calero (c. 1932)

*Mais de mil triscelos roxos fulxen sobre os nosos xerseis brancos espallados por todol-os recunchos da Terra. Irmáns: axudádenos a multiplicalos.*<sup>20</sup>

Número que aumentaría considerablemente nos meses sucesivos, pois un ano despois da fundación xa se di que superaba os 1.400 afiliados, cantidade que continuaría medrando ata que empezan a coller pulo as Mocidades Galeguistas, dependentes do Partido Galeguista, e, en particular, dende que se constitúen en federación en 1934, ás que pasan moitos ultreias e mesmo algúns destacados dirixentes ou, en último caso, pertencen a ambas.

## **1. Organización e símbolos**

Ultreia era unha agrupación xerarquizada de semellantes características a outras xuvenís da época, que o fundador e director pretendeu manter á marxe *de patrioteirías pueriles e de malsanas parodias castrenses*, e o único xeito de evitalo era dándolle grande importancia á cultura —a semellanza do que se facía en Alemaña—, obxectivo capital que trataba por todos os medios de inculcar aos rapaces, participando en actos, asistindo a conferencias, visitando monumentos e lugares de interese, etc.:

*Xa sabedes homes de Galicia e vosoutros, irmáns Ultreyas, que a verba “Ultreya” vai sempre xunguida fortemente ao significado de cultura; porque non se pode concibir un mozo de Ultreya que non teña, siquera sea en certo grado —na medida da razón, na medida do estudo ou dos seus anos— a doada cantidade de cultura...*<sup>21</sup>

Os mozos xuntábanse en “ducias” dependentes cada unha dun “guieiro”, das que doce constituían unha “liña” á fronte da que estaba un “maor” (por exemplo, a excursión pola serra do Barbanza fixérona só algúns rapaces da “I Liña” de Noia); e, por último, todas as “liñas” dependían do Consello composto por cinco vocais, que ao comezo eran: Xurxo Lourenzo Fernández, Xosé Filgueira Valverde, Xoán Rodríguez Tenreiro, Antonio Iglesias Vilarelle e Raimundo Aguiar Álvarez; un secretario, Francisco Fernández del Riego, e un “rexente”, Álvaro das Casas.

O uniforme consistía nun xersei branco sobre o que ía bordado un tríscele. Este logotipo, como xa se dixo, daría lugar a controversias e a aclaracións por parte do fundador, como a seguinte:

*Distínguenos un triskele bermello que vai sempre sobre noso peito i-en cada unha das nosas bandeiras; un triskele que non ten cheiro como algún quixo supor, da svástica hitleriana: é a expresión do home correndo tal coal aparez nas nosas insculturas da prehistoria i-esí foi recollido nos seus estudos polo prof. R. Sobrino. Quer dicer dinamismo, marcha, avance, procura do noso ideal de máis alá. Un triskele que por outra parez recoller os tres temas fundamentais de noso orgulo de cidadáns galegos: fogar, raza e língua.<sup>22</sup>*

Considerábase unha asociación apolítica por non depender de ningún partido, malia que o “rexente” militase no Partido Galeguista desde a constitución do mesmo en decembro de 1931, sendo ademais un dos membros do Comité executivo, pero co gallo de enfrontamentos xurdidos sobre todo por mor da agrupación e tamén por certas actuacións súas coas que non estaban de acordo os demais compañeiros, decide abandonalo xunto con Fernández del Riego, Manuel Beiras e Ramón Martínez López, entre outros, á vez que funda un novo partido de carácter independentista, Vanguarda Nazionalista Galega.<sup>23</sup>

Tamén é de ter en conta a axuda que recibe por parte da maioría dos membros do Seminario de Estudos Galegos: Castelao, Filgueira Valverde, Bouza-Brey, Fraguas Fraguas, Risco, Otero Pedrayo, Xurxo Lourenzo..., que colaboran directamente como membros do Consello, imparten conferencias, asisten a actos, etc., por considerar a Ulteira o viveiro das futuras xeracións galeguistas.

Os ultreias posuían himno de seu, Keltia ou Celtia, que cantaban nos actos importantes, como por exemplo cando na segunda xeira ou “Roteiro da Rías Baixas” logo de facer no cemiterio de Rianxo a ofrenda floral na tumba do poeta Manuel Antonio. A letra é de Xosé Filgueira Valverde, aínda que segundo se ten dito tamén puido colaborar Claudio Losada, mentres que a música se debe a Antonio Iglesias Vilarelle, un dos fundadores da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra. <sup>24</sup>



Museo de Prehistoria do instituto de Pontevedra, do profesor R. Sobrino (1929). O tríscel dos ultreias é un dos deseños que figuran na greca.

Empeza cos nomes das sete nacións celtas fillas do Pai Breogán:


*Ei Armórica, Cornubia e Cambria  
Scotia, Erín, Galicia e a illa de Man.*

*Son as sete nacións celtas  
fillas do Pai Breogán.*

*Miña Patria Galicia  
ti és, e ti serás,  
cos teus verdes agros  
o mais quente fogar.*

*Son os sete ciños brancos  
os fillos dos Dedaniáns.*

*Para tí, miña Patria,  
nos beizos un cantar,  
nos peitos a ledicia  
da nosa mocedá.<sup>25</sup>*



Pontevedra, 1932

Armórica é a rexión francesa situada entre os ríos Sena e Loira, que desde que a invaden os bretóns entre os séculos V e VII pasa a denominarse Britannia (Bretaña); Cornubia ven a ser o condado inglés de Cornwall (Cornualles); Cambria corresponde ao nome latino do País de Gales; Escocia; Erín, nome gaélico de Irlanda, e a illa de Man, que é unha das situadas no mar de Irlanda, pero pertencente a Gran Bretaña. Os dedaniáns son seres míticos, sabios e valentes,



nomeados nas crónicas e poemas irlandeses, *Tuatha Dé Danann*, que invadiron na antigüidade a illa e aínda agora continúan vivindo ocultos a semellanza dos nosos mouros. Non falta quen coide que se trata dunha raza real e mesmo tamén que son os deuses que levaron a Irlanda os invasores milesianos, dos que se di que eran orixinarios de Galicia.<sup>26</sup>



Fermin Bouza Brey, no medio, na época en que lle dedica o poema aos ultreias (c. 1933)

Algunhas veces, sobre todo cando se trataba de actos políticos, adoitaban trocar o último verso: da nosa moxedá, por o amor e a libertá.

Ademais, e en particular para a segunda xeira, a do periplo polas Rías Baixas, contaron con outro himno da autoría de Fermín Bouza-Brey, con música tamén de devandito Iglesias Vilarelle:

*A balandra dos Ultreyas  
leva os corazóns por vela,  
navega cara o Futuro...  
toda Galicia vai n'ela.*

*Toda Galicia vai n'ela,  
prenda do meu paladar.  
os mares, pol-o infinito,  
que leviáns son de pasar.*

*Que leviáns son de pasar,  
prenda do meu corazón,  
os astros forman trisqueles  
en cada constelación.*

*En cada constelación  
óise cantar unha estrela:  
“Alá vai a froil das naos;  
toda Galicia con ela”.<sup>27</sup>*



Postal: Nacións Celtas

## 2. Actividades: xeiras, publicacións, conferencias, deportes...

Dous eran os obxectivos principais que perseguían acadar os ultreias:

- a) Coñecer plenamente Galicia (natureza, cultura, lingua, sociedade, economía...), non só por lecturas, senón directamente a base de percorrer a terra, descubrir paisaxes, contemplar monumentos, convivir coa xente..., a semeianza –por exemplo– do que se facía daquela en moitas escolas alemanas:

*A experiencia directa que entra polos ollos e oídos dos alumnos, é un modo máis seguro para ampliar os seus coñecementos que a lectura de moitos libros.*<sup>28</sup>

Para lograr tal obxectivo organizaban:

- Visitas: a laboratorios, fábricas, museos, bibliotecas, clínicas, monumentos, etc.
- Excursións: coñecer paisaxes, costumes, monumentos, etc.
- Xeiras: estadias ou viaxes culturais de varios días, fomentando a convivencia entre rapaces de diferentes zonas e profesores.
- Xeiras docentes: cursiños de varios días nos que se impartían clases de historia, xeografía, lingua, arqueoloxía, etc. Non se chegou a celebrar máis que unha no Colexio Labor de Vigo, en agosto de 1933, en colaboración co Seminario de Estudos Galegos, na que interviñeron varios profesores e sobresaíntes investigadores.
- Conferencias, concursos de contos e publicación de libros, folletos e postais.
- Organización de bibliotecas.
- Representacións teatrais, sobre todo no rural.
- Exposicións de arte, etc.

**b)** Robustecemento do corpo, a base de ximnasia, excursións, deportes, camiñadas... Así, por exemplo, durante o periplo polas Rías Baixas os expedicionarios ademais de bañarse todos os días, realizaban pola mañá táboas de ximnasia e deportes nas praias, como conta Álvaro das Casas no diario de a bordo:

- *Ás dez bañámonos todos na praia de Xixide tras media hora de ximnasia dirixida por Mariño.*
- *Erguémonos ás seis. Unha hora de ximnasia dirixida polo gran atleta Mariño nesta praia magnífica (O Testal de Noia).*
- *Ás seis da mañá saímos para fondear fronte á praia de Corozo, onde fixemos ximnasia e nos bañamos, obsérvanse nos mozos notorios adiantos; non faltan xa os que lancen o disco con pericia e son moitos os que xogan a xavalina como atletas de cartel. Todos teñen unha axilidade e destreza que parece imposible se conseguise en tan poucos días.*

O mesmo facían as diferentes agrupacións locais, como poñamos por caso a que rexía Xosé Núñez Búa, director do colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa, que ademais de organizar excursións a Lobeira, Cambados, etc., no local social os afiliados practicaban boxeo e outros xogos, editaban unha revista, etc...<sup>29</sup>

O desenvolvemento destas actividades implicaba gastos económicos, dos que os máis custosos eran os desprazamentos en tren ou en autobús, que tiñan que sufragar os propios participantes, coa axuda dalgunhas achegas por parte dos profesores e dos acompañantes e, sobre todo, de Álvaro das Casas, que máis dunha vez aportou el a diferenza ou mesmo todo o importe. Por exemplo, na primeira xeira da Misión Biolóxica de Galicia di no seu diario o ultreia Carlos R. Padín:

*Cerca das tres embarcamos en Marín nunha motora pra ir á Bueu. A motora costa dez pesos, pro convidanos D. Álvaro e non nos costa nada á ninguén.*<sup>30</sup>

Non temos constancia de que recibisen axudas por parte da administración (concellos e deputacións), nin tampouco de empresas ou de particulares, agás os convites e festas que organizaban na súa honra. Os agasallos na maioría dos casos cinguíanse a produtos da terra ou do mar (patacas, peixes) ou, como no caso do industrial conserveiro de Bueu, Gaspar Massó, a un caixón de latas de conserva, coas que xantaron o día 11 de xullo os do periplo das Rías Baixas.

Ao longo dos catro anos, cinco meses e oito días que tivo de vida a agrupación (do 10 de febreiro de 1932 ao 18 de xullo de 1936), organizou ou tomaron parte varios dos seus membros (directivos e rapaces) en moitos actos, dos que nomearemos só algúns:

En 1932 levan a termo tres xeiras: a da Misión Biolóxica, o “roteiro” polas Rías Baixas e unha semana nas terras do Ribeiro. Publicaron 2.000 exemplares da postal coa carta das nacións celtas, unha escolma de cantigas e as biografías de Méndez Núñez e Rosalía de Castro.

O ano seguinte, ademais da xeira da excursión pola Serra do Barbanza, participan no centenario do nacemento de Manuel Murguía e propoñen que unha rúa compostelá leve o nome do ilustre historiador; organizan no Círculo Mercantil de Compostela un “Salón de Belas Artes” no que presentan obras varios pintores novos dos que algúns chegarían a grandes artistas: Díaz Pardo, Mario Grannell, Castro Arines...; o 25 de xullo en representación de Ulteira asina Álvaro das Casas o Pacto de Compostela no local do Seminario de Estudos Galegos (considerado o xérmolo da futura *Galeuzca*), e o mesmo día tamén renden unha homenaxe a Rosalía de Castro. En agosto terá lugar no Colexio Labor de Vigo

a “I xeira docente”, en colaboración con varios membros do Seminario de Estudos Galegos. Por último, organizan unha homenaxe ao poeta Francisco Añón na súa terra natal, en Boel, lugar do concello de Outes, lindeiro co de Noia.



1-xullo-1936.

As actividades diminúen dende que se constitúe a Federación de Mocidades Galeguistas (FMG), no mes de maio de 1934, dependente do Partido Galeguista, á que se pasan varios ultreias, como Antón Beiras García, que fora quen falara do periplo das Rías Baixas no acto do Día de Galicia en Compostela o 25 de xullo de 1932<sup>31</sup>; e ata destacados dirixentes, malia que algúns continuasen pertencendo a ambas, como Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto, que son elixidos secretario xeral e secretario de organización, respectivamente, do Directorio da FMG que sae da asemblea xeral celebrada en Ourense.

En 1934 organizan unha semana de Historia de Galicia no instituto de Noia, na que participan, ademais de Álvaro das Casas, Santiago González, Valentín Mata, Joaquín Pérez, Eduardo Ronquete e Alfonso Costa.

No ano seguinte, 1935, renóvase o Consello, ao que seguirán pertencendo Xosé Filgueira Valverde, Francisco Fernández del Riego e Álvaro das Casas, sendo

os demais membros substituídos nalgúns casos por senlleiros persoeiros, como Vicente Risco, Xosé Martínez López, Camilo Díaz Baliño, Ánxel Casal (que sería alcalde de Santiago de Compostela), Basilio F. Barbazán e Barreiro Saláño. Xurxo Lourenzo falecera o 3 de abril do ano anterior.

O novo Consello non foi capaz de frear a crise que sufría a agrupación, debido en boa parte á puxanza das Mocidades Galeguistas, apoiadas polo Partido Galeguista; malia a eso, no devandito ano de 1935 aínda chegaron a organizar algúns actos, dos que o mais sobranceiro sería a conmemoración do centenario de Eduardo Pondal cunha serie de conferencias no Salón do Recreo Artístico compostelán a cargo de Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Xosé López Durán, Sebastián González García-Paz e Álvaro das Casas.

O resto do tempo que lle quedaba de vida foi pobre en actos culturais e de lecer, considerándose o derradeiro unha excursión organizada polo grupo de Tui ao monte Aloia o 17 de xuño de 1936, da que dá novas o periódico *Guieiro, autavoz patriótico da F.M.G.*, feito que testemuña que neste época as relacións entre a Agrupación Ulteira e as Mocidades Galeguistas eran moi boas, e que, de non ser pola revolta militar que estouparía un mes despois, quizais rematasen por se fusionar, pero prevalencendo as segundas:

*Os mozos “Ulteiras” de Tui, orgaizaron o pasado 17 unha verdadeira eiscursión ao monte Alvia (sic, Aloia) con ouxeto de tratar n-aquelas outuras da sua total reorganización. O camiño e a estancia no monte constituiron unha verdadeira festa de galeguidade: colocouse a bandeira da Galiza n-un outeiro, cantáronse canciós populares, leóronse poesías de Curros, Rosalía, Pondal, e falouse logo do ouxeto da eiscursión, acordándose nomear unha xunta provisional encargada de dar os primeiros pasos. Xa no solpor voltaron todol-os mozos a Tui, entoando os hiños galego, de Bratras e os dos “Ulteiras”<sup>32</sup>.*



### 3. A xeito de lembranza

Non somos adiviños para vaticinarmos o futuro da Agrupación Ulteira de non estalar a loita fratricida o 18 de xullo, pero quizais rematase absorbida pola entón florecente Federación de Mocedades Galeguistas, tendo en conta que os idearios diferían tan pouco que –como queda visto– ata había dirixentes militantes en ambas<sup>33</sup>.

Ao remate do curso académico 1935-36 Álvaro das Casas decide facer unha visita a Alemaña, para comprobar directamente o seu desenvolvemento cultural e económico, dende onde envía algunhas colaboracións ao xornal vigués *El Pueblo Gallego*, como “Cartas de Alemania. La agonía de Neptuno” (sae o 10 de xullo, trata da decadencia de Bremen), e “Cartas de Alemania. Hermes triunfante” (o 15, sobre Hamburgo, *que es una de las ciudades más bellas, robustas, completas y bien organizadas que he visto en mi vida*). Regresa os días inmediatos ao golpe militar, e o 18 atopábase en Cambados, onde falou con el un dos primeiros ultreias e ex-alumno, Antonio Busto Rodríguez, comentándolle que viñera visitar a uns falanxistas amigos que estaban no cárcere<sup>34</sup>. É de supor que posuíase información moi fiable da inminente sublevación e, sabedor do perigo que corría, en vez de regresar a Noia fuxiu a Portugal xunto co escritor galego e destacado falanxista Eugenio Montes. Non volvería pisar terra galega, desenvolvendo en adiante o seu labor como editor e escritor en América ao tempo que se esquecía da etapa galeguista, a máis fructífera da súa existencia. Faleceu en Barcelona o 8 de marzo de 1950, aos poucos días de chegar en barco procedente de Río de Janeiro, cando aínda non cumprira 50 anos. Xa nada tiña que ver co instituto de Noia nin co ensino en xeral, do que o expulsaran os sublevados fascistas o 11 de agosto de 1936.



O 17 de xuño de 1936 fixeron a derradeira excursión,  
que foi ao monte Aloia e no solpor voltaron  
todos os mozos a Tui, entonando os himnos...





Non se coñece ningunha relación de todos cantos formaron parte de Ulteira, nin de rapaces nin tampouco de dirixentes (profesores, colaboradores), polo que, agás contadas excepcións, pouco se pode dicir verbo da súa posterior actuación política e cultural. Polo que atinxe en particular aos ultreias, cómpre ter en conta que se trataba dunha agrupación formada por nenos e adolescentes, polo que é normal que se producisen desercións conforme chegaban á mocidade. Algúns preferiron militar nas Mocidades Galeguistas, ao abeiro do Partido Galeguista, pero tamén os houbo que se pasaron ao fascismo, como en particular os cinco asinantes do manifesto fundacional.

Manuel Blanco Ons e Juan Antonio Suárez Oviedo xa militaban en 1935 na Falange. Descoñecemos a data en que abandonan Ulteira, pero tivo que ser antes do 24 de novembro do devandito ano, tendo en conta que foi na casa do primeiro onde se prepara o boicot ao acto público de Santiago Casares Quiroga que tivo lugar ese día no “Coliseo Noela”, coa axuda de falanxistas de Compostela e A Coruña. A falcatrúa consistiu en botar varias “bombas fétidas” no local durante a intervención do político coruñés, provocando a saída de parte dos asistentes.

Ante a sospeita de que podían posuír armas ou explosivos, en abril de 1936 as autoridades ordenaron o rexistro da casa de Blanco Ons, atopando panfletos e documentos e, como se supoñía, tamén algunha arma, polo que foron detidos e pasaron no cárcere da vila uns 40 días. Ambos os dous serían destacados membros na zona da represión que seguiu ao 18 de xullo.

O primeiro desempeñou a xefatura das milicias da Falange ata o mes de outubro de 1938. Tomou parte na guerra, na que perdeu un brazo; logo remata o bacharelato no instituto de Santiago en 1939, e cursa a continuación Dereito na Universidade Compostelá, licenciándose en 1943. Foi alcalde de Noia entre os anos 1949 e 1955 e, finado Franco, presentouse como candidato nas eleccións que os

concelleiros elixiron alcaldes o 25 de xaneiro de 1976, pero non acadou máis que tres votos, saíndo vencedor con nove o que xa viña desempeñando o cargo, o seu compañeiro e asinante tamén do manifesto dos ultreias, Antonio Busto Rodríguez<sup>35</sup>.

Suárez Oviedo, que non cursou estudos universitarios, morre o 30 de agosto de 1938 en Zaragoza a consecuencia das feridas recibidas na batalla do Ebro, como consta na acta do concello da sesión correspondente ao primeiro de setembro:

*La Presidencia propone conste en acta el sentimiento de la Corporación por el fallecimiento [...] así como también por el heroico aviador y destacado falangista condecorado con la medalla militar, alférez Juan Suárez Oviedo que acaba de dar su vida a la Patria en la lucha contra el enemigo.*

O 3 de agosto de 1939 a corporación acorda darlle o seu nome á antiga praza da Constitución<sup>36</sup>.

O seguinte asinante, Antonio Busto Rodríguez, nace en Noia en 1918, polo que é o máis novo dos cinco; estuda Farmacia en Compostela, licénciase en 1940, e continúa coa botica que na vila tiñan os devanceiros. Foi alcalde entre 1964 e 1979, sendo por tanto o derradeiro rexedor do franquismo, pero aínda sería elixido neste caso xa polos concelleiros en xaneiro de 1976, seguindo ao fronte da corporación tres anos máis. Como queda dito, é o único dos cinco que aínda vive.

Miguel Roig Lestón era o maior de todos; naceu no Porto do Son o 3 de novembro de 1916; remata o bacharelato en Noia, e matricúlase en 1934-35 en Medicina en Santiago de Compostela, que abandona o ano seguinte. Cursa Maxisterio, exercendo de mestre en varios concellos, entre eles o de Mos, lindeiro co de Vigo, do que sería alcalde algúns anos.

Por último, Gonzalo Rudiño Castro, estuda Medicina en Compostela que empeza en 1934, pero non rematará ata 1947. Foi médico en varias poboacións, entre elas Ames, a curta distancia de Santiago.

O único feito sobresaínte a subliñar dos cinco é o de que un día do mes de febreiro de 1932, por consello do profesor de Xeografía e Historia asinaron o documento fundacional da Agrupación Ulteira, pois polo demais a súa actuación nada tivo que ver co ideario do grupo creado por Álvaro das Casas. Pola contra a doutros sería moi distinta, malia persecucións, prohibicións e ostracismos, loitaron por manter acceso o facho –senón con chamas, si cando menos prendido– da liberdade e da nosa cultura, para que o avivasen os ventos frescos da democracia e a súa luz iluminase novamente pensamentos e conciencias.

Desde aquel afastado 10 de febreiro de 1932 van alá 75 anos, polo que xa quedan moi poucos ultreias que tomasen parte nalgunhas das xeiras ou en calquera das demais actividades, entre os que se contan Francisco Fernández del Riego, secretario do Consello reitor desde o intre en que se constitúe a agrupación, Xaime Illa Couto e Rufo Pérez González que participaron na primeira xeira da Misión Biolóxica en Pontevedra.

Sentimos non poder dar a relación de todos cantos participaron dalgún xeito no desenvolvemento da Agrupación Ulteira que, malia aos defectos -que os tivo-, o seu labor constitúe un fito sobranceiro da historia contemporánea da nosa Terra.

# AS XEIRAS



Unha xeira vén a ser unha “xornada de traballo”, pero para os ultreias non era dun día, senón de todo o tempo que duraba ou se precisaba para levar a termo unha determinada activade: unha viaxe cultural, unha estadía nun centro de investigación, unha excursión... De certo non se sabe cantas chegaron a organizar, pois ademais das tres que se coñezan grazas aos diarios, pola súa conta cada “ducía” ou “liña” local tamén adoitaba facer as súas, sempre tendo por principal obxectivo o coñecemento íntegro de Galicia: natureza, arte, historia, lingua...

As xeiras coñecidas son: a da Misión Biolóxica de Galicia, o “roteiro” ou periplo polas Rías Baixas e a excursión pola Serra do Barbanza, das que se publicaron os correspondentes diarios, quedando constancia fiel de como se desenvolveron e tamén dos rapaces e profesores que tomaron parte nas mesmas. Os diarios da primeira e da terceira saíron en *Nós*, e da segunda tamén na devandita revista e no xornal vigués *El Pueblo Gallego*.







Esquerda: Corrubedo. Arriba: Mosteiro de San Clodio do Ribeiro.

Sábese que houbo algunhas máis, como a do Ribeiro, que foi un percorrido por esta comarca vitivinícola ourensá durante toda unha semana na que, como lembra Francisco Fernández del Riego, ademais de visitaren igrexas, mosteiros e pazos, tamén houbo clases teóricas e prácticas verbo do cultivo das cepas e da elaboración do viño. Estiveron no mosteiro de San Clodio aínda habitado daquela por monxes bieitos; en Esposende, é de supoñer que no pazo dos Ulloa, que era da dona de don Álvaro –agora é propiedade privada e ten nel a súa sede a Asociación “Álvaro das Casas”–; e en Beade vendo a igrexa que pertenceu á orde de Malta na que hai varios enterramentos de cabaleiros, así coma o famoso calvario debuxado e estudado por Castelao. Tamén pasaron por Leiro; en Santo André de Camporredondo visitarían a monumental casa reitoral, ata a exclaustación relixiosa priorado dos monxes bieitos do mosteiro compostelán de San Martiño Pinario, actualmente en proceso de restauración para convertela en Museo do Viño...

Pouco máis se pode dicir desta xeira, pois non se coñece ningún diario, aínda que non é de negar a posibilidade de que exista, xa que Álvaro das Casas, ademais de redactar o seu propio, tiña por norma mandarlles aos rapaces facer a cada un o seu pensando na posible publicación, coma os da Misión Biolóxica e a excursión polo Barbanza.

Así coma o tempo nos arreda das tres xeiras –75 anos das dúas primeiras, e un menos da terceira–, vaise tornando máis doado xulgar de xeito nidio e imparcial o extraordinario labor neste eido de Álvaro das Casas e dos demais membros que participaron directamente como no periplo das Rías Baixas: Xurxo Lourenzo, Xosé Martínez López, Isidro Parga Pondal, Ramón Martínez López e Francisco López Casado. E cando foi el só cos rapaces, como na estadía na Granxa de



San Martiño de Noia.

Salcedo da Misión Biolóxica, é de subliñar a colaboración por parte dos investigadores e traballadores do centro, así como de Filgueira Valverde, Iglesias Vilarelle, González García-Paz, Fernández-Villamil, o director da Coral Polifónica Blanco Porto, etc.

Ata no caso de se tratar dunha xeira só cos seus alumnos do instituto de Noia, como a da Serra do Barbanza, tampouco faltou a axuda de persoas da zona: o párroco de Baroña, Manuel García Álvarez, que os

acolle na casa reitoral; o mestre do pósito de Corrubedo, Sr. Villanueva; ou o fareiro tamén de Corrubedo, Antonio P. Díaz, que –como deixou dito un dos rapaces, Xohán Nieto Túniz:

*Portouse con Nós como un pai: expricounos todo, mostrounos a Revista de Faros, onde reproducen un artigo de D. Álvaro con moitas gabanzas ...<sup>37</sup>*



Muros.

Aínda houbo outros colaboradores que coa súa presenza testemuñaban a adhesión aos ideais do grupo xuvenil, como a participación na segunda xeira de destacados intelectuais e artistas que agardaban polo paquebote no peirao ou daban conferencias co gallo da arribada: Castelao, en Noia; Rafael Dieste e Arturo Noguerol, en Rianxo; Xosé Núñez Búa e Antonio Fraguas Fraguas, en Vilagarcía de Arousa; Casto Sampedro, Antonio Iglesias Vilarelle, Xosé Filgueira Valverde e Ángel del Castillo, en Pontevedra; o artista Federico Ribas e o industrial Gaspar Massó, en Bueu...

E para rematar, o recoñecemento por parte das autoridades que os recibían nos seus despachos, agardaban por eles ou ían a despedilos: o alcalde, o secretario do concello e o xuíz, de Muros; o secretario do concello de Noia; o alcalde, o primeiro tenente alcalde, o médico e o secretario do concello de Ribeira; o gobernador civil de Pontevedra... Cómpre ter en conta que Álvaro das Casas coidaba moito as relacións institucionais, como advirte no diario da xeira da Misión Biolóxica:

*Mañán de visiteos: alcalde, gobernador, comandante de Mariña... Moita xente bulrase dos visiteos. Eu non, e agora menos. Os rapaces acostúmanse:*

*1º. a ser corteses*

*2º. a ser respetuosos co-as autoridades*

*3º. a entrar sin medo nas habitacións oficiaes.*

*(En Galiza, infelizmente, soio os caciques visitan ás autoridades, e o que non é cacique soio sinte tentazón de ver á unha autoridade coando é inxustamente perseguido, i-entón ten tal medo, que prefire que o aforquen denantes que ter tratos cun gobernador).*

Todas estas xeiras foron de grande interese pedagóxico e cultural, polo que supuxeron para a ampliación de coñecementos verbo da nosa Terra de moitos rapaces e adolescentes, tarefa que nunca antes se tentara levar a termo, coa que –repetindo as palabras do seus admirados Thomas Alexander e Beryl Parker:

*Non só aumentaba así o seu coñecemento do país, senón que tamén se facía máis intenso o seu amor polas belezas e tradicións do pasado...<sup>38</sup>*

E ademais, polo que atinxe en particular ao “roteiro” das Rías Baixas, constituíu unha aventura excepcional, arriscada e fermosa, única na nosa historia e coa que non é doado atopar comparanzas noutras latitudes.








PRIMEIRA XEIRA

NA MISIÓN BIOLÓXICA DE GALICIA



Consistiu nunha estadia de varios días na Granxa de Salcedo (Pontevedra) da Misión Biolóxica de Galicia, entre o 20 e o 27 de marzo de 1932, que cadrou coa Semana Santa, por eso tanto os rapaces coma os profesores asisten aos oficios relixiosos do Venres Santo no mosteiro de Poio.

Residiron no edificio principal, o pazo da Carballeira de Gandarón que mandara construír a finais do século XVIII o arcebispo compostelán Sebastián Malvar e Pinto, no que se instalara a devandita Misión ao pouco de abandonar Santiago de Compostela en 1927, cando a Facultade de Veterinaria se converte en cuartel militar (o actual Parlamento de Galicia). Daquela e, en particular gra-



Cruz A. Gallástegui, cando os ultreias visitan a Misión Biolóxica.

zas ao labor do seu director, o agrónomo vasco Cruz Ángel Gallástegui Unamuno, estaba considerada por propios e estraños como un dos centros de investigación agropecuaria máis importantes da península e comparable con calquera dos mellores de Europa: conseguen millo híbrido de espigas máis grandes, introducen variedades de patacas de maior produción, traballan a prol de varias plantas forraxeiras, investigan encol do mal da tinta do castiñeiro que deixou a Galicia sen milleiros destas árbores centenarias, melloran a produción de gando bovino e porcino, etc.

A elección do centro non podía ser máis atinada, atendendo ao prestixio e ao tipo de traballo que se levaba a termo nela, que había de influír de xeito notorio no desenvolvemento do campo e da cabana gandeira, os dous piares básicos da economía galega nas primeiras décadas do século XX.



A revista *Nós* recolle nas súas páxinas dous diarios desta xeira, que se complementan: un de Álvaro das Casas, dedicado aos profesores:

*Xosé Filgueira Valverde, Isidro Parga Pondal e Ramón Martínez López  
benqueridos irmáns, ilustres amigos e inestimables colaboradores,*

que abrangue toda a estadia dende o día 19 (festa de San Xosé) que saen das súas casas e chegan a Pontevedra, ata o 27 (Domingo de Pascua) que se despiden da Granxa cantando todos “rexamente”:



Primeira xeira (debuxo X. R. Marín, 2006)



A carón do hórreo da Misión Biolóxica.

*Para ti, miña pátreas,  
nos beizos un cantar,  
nos peitos a ledicia  
da nosa mocedá<sup>39</sup>.*

Ademais da enumeración dos actos a que asisten, visitas, traballos de campo, etc., tamén opina verbo dos oito rapaces, dictame de interese agora que van alá 75 anos, dos que de seis xa se cumpriu a súa traxectoria vital, pero dous aínda temos a sorte de que estean entre Nós. Representaban a catro “liñas”, un par por cada unha: Noia, Ourense, Vigo e Vilagarcía de Arousa. De Roig Lestón –que é un dos asinantes do manifesto fundacional da agrupación de Noia–, afirma que é o seu mellor discípulo do instituto; de Padín, un elegante snob que xoga ao tenis e ao béisbol e tripula balandros; de Agra Cadarso, outro dos seus alumnos noieses, que é o tipo de rapaz de casa fidalga e señorial; Rei Lado é rebuldeiro e agudo coma un allo; e de Rufo Pérez González copiamos todo, porque ademais de ser un dos que aínda viven, a descrición é excepcional:

*Rufo, pequeno, mirrado, delgadiño é o noso benxamín e, pol-o tanto, o máis querido; fuxe sempre, anda sempre á xogar, parez que non quere saber de nada e, namentras, é rapaz que sabe moito e que estuda moito; teño a impresión de que é o que orgaíza total-as folgas do Liceo de Vigo.*

De González Gándara di que é bo por natureza e, por último, Astorga Anta e Isla Couto chegarán a calquera parte pola súa formidable cultura e seren os primeiros dos respectivos liceos:

*ambos serán cadeirádegos nun prazo de seis anos. Os dous son afervoados nazionalistas.*

O segundo diario redactárono os oito participantes, de xeito que cada un conta a experiencia dun día, agás o domingo 27 que é cando deixan Salcedo:

**19, sábado:** Remixio González Gándara, de Ourense, de 17 anos e estudante de cuarto de maxisterio, describe a viaxe dende que sae da cidade xunto co compañeiro Astorga Anta, ata que se deitan no pazo de Gandarón. Quizais o parágrafo máis curioso sexa o retrato que fai de Xosé Filgueira Valverde, que contaba daquela pouco máis de 25 anos:

*Están esperándonos moitos ultreyas co señor Filgueira Valverde que é un gran entusiasta; basta decir que sendo o seu santo, deixouno todo por vir xunto á Nós. É un señor alto, con gafas de ouro. Na primeira ollada parez un señor serio e moi severo, pro vese en seguida que é o contrario: moi cariñoso cos rapaces, de gran corazón, moi fino e moi listo. Viste co-a despreocupación dos homes adicados ao estudio. Escribiu moitos libros, todos eles moi apreciados; é auxiliar do Istituto e secretario do Patronato do Museo. Vese logo que é moi católico e fervoroso. Á min paréceme un home do século dezanove adaptado ao século actual.*



Xosé Filgueira Valverde.

**20, Domingo de Ramos:** Encárgase da redacción o seu alumno noiés Alexandre Agra Cadarso: fan varias táboas de ximnasia, almorzan e Filgueira

Valverde lévaos a Pontevedra. Pola tarde visítanos na granxa moitos ultreias, así como tamén o médico Claudio Losada. Axudan a acomodar o gando, en particular a piara de 63 porcos. O día rematou cunha trasnada típica de rapaces ao durmiren varios xuntos fóra da casa:

*Cando xa estou a medio dormir escoito unhos lamentos terribles e unhos berros que dan medo. Desperto a Roix [Roig] e os dous pasamos moito susto. Resulta que pol-o corredor andan Manoel Rey e Padín pra ver si asustan aos de Vigo. Xúntome á eles e os tres entramos no cuarto dos de Vigo. Rufó está desperto e rise moito pro á Isla Couto non hai quen o faga despertar.*

**21, luns:** Miguel Roig Lestón (galeguizan o primeiro apelido en *Roix*) é de Noia. O capataz do centro ensínalles a enxertar as árbores. Van á capital para as visitas de rigor ao alcalde, gobernador, presidente da deputación, director do instituto, etc. Pero...



Misión Biolóxica (marzo de 1932).

*Baixamos á Pontevedra ás dez, todos menos Rufó que se foi pol-a carretera na bicicleta. D. Álvaro incomódase moito por non topalo e decide que nos marchemos sin él. Eu xa sei o carácter de D. Álvaro, que é o meu profesor, e sei que lle pasará o incomodo, pero agora está feito unha furia [...] Cando ibamos ao Goberno apareceu o Rufó e don Álvaro perdonóulle e quedaron tan amigos.*

No instituto faloulles de libros Enrique Fernández-Villamil (el di López Villamil), e tamén visitan o gabinete de Historia Natural. Xantan en Pontevedra e pola tarde van ata Monteporreiro, de camiño ven o carballo centenario de Santa Margarida e o balneario de Lérez, e logo asisten a unha actuación só para eles da Coral Polifónica. Por último, en Salcedo e despois de cear, don Álvaro móstralles o *Álbum Nós* de Castelao, ao tempo que lles explica o significado de cada unha das láminas.

**22, martes:** Tócalle a Rufo Pérez González, de Vigo. Almorzan, póñense a redactar os diarios e visitan a piara dos coches. Despois de xantar baixan a Pontevedra e na compañía de Sebastián González García-Paz percorren a cidade: as igrexas de Santa María, San Domingos, San Francisco e San Bartolomeu; no Casino obséquianos con un té e ao rematar volven para a granxa. Cean, conversan con don Álvaro sobre lingüística e déitanse, pero a Xaime Isla,

*meu compañeiro de cuarto, dalle por lér hastra moi tarde. Oxe anda á voltas cun gran librote que se titula Estética e que está escrito por Hegel. Non me interesa; non son home de Letras. Sempre preferín as Cencias.*

Rufo, que aínda vive, será catedrático de Matemáticas, xubilándose no Instituto “Santa Irene” de Vigo.

**23, mércores:** Carlos R. Padín é de Vilagarcía de Arousa, do grupo que dirixe o mestre Xosé Núñez Búa. Saen para Pontevedra e xunto con outros ultreias e Filgueira Valverde van a pé ata Marín, deténdose en Lourizán para ver o pazo e a tumba do político compostelán Montero Ríos (falecera en Madrid en 1914). Visitan o polígono de tiro de Janer, o hangar dos hidroavións, as aulas de estudo dos oficiais, os cuarteis dos mariños, etc. Xantan na praia de Portoceollo e logo embarcan para Bueu, onde visitan a fábrica de conservas Massó:

*Chama moito a atención ver que todos os letreiros pol-as paredes están escritos en galego. Que ben si en todas as fábricas de Galiza fixesen o mesmo.*

Regresan en barco e teñen que ir a pé ata Salcedo por folga dos empregados dos tranvías.

**24, Xoves Santo:** Encárgase do diario o ourensán Xohán Astorga Anta. Estaban moi cansos da camiñada do día anterior:

*O derradeiro en erguerse é o Isla; non estrana: acaso pasou a noite á lérnesa gran biblioteca que trae na maleta. Bó rapaz, pro... pouco rapaz. Xa fala de filosofía, de metafísica... que sei eu.*

Percorren as leiras sementadas de millo. Xantan e saen para Pontevedra: visitan o museo, do que coida que é o millor museo da miña terra, e na casa de Iglesias Vilarelle escoitan varios discos no gramófono (canto gregoriano, Mozart, Beethoven, os romances de *Dona Alda* e *Camiña don Sancho* interpretados pola Coral Polifónica pontevedresa...). Regresan á granxa e déitanse, pero telefonan a don Álvaro comunicándolle que co gallo da folga de Ourense a prol da construción do ferrocarril de Zamora a Santiago de Compostela, producíranse varios feridos falecendo o estudante ultreia Jenaro Ortiz Neira, que recibira varios tiros da garda civil cando estaba xunto aos soportais da catedral. Remata laiándose dos sanguentos sucesos ocorridos na súa cidade:

*E que lástima non estar no noso pobo todol-os ultreyas pra loitar tamén por Galiza.*

**25, Venres Santo:** O redactor é Xaime Isla Couto, natural de Santiago de Compostela pero residente en Vigo. Érguense cedo xa que ás oito empezan os

oficios relixiosos no mosteiro de Poio, aos que os acompaña Filgueira Valverde. De volta detéñense na finca de González Besada, en San Salvador de Poio, e en Pontevedra visitan o dispensario antituberculoso e o local de *Labor Galega*. Fai unha ficha persoal de Remixio González Gándara e outra de Filgueira Valverde, afirmando do segundo:

*Diuse ao galeguismo despóis de escoitar unha conferencia de Otero Pedrayo.*

*Seu mestre foi Lousada Diéguez.*

*Parécelle heroica a labor feita pol-os intelectuales gallegos [...]*

*Seus odios: os cuartetos, o café e o socialismo [...].*

Pero ao remate do diario en nota aclárase que non é así, senón: *os cuarteles, os cafés e o snobismo.*

**26, sábado:** Encárgase do relatorio Manuel Rei Lado. Teñen visita de máis de 40 ultreias de Vilagarcía de Arousa, que chegan nun autobús con Xosé Núñez Búa. Recorren as instalacións da Misión, xantan e soben todos xuntos a ver a Figueirido os viveiros da repoboación forestal. Regresan a Pontevedra para asistir á inauguración da exposición de pintura dun dos compañeiros: Mario Grannell, que pasa a noite tamén con eles na granxa:



*O Granell está fala que te fala dándome un mitin, apropósito dos ultreyas. Dí que si todos os mozos galegos estivesen na nosa organización Galiza sería outro pobo, unha verdadeira nación como debe ser. O Granell é comunista, pero en moitas cousas ten razón. Eiquí temos de todo: rapaces das dereitas e das izquierdas, xentes de familias ricas e probes, pero nos levamos tan ben, quéramonos tanto, que entre Nós non hai disgustos e todos somos como verdadeiros irmáns.*

A xeira finou o domingo de Pascua, volvendo cada quen para a súa respectiva casa, pero para os rapaces foi unha experiencia inesquecible, da que aínda falan con señardade os dous participantes que viven: Xaime Isla Couto e Rufo Pérez González.



Don Rufo con dous dos participantes na "Il Xeira do Mar" (2006).



SEGUNDA XEIRA

UN PERIPLO POLAS RÍAS BAIXAS



Tamén coñecida por *Primeira Xeira do Mar*, que se desenvolveu polas Rías Baixas, dende Muros ata Vigo. Fermín Bouza Brey, que sabía ben das dificultades da viaxe, na dedicatoria do himno que escribiu ex profeso para esta expedición e que publicará o ano seguinte no libro *Nao senlleira*, dalle a denominación de periplo: *Pra Álvaro das Casas, celebrando o periplo*.

Consérvase o diario de a bordo escrito en galego polo director da expedición, Álvaro das Casas, do que se deduce que o proxecto era rematar en Baiona, malia que por mor do temporal acorden facelo en Vigo e un día antes:

*Roteiro pol-as rías baixas, embarcando no porto de Muros o día un de Xullo do mil novecentos trinta e dous, pra rematar en Bayona o quince de dito mes, a bordo do balandro “Xoquín Pérez”, matrícula de Muros. Ei Terra!<sup>20</sup>.*



Calcúlase que percorrerían arredor de 160 millas náuticas (sobre uns 300 km), nun paquebote ateigado de rapaces, coa única experiencia dos tres homes que formaban a tripulación, en boa parte só coa forza do vento xa que o motor avariouse varias veces, atrevéndose aínda así a tentar de arribar ou fondear en portos tan perigosos coma o da illa de Sálvora. Un mes despois de pasar por aquí os ultreias, o mar engulía entre



Esquerda: Muros. Arriba: Illa de Ons.

Ons e Sálvora a 22 mariñeiros da lancha motora “Azaña” de Cangas cando regresaba para porto, non se salvando máis que dous de toda a tripulación<sup>41</sup>.

Trátase da xeira máis interesante de cantas organizou a Agrupación e tamén a única que se desenvolveu no mar, tanto polo moitos días de duración –entre o 1 e o 14 de xullo–, como tamén polo número de participantes. Nunca se fixera unha actividade semellante de carácter pedagóxico, cultural e lúdico en Galicia –e quizais, tampouco en toda a Península–, que empezou en Muros e remata en Vigo pois, malia que tiñan pensado chegar ata Baiona, desistiron de facelo polo mal estado do mar, baixando a terra en todos os portos que paraban para coñecer as poboacións, falar cos veciños, recoller mostras de rochas, visitar lugares e xacementos arqueolóxicos, centros turísticos, etc. Ademais practicaban

deportes e natación, facían exercicios de ximnasia, encargábanse da limpeza do barco, da adquisición de víveres, da elaboración dos alimentos, etc.

En total embarcaron no paquebote ou balandro “Joaquín Pérez” (eles sempre din “Xoquín Pérez”), 28 persoas, todos homes, alugado ao armador muradán Antonio Pérez Rodríguez (descoñecemos o importe), das seguintes características: 24,65 de tonelaxe, 16,25 m de eslora, 4,77 m de manga, 1,40 m de puntal e un motor auxiliar. Fora construído en 1920 –supoñemos que nalgún dos estaleiros da ría de Muros-Noia-, estaba matriculado en Vilagarcía de Arousa e inscrito en Muros.

Os expedicionarios ían ser 25 entre rapaces e profesores, segundo a relación autógrafa do director que se conserva actualmente na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, incompleta en parte polo que atinxe aos nomes e apelidos:

1. *Álvaro das Casas Branco*
2. *Isidro Parga Pondal<sup>42</sup>*
3. *Fuco López Casado<sup>43</sup>*
4. *Xurxo Lourenzo*
5. *Xosé Martínez López<sup>44</sup>*
6. *Ramón Martínez López<sup>45</sup>*
7. *Carlos Iglesias*
8. *Veiras<sup>46</sup>*
9. *Xohán Astorga Anta*
10. *Claudio González Laso*
11. *Mengoti*
12. *García (Vilagarcía)*
13. *Fuco Penas Goás*

*14. (el otro de Lugo) González Paz*

*15. Ramón Baltar Abella*

*16. Xulio García*

*17. Manuel Encisa<sup>47</sup>*



Isidro Parga Pondal, o primeiro sentado pola esquerda, colaborou dende o comezo co Seminario de Estudos Galegos (IV Xuntanza, Pontevedra 1928).

*18. Mariño / Ximnasta*

*19. Adolfo Torres Caplane*

*20. Camilo Xirón*

*21. Manoel Buxán*

*22. Xosé Vieitez Cortizo*

*23. Antón Míguez*

*24. Xoquín Pérez*

*25. Ramón de Valenzuela<sup>48</sup>*

Pero antes de embarcar houbo cambios, pois o propio Álvaro das Casas no *Diario de a bordo* di que eran 24 expedicionarios, polo que faltaba un, e ademais se temos en conta os nomes que aparecen no devandito diario –que non son os de todos– debeuse producir algún máis, como a incorporación de Granell que non figura na lista<sup>49</sup>. Os mozos procedían de Noia, Vigo, Lugo, Pontevedra, Ourense, Compostela e Vilagarcía de Arousa.

Os encargados da viaxe eran Álvaro das Casas, Xurxo Lourenzo e Xosé Martínez López, e os profesores Isidro Parga Pondal (director do laboratorio de Xeoquímica da Universidade Compostelá) e Ramón Martínez López (catedrático do instituto de Lugo).

Ademais estaba a tripulación: Pedro Rama Piñeiro (patrón), José Lois Louro (motorista) e Juan Mayo (mariñeiro). En total de Muros saíron 28 persoas das que rematarían o periplo en Vigo unha menos, co gallo de que Parga Pondal enfermou e tivo que abandonalo en Bueu.

Como fai constar Álvaro das Casas no limiar das “Notas” de Xurxo Lourenzo, a idea de organizar esta primeira xeira do mar xurdira unha noite de marzo de 1932 nunha conversa na rúa compostelá do Preguntoiro entre Xurxo, Xosé Martínez López e el, facéndose axiña realidade, de xeito que o primeiro de xullo seguinte xa partía do porto muradán o paquebote seguindo sempre a costa de preto, con escalas en Noia, Aguiño, Ribeira, Rianxo, Vilagarcía de Arousa, illa de Arousa, O Grove, Cambados, Sanxenxo, Pontevedra, Marín, Bueu, illas de Ons, Cangas e Vigo. O plan era visitar tamén as illas Cíes para logo rematar en Baiona, pero decidiron non facelo e adiantar un día por mor do mal tempo.

Os expedicionarios recibíanos case como heroes, organizándose na súa honra actos festivos e culturais, sendo tamén moitos os curiosos que querían visitar o barco e falar cos ultreias:

### **Cambados**

*Como era de esperar, en todos los puntos donde hasta hoy han hecho escala los excursionistas, fueron recibidos y agasajados con el entusiasmo y cariño que merece la juventud representada por los simpáticos “ultreyas” y el saber encarnado en los ilustres directores de la excursión...*

*(Faro de Vigo, 8 de xullo)*

### **Pontevedra**

*Hoy llegará a nuestra ciudad la excursión organizada por los grupos culturales gallegos “Ultreya”, que viene recorriendo nuestras costas. El balandro en que hacen el viaje llegará al muelle de las Corbaceiras a las ocho de la mañana. A recibirlo acudirán en embarcaciones los “Ultreyas” pontevedreses y numeros amigos [...] Sean bienvenidos los simpáticos excursionistas...*

*(La Voz de Galicia, 10 de xullo)*

### **Pontevedra**

*El domingo, a las ocho de la mañana, según se había anunciado previamente, llegó a nuestra ciudad el balandro en que los grupos “Ultreya” realizan su crucero de estudio y deporte por las Rías Bajas. A esperar a los excursionistas acudió a las Corbaceiras gran cantidad de amigos y admiradores de la Institución. Los “ultreyas” pontevedreses salieron en una gasolinera a esperar a sus compañeros a la barra de la ría...*

*(El Pueblo Gallego, 12 de xullo)*



A idea de levar a termo a Primeira Xeira do Mar xurdíu en Santiago de Compostela







## Vigo

*Durante la mañana del día de ayer fueron muchos los vigueses que pasaron a bordo del balandro de los intrépidos y simpáticos Ultreyas, demostrándoles una vez más la vivísima y fraternal acogida con que se les recibió en nuestra ciudad. Especialmente los socios del Club Marítimo, se esforzaron por ser agradables a nuestros huéspedes, colmándolos de atenciones. Por nuestra parte reiteramos nuestras sinceras felicitaciones a esta admirable y ejemplar organización de Ultreya, que supo aprovechar quince días de vacación para estudiar gran parte de nuestro país y dejar, a través de su romántico itinerario, una estela de alegría, de simpatía y de galleguidad que jamás podrán olvidarse. El rojo trisquele sobre los pechos mozos, sembró una noble y alta esperanza en la cual se refugian nuestros mejores deseos.*

*(El Pueblo Gallego, 15 de xullo)*

Consérvase o orixinal do diario de a bordo redactado en galego por Álvaro das Casas, que non vén ser máis que un resume do *Diario de a bordo* que publica en castelán polas mesmas datas en que se desenvolve a viaxe no xornal vigués *El Pueblo Gallego*.

Dous anos despois dáse a coñecer na revista *Nós* o texto e as ilustracións doutro diario ata entón inédito, debido neste caso a Xurxo Lourenzo Fernández, pero non polo periplo en si, senón co gallo do pasamento do autor.

Grazas a ambos relatorios, moi distintos polo que atinxe á redacción e tamén ao contido, pero complementarios, xunto coas notas de prensa e varios artigos que saíron por eses mesmos días, podemos saber agora polo miúdo como se foi desenvolvendo a expedición durante os catorce días que durou, así como deducir o que debeu supoñer por innovadora tal experiencia para aquela época, única

deica hoxe en día na historia de Galicia, digna de ser imitada nos nosos tempos con embarcacións dotadas de modernos medios técnicos, e non como hai 75 anos en que o paquebote “Joaquín Pérez” fixo boa parte do percorrido co motor avariado e sen máis forza que a do vento.

## **1. “Ultreia, mar adiante. Diario de a bordo”, de Álvaro das Casas**

Reeditase agora por primeira vez e en galego, pois en *El Pueblo Gallego* publicouse en castelán entre o 7 e o 30 de xullo de 1932, de xeito que varios capítulos saíron cando aínda se desenvolvía a viaxe, algúns na primeira plana, o que amosa a grande importancia que lle daba o xornal. En total son 13 entregas, pero dá a impresión que falta cando menos unha, que viría ser o epílogo no que se resumise toda a expedición e non que as derradeiras verbas sexan para agradecer ao Club Marítimo de Vigo lles deixase o local para pasar a noite do 13 ao 14, porque a chuvia anegara a adega do barco.

O autor cínquese a describir canto sucede a cotío na embarcación e tamén nas poboacións que visitan, así coma os avatares polos que pasan, dende os graves problemas co motor ata os enfrontamentos cos contramestres, axudantes de Mariña ou cabos de mar, que non deixaban arribar o paquebote coa bandeira galega izada, chegando en casos ata a sancionalos, como en Bueu.

O texto constitúe un testemuño excepcional da boa acollida da expedición na maioría dos portos, constatada tamén polas notas de prensa, que tanto para as autoridades como para a xente en xeral, máis que un cruceiro de lecer era unha auténtica proeza que nunca ninguén se atrevera a realizar nas nosas costas, cun barco tan pequeno e aínda por riba con rapaces. Os únicos feitos negativos rexistráronse en Marín e Cambados. Na primeira vila non foron recibidos por ningunha autoridade:

*Aquí en Marín non hai baile, nin saúdos do alcalde (que nin sabemos quen é), nin agasallos, nin parabéns. Ninguén nos coñece nin coñecemos a ninguén. Mellor, mil veces mellor; andamos máis a gusto.*

*Próxima a media noite, á volta dunha esquina, impensadamente, aparece o insigne director da Polifónica [de Pontevedra] Blanco Porto. Aper-tas, expansións, comentarios. E un paseo longo, sen presa, á orela do mar, falando de Solesmes, da Coral de Bruxelas, dos ballets ruros... Ai, queridos amigos! Esto vale moitísimo máis, infinitamente máis, que os discursos do señor alcalde de Marín.*

E na segunda por receo dalgúns veciños ao estenderse o rumor de que se trataba dunha excursión de carácter político, como publica o correspondente do *Faro de Vigo* o día 8:

*Aunque la especie es tan burda que no merece los honores del comentario, queremos desmentir rotundamente la insinuación hecha no sabemos con que fines, de que la excursión de los “ultreyas” tiene carácter “político”. No, señores: los “ultreyas” no hacen política, por lo menos en el sentido peyorativo de la palabra; los “ultreyas” hacen deporte, hacen salud, y hacen patria, pues procuran en todos los órdenes el mejoramiento de Galicia, que es procurar el mejoramiento de España.*

Segundo Álvaro das Casas, os feitos máis sobranceiros que tiveron lugar ao longo do periplo foron os seguintes, que resumimos a continuación:

**Día 1, Muros:** Visitan o Monte Louro e o convento de franciscanos de Louro. Saen para Noia: despídeos o alcalde, o secretario do concello, o xuíz, varios amigos e público en xeral.





Muros.

**Día 2, Noia:** Varan o barco na praia do Testal, e soben en barca polo río para visitaren a central hidroeléctrica do Tambre, magnífica obra do arquitecto Antonio Palacios. Fondean en Noia: recibimento de Castelao (dá unha conferencia no Liceo), banquete popular e serenata.

**Día 3, Noia:** Visitan a poboación e os principais monumentos e reciben no barco a un grupo de mozas noiesas. Pola noite baile no Casino.



Aguiño.

**Día 4, Aguiño e Ribeira:** Saen cara a Ribeira pero teñen problemas co motor polo que deciden fondear en Aguiño. Tentan chegar ata a illa de Sálvora para pasar a noite, pero desisten polo mal estado do mar e fondean en Ribeira.



Roteiro da "Xeira do Mar" (debuxo de X.R. Marín 2006).

**Día 5, Ribeira:** Pola mañá recíbenos o alcalde, o primeiro tenente alcalde, o médico, o secretario do concello, os ultreias da zona e moito público. Visitan o Monte Castro ou Cidade e o dolmen de Axeitos (Oleiros). Banquete e baile no Círculo Mercantil.



**Día 6, Rianxo e Vilagarcía:** Parten cara a Rianxo onde os agardan Rafael Dieste e o ourensán Arturo Noguerol, daquela secretario do concello rianxeiro. Ofrenda no cemiterio a Manuel Antonio. Saen para Vilagarcía de Arousa: recíbeos Xosé Núñez Búa, refresco no concello, lunch no Club de Regatas, conferencia do profesor Antonio Fraguas Fraguas e baile no Casino.

**Día 7, Arousa e Cambados:** Deixan Vilagarcía e atracan na illa de Arousa: grande recibimento por parte dos veciños. Saen para Cambados: merenda, baile no Casino, serenata da Juventud Católica e banquete.

**Día 8, O Grove:** Parten para O Grove e á chegada o contramestre obrígaos a arriar a bandeira galega para entrar no porto. Visitan a illa da Toxa, a fábrica de xabón e o Gran Hotel. Atracan en Sanxenxo.



O Grove.

**Día 9, Sanxenxo:** Visitan Portonovo, recollen –como xa viñan facendo desde o comezo– mostras de rochas, cunchas, restos arqueolóxicos, lendas, etc. Baile na súa honra no bar da praia de Silgar.



Pontevedra.

**Día 10, Pontevedra e Marín:** Recíbenos no porto das Corbaceiras, entre outros, o presidente da Sociedad Arqueológica de Pontevedra, Casto Sampedro que xa tiña 84 anos, Antonio Iglesias Vilarelle (autor da música do himno dos ultreias) e Xosé Filgueira Valverde. Almorzo no Casino, visita ao Museo, percorrido pola cidade, conferencia sobre arte do gobernador civil da provincia, Ángel del Castillo. Saen para Marín, onde visitan o polígono de tiro Janer: centro de oficiais especialistas en tiro naval, escola de telemetristas, escola de mariñeiros distinguidos aspirantes a cabos, etc.

**Día 11, Bueu:** O axudante de Mariña obrígaos a arriar a bandeira galega para atracar no porto. Visitan a fábrica de Gaspar Massó que os obsequia cunha caixa de latas de conservas; enferma Isidro Parga Pondal, que abandona a expedición; conferencia do artista vigués Federico Ribas e baile no Casino.

**Día 12, Ons e Cangas:** Atracan na illa de Ons e aproveitan a estancia para visitaren algúns xacementos arqueolóxicos, recolleren rochas, falar cos veciños, etc. Saen para Cangas: recíbeos o alcalde, cea e baile no campo de tenis.



Arriba e abaixo: Ría de Vigo.

**Día 13, Cangas e Vigo:** Conferencia de Álvaro das Casas no Círculo Mercantil. Antes de partir para Vigo teñen que abonar unha sanción de 50 pesetas imposta polo axudante de Mariña de Bueu por levar izada a bandeira galega. Arriban a Vigo: recíbenos máis de mil persoas malia ao temporal sobre todo de chuva, lunch na “Marisquería”, visitan os xornais *El Pueblo Gallego* e o *Faro de Vigo*, banquete... Cando regresan para durmir atópanse coa adega do barco anegada e teñen que levar os colchóns para o Club Marítimo, onde pasan a noite.



Aquí remata o texto orixinal publicado en *El Pueblo Gallego*, entre os días 7 e 30 de xullo de 1932.

## 2. “Notas do meu diario arqueolóxico”, de Xurxo Lourenzo



Xurxo Lourenzo (1933).

Así como Álvaro das Casas é un personaxe ben coñecido, non ocorre o mesmo con Xurxo Lourenzo Fernández, único irmán de Xaquín (“O Xocas”), que nace en Ourense o 11 de febreiro de 1910, contando por tanto cando escribiu este relatorio pouco máis de 22 anos. A súa curta existencia corre unida coa de seu irmán, xa que ambos profesan as mesmas afeccións intelectuais, sobre todo polos estudos históricos e arqueolóxicos.

Comeza Filosofía e Letras, sección de Historia, na Universidad Central de Madrid, continuando na de Santiago de Compostela. Pertence ao Seminario de Estudos Galegos, no que é admitido como socio activo o 19 de outubro de 1929, presentando o traballo preceptivo de ingreso o 3 de maio do ano seguinte: “Blasós de Ourense”, feito en colaboración con Xohán Manuel Amor. Na sesión do 29 de outubro de 1932 noméano secretario de actas.

As relacións coa Agrupación Ultraia deberon comezar dende o intre da fundación, pois cando se constitúe oficialmente en Noia, o 10 de febreiro de 1932, el xa reside en Compostela e é membro do Seminario de Estudos Galegos, o mesmo que Álvaro das Casas. A proba de que participa plenamente do proxecto testemúñase no feito de formar parte do Consello dende o comezo, xunto con Xosé Filgueira Valverde, Xoán Rodríguez Tenreiro, Raimundo Aguiar e Francisco Fernández del Riego, e por ser tamén un dos encargados das publicacións, como consta no libríño *Os nosos cantos*, editado en Pontevedra en 1932<sup>50</sup>.

Co gallo de enfrontamentos con algúns profesores antigaleguistas, tanto el como seu irmán Xaquín deciden abandonar a Universidade Compostelá ao remate do curso 1932-33, matriculándose como alumnos libres na de Zaragoza, onde inesperadamente o 3 de abril de 1934 falece Xurxo a causa dunha septicemia séptica, cando só contaba 24 anos<sup>51</sup>.

Velouse en Ourense na sede do Partido Galeguista (rúa de Alba, a actual Cardenal Quiroga), recibindo sepultura no panteón familiar no cemiterio de San Francisco, no mesmo que tamén sería enterrado seu irmán Xaquín en 1989. Álvaro das Casas dedícalle un emocionado artigo no xornal *El Pueblo Gallego* “Bágoas por outro irmán morto”<sup>52</sup>, Fermín Bouza-Brey un poema, “Na morte do mozo erudito Xurxo Lourenzo”<sup>53</sup>, Vicente Risco unhas eloxiosas verbas na revista *Nós*:

*Mozo, xentil, intelixente, bon. Non podemos dicir: foi. Entre os galeguistas o verbo ser non se conxuga en tempos de pasado.*

*Si o fixeramos ¿seríamos dinos da nosa arelanza? Pois arelamos domear á morte co-a soia forza do amor [...]*

*Cada galeguista morto fai medrar o esforzo dos que ficamos na loita*



*fermosa i-esgrevia de arestora e de total-as horas que Deus nos conceder. É lei de amor pra Nós cumprir o legado dos nosos mortos i-o de Xurxo manda pureza, rexa vontade, confianza no fito. E moi particularmente son compridores os mozos da súa xerazón [...]*<sup>54</sup>.

E Ramón Otero Pedrayo, que nacera e vivía na mesma rúa da Paz, lembrárase del anos despois no *Libro dos amigos* (1953):

*Xurxo, de ter vivido máis anos houber sido o mestre e o poeta da súa xeneración, comprador do voto e arelanza de Vicetto e de Pondal. Formado na escola severa, iniciática, de Cuevillas, o xoven amigo meu Xurxo Lourenzo traballou con amor e finura as artes do dibuxo e das letras antigas [...]*

*Os ollos de Xurxo foron dende neno finos, esculcantes, ollos de afitar de artista, seu perfil de xentileza doncel... [...] Poucas noites o vento espallou pra min semellantes layos como na noite da chegada do corpo de Xurxo Lourenzo a Ourense [...]*<sup>55</sup>.

Dende moi novo cultiva o debuxo e a investigación histórica, arqueolóxica e etnográfica: “Un casamento en Lobeira” con seu irmán Xaquín (1928), tiña 18 anos; “Blasós de Ourense. I”, con X.M. Amor (1930); “Foro de Lobeira” (1930); “A cristianización do Castro de Monterrei” (1931); “Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza: O xogo de S. Xulián” (1932); “Blasós de Ourense. II” (1932); “A data da consagración da eireja de Lugo” (1933); “O Crismón na escritura da Galicia” (1933); “Tres estazóns de arte rupestre da Serra de Leboreiro” en colaboración con Luciano Fariña Couto (1933); “Catálogo dos castros galegos. Terra de Lobeira”, con F. López Cuevillas (1933), e “Notas de diplomática galega. O protocolo nos documentos do outo meio-evo” (1934).

Deixou listos para entraren no prelo ou moi adiantados outros traballos, dos que se publicarían postumamente: “Notas do meu diario arqueolóxico” (1934), do que se tratará máis adiante; “El fondo del monasterio de San Salvador de Celanova en el Archivo Histórico Nacional” (1942), e “La casa, el trabajo y la cantiga en Pías”, en colaboración con Fermín Bouza-Brey e con debuxos do seu irmán Xaquín (1947)<sup>56</sup>.



A derradeira fotografía de Xurxo (de branco), no tren camiño de Zaragoza.

Xurxo escribe as “Notas do meu diario arqueolóxico” supoñemos que coa intención de publicalas logo de facer as precisas emendas e correccións, pero a situación troca co seu súpeto pasamento, acordando entón os amigos inserilas tal e como as deixara nos números 124-125 de *Nós*, dedicados á súa memoria.



Cómpre ter en conta que non se trata dun diario das mesmas características do de Álvaro das Casas: non describe o periplo enteiro dende que o paquebote sae de Muros ata que chega a Vigo, pero en cambio detense máis nos aspectos artísticos e arqueolóxicos dos que el era o encargado, pero nin así tampouco recolle todo, senón só aquilo que lle parece de máis interese:

*Non comencei eu ista xeira, dito seña en descárrego da miña concencia, co-a teima de faguer un inventario máis ou menos compreto de todol-os materiaes arqueolóxicos espallados pol-a nosa roita: Eu fun somentes a “ver paisaxe”.*

*Esí, o interés que lle prestei á arqueoloxía, non foi escrusivo: agora, hei de apuntar somentres aquilas cousas que pra min foron de novidade e que coma tal ficaron, anotadas no meu carnet ou croquizadas no meu blok.*

Os apuntamentos ilústraos con varios deseños de pezas sobranceiras (como a pía da auga bendita da colexiata de Muros, ou o cruceiro de San Roque de Portonovo), ou non máis que con sinxelos esbozos tomados dende o mar: illas, castros, montes, etc. Detéñse en particular nos lugares de valor arqueolóxico, dos que ademais de visitar varios (coma o castro Liboreiro, entre os concellos de Bueu e Cangas), tamén aproveita para recoller restos materiais e lendas de mouros e tesouros.

Malia non se tratar do relatorio enteiro de toda a viaxe, non por eso deixa de ser interesante este texto que agora se reproduce facsimilar por primeira vez, de redacción áxil e amena feita a bordo do paquebote ao tempo que contemplaba ao lonxe as impresionantes paisaxes das Rías Baixas. É de ter en conta que a visión dende o mar é moi diferente da dende terra, e máis daquela –hai 75 anos– en





que os montes case non tiñan vexetación, polo que se enxergaban claramente no horizonte as posibles acrópoles atendendo á configuración e situación, chegándose ata a distinguir treitos de vellos camiños lousados que para algúns historiadores poden ser restos de vías romanas.


O texto precisa dalgunhas notas aclaratorias, pero como non é posible engadilas a pé de páxina por se tratar dunha edición facsimilar, publícanse ao final indicando a páxina e o asunto a que se refire cada unha.

### **3. Apéndice: cinco artigos da época**

Foron publicados na prensa co gallo da expedición, catro no mes de xullo e un en agosto. O último é o discurso que en nome da agrupación leu o ultreia Antonio Beiras na cea galeguista celebrada o Día de Galicia, o 25 de xullo, en Santiago de Compostela:

- Ramón Otero Pedrayo: “Prosas galegas. A nau dos Ultreyas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 6 de xullo.
- “El decálogo de Ultreya”, *Vida Gallega*, Vigo, 10 de xullo.
- Roxerius (pseudónimo de Roxelio Pérez González): “O meu saúdo... os “Ultreyas”, *El Pueblo Gallego*, 16 de xullo.
- E. Encisa: “Ultreya no mar”, *El Pueblo Gallego*, 31 de xullo.
- Antonio Beiras: “Lembranza querendosa. O que foi e significa a xeira dos “ultreyas”, *El Pueblo Gallego*, 6 de agosto.

UNHA EXCURSIÓN POLA SERRA DO BARBANZA







Castro de Baroña (Porto do Son).

Entre o 25 e 29 de abril de 1933, Álvaro das Casas e catro ultreias da “I liña” do instituto de Noia efectúan unha excursión pola serra do Barbanza, aproveitando para facela os días da festa de San Marcos, que tanto daquela como aínda hoxe en día é a máis concorrida da vila.

Os diarios ou relatorios, porque neste caso cada un dos asistentes insire o seu, tamén se publican na revista *Nós* acompañados dunhas verbas a xeito de limiar do director nas que xustifica a saída, afirmando que o principal obxectivo era o

*conocimento do Barbanza, hastra agora pode decirse que inédito na bibliografía feita eisceción do estupendo catálogo prehistórico-folklorico de Cuevillas e Bouza-Brey publicado polo Seminario de Estudos Galegos.*

Refírese ao traballo “Prehistoria e Folklore da Barbanza”, que sae do prelo na revista *Nós* ao longo do ano 1927. Os dous ilustres arqueólogos fixeran todo o percorrido na procura de xacementos a cabalo.

Síntese satisfeito da experiencia, a pesar de que o tempo non lles axudase. E a proba témola en que pretende facer outras semellantes no futuro, das que non sabemos se chegou a realizar algunha: o curso do río Tambre, a terra de Xallas, a ría de Muros-Noia na súa totalidade, etc. Proxectos a ter moi en conta aínda actualmente por parte de agrupacións ecoloxistas, de sendeirismo, excursións de alumnos..., polo seu interese xeográfico, histórico, antropolóxico e natural. O levalas a termo agora constituiría a mellor homenaxe aos ultreias, facendo realidade moitos dos seus soños que eles por diferentes motivos nunca chegarían a realizar.

Seguen os diarios dos alumnos participantes, pero neste caso, a diferenza dos da Misión Biolóxica de Galicia, cada un redacta o de toda a excursión, polo que veñen a ser catro visións diferentes dos mesmos feitos, debidas a Xohán Nieto Tuñez, Xoán Freire Antelo, Xosé Fernández García e Francisco Castro Lorenzo. Nas redaccións non faltan termos propios da zona, como por exemplo ao falar de Nebra dicir que *as terras son moi ricas de laboura adicadas a liño, millo e balocas* (patacas).

O tempo non os axudou, pero aínda así fixeron todo o percorrido ateigado de peripecias e dalgún suceso curioso, coma o de que en Corrubedo os tomasen por titiriteiros e *os rapaces corrían por centos detrás de Nós; en ningunha casa nos querían dar pousada... Por fin topamos un café e alá quedamos.*

A excursión empeza o 25 de marzo, día grande en Noia, e remata a mañá do 29 en que chegaron en autobús:

**Día 25:** Festa de San Marcos e, como di Freire Antelo, *unha feira das máis importantes que hai na nosa vila*. Saen nunha das camionetas da feira que vai para Rianxo, pero baixan ao chegaren a Moimenta, que *é un lugar de unhos vintecinco veciños, probe, con casas en pranta arredondeada algunhas d'elas*, escribe Castro Lorenzo. Empezan a excursión a pé subindo a costa de Fontefría e logo de percorrer varios quilómetros *envoltos nun neboeiro que non deixaba ollar nada*, chegan a Resúa e, como nesa aldea non había ningunha pousada, foron pasar a noite a Nebra.



Freire Antelo lémbrese das *mortes que fixo a Guardia civil alá pol-lo ano 1916, cando foi dos consumos*, en Nebra<sup>57</sup>, e tamén da sona que tiñas as mulleres tocando a pandeireta, obsequiándoos cunha pandeirada ao acolleito dun pendello.

**Día 26:** Érguense ás oito, visitan a igrexa e empezan a subida ao Enxa: Castrallón, Terrona, Campo da Coviña... Xosé Fernández García escribe:

*fumos pol-o Enxa onde todol-os labregos dín que hai unha cidade de mouros. Eu penso que si eiquí se escavase aparecería algo. Semella un castro con dúas defensas e plataforma moi grande con pedras que lle fan unha defensa natural.*





A Xeira do Barbanza (debuxo de X.R. Marín, 2006).

A baixada fixérona por Montemuíño (onde ollan un cruceiro cun peto das ánimas e con farol de aceite) ata Baroña, xantando na casa do párroco. Pola tarde visitan o castro, do que di o xa citado Fernández García:



O Castro de Baroña acabábase de descubrir cando estiveron nel os ultreias.

*Pol-a serán fumos a ollar a citania de Baroña, descuberta pol-o carabineiro D. Pablo Díaz que nol-a mostrou. É un señor de moita cultura que leva traballando n-ela dende xoves santo. Este señor ten unha colección moi boa de moedas e moitas antiguedades.*

Deixan a acrópole e empezan a andar ata a aldea de Pousacarros (Ribasieira, concello do Porto do Son), na que pasan a noite.

**Día 27:** Ao se erguer *chovía á mares e non se vía nada*, e estiveron indecisos de volver cara ao Son, pero acordan continuar: cruzan o río Sieira, superan a costa dos Forcados e ao medio día chegan a Lesón. Ao pasar ven a capela da Madalena, onde tanto daquela, como escribe Freire Antelo, como aínda hoxe en día, *á*

*ela veñen todos os que teñen feridas, e logo deixan penduradas nas silveiras os lenzos co-a sangue pra que queden á secar nos aires da Santa.*

Xantan e baixan ata a Proba do Caramiñal, pero non se deteñen, continuado por Palmeira ata Ribeira, onde van ao cine, cean e fan noite.



Dunas de Corrubedo.

**Día 28:** Visitan o monte da Cidade que, como informa Fernández García,

*teñen moi ben estudado Bouza-Brey e Cuevillas no seu libro Prehistoria e folklore de Barbanza. Ollamos moi ben a mámoa de que falan e gostounos moito, moito máis que o castro onde non ollamos nada.*

A seguinte visita foi ao dolmen de Axeitos, que para Nieto Túñez a paisaxe *que o rodea é*

*do millor da nosa Terra.* E, por último, xantan na aldea de Bretal. Pola tarde chegan a Corrubedo e van ata o faro, onde lles explica o seu funcionamento o fareiro. Regresan para a vila, cean e déitanse pero, como di o devandito Nieto Túñez,

*O Antelo estaba sempre facendo chistes e non nos deixaba dormir. Aquello foi unha festa. Cando nos dormimos eran máis das dúas.*



Dolmen de Axeitos (Ribeira).

**Día 29:** A excursión remata en Corrubedo, pois ese día o único que fixeron foi coller ben cedo —ás cinco— o autobús de liña para Ribeira, chegando de regreso a Noia ás nove da mañá.

A importancia desta xeira non é comparable coa primeira e menos aínda coa segunda, pois non foi máis que unha excursión polo monte non exenta de riscos, tendo en conta que descoñecían os camiños, non sabían de pousadas e, por enriba, o tempo tampouco os favoreceu. Non obstante cumpríronse os obxectivos dos participantes e, en particular, do profesor:

*Penso que conquerimos nosas arelas. Folga decir, é craro, que en todo istante puxou por Nós a ledicia de botarnos enteiramente no colo materno da Natureza, de zugar directamente seus xugos virxinaes —inesquecible leición de vida— e de ligar en nobre e patrióteca conversa a nosa pequena cultura de homes que encomenzan a adeprender co-a vella e controlada sabencia dos vellos pobos enraizados nun doroso ensino de séculos<sup>58</sup>.*





1. No curso 1917-18 comeza Dereito na mesma universidade como alumno non oficial, que abandona no de 1925-26. Xa en Noia, matricúlase na devandita facultade da Universidade Compostelá, durante os cursos 1930-31 e 1931-32, pero non se chega a licenciar (Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela: *Expedientes de alumnos: Álvaro María de las Casas y Blanco*).
2. Sobre a súa biografía pódense consultar entre outras obras: CAPELÁN REY, A.: *Contra a Casa da Troia (e II)*, Ed. Laiovento, Noia, 1996; *Casa da Gramática. Revista de Creación Literaria e Cultura*, 7 (número monográfico), IES “Virxe do Mar”, Noia, 2000; ABEIJÓN NÚÑEZ, F.: *Álvaro de las Casas*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2001; DIÉGUEZ CEQUIEL, U.-B.: *Álvaro de las Casas. Biografía e documentos*, Ed. Galaxia, Vigo, 2003; e CUQUEJO ENRÍQUEZ, Ma.: *Álvaro de las Casas: Sulco e Vento*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, 2004.
3. Arquivo do Reino de Galicia: Goberno civil da Coruña, 2265.
4. *Ayuntamiento constitucional de Noya — Delegado de Orden Público de Noya — Con esta fecha y por orden del Sr. Delegado de Orden Público de la zona de Santiago y al objeto de que llegue a conocimiento del interesado, debiendo Ud. Acusar recibo del presente escrito, tengo el sentimiento de manifestarle queda destituido D. Álvaro de las Casas en su calidad de profesor de ese instituto nacional. — Noya 11 de agosto de 1936 — El Delegado de Orden Público — Fermín A. Mesa* (Arquivo municipal de Noia: Actas de sesións). [...] *Instituto de Noya — Destitución y cese de don Álvaro de las Casas, catedrático de Geografía e Historia [...] (El Eco de Santiago, 19 de agosto de 1936)*.
5. CASAS, Á. de las: *Verbas aos mozos galegos. O momento universitario*, Santiago de Compostela, 1933 (Ed. facsimilar, Fundación Premios da Crítica Galicia – Asociación Álvaro das Casas, 2003).
6. OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1953, p. 120.
7. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Casal e o libro galego*, Ed. do Castro, Sada, 1983, p. 126.

## NOTAS

8. ALÉN, Delmiro: “Por la Galicia nueva...”, *El Pueblo Gallego*, 18 de maio de 1936.

9. “Ultreya. 1ª. Xeira. Misión Biolóxica de Galiza”, *Nós*, 106, 1932, p. 185.

10. *Obr. cit.*, p. 119-120.

11. Refírese á obra de Thomas Alexander e Beryl Parker: *La Nueva educación en la República Alemana*, traducido por A. Lázaro y Ros, Madrid, Aguilar, 1931. Os capítulos que máis lle interesaron e tivo en conta foron os dedicados ás excursións escolares e ás pousadas estendidas por toda Alemaña para pasar a noite e comer economicamente os escolares que percorrían o país (*Deutsche Jugendherberge*). Ao primeiro pertencen os seguintes parágrafos:

*Na procura de campos máis vizosos para a súa arela de instruírse, comezaron os grupos escolares a faceren excursións aos parques e aos arredores das cidades. Ían dun sitio a outro para estudaren as institucións locais e as ocupacións dos habitantes das cidades, das aldeas e do campo, observando cos sentidos ben espertos a vida da comunidade. As paisaxes familiares e as reliquias do pasado adquirían significación máis completa cando eran visitados polas clases levando os seus profesores ao fronte. Copiaban entón nos seus cadernos de debuxo os riscos máis salientábeis, cambiaban entre si impresións ou meditaban sobre o pasado. Non só aumentaba así o seu coñecemento do país, senón que tamén se facía máis intenso o seu amor polas belezaas e tradicións do pasado (páx. 27).*

*Durante os meses de primavera, verán e outono parece como se as diferentes clases estivesen constantemente de portas afora e en todas partes. Lanchas cargadas de escolares acompañados dos seus profesores remontan ou descenden polo Rhin e por outra ducia de ríos. É raro atopar un tren que non conduza, cando menos, un grupo de escolares e se te internas polos bosques sentes a miúdo as pegadas de moitas clases en plan de “vagabundeo”. Tropézase con eles nos mercados vilegos, fronte á casa do concello, contemplando os muros dunha catedral, nas galerías dos museos e no parque dalgúns castelos. Son centos e centos os nenos que abandonan, por un día ou por unha semana, as frías paredes da escola e se botan a percorreren o seu propio país na procura de aventuras [...] O pracer que se atopa nestes cadros que están ao alcance da man, esperta a arela de seguir adiante polos camiños que conducen a un mundo máis grande, que se atopa máis alá (páxs. 83-84). Precisamente Ultreia significa “máis alá” ou “adiante”.*



*A experiencia directa que entra polos ollos e oídos dos alumnos, é un modo máis seguro para ampliar os seus coñecementos que a lectura de moitos libros (páx. 104).*

12. “Ultreya. 1ª. Xeira. Misión Biolóxica de Galiza”, *Nós*, 106, 1932, p. 178.

13. Álvaro de las Casas, *impenitente suxeridor de proxectos, lanzou a idea de constituír unha agrupación de rapaces, orientada a concienciar á xente nova sobre a realidade diferenciada do seu país [...] Un algo máis tarde naceu co nome de Ultreya a devandita agrupación* (FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Obr. cit.*, p. 126).

14. Biblioteca da Deputación de Ourense: Álvaro das Casas. O director da devandita biblioteca, Enrique Bande Rodríguez, non permitiu a reprodución dos documentos nin das fotografías para este libro, pero si para outras publicacións anteriores.

15. *Oh, Señor Santiago! / Gran Santiago! / E ultreia!, e sus eia! / Deus, axúdanos!* (ECHEVARRÍA BRAVO, P.: *Cancionero de los peregrinos de Santiago*, Centro de Estudios Jacobeos, Madrid, 1971). Co nome de *Ultreya* saíra durante algún tempo en Santiago de Compostela (o primeiro número data do 1 de maio de 1919), unha publicación periódica co subtítulo: *Revista quincenal de Cultura Galaica. Arte – Literatura – Historia – Sociología*, da que un dos colaboradores foi Fermín Bouza-Brey. O 12 de marzo de 1935 estreouse en Madrid a versión castelá da ópera *Ultreya*, libreto de Cotarelo Valledor e música de Rodríguez Losada, escrita orixinariamente en galego. Entre 1941 e 1951 publícase como suplemento do Boletín Oficial da Arquidiocese de Santiago de Compostela a revista *E Ultreya*, órgano diocesano de Acción Católica.

16. “La juventud gallega se organiza”, *El Pueblo Gallego*, 12 de febreiro de 1932.

17. Arximiro ROJO (*As Mocidades Galeguistas*, Galaxia, Vigo, 1987, p. 41), afirma que a primeira en se constituír foi a Mocidade de Ourense, fundada en 1932, pero non dá a data, e a segunda a da Coruña, da que tampouco non di máis que foi en 1932, pero en particular esta última –seguindo a Víctor Casas- xa fora concibida en decembro do ano anterior.

## NOTAS

Ao artigo de V. Casas, “Fenestra. A mocidade e o galeguismo”, pertencen os seguintes parágrafos:

*Na Cruña acábase de constituir unha Mocidade Galeguista. Trátase d'un feito que compre non deixar pasar desapercibido pol-a gran importancia que en si ten e pol-o moito que revela que os rapaces galegos vaian abrindo o seu corazón e enfocando o seu pensamento deica as arelas galeguistas.*

*Son rapaciños de 15 a 17 anos, estudantes, ateigados de fondas arelas de romanticismo e ideas novas nas que a xeneración actual anda a se manifestar con un espírito novo inzado de visión porvinista. Xurden d'unha maneira ausolutamente espontánea. Uns cantos d'eles que acudiron cobizosos de ourentación ao mitin galeguista feito na Cruña no mes de nadal concebiron, aloumiñados pol-o programa galeguista e animados pol-a pureza dos homes do galeguismo, facer un xuntoiro entre a mocidade estudiantil para aportar a savia do seu sangue mozo e o calor do seu entusiasmo ao movemento creador do rexurdimento galego. A idea atopou eco e hoxe son cincuenta e oito e teñen nomeado o seu Consello directivo [...]*

*Galicia agarda moito de vos e os que xa somos vellos na loita poñemos en vos os ollos e o corazón ateigados de ledicia, seguros de que a nosa xeneración conoscerá o trunfo ausoluto da idea xenerosa que traxerá para esta terra, tan escarnecida por alleos e propios, a súa liberdade e a súa redención. O camiño do galeguismo asegúravos a pureza nos sentimentos e a honradez nos procedimentos. No final da meta, unha terra libre e digna (El Pueblo Gallego, 14 de febreiro de 1932).*

18. Nós, 98, 15 de febreiro de 1932.

19. “Ultreya. 1a. Xeira . Misión Biolóxica de Galiza”, Nós, 106, 1932, p. 178.

20. Folla impresa sen data (xullo de 1932) (Arquivo persoal de Xaime Illa Couto).

21. BEIRAS, A.: “Lembranza querendosa. O que foi e siñifica a xeira dos “Ultreyas”, *El Pueblo Gallego*, 6 de agosto de 1932.

22. CASAS, A. de las: *Verbas aos mozos galegos...*, p. 14. O alumno Miguel Roig Lestón, un dos asinantes do manifesto de Noia, “A todol-os mozos galegos”, no diario correspondente ao día 21 de marzo da primeira xeira, Misión Biolóxica de Galiza, di ao referirse á visita que fan ao instituto de Pontevedra: *Na aula*

de D. Ramón Sobrino vimos a sua formidable colección de isculturas e, entre elas, o noso triskele tal cual o facían os galegos antigos cinco séculos antes de Cristo (Nós, 107, p. 208).

Non deixa de ser curioso o feito de que actualmente non se coñeza ningún petroglifo con este tríscele de brazos rectos, pero que figuraba xunto con outros moitos signos na greca deseñada por Sobrino como adorno do museo do instituto, xunto a baleirados de varios petroglifos. Quizais se perdese a pedra onde estaba gravado ou, o máis seguro, sexa unha interpretación errónea dalgún debuxo por parte de Sobrino (SOBRINO BUHÍGAS, R.: *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*, Santiago de Compostela, 1935, fig. 1). O que si se rexistran son varias esvásticas (GARCÍA ALÉN, A. / PEÑA SANTOS, A. de la: *Grabados rupes- tres de la provincia de Pontevedra*, Fundación “P. Barrié de la Maza”, 1980, p. 138).

23. Un dos máis críticos con el foi Alexandre Bóveda, por afirmar que deixaba o partido porque *non tomáramos pol-o camiño do separatismo craro e franco, cando as súas actuacións non eran extremistas, nin moito menos, agás unha conferencia estridente na Universidade e unhas verbas fortes en Barcelona* (BÓVEDA, A.: “Fume de pallas”, *A Nosa Terra*, 25 de setembro de 1933).

24. Algúns dan como autor da letra a Fermín Bouza-Brey pero, segundo o testemuño dun dos asistentes á primeira xeira, Carlos R. Padín, débese a Filgueira Valverde e a Iglesias Vilarelle: *Anoitecido saímos pra Marín outra vez. Ao zarpar poñémonos todos en pé e cantamos noso himno, o Celtia, que foi feito pol-os Sres. Filgueira e Iglesias Vilarelle* (“1a. Xeira. Misión Biolóxica de Galiza”, *Nós*, 107, 15-XI-1932, p. 212).

25. Así é como figura no libriño *Os nosos cantos*. Ulteya, Pontevedra, 1932, p. 10, pois existen variantes con outras edicións. Segundo consta no devandito folleto, dirixían a colección: Álvaro das Casas, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Martínez López, Sebastián González García-Paz, Antón Fraguas Fraguas e Xurxo Lourenzo Fernández.

Sufriu algunhas modificacións, como substituír “Galicia” por “Galiza”, “pai Breogán”, por “rei Breogán”, “Dedaniáns” por “Denaniáns”, e “ciños” por “cisnes”. Co título “Hino dos Ulteias” figura no *Cancioneiro da Loita Galega*, publicado en México polo Partido Galeguista en 1943.

Segundo A. ROJO (*Obr. cit.*, p. 157), ademais dos ulteias tamén o cantaban as Mocidades Galeguistas.

## NOTAS

26. MURGUÍA, M.: *Galicia*, Barcelona, 1888, pp. 129-130; RISCO, V.: “Etnografía. Cultura Espiritual”, *Historia de Galiza*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo, Buenos Aires, 1962, p. 310.
27. Este poema figura en *Os nosos cantos. Ultreya* (p. 11) como “Fanfárria”, que o autor publica de novo con pequenos arranxos co título “Regueifa” no libro *Nao senlleira* (1933), coa seguinte dedicatoria: *Pra Álvaro das Casas, celebrando o periplo*, e como “Regueifa dos Ultreias” no *Cancioneiro da Loita Galega* (México, 1943).
28. ALEXANDER, T. / PARKER, B.: *Obr. cit.*, p. 104.
29. Xosé Núñez Búa, naceu en 1903 en Tenorio (Cotobade). Estudou Dereito en Santiago de Compostela e foi membro da sección de Etnografía do Seminario de Estudos Galegos. Rexentaba un colexio privado en Vilagarcía, o “León XIII”; fundou a primeira biblioteca municipal (1927), organizou unha exposición de Arte Galega (1928), impartindo conferencias durante os días da mesma, entre outros, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Castelao, Dieste, etc. Na Biblioteca da Deputación de Ourense hai un exemplar da publicación dos ultreias vilagarcíans. Finou no exilio en Arxentina, en 1981 (ARLILLO —pseudónimo de Carlos Comendador Peña—: *Personajes populares de Vilagarcía*, Concello de Vilagarcía de Arousa, 2006).
30. “Ultreya, 1a xeira. Misión Biolóxica de Galiza”, *Nós*, 106 e 107, 1932, p. 211.
31. *O día 22 dos correntes ficou constituída na vella Compostela unha “Mocidade” con gran número de afiliados [...] Ademais da discusión dos Estatutos elixeuse unha Directiva pra o ano vindeiro constituída do seguinte xeito: Segretario Xeral, Francisco Ogando Vázquez; Segretario, Domingo Fernández del Riego; Tesoureiro Contador, Manoel Mexuto Larrauri; Segretario de Actas, Xaime Vidal Rei; Vocás: Ricardo Millán Pomar e Antón Beiras García [...] (“Novos Grupos e Mocidades Galeguistas”, *A Nosa Terra*, 28 de decembro de 1933).*
32. *Guieiro. Outavoz Patriótico da F.M.G.*, 1 de xullo de 1936.

33. Arximiro ROJO (*Obr. cit.*, p. 120), resume así as actividades máis significativas que debía realizar un afiliado das Mocidades:

- *Estudia-la Historia, Literatura, Economía e os problemas galegos en xeral.*
- *Cultiva-lo carácter e sentimento galego.*
- *Practica-lo excursionismo, a hixiene, a ximnasia ou calquera outro deporte.*
- *Facerse cunha biblioteca galega, onde non falten as obras máis importantes da cultura galega e do nacionalismo galego.*
- *Suscribirse a revistas e periódicos patrióticos.*
- *Prestar apoio ó Seminario de Estudos Galegos e en xeral a todas aquelas institucións ou obras de exaltación nacional.*
- *Falar e escribir constantemente en galego.*
- *Canta-las propias cántigas galegas e baila-las súas danzas típicas nas festas.*
- *Usa-la bandeira galega, levándoa onde un vaia e colocándoa nun lugar preferente do cuarto.*
- *Comprar productos galegos e facer propaganda a prol dos mesmo.*

34. GRAFOXO, X.: *Memorias do franquismo. A época do wolfram en Lousame. A corporación de Noia en Meirás*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2002, p. 719. O mesmo me contou a min o pasado mes de maio de 2006.

35. Da súa autoría é o limiar á segunda edición de *El cementerio de Noya* (Gráficas Sementeira, Noia, 2001), de escaso valor literario e documental, no que a única referencia a Ulteira é a seguinte: *Falar dos "ultreyas" de chaleque branco e trisquele roxo, que era coma un tres pés gamado, igualiño á svástica dos arios cun pau de menos, sería falar doutro ensaio, nesta vegada político, de Álvaro de las Casas e que tamén fracasou, cecais por non ser violento, que non o era, e delo non ouso dar fé, pro si testimuña.*

36. Arquivo histórico do concello de Noia: Actas de sesións, 1-IX-1938 e 3-VIII-1939. AGRAFOXO, X.: *A Segunda República en Lousame e Noia. Radiografía dunha época*, Edicións do Concello de Lousame, Noia, 1993, pp. 217 ss., 269 ss.; e: *1938-1939. A Guerra Civil en Lousame e Noia. O triple crime de Marselle. A traxedia do Baleares*, Edicións do Concello de Lousame, 1999, pp. 43 ss., 343 ss.

## NOTAS

37. “Ultreya. 3ª Xeira. Barbanza. 1933”, *Nós*, 114, 15 de xuño de 1933.

38. *Obr. cit.*, p. 27.

39. “Ultreya, 1ª xeira. Misión Biolóxica de Galiza”, *Nós*, 106 e 107, 1932.

40. Deputación Provincial de Ourense, Biblioteca: *Álvaro de las Casas*.

41. Así se desenvolveu a traxedia, o 6 de agosto, segundo os dous superviventes: *La mar es gruesa y arrecia el viento Norte. De pronto una ola y una ráfaga se abaten sobre la trainera y la “Azaña” zozobra. Era el principio del fin [...] Los aparejos del barco caen sobre un grupo de hombres. Las redes envuelven a unos cuantos y los arrastran al fondo. ¿Seis muertos! Sobre las aguas alteradas —aguas de borrasca y tortura— quedan flotando 18. Todos ellos nadan hacia lo que queda de la lancha sobre las olas: una quilla a las tinieblas de la madrugada. Los 18 hombres se asían a ella en un esfuerzo angustioso y supremo, como a una tabla de salvación [...] Entre tres de la madrugada y las diez de la mañana hay siete horas. Son las siete horas de suplicio inenarrable en que se quebraron muchos instintos de conservación y en cuyo yunque solo han sido fuertes, milagrosamente fuertes, dos vidas: las vidas de los supervivientes [...] (El Pueblo Gallego, 7 de agosto de 1932).*

42. Natural de Laxe (1900). Cando toma parte na xeira era: Licenciado en Ciencias Químicas (1923), profesor de Química Inorgánica e Analítica da Facultade de Ciencias da Universidade Compostelá, membro do Seminario de Estudos Galegos, realizara estudos de doutoramento en Xeoquímica e Petrografía en Zurich (Suiza), estudara os cementos e os procesos de destrucción por líquidos agresivos en Berlín, etc. E publicara os seguintes traballos: “Sobre a ilmenita nas áreas de Galicia. Análisis da ilmenita de Balarés”, “Análisis da evansita de tres localidades galegas”, “Sobre la presencia de la pirrotina en Galicia. Análisis de la pirrotina de A Miñoca”, “Estudio químico de la nontronita de Chenlo (Pontevedra)”, “Contribución al estudio de los minerales de wolframio en Galicia. I. Análisis de los wolframios de A Brea, Corpiño y Carboeiro (Lalín, Pontevedra)”, ídem: Carbia e Vilar de Cervos, ídem: Xuno, Monte Neme, Casaio, A Veiga e Vilacoba; *“Beitrag zur chemischen konstitution der glimmer”...*



43. Álvaro das Casas di que é o axudante de Parga Pondal. Francisco López Casado, natural de Vigo (11 de maio de 1913), estudaba Ciencias Químicas na Universidade Compostelá, na que se licencia dous anos despois da xeira. Publicaría nos anos sucesivos varias achegas sobre a súa especialidade, sobresaíndo tamén como destacado fotógrafo.
44. Natural de Ribeira (9 de setembro de 1911). Estudou na Universidade Compostelá: empezou Ciencias e logo pasou a Filosofía e Letras. Igual que os irmáns Lourenzo Fernández (Xaquín e Xurxo), e tamén polos mesmos motivos, en 1933 traslada a matrícula para a Universidad de Zaragoza. Foi profesor de latín; estivo separado da docencia varios anos por galeguista, dedicándose durante ese tempo ao ensino privado na “Academia España” da Estrada. Cando menos conta cunha publicación, en colaboración con Fermín Bouza-Brey e M. Carlos García Martínez: “Novos exemplares de cerámica campaniforme na Galiza”, *Actas do III Congreso Nacional de Arqueología*, Porto, 1974.
45. Natural de Boiro (1907). Cando participa na xeira xa se licenciara en Dereito e Filosofía e Letras na Universidade Compostelá, era profesor de Lengua y Literatura Española no instituto de Lugo, membro do Seminario de Estudos Galegos, un dos fundadores do Partido Galeguista... Exiliase ca Guerra Civil continuando o seu labor docente en varias universidades de América.
46. Antonio Veiras (ou Beiras) García, de Santiago de Compostela. Publica un artigo en *El Pueblo Gallego*, “Lembranza querendosa. O que foi e siñifica a xeira dos ‘Ultreyas’”, o 6 de agosto de 1932.
47. De Vilagarcía de Arousa, publica un artigo en *El Pueblo Gallego*, “Ultreya no mar”, o 31 de xullo de 1932.
48. Ramón de Valenzuela Otero. Bandeira (Silleda), 1914 – Sanxenxo, 1980. Destacado militante do Partido Galeguista, fuxe para Francia e é internado no campo de concentración de Argelès e logo entregado ás autoridades franquistas, que o condenan a morte, que lle é conmutada. Xa libre emigra a Arxentina, colaborando activamente en todas cantas actividades se desenvolven á prol da nosa cultura, á vez que escribe algunhas obras de teatro. Dende 1966 reside en Madrid, e dá clases de Xeografía e Historia de Galicia no Club de Amigos da Unesco, ata que é clausurado pola autoridade franquista. Impartiu varias

## NOTAS

conferencias, algunhas moi polémicas (como a da Facultade de Económicas de Santiago, o 16 de xaneiro de 1976). É autor, entre outros, dos seguintes libros autobiográficos baseados na Guerra Civil: *Non agardei por ninguén* (1957) e *Era tempo de apandar* (1980).

49. Non sabemos de certo a cal dos dous irmáns se refire: se a Mario ou a Eugenio. Quizais sexa o segundo, pois atopándose en Noia escribe Álvaro das Casas no diario: *Granell deléitanos co “Andante cantáble” de Chaikowsky e o “Lamento indio” de Rismky Korsacoff...* Eugenio fixera estudos de violín no conservatorio de Madrid. Tiña 20 anos. Con todo, tampouco se pode rexeitar que non fose Mario que, coincidindo coa primeira xeira da Misión Biolóxica, inaugura o día 26 de marzo deste mesmo ano de 1932 unha mostra de pintura en Pontevedra, pasando esa noite cos demais compañeiros na Granxa de Salcedo.

50. Os demais eran: Álvaro das Casas, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Martínez López, Sebastián González García-Paz e Antón Fraguas Fraguas.

51. Registro Civil de Zaragoza: Distrito de San Pablo, núm. 719, *Jorge Lorenzo Fernández* (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”, 1907-1989*, Ed. Toxosoutos, 2003, pp. 122 e 123).

52. [...] *E garden os mozos memoria da tua vida con vountade de imitala nun esforzo como o teu, sempre xeneroso e patriótico: gosten coma ti longas horas de estudo en procurar nos vellos pergameos e nas esquecidas historias a historia inmorredoira dos nosos. E terán coma ti o premio xusto e merecido: arestora, nas serras húmidas da Lobeira, no pazo fidalgo e na chavola aldeán, serán moitos a lembrar no estudante afervoadado que nun día e noutro percorría os camiños en procura do romance ledado e da cantiga tristeira, das citanias antergas e dos brasóns medioevaes, dos contos dos cativos e das cartas foraes pra entretecer a xesta dunha bisbarra i-erguer un pouco máis a esgrevia persoalidade da Galiza, xigante nos hourizontes amprísimos dos séculos. Xurxo Lourenzo, patriota: que teu nome nos axunte, e a tua lembranza nos preste alentos* (*El Pueblo Gallego*, 22 de abril de 1934).

53. Inserido no libro *Seitura*, Braga, 1955. Antes dedicálle outro que empeza co verso: “Ollos lonxanos de Xurxo....” (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Ollos lonxanos de Xurxo...” Un poema inédito de Bouza Brey a Xurxo

Lorenzo”, *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, núm. 17, Betanzos, primavera -2004).

54. “Lembranza de Xurxo Lourenzo”, *Nós*, 124-125, abril e maio, 1934, pp. 61-62.

55. *O libro dos amigos*, pp. 111-112.

56. Este último reeditouno en galego en 2001 o Museo do Pobo Galego: “A casa, o traballo e a cantiga en Pías”, *Alicerces*, 14.

57. O mesmo feito luctuoso repítese noutros lugares: Porto do Son, Narón, Amio e Sofán. Estas protestas e levantamentos populares sufocados polas armas darán lugar a obras coma o álbum *Nós de Castelao* e o poema “Via-crucis” de Ramón Cabanillas, inserido no libro *Da Terra asoballada*:

*Galicia rube ó calvario.*

*Enrabiada co ceo,*

*sentóuse nunha pedra, á veira do camiño,*

*coverta hastra os ollos co pardo mantelo.*

.....

*o que vistéu os días das tromentas*

*de Nebra e de Sofán. -¡Trunfo do ferro!*

*¡Trunfo dos porcos bravos!*

*¡Trunfo dos homes roxos! ¡Trunfo dos homes de negro!-*

*para ir, afogada en bágoas,*

*enrabiada co ceo,*

*detrás dunhas caixas longas,*

*camiño do cimiterio.*

*Galicia rube ó Calvario [...]*

58. “Ultreya. 3ª Xeira. Barbanza. 1933”, *Nós*, 114, xuño, 1933.







NA MISIÓN BIOLÓXICA DE GALICIA

PRIMEIRA XEIRA

*Nós,* NÚMS. 106 E 107

OURENSE, OUTUBRO E NOVEMBRO, 1932








Núm 106

Tomo 9.º

**nóis**



CASTELAO



# U L T R E Y A

## 1.ª XEIRA (Misión Biolóxica de Galiza)

A revista NÓS aprecia como o maior orgullo o serre órgano da nosa cultura galega. Todos os movementos de certo senso intelectual, tiveron nas nosas páxinas as amplas resoancias que merecían. Certos no noso camiño, sinalámonos a aparición dos agrupamentos *Ultreya* como unha das máis rexas convulsións do pensamento novo, como un movemento da nosa xuventude destinada a dar á nosa patria fálxidos días de gloria.

Cómprense felizmente nosos ledos vaticínios, e oxe podemos agasalhar aos nosos lectores co report da primeira xeira tida na Granxa de Salcedo (Pontevedra) da *Misión Biolóxica de Galiza*, dende vinte á vinteseite de marzo.

Respaldados pola nosa historia, co prestixio que nos dan os máis firmes valores mestres da Terra que en roda de NÓS se xuntan, saudámonos en *Ultreya* á máis agarimosa esperanza polo porvir.

Aos Profesores

Xosé Filgueira Valverde, Isidro  
Parga Pondal e Ramón Martínez  
López benqueridos irmáns, ilus-  
tres amigos e inestimabres cola-  
boradores

A. C.

## L I M I A R

Concebín a idea de crear os agrupamentos *ULTREYA* libre de toda suxerencia; si acaso pensando no éxito que un tempo alcanzaron no noso país os eisploradores —xa totalmente desaparecidos— e na posibilidade de ispirar unha organización que, recollendo o espírito xuvenil daquelas tropas, se mantivese ao marxen de patrioteirías pueriles e de malsanas parodias castrenses. Coidaba que o intre era propicio: nosa mocidade, aburrida dos partidos polítecos, cansa de loitar por conquistar metas eiscesivamente fáctiles, arelaba xuntarse nunha gran cruzada espíritoal na que os obxetivos, por lonxanos, sería infinitamente máis cobizados. Outras organizacións semellantes (como *SCHOKOL* no eistranxeiro e *PALESTRA* na Iberia) conocinas despois de estar en marcha, en prena realización, a miña idea. Agora, sabendo como viven as xuventudes da Europa nova, estudado o intresantísimo libro de Alexander e Beryl Parker en col da educación na Alemaña, sintome máis que nunca orgulloso da miña obra e teño a certeza de que, continuando como hastra eiquí, a miña patria será un belo eisemplo.

Perfeitamente perfilada miña visión sobre o que tiñamos de facer, pedín colaboración aos meus alumnos do Liceo de Noia, e con eles lancei un chamamento á mocidade galega que foi datado en dez de febreiro deste ano i-espallado tres días despois. Cando correu un mes tiñamos arredor de nós oitocentos rapaces, dos doce aos dzaioito anos. Ourense, Pontevedra, Vilagarcía, Vigo e Compostela diron, no entusiasmo e na eficacia das respostas, unha proba máis da súa afervoadá galeguidade.

Certo de que o noso triunfo dependía de orgaizar rápidamente unha xeira de unha semán, na que poidesen convivir perto de mín rapaces de difrentes vilas e cidades aos que tería de espricar amplamente o meu pensamento, requerin o concurso dos meus amigos de Pontevedra meo que, por todol-os aspeitos, era o máis adecuado pra unha xuntanza na que se ia á xogar o noso porvir; si dela os rapaces saían satisfeitos, nosa vida ficaba garantida, sínón podía darse todo por perdido. Resta decir que, despois desta xeira, casi se duplicou o número de ultreyas.

Co a xuntanza tiñamos de conquistar un dos fins da nosa obra coal é o de ir conocendo pouco á pouco as grandes institucións da terra, e maxinamos dende o primeiro instante solicitar albergue na benemérita MISIÓN BIOLÓXICA. Temos a obriga de afirmar que tanto o presidente do seu patronato Reitor Dr. Cadarso, como o presidente da Diputación Dr. Camaño e o presidente do Concello pontevedrés Dr. Tafall, díronnos todo xeito de facilidades, prendendo nosa gratitude á este xesto que á todos nos honra.

A estadía dos rapaces durante esta semán foi totalmente gratuíta e de seus trabalios, das fondas emocións sentidas, dan idea os diarios feitos. Decátense os galegos, por unha páxina de cada rapaz, da mañitude do esforzo, e dos longos vieiros que, nesta orientación, ábrense ás novas xeracións.

Pol-a miña parte, tamén eu fixen o meu diario dende logo moito menos intresante que o dos rapaces. Nentanto, pra que esta información sexa o máis completa posible, recollo unhos anacos dele por si é que poden totalizar a visión que os nosos irmáns deben ter desta gran xeira lograda na GRANXA DE SALCEDO dende vinte á vinteseite de marzal do mil novecentos trinta e dous.

19.—Saio de Noia, ás duas, con Agra e Roig; ás tres na Puebla, ás catro e meia en Vilagarcía. Xúntase á nós Padín e Rey Lado. Saímos ás sete e chegamos á Pontevedra ás oito. Gran recibimento.

Primeira noite na Misión. No comedor poñemos as catro bandeiras (Noia, Vilagarcía, Vigo e Ourense) que ollamos con amor e orgulo ilimitados. O comedor é gratisimo: longa mesa impoluta, sillas de estudantes, pol-as paredes fotos de Stugart, Boloña e Zurich, e pol-as duas xanelas que se abren ao xardín reconfortantes cheiros montesios. Sentimos que a nosa ialma galega se debruza na Europa universitaria e inmortal.

Meu coarto: o leito, unha silla e máis nada. Dependuro no testeiro unha pequena bandeira azul e branca que vai sempre comigo. A estrela solitaria que trae bordada, semella tintilear na escuridade con palpitacións que me sobrecollen de responsabilidade.

20.—Son as nove e aínda andamos co Hilario á voltas pol-as cortes e cortellos. Teño a certeza de que ningún destes oito rapaces que veñen comigo, sentiu hastra oxe a ledicia

desta gran hora do vivir labrego. Saben acaso, os tropicós co-a literatura, do pracer con que o aldeán baixa na noiteira pra acomodar a facenda, pro endexamáis sentiron este arume da herba co-enche todo, o tilintear de campaiñas no pescozo das becerras, o muxido nostáxico dos bois, e o bater isócrono dos cabalos, que petan na terra inquedos por sair á choutar corredoiras enriba

Xa sabemos como se mantén o gando da Misión, como se cuida, as ganancias que pode dar, a utilidade que pode supor na economía do noso país. As cuartelas éñchense de notas.

Ceo estrelado, límpido, traslúcido de infínidos. Parrafean os grilos, ao lonxe. A soma do piorno recórtase no azul estrelecido com'unha catedral. Eucheme unha serea paz alumñante de recordos, Gózase a hora labrega recendente de labrantíos e requente de bafos.

Fai trinta, corenta anos, cando os Becerras mouraban neste soberbo pazo de Malvar, todo canto había de millor en Pontevedra eiquí viña á pasar os saraos e á decorrer as longas horas da velada. Os Lousadas, os Muruais, os Pradas, os Núñez, os Caldeiróns, eiquí viñan nos seus coches acolchados de veludo, elas facendo roxer as sedes emperifolladas, eles encorsetados nos seus levitós romántecos. Cortinas de damasco, candieiros de prata, resposteiros, tapices, cadros antigos, e pol o xardín, baixo as ergueitas palmeiras eisótecas e os cedros centearios e os tulipaneiros, que oxo como nantronte están en frol, o rechouchío dos primeiros namoros e os ais desvaídos dos derradeiros adeuses. E agora os salós encheitos de libros, ficheiros, catálogos, probetas, tubos de ensaio, caixas de preparaciós, tabras de fórmulas. Recende a química e éu, que sempre sentín por esta ciencia fondos desde matizados de noxos, encomenzo á adicarlle as primeiras e máis cordiaes simpatías.

Os rapaces ruben ao comedor pra traballar nos seus diarios. Eu aínda dou unhas voltas pol-o parque escoitando a melodía das fontes cristalñas i-enchéndome de este brillo marfileño dos tulipaneiros que me inundan todo de luar.

21.—Mañán de visiteos: alcalde, gobernador, comandante de Mariña... Moita xente bulrase dos visiteos. Eu non, e agora menos. Os rapaces acostúmanse:

- 1.º a ser corteses
- 2.º a ser respeituosos co-as autoridades
- 3.º a entrar sin medo nas habitaciós oficiaes.

(En Galiza, infelizmente, soio os caciques visitan ás autoridades, e o que non é cacique soio sinte tentazón de ver á unha autoridade coando é inxustamente perseguido, i-entón ten tal medo, que prefire que o aforquen denantes que ter tratos cun gobernador).

.....

O insiñe Blanco Porto eistende os brazos, abre as máns, sorrí e do coro sae un murmurio solermiño, que arrola i-embala. A POLIFÓNICA canta soiamente pra nós, un fato de rapaces! Ningún dos oito a oira nunca, e nos seus ollos húmidos trenquelean as bágoas. Sinten como si nove séculos de histórea galega se lle metesen pol-os ouvidos, con vellas resoancias heróicas que soio adiviñaban. A cántiga de Alfonso Dez eisáltanos



á todos, e tres deleitosas cancións populares que o venerable P. Lois Fernández armonizou axudado dos anxos, fánnos fremar emocioados.

Os grupos *ULTRÉYA* deben cantar tamén, pro (nós somos nós), deben cantar cancións xurdias, valentes, guerreiras. (Lémbrome da diferenza entre militar e guerreiro que establece Ortega Gasset). Pondal nos dixo:

Cantalle cantos ousados  
que esforzado o peito fán.

- 22.—Que oito tipos diferentes e que oito belas esperanzas! Roig, o meu discípulo millor, é calado, tristeiro de seu, pouco cordial, pro decátase de todo e de todo tira un ensino. Padín é un elegante snob, un rapaz que xoga ao tennis e ao bisbol, que tripula balandros, que ten unha yola; co tempo será un home de liña que imorará noso idioma á todol-os lectores cursis de Gil de Escolante, que levará o galego pol-os halls dos grandes hoteis e ás cobertas dos millores trasatrántecos. Agra é o tipo de rapaz de casa fidalga, repousado, señoril, sin modernismos nin impresiós estranas, católico e sentimental como os antergos. Manuel Rey é inquieto, listo como un allo, rebuldeiro, e de unha simpatía estraordinaria; é tipo de axitador, de home capaz de revoltar ás xentes; Pablo Iglesias de neno con certeza era así. Rufo, pequeno, mirrado, delgadoño é o noso benxamín e, pol-o tanto, o máis querido; fuxe sempre, anda sempre á xogar, parez que non quere saber de nada e, namentras, é rapaz que sabe moito e que estuda moito; teño a impresiós de que é o que orgaíza total-as folgas do Liceo de Vigo. Remixio é o home bó por natureza, deses homes pra quenes a felicidade gárdase nunha pequena vila onde se pode camiñar ao sol, e xogar ao tresillo, e pasar as noites de inverno cos pés no braseiro, e educar dereitamente aos fillos, e mercarlles melindres aos netos; nunca se incomoda, nunca rifa con ninguén, nunca protesta; é un home encantador co que se podería vivir toda a vida sin perigo de rifar. Un pouco deslabazado, descuidado no vestido, dá unha primeira impresiós de home que non irá lonxe, mais á pouco se vé que é intelixente, apricado, de gran talento e dunha ecuanimidad e senso de ponderaciós admirabres. Con vinte rapaces como este, é posibre trasformar a nosa pátre.

Os máis feltos son Astorga e Isla, dous rapaces que poden ser levados á cualquier parte. Ambos teñen unha cultura formidabre, ambos son primeiros e millores alumnos dos respectivos Liceos, ambos serán cadeirádegos nun prazo de seis anos. Os dous son afervoados nazonalistas.

- 23.—Aproveitei o pasar pol-os Praceres pra entrar no colexio e darlle un bico á miña irmá. Como os obreiros están en folga xeral, en protesta contra a suspensiós dos traballos no ferrocarril, o colexio está pechado como unha fortaleza. Ao cabo consigo que abran. Unha freira francesa, revellada, serodia, bisbisea non sei que parvadas namentras a miña irmá non baixa ao recibidor: que si todol-os obreiros son anarquistas, que si a Hespaña está entregada ao comunismo e non sei cantas puerilidades máis. Pretendo xustificarlle esta folga e dígolle que oxe os nosos obreiros están loitando pol-a vida e a diñidade da Galiza. Non entende. Pra esta coitada freira, Galiza é unha pequena vila



que non ten por qué preocupar aos señores do goberno, ¿autonomismo? ¿rexionalismo? ¿nazionalismo? Estas son cousas dos comunistas. ¡E pensar que a educación das nosas irmás fáise nestes cerebros!

- 24.—Iglesias Vilarelle, co-a súa gramola, agasállanos cun gran concerto: TAMBOURIN de Rameau e O CUCO de Daquin, un CONCERTO de Tartini e un PRELUDIO de J. S. Bach, o minueto do D. JUAN de Mozart, unha MAZURCA de Chopin, A TROITA de Schubert e OS COROS de PETRUSKA de Stravinsky. Logo déixanos escoitar as inefabes cántigas do mosteiro de Solesmes: o KYRIES, MIRA VITA (do segundo domingo de Septuaxésima), ASUMPTA EST, ADORO TE, GRANDE VIRGO MARÍA, e un emocionante aleluia do século dez.

Noutro tempo, cando Galiza era libre, dou por certo que na vella catedral de Compostela se cantaba tamén así. Despóis, perdida toda grandeza, viñemos á caer en maus de estes mestres de capela ñoños, sin esprito, nin gosto, nin cultura, que perparan unhas parodias de zarzuela que ninguén atura.

- 25.—Tiña ouvido falar moito da Scholania de Poio pro a verdade é que nunca puiden maxinar que chegase á tanta perfeición. Agora, escoitando estes diviños oficios de Viernes Santo, un decátase de que, efectivamente, na nosa Terra temos elementos de abondo pra facer o que nos pete. Duvido que en parte algunha se manteña a liturxia tan pura como eiquí e se canten os oficios con tan afervoadada emoción; os frades de Solesmes e de San Aselmo poden millorar a estes humildes mercedarios galegos, pro en toda a península non creio que poda haber quen os igoale. A PAIXÓN dialogada dixérona de maneira inimitable, a ADORACIÓN DA CRUZ (Improperios, Agios o Theos, etc.) cativóunos á todos, e o PANGÉ LINGOA, semitoado na procesión, tivo calidades que parecen imposibres conquistar con voz de homes.

Eu confeso que na miña vida sentín un fervor parecido, e que de boa gana ficaría á vivir sempre nestes craustros con tal de escoitar salmodias como as que oxe tiven a gran sorte e o pracer imenso de ouvir.

Os rapaces seguiron os oficios co-a máisima atención e respeito sañado fondamente emocionados, e nótese que algún deles non sinte o máis pequeno intrés pol-o catolicismo; a fé reviviú aínda no máis incrédulo pol-a arte e a piedade destes fradiños que, do xeito máis amable, saben chamar as almas e voltalas cara Deus.

- 26.—Aínda que fose soamente por ter encamiñado a MISIÓN BIOLÓXICA e iniciar unha auténtica políteca forestal, Don Daniel de la Sota meresce a gratitude eterna da nosa pátre. Son centos e centos e milleiros e milleiros de árbores os que van sementados. Bastan estes viveiros de Figueirido pra repobrar boa parte da provincia.

Unha serán, nos tempos en que era máis combatido, topei á D. Daniel en Compostela, Falamos de vagar. Veleiquí unha das cousas que me dixo:

—«Eu xa estóu pagado; eses árbores non se poden arrincar xa máis. E cando sexa vello, velliño, ninguén me impedirá rubir ao monte e sentarme á súa soma; aínda que estivese cego, conoceríaos pol-o fungar. E os árbores, roxe que roxe, lembraríanme moitas angurias pro tamén me voltarían á esta xuventude que agora sinto e que soio eles son capaces de renacer».

Nesta morna serán de Sábado de Groria, acordéime moito de Don Daniel escoitando o rechouchío dos paxaros entre as ternas polas dos árbores pequeniños. E pensei pra mín: ben pagado estás, mestre ilustre, que a gabanza destes rapaces que andan connigo val máis que todas as babieçadas de catro sugatintas. Era de ouvir o que decían estes mozos vendo terras e terras e máis terras sementadas de piñeiros novos, ergueitos que daba xenio velos! Con visións así, hai pra maxinar que Galiza pode trocarse da noite pra a mañá.

Que fondas tristuras nos prenda á todos! É a noite derradeira, a derradeira cea. Mañan nesta hora Deus sabe por onde andaremos todos. Voltaremos á xuntarnos algún día? Todos queremos falar pra espaventar tanto desacougo, todos queremos rir pra escorrentar este pesadelo que nos abafa, pro as verbas xélanse nos beizos o sorriso se nos desvai sin asomarse aos ollos. Mañán... E os rapaces óllanse largamente en adeuses fraternos nun pulo de amizade que acaso non sentiran nunca. De homes cada un seguirá o seu vieiro; unhos serán ricos, os outros probes, unhos ficarán á morrer na terra, outros andarán isolados por eses camiños fora, unhos e outros loitarán en políteca acaso fronte á fronte, pro eu teño a esperanza de que estes días, esta semán ditosa, este intre cheo de infadas tenruras, non o esquecerán, non poderán esquecerlo endexamáis. E por riba de todo manteráse a irmandá da raza, e por riba de todo latexará neles a súa conciencia de cidadáns galegos que á tanto obriga e tanta grorea dá.

Pasou a meia noite; é preciso deitarse. Adeus, unha vez máis. Unha noite, no campo da serra de Aracena, perto de Alajar, oín cantar unha copra que me feriu:

Dices que no son tristes las despedidas  
dile á quien te lo diga que se despida.

Pro tamén escoitei na amada beiramar de Noia o remate dunha cántiga que aínda me dín máis na ialma:

Ven acá  
que ehe quero dar a man,  
que me quero despedir,  
porque me marchó mañán.

Esta cántiga sóame agora no peito, rebule dentro de mín, arremuíñaseme na gorxa, e querendo sair, rexa e varil como un aturuxo mozo, méteseme dentro, tan dentro, que nin son capaz de repetila nin de eistender as mans na despedida. E incerto, trememente, afogado de salaios, vou debuzarme nesta gran xanela pol-a que toda a negrura da noite ven á envoltarme en somas.

27.—Fóronse xa os máis deles; alá van nas suas terras.

Chove torrencialmente, zóa o vento nos recantos, e os vellos cedros fungan carpidos gregoriáns.

Xantamos arrodeados de equipaxes, co impermeabe posto. Don Manuel o capataz consólase consolándonos e a Emilia, incapaz de enfiar unha dúcea de verbas oportunas, límpase ás escondidas unhas vágoas, Chaliño Pardo véunos facer compañía e xanta con nós. Este rapaciño, de seu tan trauliteiro, oxe está como afundido, esmagado, aborrecido de sí. A todos nos doe a tristura da separación.

Xa están os equipaxes no auto; son horas de partir. E de súpeto Galiza, a ideia de que aínda temos de facer moito por ela, reanímanos. Temos de xuntarnos moitas veces —decímonos unhos á outros— ligánnos lazos sagros que non poderán crebarse nunca. E os catro, co-a Emilia e D. Manuel que nos despide, cantamos rexamente:

Para tí, miña pátreá,  
nos beizos un cantar;  
nos peitos a ledicia  
da nosa mocedá.

ALVARO DAS CASAS.

#### 19 MARZAL.—O viaxe.

Pouco despóis da unha da tarde saímos de Ourense no auto de liña pra a cidade do Lérez. Dinos adeus un grupo de ultreyas de Ourense e o Sr. Varela, dono dos coches, que nos fai o favor de levar de valde ao Astorga e máis á min, os dous rapaces ourensáns escollidos pra esta xeira. Esto de ter billete gratis de ida e volta é moita sorte e demostra a gran simpatía que merece a nosa orgaización.

Pasamos o magnífico ponte romano sobre o Miño e temos a primeira parada en Canedo, onde suben algúns viaxeiros.

Despóis de un coarto de hora aburridos e sin ter nada que contar, chegamos á Barbantiño, donde entrou un obreiro dos despedidos pol-o llo do ferrocarril Zamora-Ourense, o que nos fixo gran parte do camiño ameno e distraído; era un obreiro que recorreu gran parte do mundo, como Francia, Bélxica, Alemania e América; era home de algunha cultura e máis que nada asimilaba moi ben o que leía; era un galeguista que creía con un optimismo sano no porvir dunha Galiza forte e brillante! Sempre entre palabras e parrafeos, falando dende politeca hastra literatura, dende Bugallal hastra Curros, chegamos á Carballiño, a vila do Arenteiro, pasando denantes pol as traballadoras e industriales vilas de Dacón e Masi-

de. Todo é verdor; todo é frorido. A estrada corre entre campos e piñeiros que alegran a vista. Os mozos que alborozados nas tabernas celebran a festa de algún Xosé, as moañas churrusqueiras que contestan alegres ás palabras de galantería que lles dín ao oído os rapaces castigadores que campan co-as suas corbatas novas mercadas onte na vila, os mozos xogando ese xogo tan típicamente galego que se chama *a chave*, un fato de mozas e mozos bailando ao son dun acordeón..... todo é alegría e non parece sinón que o dolor e a tristura fuxiron destas terras.

Carballiño é unha bonita vila, con rúas moi limpas e casas brancas que teñen aspecto moi agradabre. Eiquí estivemos un pouco de tempo e tomamos unha gaseosa, que por certo nos cobraron moi cara; despóis subimos outra vez ao auto e partimos pra Pontevedra. O paisaxe é moi agreste. Pronto comenzamos á subir a costa do Paraño, entre terreos de pizarra desprovistos de toda vexetación, pois eiquí non se collen máis que algunhas patacas e moi pouco centeo, e as casas que se ven dan impresión de vida probe. Vimos tamén as antigas minas explotadas denantes, según nos dixó o obreiro, por un rico terrateniente chamado señor Merelles, ao parecer con pouco éxito. É imponente ver estes montes pelados que parez que queren tragar aos camiñantes que atro-

vidos desafían á este mostruo do Paraíso. Vense alá no fondo unhas chavolas xuntas arredor dun campanario, como si semellaran os pitiños que buscan amparo na nai contra o gavilán que quere devoralos. Todo dá unha sensación de cousa grande, sobrenatural, que espanta e infunde medo; hastra parece que o mesmo ceo infunde pánico, pois o sol craro e brillante que tiñamos en Ourense desapareceu, e o ceo está encapotado e turbio.

Comenzamos á baixar e chegamos á un lugar que se chama Hermida. Dende eiquí hastra Pontevedra todo é moi bonito, e gústanos moito, dándonos gran emoción un home que cruzamos na estrada vestido con traxe dos antigos galegos. Volve a alegría e o humor; non parece sinon que o mostruo do Paraíso non deixa que ao seu lado se divirta naide.

Chegamos á Soutelo de Montes, célebre pol os seus gaiteros. Báixase o obreiro e despedímolo con moito sentimento. Suben unhos mozos que non fan máis que cantar e alégrannos moito, e fan que cheguemos á Pontevedra tan entretidos que nin nos demos conta.

Pontevedra! A cidade que viu nacer no seu seo á homes tan grandes como Méndez Núñez, ós irmáns Nodales, o pirata Soto, Don Payo Gómez de Sotomaior e outros moitos que non recordo neste momento.

Están esperándonos moitos ultreyas co señor Filgueira Valverde que é un gran entusiasta; basta decir que sendo o seu santo, deixouno todo por vir xunto á nós. É un señor alto, con gafas de ouro. Na primeira ollada parece un señor serio e moi severo, pro vese en seguida que é o contrario: moi cariñoso cos rapaces, de gran corazón, moi fino e moi listo. Viste co-a despreocupación dos homes adicados ao estudio. Escribiu moitos libros, todos eles moi apreciados; é auxiliar do Instituto e secretario do Patronato do Museo. Vese logo que é moi católico e fervoroso. Á min paréceme un home do século dezanove adaptado ao século actual.

Leváronnos ao local de *Labor Gallega* onde nos presentan ao señor Iglesias Vilarelle, que é home que inspira de seguida unha fonda simpatía. Móstranos a preciosa ban-

deira dos ultreyas de Pontevedra, e logo lévannos á dar un paseo pol-a cidade. Sinto unha gran sorpresa: eu coidaba que esta cidade era triste e aburrída, e vexo que é moi grande, alegre e animadísima.

Despóis fumos á estación pra esperar aos compañeiros que veñen de Noia e Vilagarcía, Miguel Roix Lestón e Alexandre Agra Cadarso e Manóel Rei Lado e Carlos R. Padín, estes dous de Vilagarcía. Con eles ven noso xefe o fundador dos ultreyas D. Alvaro de las Casas. Eu á este señor tampouco o conoecía; vírao en Ourense cando veu Calvo Sotelo, dando paus e dirixindo todo. Xa entón me pareceu un gran home de acción. Escrebiu tamén moitos libros, algún dos cuales teño leido, como un que se titula *Dos días en Ourense* e que me gustou moitísimo. D. Alvaro é baixo, gordo, sano, alegre, e sempre de bó humor; é moi dicharacheiro e na primeira ollada faisenos simpatiquísimo. Ofrece un vivo contraste co señor Filgueira Valverde; D. Alvaro é gordo e baixo, e o outro alto e delgado; aquél é home de izquierdas e éste de dereitas; aquél é de unha alegría espontánea e rebuldeira, e éste de alegría repousada e silenciosa, e sin embargo son íntimos amigos, acaso porque se completan moi ben. D. Alvaro paréceme, na vida e na literatura, un romántico.

Volvemos á *Labor Gallega*, xa todos xuntos, e desempaquetamos nosas bandeiras. Todas son iguais — azul e branco, a bandeira nacional — pro distínguense en que a de Noia traí en xefe unha alfa, a de Vilagarcía unha estrela, a de Vigo unha pomba de loureiro e a nosa un león rampante. A de Pontevedra ten unha vieira. Nós puxemos este león bermello porque é o antigo escudo da nosa cidade, que aínda se conserva en varias casas que foron do Concello.

Xa de noite saímos pra a nosa morada, onde pasaremos unha semán. Os equipaxes van todos xuntos nun auto, levados polo camarada Carpintero que é un gran rapaz. Nós imos á pé acompañados pol-os señores Filgueira e Iglesias Vilarelle e moitos ultreyas pontevedreses. O camiño, de noite, é cheno de romanticismo. Na saída da cidade cruzámonos con dous señores que nos saudan moi agarimosos; son o gran D. Daniel



de la Sota e o Conde de Oleiros. Logo seguimos, cantando, con toda a forza da nosa voz, o precioso alalá de Finisterre cunha letra que lle puxo D. Alvaro. Vóuna copiar:

Branca neves na montana  
brancas escumas no mar,  
branca arela miña pátria,  
esta arela de cantar.

Ledas as ondas na ría,  
ledas as froles no val,  
ledo ensoño miña pátria  
este ensoño de te amar.

Rexos penedos no monte,  
rexas proas pol-o mar,  
rexa e forte miña pátria,  
esta arela de cantar.

Si rapaces vinde todos,  
imos todos á ruar;  
na noite rompeu a lúa  
¡Ai, irmáns, qué groria dá!

Chegamos á *Misión Biolóxica*, que é un palacio magnífico. No despacho do director despídense os pontevedreses e quedamos nós, os forasteiros, que subimos a tomar posesión das habitacións. En cada unha durmirán dous; a nosa —onde viviremos Astorga e máis eu, que somos os dous de Ourense— é grande, limpiísima, cunha ampla ventana

ao xardín, con dúas camas cómodas e sencillas. Colocamos os maletís, imos á lavarnos ao coarto de baño, e vamos ao comedor pra cear.

Sentamos á D. Alvaro na presidencia da mesa e colocámonos todos en redor. A cea é succulenta e parece de hotel, pro, non sei por qué, todos estamos calados; fáltanos a cordialidade necesaria. Non estrana porque ao fin vémonos todos por primeira vez e non temos confianza. D. Alvaro preguntáunos si queremos que se fale en galego ou en castelán, e todos acordamos que o noso idioma oficial sexa o galego. Esta unánime afirmación parecé que rompe o silencio e nos xunta á todos como irmás.

Enviamos a todos os grupos Ultreyas un mensaxe que dí:

«—Por vez primeira xúntanse as bandeiras de catro liñas representadas por oito mozos que, nun convivio fraterno, imos á estudar difrentes aspectos da Terra e á ensoñar, encheitos de inquedantes arelas, un porvir que con toda a ialma cobizamos.

En todos vós pensamos, compañeiros que andades espallados dende Ortegá ao Miño, enviándovos unha forte, moi forte, aperta de irmandade.— Pontevedra, 19 marzá 1932:»

Distribúese o traballo pra mañán. Eu teño un sono que me caio e logo que rematamos de cear, deixo o comedor e voume deitar.

Estou canso e péchanseme os ollos.

REMIXIO GONZÁLEZ GÁNDARA

DÍA VINTE.—A xeira.

Estou de xefe de día. Levántome ás sete e vou despertando á todos, empezando por Miguel Roix, meu compañeiro de coarto porque somos os dous que viñemos de Noia. O Roix dorme como unha pedra e non hai quen o faga levantarse. Cando todos están listos desperto á D. Alvaro e antes das oito xa estamos todos no xardín e poñémonos á facer ximnasia. Flecsiós, saltos, carreiras... D. Alvaro dínos qué o termómetro marca sete grados. Todos gozamos moito nesta ximnasia que é cousa moi saludable.

Desayunamos, na cocíña, un gran tazón de chocolate.

Ven á buscarnos o señor Filgueira e ás dez saínos pra Pontevedra. Na ermita da Virxen do Camiño están esperándonos Ferrerós, Torres Caplane, Carpintero e outros ultreyas. Como é domingo de Ramos pasan moitos nenos con ramos de laurel e palmas. Temos a mañán libre, despedímonos e eu voume á misa.

Pontevedra gústame moitísimo. Os compañeiros de eiquí lévanme por todas as rúas, enséñanme todo, e quedo encantado dos preciosos monumentos que se ven, das antigas igresias, e dos arredores que se divisan. Imos ao paseo na Alameda, e á unha praza moi típica que se chama a *Ferrería*, onde se vé unha fonte de pedra antiquísima.

Os compañeiros de eiquí son simpaticuísimos. Chámame a atención Adolfo Torres Caplane que é un rapaz que fala correctamente galego, francés e castelán. Viste moi elegante, e nos seus labios a lingua da nosa querida terra parez efectivamente un idioma europeo.

Estamos citados á unha frente á Peregrina e regresamos todos xuntos á *Misión Biológica*. Fai moitísimo calor, temos moito apetito e o camiño parece dobre longo que onte. Chegamos unha hora despóis. Xantamos ao aire libre, no xardín, debaixo dunhos árbores grandes e centenarios. Xantamos moi ben, pois a señora Emilia é unha cocifeira estupenda. Todos acordamos non beber viño nin falta que fai, pois a auga desta fonte é das máis ricas e frías que teño bebido na miña vida.

Despóis de xantar, servíndonos a mesma mesa de escritorio, poñémonos á traballar nos diarios.

Pasadas as tres e media veñen moitos ultreyas de Pontevedra; veñen tamén moitos galeguistas e moitos simpaticizantes co a nosa obra. Chámame moito a atención o señor Huesa, un dos nacionalistas galegos máis entusiastas e traballadores, que é de Jaén; este señor é simpaticuísimos e fáinos moitas fotos, sempre xunto á unha bandeira de ultreya. Por unanimidad escóllese a de Noia (nós somos con D. Alvaro os fundadores) e esto énchenos de orgulo.

Outro señor simpaticuísimos, de gran cultura, e de un galeguismo apasionado é don Claudio Losada, médico. Todos os nosos compañeiros de Pontevedra quérenos moito e parece natural, pois tanto él como o señor Filgueira e o Sr. Iglesias Vilarelle, son a alma do grupo pontevedrés.

De noitiña vanse todos. Nós aproveitamos o tempo pra ir con Hilario á ver as cuadras.

Hilario é o encargado da facenda e parece que sabe moito do gando. Dínos que na *Misión* hai 63 cerdos, unhos importados do extranxeiro e outros nacidos eiquí; os importados son seis (catro femias e dous machos). Dáxelles de comer tres veces ao día (ás sete e media, ás once e media e ás seis) e pésase a comida con moito cuidado, pra saber o que gastan e o que producen. Vemos tamén a cuadra dos bois (na *Misión* non hai vacas), e chámamos a atención o touro que é moi fiero e ten que estar sempre suxeto cunha cadea; é un eixemprar valiosísimo.

Cando saímos de ver o gando son máis das nove. A noite é tan soave que parece de agosto. Vamos ao comedor á traballar nos diarios.

Despóis das dez ceamos. No xantar don Alvaro exprícanos a historia da *Misión* e a historia deste precioso pazo que foi do arzobispo Malvar, que se chama de Salcedo, e que supuxo, na vida adourada de Pontevedra do século XIX, unha das páxinas máis brillantes. Nos últimos tempos esta finca riquísima foi da nobre familia dos Becerras.

Despóis de cear continuamos traballando nos diarios hastra a media noite en que nos deitamos.

Cando xa estóu á medio dormir escoito unhos lamentos terribles e unhos berros que dan medo. Desperto á Roix e os dous pasamos moito susto. Resulta que pol-o corredor andan Manoel Rey e Padín pra ver si asustan aos de Vigo. Xúntome á eles e os tres entramos no cuarto dos de Vigo. Rufo está desperto e rise moito pro á Isla Couto non hai quen o faga despertar.

Como é moi tarde deixámonos de bromas e fmonos deitar. Eu teño moito sono; xa díu a unha.

ALEXANDRE AGRA CADARSO.

(Continuaráse)








Núm 107

Tomo 9.º

**nós**



dores do Lietzensee, ouvín cantar aos do Exército de Salvación. Tornar pol-a Neue Kantstr, onde, afundido n un imenso pateo interior, hai un Colexio e unha eireja de Jesuitas ond'ouvín a misa un domingo de chuvia desfeita. Outra vez estive-nos alí o Canedo e máis eu, e falamos c'un padre:

—Enantes da República —dixonos,— non había n iste barrio máis qu'unha soila eireja católica; hoxe hai sete. O Kaiser botounos fora, e tivemos qu'ir pra Holanda; veu a República, e il está na Holanda, e nós estamos eiquí.

A outra Kantstr, é unha rúa ampla e cosmopolita, onde viven moitos chinos, japoneses e balkánicos. É longa e leda; n-ela hai librerías, tendas japonesas e chinescas e restaurants extremorientais; alí está o tan soado *Tien-tsin*, onde fumos cear unha noite. Os autos corren por esta rúa co n-emos. Collendo por Weimarerstr, chégase á unha placía romántica, que ten no meio unha eireja oival moderna, evangélica, a Trinitatiskirche. Pol-o Norte d'ela vai a Goethestr, e pol-o Sul, a Pestalozzistr., rúas tranquilas, de casas novas e pouco movemento. Seguindo a Kantstr, atravesa un a Savigny Platz, que ten xardís onde baixo das glorietas d'enredadeira, hai bancos de pau onde se sentan os velliños, as amas de cría e as nais dos nenos. Eiquí a arquitectura varia moito da da Kurfürstendamm, Wairstr e rúas veciñas, onde predomina o estilo macizo, o pardo escuro do cemento vello, e o decorado do tempo chamado modernista; eiquí non: as casas son máis craras, teñen antepeitos de balagustres, e non macizos, e certa aparencia parisién. Por fin

chega un á Augusta Victoria Platz, o máis seguro, cand'as luces ja están acesas, e aquilo ten o seu aspecto luminoso de festa. E já pode un dar volta pol-a Kurfürstendamm, que, sobre todo de noite, cos seus cafés alumeados e con múseca —Café des Westens, Wiener Café, etc.— seus cines —Gloria Palast, Alhambra, Univers, etc.— suas mulleres pintadas, seus vendedores de xornais, tamén seus mutilados e seus méndigos, é collida pol-os escritores coma imageresume da gran cibdade mundial.

O que cobize impresiós d'esta sorte, debe máis ben coller o camiño seguinte: Tauentzienstr, co-as suas greas de mulleres ben vestidas e as suas cristaleiras inmensas, sorprendentes d'efeitismo esceográfico e de luz, seus afixes luminosos de todas as coores, e o KDW no cabo, grande almacén ond'un se pode precurar todal as cousas maginábeles. Wittenberg Platz, chea de movemento. Kleiststr, longa, ampla, manifecca; n-ela está a librería ocultista *Inocha*, que vende toda caste de libros antigos e modernos sobre das difrentes materias da enciclopedia das vedadas ciencias. Nollendorj Platz, Bülowstr., e logo por Potsdamerstr., pasando a ponte por onde dín que botaron á Rosa Luxemburgo, a Potsdamer Platz, o nó do tráfico do Berlín central. Hai alí un tal entrambillamento de camiños e unha de carros, taxis, autos, autobuses, carros elétricos, bicicletas, motos e gente da pé e non sei se d'acibalo, que semella qu'a praza inteira, con casas e todo, anda a dar voltas arredor de un, e á pouco qu'un se mova d'un lado pr'outro, remata por non saber por ond'entróu nen por onde vai saír.

## U L T R E Y A

### 1.ª XEIRA (Misión Biolóxica de Galiza)

#### LÚS VINTEÚN

**D**ESPÉRTAME ás sete e media Manoel Rei Lado, que é o xefe de día, e ás oito xa estou no xardín. Don Alvaro parez que ten moito sono e non baixa, e entón poñémonos á traballar nos diarios Rufo, Isla e máis eu,

entanto os demais fan a ximnasia. Van chegando os xornaleiros da Misión. Un rapaz ven en bicicleta, pídolla emprestada e dou unhas voltas dun sitio pra outro.

O capataz D. Manuel Martínez exprícanos como se inxerta. Eu nunca vira esta operación que parez moi fácil e según nos dí Don

Manuel é a máis difícil e importante pra os agricultores. Tomo nota de todo e da pasta ou lacre que se emprega pra os inertos.

Vaixamos á Pontevedra ás dez, todos menos Rufo que se foi pol-a carretera na bicicleta. D. Alvaro incomódase moito por non topalo e decide que nos marchemos sin él. Eu xa sei o carácter de D. Alvaro, que é o meu profesor, e sei que lle pasará o incomodo, pero agora está feito unha furia.

Na entrada da cidade espéranos o Sr. Filgueira Valverde con algús ultreyas e xuntos todos imos á facer as visitas de cumprimento: ó alcalde, ó gobernador, ó presidente da Diputación, ó director do Instituto, etc. Cando íbamos ao Goberno apareceu o Rufo e don Alvaro perdonóulle e quedaron tan amigos.

A visita que máis me impresionou foi a do Instituto, onde nos esperaban os profesores Sres. Borrás e Vilanova. O edificio é monumental. Vimos a biblioteca que ten máis de 10.000 exemplares, entre eles algús incunables preciosos. Vimos un impreso o 18 de marzal do 1450, sobre o que o bibliotecario Sr. López Villamil díu unha verdadeira conferencia. Este señor mostrounos o catálogo e díunos todo xeito de explicacións.

Visitamos logo o gran paraninfo, donde me emocionou ver a bandeira galega ao lado da bandeira da república, o gabinete de Historia Natural que é moi surtido, o de Física, o de Agricultura, etc. Na dirección vimos un retrato do glorioso profesor Ramón y Cajal e unha foto da parte da biblioteca vaticana que fai pouco se fundiu. Na aula de D. Ramón Sobriño vimos a súa formidable colección de isculturas e, entre elas, o noso triskele tal cual o facían os galegos antigos cinco séculos antes de Cristo.

Eran máis das duas cando saímos do Instituto. Cada un de nós foi convidado pol-a familia dun compañeiro pontevedrés. A min tocóume ir á xantar á casa de D. Alvaro de Losada, tío de Santiaguíño Flórez de Losada, que é un gran señor, fidalgo, que me encheu de atencións e cariños.

Cerca das tres xuntámonos todos outra vez no local de *Labor Gallega*, e saímos todos xuntos pra Monteporreiro.

No camiño vimos un pazo moi sinxelo onde viviu e escribiu o famoso frade galego

P. Sarmiento, un dos máis amantes e gloriosos fillos da nosa patria, e vimos tamén o famoso carballo de Santa Margarita, que terá máis de cinco séculos, onde se xuntaban arredor do gran Faraldo os conspiradores da revolución galega de 1846.

Despóis chegamos á granxa de Monteporreiro, descansamos un pouco, e visitamos as instalacións que son moi modernas e perfectas; dá idea o saber que ao mes saen de aquí 18.000 ovos. Esta granxa é dun señor millonario que se chama D. Casimiro Gómez. A min góstame moito o saber que un home de tantos cartos se preocupa por crear unha industria máis no noso país. Vimos tamén o antigo balneario de Lérez, á beira do río, moi feo e antiestético, e logo de descansar e xogar un pouco tempo, emprendimos o regreso á cidade.

Dadas as oito fomos á Coral Polifónica que ten un bó local, moi ben preparado, cunhas preciosas reproducións da *Cantoria* de Luca della Robia. Esta coral é a máis famosa de Galiza e acaso de Hespaña; seu director o ilustre Sr. Blanco Porto recíbenos meigamente, non pode estar máis amable con nós. En vez de ensaiar, cantan pra nós un programa que o Sr. Filgueira dispón. Ouvimos un precioso villancico do século XVIII, de Melchor López, unhas cántigas do Rei Sabio armonizadas por Tafall, un alalá de Ourense que canta moi ben o señor Bóveda, a maravillosa cántiga de Martín Codax.

#### *Ondas do mar de Vigo.....*

e tres encantadoras copras populares armonizadas pol-o P. Luis Fernández. A que máis me gusta é unha que dí:

Vente sentar ao meu lado  
tí nunha pedra i-eu noutra,  
así choraremos xuntos  
a nosa fortuna pouca.

Regresamos en auto á Misión porque se fixo moi tarde e á pé aínda tardaríamos moito en chegar.

Despóis de cear D. Alvaro mostrounos o *Album Nós*, de Castelao, e foinos explican-



do o significado de todos os dibuxos, que son impresionantes. Un verdadeiro mítin que nos gustou moito. Eu creo que si todos os galegos tivesen na súa casa este álbum eran todos nacionalistas. Teño moitas ganas de coñecer ao Sr. Castelao. Na cea acompañounos o capataz D. Manuel que é moi bó e nos quere moito; por certo que D. Manuel dába-

lle sempre a razón á D. Alvaro, e nos dixo que o día en que os labregos se decaten de estas cousas, en Galiza farase unha revolución e a nosa Terra será a máis rica e a millor do mundo.

Deitámonos cerca de media noite.

MIGUEL ROIG LESTÓN

#### VINTEDOUS DE MARZAL.

**C**ERCA das nove despértame Carlos Padín que é o xefe de día; un rapaz de Vilagarcía moi simpático que foi o que quixo o outro día darlle un susto á Isla facendo de estadea, e me tuvo desperto non sei hastra que hora.

Pasamos a mañán traballando nos diarios, despois de visitar as cochiqueiras dirixidos por D. Manoel.

Despois de mediodía xantamos, e logo vamos á Pontevedra, donde en compañía dos irmáns da cidade imos á visitar os principais monumentos dirixidos polo profesor da Universidade D. Sebastián González. Por certo que un rapaz creía que este señor se chamaba Bastián Albor, acordándose dun libro de D. Alvaro.

Vamos primeiro á igrexa de Santa María que é fermosísima. Vémola detenidamente e o Sr. González danos sobre ela unha conferencia que demostra o moitísimo que sabe. Hastra agora á min parecíame imposible que en galego se pudesen tratar temas científicos e resulta que o noso idioma préstase pra isto millor que o castelán. O que máis me gusta de esta igrexa é a fachada, obra de Cornelio de Holanda. De esta igrexa tamén fala moi ben o Sr. Filgueira Valverde na súa *Guía de Pontevedra*.

Fumos despois ás ruínas de Santo Domingo onde están enterrados moitos cabaleiros antigos como D. Sueiro Gómez de Sotomayor e D. Tristán de Montenegro. Nestas ruínas hai un verdadeiro e rico museo cheo de aras romanas, escudos, cañóns, capiteles, pedras de sacrificios, miliarios e moitas outras cousas. Sin duda é a millor colección de Galiza. Logo fumos á bela irexa de San Francisco onde se gardan as cinzas do inmortal

D. Payo Gómez Charino, tremeiro e conquistador.

Despois fumos ao Casino onde nos obsequiaron con thé e regresamos á Misión. Traballamos nos diarios e ceamos.

Despois da cea D. Alvaro de las Casas pregúntanos, un por un, o significado de vinte palabras castelás que en Castela son de uso corrente. Estas palabras son

Poyo	terrado	ajada
Alcor	majuelo	porche
Anaquel	senara	tahull
Teso	cecina	herrada
Collado	ajuar	alberca
Alifufes	hito	zafar
Zarco	hogaza	

Resulta que ningún o soupemos. Entón D. Alvaro nos dí:

«Hai moitos estúpidos que pregoan que na nosa Terra non hai un problema de idioma; dín que eiquí todos sabemos o castelán e que a cuestión da lingua non ten importancia. Xa vedes que non é así. O senso destas verbas en Castela sábeno os analfabetos, e eiquí non o sabedes vós que sodes estudantes de últimos cursos de liceo, nin o saben os médecos, nin os abogados, nin o noventa e nove por cento dos galegos. Os señoritos das vilas creen que saben e falan castelán e dín *rustrido*, *esmagar*, etc. e non saberían nin estas vinte nin vinte mil verbas castelás que lles dixésemos. Eu nego que a nós podan obrigarnos leises escritas en castelán, sin traducción galega, porque a maior parte dos nosos compatriotas non as entenden» (o Hilario é de Logroño, non sabe lér nin escribir, e sin embargo comprobei que sabe todas estas palabras que non sabemos nós, e somos alumnos do Instituto.)



Os «Ulreyas» na primeira xebra no Viveiro Forestal de Figueirido



Os «Ulreyas» que fixeran a xebra da Misión Biolóxica con Don Alvaro das Casas



Logo deitámonos. Na cama aínda traballei no diario aproveitando que a luz estaba encendida, pois no Isla, meu compañeiro de cuarto, dalle por lér kastra moi tarde. Oxe anda á voltas cun gran librote que se titula *Estética* e que está escrito por Hegel. Non

me interesa; non son home de Letras. Sempre preferín as Cencias.

Olvidaba decir que tamén vimos oxe a igrexa de San Bartolomé, pero non me gustou nada.

RUFO P. GONZÁLEZ

## VINTETRÉS

O xefe de día Xohán Astorga espértanos ás sete. Como oxe temos de andar moito non facemos ximnasia. Saimos pra Pontevedra e dende alí camiñamos cos camaradas pontevedreses, o Sr. Filgueira e algúns amigos máis, pra Marín. D. Alvaro váise directamente alá co Astorga, monte atravesada, por Salcedo e os altos de Lourizán.

Detémonos á descansar en Lourizán, vendo o palacio que foi de Montero Ríos; tamén vemos o colexio dos Placeres, onde estudan as rapazas de nosos fidalgos e xente rica.

Cerca das dez chegamos á Marín e comenzamos a visita ao polígono de tiro de Janer, dirixidos pol o segundo comandante Don Teodoro Leste, cabaleiro moi amable, gran marino e entusiasta amigo dos ultreyas. Este señor é bondadosísimo e dunha gran cultura. Sabe moito o que dí.

Vemos o hangar dos hidroaviós e dámonos conta do seu mecanismo, vemos a galería dos telémetros, o cuarto do relox de corrección de tiro, a sala de punterías, os pañoles de pólvoras, as aulas de estudo o pabellón de oficiais, os cuarteles de marinería, os comedores, etc. etc. Noto que os mariñeiros viven moi ben, con calefacción e todo. Tamén vemos o casco do *Conde de Venadito*, vello barco de guerra que estuvo nas batallas de Cuba e Filipinas.

Rematamos a visita á unha, quedando todos entusiasmados co que vimos, que é cousa nunca vista e que nunca máis volveremos á ver.

Imos á xantar no pifeiral da praia de Portocelo. Cada un trae a súa comida, pro fálanos algunhas cousas e van por elas á vila tres ultreyas con D. Xosé Filgueira. Xantamos moi ben e moi alegres e contentos.

Cerca das tres embarcamos en Marín nun-

ha motora pra ir á Bueu. A motora costa dez pesos, pro convidanos D. Alvaro e non nos costa nada á ninguén. Apenas desatracamos D. Alvaro fáise cargo do timón e todos pasamos algún medo pois non sabemos si nos estrellará contra algún baixo; menos mal que o patrón vai ao seu lado.

A travesía é preciosa pois vese un paisaxe bellísimo. O que máis nos gusta é Loira, un pobo todo branco que parece feito de palomares. Todos vamos cantando e cada un procura facelo o millor que pode pra quedar ben. Os de Noia cantan unhas cántigas preciosas que me gustan moito.

Indo pol-o mar abaixo  
o aire rifóume a vela,  
nosa Señora da Creba  
diume o pano para ela.

Pasei a ponte de Noia,  
paseina de pedra en pedra;  
co-as lagrimas dos meus ollos  
fixen encher a mareaia.

Nós cantamos aquilo de

Ai Sálvora! Boca da ría  
que xa entrou a escuadra  
en Vilagarcía.

Os únicos que non cantan son os de Ourense, pro son moi bós rapaces, o Astorga moi culto e intelixente e o Remixio moi parrandeiro que nos fai rir sempre cos seus chistes e bromas.

Don Alvaro quere facer a atracada en Bueu, pro o patrón non o deixa e todos quedamos máis tranquilos. Eso que o fixo moi ben e portouse como un mariñeiro de verdade.

En Bueu visitamos detenidamente a fábrica de conservas de Massó, que é das millo-

res do mundo. Teñen unha máquina que lle bota aceite ás latas, outra pra cravar os caixós, outra pra facer as chaves, outra pra facer os cravos; teñen máquinas pra todo. Esta fábrica fundouse en agosto do 1880, e agora ten, soio en existencias, cerca de catro millóns de pesetas. Chama moito a atención ver que todos os letreiros pol-as paredes están escritos en galego. Que ben si en todas as fábricas de Galiza fixesen o mesmo. Creímos que nos iban á regalar latas, pro non está o dono e non nos regalan nada.

Anoitecido saímos pra Marín outra vez. Ao zarpar poñémonos todos en pé e cantamos noso himno, o *Celtia*, que foi feito pol-os Sres. Filgueira e Iglesias Vilarelle.

Ei Armórica, Cornubia e Cambria,  
Escocia, Erin, Galiza,  
e a illa de Man.

Son as sete nacións celtas  
fillas do pai Breogán,  
Miña pátria Galiza,  
tí és e tí serás  
cos teus verdes agros  
o máis quente lugar.

Son os sete cisnes brancos  
fillos dos Denanians.

Para tí miña pátria  
nos beizos un cantar,  
nos peitos a ledicia  
da nosa mocedá.

Chegamos á Marín de noite. Como están en huelga pol-a cousa do ferrocarril, non hai tranvía e temos que volver tamén á pé. O camiño faise moi longo; os máis pequenos cánsanse, sobre todo Chalo Pardo que non pode consigo.

Chegamos moi tarde á *Misión Biolóxica* e moi estragados; oxe anduvemos máis de cinco légoas. Ceamos con pouco apetito. Despois firmamos o seguinte mensaxe que mandamos á Ourense:

—«En nome propio e no das catro Línas que representamos, e interpretando os desexos dos oitocentos rapaces irmáns que nestas horas de desacougo pensan por riba de todo en Galiza, queremos adicar á groriosa cidade de Ourense unhas verbas de alento; á ese Ourense inesquecible que unha vez máis nos fai sentir o orgulo de ser galegos. Ei, Terra!»

E deitámonos, mortos de fatiga. D. Alvaro non sei como aguantou tanto camiño.

CARLOS R. PADÍN

#### VINTECATRO DE MARZAL

**E**RGUÉMONOS tarde por causa do noso cansancio de onte; ó Remixio non hai quen o bote fora do leito; xá él de seu é moi dormilón, tanto máis cun día como o que pasamos. O derradeiro en erguerse é o Isla; non estrana: acaso pasou a noite á lér nesa gran biblioteka que trae na maleta. Bó rapaz, pro.... pouco rapaz. Xa fala de filosofía, de metafísica.... que sei eu.

A mañán entretémola traballando nos días e vendo as terras adicadas á labours do millo. Xantamos e deseguida saímos pra Pontevedra onde nos agarda o Sr. Filgueira pra mostrarnos o museu.

O Museu é un belo pazo de estilo barroco do XVIII. Ó entrar óllanse uns cañós collidos por Pedro Madruga. Está dividido en varios salós.

*Sala de pintura.*—(Explicación do Sr. Filgueira). Bastante longa, con coadros da escola castelán, framenca e italián, especialmente. Orixinales de Zurbarán, de Correa de Vivar, de Metsys, etc. Copias de Teniers e moitos outros; gárdase tamén a copia máis perfecta que se fixo do *Cristo* de Velázquez, por Gregorio Ferro; hai outra, moi boa tamén, do *Xuicio de París*, do Veronés, e do *Triunfo da Eucaristía* de Rubéns. Nesta sala óllanse tamén louzas de Sargadelos, unha boa colección de vidros, e uns magníficos torques de ouro. Chámame a atención unha vitrina con lembranzas de Méndez Nufiez; non dí moi ben nesta sala, pro todo o disculpa o recordo do grorioso marino.

*Sala de arte galego.*—(Deixannos a nosa vontade, sin explicarnos nada). Un tapiz persa que non sei por qué está eiquí; a *Leiteira* de Eiroa, coadros de Souto, Pintos,

Campo, Llorens, Sotomayor, Sobrino, o gran Castelao e outros máis.

*Secretaría* (moi discreta), *sala de privilexios* e recordos da vella Pontevedra, *sala de pesca* (etnografía e folklore) *cociña* do pazo (galeguísima), e *sala das cruces*. Esta ten unha das millares coleccións da Hespaña, chamando a atención as bizantinas, esmaltadas, e unha de cristal de roca elegantísima.

Teño a impresión de que este é o millor museo da miña terra, pol-a súa riqueza e sobre todo pol o gusto e modernidade con que está disposto. Têñolle ouvido ó Sr. Cuevillas que en Ourense temos cousas preciosas e de gran intrínseco, pero non hai modo de dispoñelas con este arte europeo con que eu quí as amostran. Paréceme que isto todo débese ó entusiasmo e costancia do señor Filgueira, e á protección do Sr. Sánchez Cantón, ilustre galego que en isto é das máis grandes autoridades dos nosos tempos. Todos saímos encantados desta visita. Nas explicacións alternaron co Sr. Filgueira, D. Alvaro das Casas e D. Sebastián González. Lástima é que na sala de arte galego non teñan nada de noso Parada Justel.

Despóis, xa anoitecido, fomos á casa do señor Iglesias Vilarelle, onde coincidiron D. Alvaro Xil, o Sr. Martínez e outros amigos máis. Leváronnos á galería, apagaron as luces, e fixéronnos ouvir no gramófono uns discos preciosos que nunca máis voltairei á ouvir na miña vida. Qué delicia! Escoitamos primeiro unha conferencia, unha verdadeira conferencia do Sr. Iglesias, en col da historia da música. Logo escoitamos de todo: emocionantes páxinas de música sagra cantada pol os bieitos de Solesmes, os coros de *Petruska*, o minueto do *D. Juan* de Mozart, cousas en clavizzémbelo por Wanda Landowska, páxinas de Bethoven e Wagner, e os famosos romances de *Doña Alda* e *Camila Don Sancho* que canta a Polifónica e que non lle poidemos oír na nosa visita ó seu local porque lle faltaban elementos. O romance de Don Sancho gostoume inmenso.

Camila Don Sancho  
mañancilla fría,  
á terra de mouros  
por librar cautivos.

Á beira da fonte,  
da fonte belida,  
as vendas de liño  
lavaba a mocilla.

De terra de mouros  
Don Sancho volvía,  
a alma na fonte  
deixara cautiva.

Estas xoias, tan ben cantadas, é lástima, como dí o Sr. Iglesias, que non se poidan ouvir en discos máis perfectos.

Regresamos á *Misión Biolóxica* todos moi emocionados. D. Alvaro non fala de outra cousa que dos bieitos de Solesmes e entusiásmase falando deles con toda pasión. A verdade é que esta música relixiosa, ben cantada, é unha maravilla. Na mentras parez que ó Rufo diulle un pouco de sono.

Noite de xoves santo!... Arestora na nosa terra de Ourense andarán as xentes na visita das irexas. Ten certo encanto a nosa cidade nesta noite. Eu lembrome dela e con todo sintome feliz nesta paz da *Misión Biolóxica*, entre estes amigos e compañeiros á quenes un quere como si foran amigos de toda a vida.

Ceamos. Como mañán temos de erguer-nos ao romper o día pra ir aos oficios de Poyo, en cuanto rematamos a cea (monos todos á deitar. Ademais estamos moi cansos.

Cuando chego ao cuarto o Remixio xa está durmindo; noto que en todol-os cuartos a xente deitouse logo. Sin embargo eu non teño moito sono e pónome á lér o precioso libro *Pelerinaxes* do Sr. Otero Pedrayo. De súpeto oí o timbre do teléfono, baixo ao escritorio do Sr. Gallástegui, e vexo que preguntan por D. Alvaro.

— Xa está no leito, ligo.

— Pois que se levante.

— Non sei si xa estará durmindo.

— Pois que o desperten.

O asunto debe ser grave e subo á chama-lo. Don Alvaro acabase de deitar e está lendo nun libro; tira-se do leito e baixa mandando que me acoste. Eu pasados así como dez minutos, volveu arriba D. Alvaro, presentouse no meu coarto e díxome:

— Érguete, desperta á Remixio, que se er-

ga tamén e pasai ao comedor. A folga de Ourense vai á peor, houbo tiros, mortos e feridos, e agora díñme que na serán voaron aropranos sobre a nosa cidade. Vou tratar de confirmar estas noticias e si son certas o millor é que saiamos os tres pra alá nesta mesma noite. Chegaremos ao romper o día.

Na miña vida pasei máis medo, nin sentín máis indignación. Asustame o saber que andan aropranos sobre o meu pobo, que hai mortos, que pode pasarlle algo á miña familia, e indígname o que haxa un Goberno capaz de ametrallar á un pobo porque defende os seus dereitos. Quén me dera estar en Ourense pra andar tamén pol-a rúa loitando pol-o noso ferrocarril Un dos que morreu foi Ortíz, meu compañeiro Ultreya, e matouno á tiros a guardia civil xunto ós soportales da catedral. Pobre rapaz!

Desperto ó Remixio e xuntos os dous con D. Alvaro voltamos ao teléfono; D. Alvaro chama ó «Faro de Vigo» e «Pueblo Gallego» procurando máis noticias; chama tamén

ao goberno civil de Pontevedra. Dos tres sitios díñ que non teñen apenas noticias, pro confirman o voo dos aropranos e isto basta pra enchernos de angustia e intietú.

Estrañados por nosas subidas e baixadas e tanto chamar por teléfono, vánse despertando os demais compañeiros. Don Alvaro pídelles que se volvan á deitar, pro eles, sabendo do que se trata, non queren ir ó leito e prefiren pasar a noite en pé con nós, pra ir tamén á Ourense no caso de que nós viaxamos. Moito nos emociona esta proba de compañerismo.

Despóis das duas, esmagados de fatiga, e visto que D. Alvaro recibía milliores noticias, deitámonos. Eu non podo dormir co-a tristeza que teño e a preocupación de que lle pase algo á miña familia. Qué ben se portan os obreiros de Ourense!... Qué valente o probe Ortíz!... E que lástima non estar no noso pobo todol-os ultreyas pra loitar tamén por Galiza.

XOHÁN ASTORGA ANTA

## 25, VIERNES

**D**ENANTES das seis xa estamos todos en pé. Oxe visitamos o mosteiro de Poio e ouvimos os oficios que cantan os frades mercedarios.

Imos en auto. Chegamos moi cedo. Os oficios non comencan hastra as oito. A pé vai D. Xosé con Losadiña, Remixio e Astorga.

No adro da eirexa D. Xosé exprícanos o desenrolo dos oficios que costan de catro partes: 1) lectura da pasión; 2) adorazón da cruz; 3) procesión co Sacramento, e 4) misa de presantificados co cáliz consagrado.

Sinto unha sensazón tristeira e lonxana. O vello latín que salmodian estes padres, está embelecido por músicas celestias. ¡Oh vellos mosteiros de frades que gardades o recanto máis belo distes cantos relixiosos!

Entre nós hai algús que non se caracterizan moito pol-a súa devoción, mais con todo, a emozón é tan grande, que imos todos á adorar a cruz co-a fé dos vellos tempos.

Volta á pé. Finca de González Besada con

ruínas do pazo de Sotomaior (casa dos Churruchaos).

Pontevedra. Dispensario antituberculoso. Propaganda. Sala de operaciós. Rayos X (ollamos a caliveira dos compañeiros). Folletos.

Vou á xantar co meu irmán Ramiro que estes días anda por Pontevedra e asistiu con nós aos latis de Poio. Tróuxome unha máquina fotográfica.

Café Derby onde topamos á D. Alvaro co Remixio e o meu irmán Fidel.

Pasamos a serán no local de *Labor Galega* falando das nosas cousas. Estudamos con D. Alvaro o Decálogo dos Ultreyas. Leo algús libros da biblioteca.

\* \* \*

Remixio González Gándara é un dos dous ultreyas que viñeron de Ourense; é o máis ledo. Moi intelixente, moi bó amigo, 17 anos; estuda cuarto de maxisterio. Góstanlle moito os estudos pedagóxicos; a histórea tamén.



Os pedagogos que máis lle gustan son Pestalozzi e Rousseau, os escritores Tolstoy e Víctor Hugo, e os poetas galegos Curros por enriba de todos. Pensa que pra refacer Galiza hai tres camiños:

Ultreya.

Política revolucionaria.

Seminario de Estudos Galegos.

Seus dous polos son: galeguismo e universalismo.

\* \* \*

Filgueira Valverde. Díxese ao galeguismo despóis de escoitar unha conferencia de Otero Pedrayo.

Seu mestre foi Lousada Diéguez.

Parécelle heroica a labor feita pol-os intelectuales galegos.

As suas figuras galegas históricas son: Prisciliano, Xelmírez; dos precursores, Pondal; dos contemporáneos Otero, Risco e Castelao.

¿Orientación á seguir? Ultreyas e Seminario de Estudos Galegos.

Escritores ibéricos: Maragall.

Extranxeiros: Chesterton.

Seus poetas galegos son Amado Carballo e Bouza-Brey.

As suas obras preferidas son:

*Queixumes dos pinos.*

*Pelerinaxes e Arredor de sí.*

*A festa Valdeira.*

*Pancho de Rábade.*

## MARZAL, DÍA 26

**I**SLA COUTO, que é o xefe de día, espértanos ás oito; ás nove xa estamos todos preparados, desaanados, e traballando na granxa da *Misión*.

Pasamos a mañán traballando nos diarios e tomando as últimas notas. Don Alvaro manda á cidade ao Agra pra que traia catro pesos-de dulces, e puros; oxe ven á xantar con nós D. Alvaro Xil e agardamos unha excursión do noso pobo. Hai que atendelos ben e D. Alvaro, noso rexente, é moi expéndido.

Cerca do mediodía chega un autobús coa excursión de Vilagarcía; veñen máis de corenta, con D. Xosé Núñez Búa. Cada un

*O ollo de vidro.*

Seus estilos preferidos: románico e barroco.

Seu filósofo, S. Agustín.

Traballa aos poucos, despóis de cear. O mes máis fecundo, marzal.

Paisaxes: Ulla e ría de Pontevedra.

Aficiós: lér, andar e parolar.

Música: popular, gregoriana e polifónica.

Seus odios: os cuartetos, o café e o socialismo.

Seus gustos: primitivos flamencos, vidros e lenzos.

\* \* \*

Os de Ourense son os máis algareiros desta xeira. Andan sempre á desbotarse un do outro, pro son moi bós amigos e quérense ben.

\* \* \*

Que pena non poder conocer ao Sr. García Vidal de quen todos falan tan ben.

\* \* \*

Que simpático é o Chalo Pardo! É o rapaz máis pequeno, traveso e xoguetón dos ultreyas de Pontevedra; loiro e forte semella un rillote dos antigos tempos celtas, nado nas montañas e criado no mar.

XAIME ISLA COUTO

trae a sua comida e nós soio temos que darlle auga. Visitan a *Misión* (os nosos coartos gustanlle moito á todos) e pónense á xantar. Chega D. Alvaro Xil e tamén nós nos poñemos á comer na cocíña, onde se está moi ben. Un verdadeiro banquete. Hai dulces pra todos.

Despóis imos todos xuntos, en autobús á ollar a repobración forestal. Sábado de gloria! Gloria á Terra e á Natureza!

Os viveiros da repobración son estupendos e riquísimos. Todo é obra de D. Alvaro Xil (co inxenheiro Sr. Basanta) que é un home moi bó e moi entusiasta. Con nós tuvo amabilidades que non podremos esquecer na vida.

Xa de noite regresamos á Pontevedra

pra inaugurar a exposición de pinturas dun compañeiro noso: Mario Granell. Fannos fotos, o mesmo que nos viveiros. Gran éxito. Todos din que a exposición é estupenda; solo neste momento Granell vende sete pinturas.

Cerca das nove vanse os excursionistas. Como nosa xeira remata oxe, Padín váise con eles aproveitando o viaxe.

Voltamos á *Misión*. Ceamos. Todos estamos moi tristes. Mañán acábase isto; vámonos cada un pol o seu lado, e acaso non voltamos á convivir nunca, e dende logo nunca será con esta fraternidade que agora nos xuntou á todos.

A cocifeira Emilia, esta muller tan boa á quen non olvidaremos nunca, está máis triste que nós; colleunos cariño e dóelle apartarse de nós. Á noso D. Alvaro sóltanselle as bágoas. Todos estamos calados, cheos de tristura. Quén puidera vivir sempre nesta xuntanza! Agora decátome de que Ulteya fai milagros e que solo a nosa patriótica organización pode conseguir esta unión íntima entre todol-os rapaces galegos. Cando seamos homes, temos que devolverlle todo o ben que nos fai agora.

Ninguén quere deitarse. Todos quereríamos millor pasar a noite paseando pol o

xardín. Como temos de madrugar D. Alvaro fainos ir ao leito.

Eu non podo dormir e penso que á todos lles acontece a mesma cousa pois noto que hai luz en todol-os coartos. No leito de Padín durme agora Granell que se quedou pra marchar mañán conmigo. O Granell evítala fala que fala dándome un mítin, propósito dos ultreyas. Dí que si todos os mozos galegos estivesen na nosa organización Galiza sería outro pobo, unha verdadeira nación como debe ser. O Granell é comunista, pero en moitas cousas ten razón.

Eiquí temos de todo: rapaces das dereitas e das izquierdas, xentes de familias ricas e probes, pero nos levamos tan ben, queremos tanto, que entre nós non hai disgustos e todos somos como verdadeiros irmáns.

No cuarto de D. Alvaro de las Casas tamén está a luz encendida; o probe está máis triste que nós; él sí que quixera vivir toda a súa vida nesta comunidade.

Xa son as tres. Remato o diário e vou ver si podo dormir.

MANUEL REI LADO

NOTA.—Na páxina 215 liña 10 segunda columna di:  
Seus odios: os cuartetos, o café e o socialismo.  
Debe decir:  
Seus odios: os cuartetos, os cafés e o snobismo.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

UN LIBRO DE AMADEU SERCH

Amadeu Serch, acaso o colaborador máis eficaz de Batista i Roca (eixe do movemento das xuventudes catalánistas, remata de publicar un interesantísimo librito «L'Exemple de Txecoslovaquia» que fai o número oitenta e catro da colección *Barricada*.

Estudo rápido, certeiro, abelzonador da nova república, coñecida en abundante bibliografía e ollada de perto na expedición de Palestra cando asistiu ó IX campamento de Sokols. Nova edición daqueles belos artigos publicados na *Publicitat*, no vran derradeiro.

Un pouco de xeografía, un pouco de historia, a ollada crara da loita arredista que coa vitoria conquistou o novo Estado, e o estudo —jetivo, reposado, crasísimo— do que supón a formidable organización dos sokols.

A obra de Serch é de por sí un notable documento que por forza ten de sere estudado por cantos queiran coñecer Txecoslovaquia, é unha cór máis pra o cadro da grande Europa que se está á facer; mais, con todo, seu interés maior fica en sere un guieiro pra os mozos que, no vello estado noso puxan por liberar ás antigas terras. Pra Cataluña (Palestra) o libro é un anaco de crónica; pra Galiza (Ulteya) ten xeito de sere un libro de profecía.

Cismon en col deste librito de Amadeu Serch os nosos rapaces, que pol-as suas páxinas vai o derroteiro do noso millor periplo.—A. DAS C.

\* \* \*

O «Ministerio de Instrucción Pública e Bellas Artes» da República española, por Orden de 22 do Outono de iste ano (*Gaceta* do 26) condena ó exilio á unha obra prima do arte galego medieval. «Sintindo saudades» estaban no Museu Arqueolóxico de Madrid as tres pezas capitais da nosa escultura románica dos piares de San Paio de Antelastres de Compostela, como dizo o seu historiador o arqueólogo D. Xesús Carro; mais agora, espíritadas, co desacougo pol-o lonxano, galegos i-emigrantes ó fin, sepáranse as tres irmáns mármóreas, pots a colona que ten representados en relevo os apóstoles Simón, Matías e Xudas vaíse pra os Estados Unidos á figurar entre as xolas do «Fogg Art Museum» de Cambridge. Na sua compañía van un capitel dobre do s. XIII de Aguilar de Campó e viatecatro estovos de bronce de Despeñaperros e Castellar de Santisieban con máis doce pezas de cerámica pintada da necrópoli de Galeira e Peal do Becerro. O sacrificio da nosa peza suprema servirá pra que o Fogg Museum devolva o sarteiro de Alfonso, fillo do Conde Pedro Ansurez que foi levado de Sahagún. (Malla de quen nos brinda protección e maidons as alfelas da nosa espiritualidade! De eiquí en adiante Simón, Matías e Xudas, dende a fraxe do seu marbre galego venturoiro avivarán o remorso proedor na nosa alma desleigada.

Imp. NÓS, Hortas, 20.—Santiago





ULTREIA, MAR ADIANTE. DIARIO DE A BORDO

# ÁLVARO DAS CASAS

*El Pueblo Gallego, VIGO, XULLO 1932*

TRADUCCIÓN: CARME VAQUERO

XOSÉ GONZÁLEZ



## OPINIONES

### NUUESTROS DIPUTADOS NOMINALES

En la última sesión del Parlamento gallego celebrada en el día de ayer, 26 de mayo, se han reunido los señores diputados nominales para discutir el presupuesto de la provincia gallega para el año 1932.

En esta discusión se han expresado las opiniones de los señores diputados nominales sobre el presupuesto de la provincia gallega para el año 1932.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

El presupuesto de la provincia gallega para el año 1932 es de 1.200.000 pesetas.

### VISITAS AL SEÑOR AZANA

Hay se publicará el decreto de retiro voluntario

Madrid. — El ministro de la Guerra, Sr. Azana, se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

### MIRAROS



Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

Los señores diputados nominales en la provincia gallega.

### LA CONFERENCIA DE BOY

#### EL PROBLEMA TRIBUTARIO DE GALICIA

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

Conferencia a la que se han dirigido los señores diputados nominales para discutir el problema tributario de Galicia.

## ULTREYA, MAR ADELANTE

DIARIO DE A BORDO

El Ulreya es un diario de a bordo que publica los acontecimientos de la vida diaria de los señores diputados nominales.

El Ulreya es un diario de a bordo que publica los acontecimientos de la vida diaria de los señores diputados nominales.

El Ulreya es un diario de a bordo que publica los acontecimientos de la vida diaria de los señores diputados nominales.

El Ulreya es un diario de a bordo que publica los acontecimientos de la vida diaria de los señores diputados nominales.

El Ulreya es un diario de a bordo que publica los acontecimientos de la vida diaria de los señores diputados nominales.

El Ulreya es un diario de a bordo que publica los acontecimientos de la vida diaria de los señores diputados nominales.

El Ulreya es un diario de a bordo que publica los acontecimientos de la vida diaria de los señores diputados nominales.

## LA BAJA DEL PRECIO DE LA CARNE EN BARCELONA SIGNIFICA UN GRAVE DAÑO PARA LA ECONOMIA GALLEGA

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

El Sr. Azana se ha dirigido a la provincia gallega para visitar a los señores diputados nominales.

## 1 xullo

Erguímonos ás cinco. Tempo incerto; barómetros que incitan ao optimismo e nubes que poñen a carne de galiña.

Saen os rapaces na procura dun caldeiro, e media hora despois, a carón da fonte pública, estamos todos metidos de cheo nas tarefas do aseo. Durmimos no salón de sesións do Concello<sup>1</sup> e a auga fría, cáseque xeadada, reconfórtanos.

Almorzamos e saímos camiño de Monte Louro. Parga Pondal co seu axudante Casado e un grupo de ultreias traballan recollendo mostras de rochas e areas; Xurxo Lourenzo, con outros, estudan o románico de San Francisco<sup>2</sup>; Ramón Martínez López inicia a catro ou cinco rapaces na recollida do folclore.

Ás dez bañámonos todos na praia de Xixide, logo de media hora de ximnasia dirixida por Mariño. Volvemos a Muros ao mediodía.

Cun sol que mallaba, estamos esnaquizados e ninguén ten folgos para cociñar. Sae Xosé Martínez López buscar unha taberna onde nos preparen algo moi económico: non podemos facer moito gasto. E chega gozoso, triunfante, cunha gran pota: arroz, polvo



Faro de Vigo, 2 de xullo.



de chourizo, arrecendos de bacallao e esenza de pataca. Xantamos os 24 expedicionarios por seis pesetas. Tomen boa nota cociñeiras e administradores e saiban ata onde poden estirarse vintecatros reais (honradamente debo confesar que o pan é conta aparte).

Dedico a tarde a despachar o rol e a pasar as últimas revistas ao barco. Ás seis veñen a despedirnos o alcalde, o secretario do Concello, o simpatiquísimo xuíz Bartolomé Lojo, o secretario do Xulgado, moitos amigos e unha chea de xente. Izamos a bandeira de marcha. Media en mín unha cachoeira de emocións; treme nas miñas mans a carteira de mariñeiro que me acaba de entregar o cabaleiroso e xentilísimo mariño D. Xosé Pereira. *“Xa son mariñeiro, xa sei navegar”*. Chega a bordo, para acompañarnos ata Noia, meu gran amigo e antigo patrón Moncho Moxetas *“desculpa meu bó compañeiro que te chame pol-o alcume; tí podes chamarme como queiras; entre Nós, que somos xente de mar...”*

Ás sete arriamos a bandeira de marcha, levamos anclas e izamos a bandeira galega. A xente do peirao despídenos con emocionadas pala-

*El Pueblo Gallego, 2 de xullo.*

**LOS GRUPOS "ULTREYA"**

**Han iniciado su crucero por las rias bajas**

(Por telégrafo)

Muros.—De anochecido salió de este puerto el pallebot que conduce la expedición de los grupos "Ultreya" en su jira marítima por la costa de las rias bajas.

La despedida de los excursionistas ha sido efusiva y emocionante, acudiendo a bordo el armador del barco, todas las autoridades y gran parte del pueblo.

El pallebot se hizo a la mar con objeto de llegar mañana al Tambre y a Noya, con arreglo al itinerario del crucero.

**PATRIOTICO MENSAJE DE LOS "ULTREYA"**

Fecha en Muros, llegó ayer a esta Redacción un telegrama por medio del cual los "Ultreya" envían un saludo a la juventud gallega.

El despacho dice:

*"Na saída o mar "Ultreya" saudá moceñade galega, a yalma posta na redenzón da terra".*

bras; *Nós*, apretados na proa, cantamos o himno de Ulteira con bágoas nos ollos, é un pracer infindo que nos chega á alma.

Ata despois de sairmos da dársena do Louro, navegamos coma por un lago de ensoño, logo....logo damos pinchos coma titiriteiros. Pero aquí ninguén se marea, ninguén ten medo. Por distraérmonos (hai que dicir así para desimular) emprendemos a grata faena de pelar patacas.

Pasamos a canle da Creba<sup>3</sup> e embocamos na enseada do Freixo<sup>4</sup> embruxados pola marabilla dun atardecer imponderable. Aquí saltan a terra Parga Pondal, Encisa,



Os ultreias no paquebote "Xoquín Pérez".

Mengoti e Veiras que non tardan en volver cargados de leña e patacas. Seguimos a Testal<sup>5</sup> e aquí, ás dez da noite, varamos o barco para mañá poder lastrar máis comodamente.



## 2 xullo

Levantámonos ás seis. Unha hora de ximnasia dirixida polo gran atleta Mariño nesta praia magnífica<sup>6</sup>. Baño; un verdadeiro concurso de natación no que se atiborra de aplausos ao simpatiquísimo Míguez. Ás oito ven recollernos unha canoa e saen todos para mirar a hidroeléctrica do Tambre, da que regresan ao mediodía<sup>7</sup>. Parga Pondal e Girón fóronse ao Obre<sup>8</sup> a recoller provisiones.

Comemos unha caldeirada riquísima. Ás dúas chéganos un balandro con algúns mozos de Noia que corren a abrazarnos.

Zarpamos. O patrón pasa á proa a dirixir a manobra e encárgame do timón. Enorgullece mirar a disciplina e a simpatía destes mozos izando as velas con pericia de verdadeiros profesionais. Saboreamos mesanas, maiores, barloventos, foques e escotas en delicioso cóctel que inxerimos coa serenidade de auténticos lobos de mar.

Noia a babor. Bombas, aplausos; autoridades e xentes no peirao da Barcia. Fondeamos ás tres e dez; e aparece Castelao, o inmenso Castelao, que nos apreta fraternalmente, cheo de entusiasmo.

Visitamos á vila romántica e prócer que nos enche de agasallos.

Ás oito asistimos á conferencia que pronuncia Castelao na sociedade do Liceo. Ás dez concurrimos ao banquete popular co que obsequian ao insigne artista. Bromas, cancións, ledicia indecible. Valenzuela trouxo do barco a súa gaita e toca unha procesión de alalás.



Central hidroeléctrica do Tambre.



Castelao deu en Noia a primeira conferencia da Xeira das Rías Baixas (Foto: Pacheco).

Ás doce deitámonos. O entusiasta galeguista e secretario deste Concello, José María Vázquez Ulloa, enviounos un garrafón de viño do Ribeiro; o camarada Generoso Souto, unhas latas de lampreia... Eu coido que aínda nos van sobrar cartos, se seguimos así.

Ás dúas vén darnos serenata desde o peirao un grupo de amigos noieses. A noite énchese de matices líricos. Granell deleítanos co *“Andante cantábile”* de Chaikovsky e o *“Lamento indio”* de Rimsky Korsakov. Os mozos espértanse, como no país das fadas, e soben á cuberta. Os pixamas branquean dándolle ao barco un aspecto fantástico de navío de baladas. O reloxo de San Martiño lanza aos catro ventos tres badaladas que son como tres aturuxos á nova Galicia que nace<sup>9</sup>.

### 3 xullo

Erguémonos ás sete; estamos varados nun verdadeiro fangal. Temos que saír a terra arremangados por riba dos xeonllos. Levamos perfectamente distribuido o traballo: uns van ao mercado en busca de víveres, outros corren co aprovisionamento de auga e leña; a mín correspóndeme buscar caixóns e caixas baleiras que transporto a bordo en tres ou catro viaxes. Traémolas con area de Testal. Vou despachar o rol e só ás tres e media podó ir xantar.

Ás catro recibimos a grata visita dun grupo de encantadoras mozas noiasas. Vendo o ordenado e limpo que está todo, a perfecta aliñación e acomodo das colchonetas e o coidado no que se mantén a cociña, non poden reprimir acenos de asombro. Ás sete ímos ao Casino. Baile animadísimo. Todos nos colman de atencións; Noia proba, unha vez máis, a súa executoria colmada de títulos de hospitalidade. Xurxo Lourenzo baila unha muñeira montañesa que é todo un alarde; Ramón Martínez López florea os tangos que é un asombro. Outros non pasan dos pasodobres; as mozas sorrín ante a inxenuidade destes debús; entón é cando nos vemos forzados a lanzar en pelexa as nosas forzas de choque para estes casos. E irrompen no salón, tesos, británicos, elegantísimos, Torres Caplane, Penas Goás, Encisa, Xoaquín P. Iglesias e Calderón. *“Para mariñeiros Nós”*. Un xesto: bailando un popurri, intercálanse uns compases do Himno Galego; o xove ultreia fai unha profunda reverencia, pide desculpas e dílle a unha fermosa amiga: ben comprenderá que o himno da nosa terra non é cousa para ser bailada. E nos ollos, deliciosamente colexiais da fermosa noiesa, florece unha ledicia indecible.

Ás once regresamos a bordo, ceamos en menos que canta un galo e durmimos todos profundamente.

#### **4 xullo**

Ás tres e media espértame Velenzuela, quedou de garda voluntaria: dime que está a bordo Carlos Barcia para despedirnos. Frío, ceo encapotado. Cómpre sairmos a motor e o motor non acende nin a tiros. Pero Barcia é un mecánico formidable e logra poñernos en hélice ás catro e media. Levantamos áncora. Imos en cuberta Parga Pondal, Xurxo Lourenzo, Martínez López, Casado, Paz e eu; os demais dormen e eu procuro que non esperten a fin de evitar medos e mareos pola forte marusía.



Faro de Vigo, 2 de xullo.

Ás 5:20 izamos velas e pasamos polos baixos de Rodas; ao izar a mesana rómpesenos o pico. Estamos aviados; xa só nos falta que falle o motor.

Ás 6:10 pasamos polos baixos de Filgueira. Comprobamos, co derrroteiro, as enfilacións de Porto do Son.

Ás 6:25 pasamos á altura do Teimo de Euxa<sup>10</sup>. Xa están todos en cuberta.

Ás 6:45 partimos rumbo S. S.W. O barco da fortes bandazos e damos a orde de que os rapaces se deiten a fin de evitarmos o xogo das botavaras. O vento arrecia. Lanzamos unha botella cunhas palabras galegas escritas ao mar.

Ás 7:30 vento Sur intenso. Poñemos o motor a toda marcha a fin de salvar o antes posible os baixos de Corrubedo que queremos deixar a estribor.

Ás 7:50 pasamos a punta de Laxe. Cruzamos con varias parellas que andan á pesca da sardiña.

Ás nove fondeamos en Aguiño<sup>11</sup>; compramos peixe e almorzamos ovos fritos; o par, frito, a trinta céntimos.

Ás dúas saímos para Sálvora. Fortísimo vento N.W.; aberto de estribor, aleta de popa, o noso barco corre coma un torpedo. Pasa a babor unha dorna que salta aloucada, furiosa, como a punto de afundirse; tripúlaa un rapaz duns catorce anos, que nos saúda alegremente. Espontánea, fervorosa, fraterna, rebenta a bordo unha ovación á raza invencible que dá berros valentes coma este pobre mariñeiro da dorna.

Noso proxecto era durmir na illa pero o vento e a marusía obrígnanos a zarpar. Saímos abertos de babor con N.N.W. Á altura de Rúa perdemos vento, o motor non acende e alá ímos dun lado para outro sen poder enfiar a entrada de Riveira. A tripulación está reparando a avaría e quedome eu coa cana do timón. Ás sete, as oito, as nove e non nos movemos. Os rapaces cantan e rín gozando da aventura, pero Nós pasamos unhas horas anguriosas. Ocórrenseme os proxectos máis descabelados

e asáltanme as dúbidas máis atroces. Cédolle o timón a Parga Pondal, home de mar e balandrista consumado, que se mantén cunha serenidade exemplar. Xoaquín P. Iglesias e Encisa, que saben de verdade o que é un barco de vela, intentan todo xénero de manobras. Con rapaces coma estes, pódese ir ao fin do mundo, darlle setenta voltas á terra e navegar nun concho de noz arbolando números de “El imparcial”<sup>12</sup>. Sen folgos, sen azos, propoño buscar costa, sexa como sexa e onde sexa. Horrorízame pensar que os mozos poidan pasar a noite no mar, sen



*El Pueblo Gallego, 5 de xullo.*

apenas víveres e nese estado de inqueda. Protestan os rapaces; son máis valentes, máis bravos, moito máis afoutos ca Nós.

Por fin, ás dez acende o motor e nun cuarto de hora colocámonos en Santa María<sup>13</sup> de Ribeira. Ninguén sabe da nosa chegada, pero Nós temos tal ledicia de chegar que nos parece mirar unha multitude cos brazos abertos<sup>14</sup>.

## **5 xullo**

Ás seis da mañá zarpamos para fondear fronte á praia de Corozo<sup>15</sup>, onde facemos ximnasia e nos bañamos, obsérvanse nos mozos grandes adiantos; non falta os que lancen o disco con pericia e son moitos os que xogan á xabalina como atletas de cartel. Todos teñen unha axilidade e destreza que parece imposible a conseguiran en tan poucos días.

Ás dez saímos para Ribeira. O peirao está cheo de xente de toda clase e condición: o alcalde don Ramón Baltar, o primeiro tenente de alcalde don José Fernández, o médico señor Fariña, o secretario do Concello señor Villa, todos os “Ultreia” de Ribeira, mariñeiros, estudantes, mulleres, meniños... recíbennos cunha afervoadada ovación. ¡Ei Terra!

Ímos ao Concello e de aquí imos en coches ao monte Castro e ao dolmen de Oleiros<sup>16</sup>. Erudición, fotos, notas, medicións. Ao chegar encontrámonos a un grupo de amigos pontevedreses que nos veñen saudar: Torres, Sánchez Puga, Mucientes, Castro, Posada, Gamallo e Pepiño Torres Caplane.

Á unha e media convídannos a un banquete apoteósico na cova de Núñez: unha ducia de empanadas de sardiñas dignas de ser degustadas polo vellos emperado-



res de Roma, unha paella para chupar os dedos, frescos e imponderables viños do Ribeiro, postres, café, coñac e puros habanos.

Dedicamos a tarde a percorrer a poboación, xa ás seis e media izamos a bandeira de marcha. A bordo encontrámonos cunha nova sorpresa: estes amigos –desde hoxe dignos de ascender aos altares– trouxéronnos dous congros que pesarán máis ou menos vintecinco quilos, e os conserveiros establecidos na zona –Cardona, Valeiras, Bermúdez e Barreiras– un cento de latas de conservas. Despedidas, adeuses, pero... o motor non acende. Oito horas de reparación e seguimos como antes. Chegan máis mecánicos e desmontan o motor. Os rapaces volven a terra e organízase un gran baile no Círculo mercantil, que agasalla aos excursionistas con sidra, galletas e licores. Quédome a bordo pasando as penas negras a cada novo ditame, “que se o carburador está inutilizado...”, “que se hai que ter unha nova cadea...”, “que se o magneto non sirve...” aquí, o auténtico, inferno é a mecánica.

Aló polas doce chegan os “Ultreias” do baile, ceamos, déitanse e eu voume con Xurxo Lourenzo a tomar unhas tazas de café, pois ámbolos dous estamos dispostos a pasar a noite espertos.

Regresamos a bordo preto das dúas. O motor está desfeito, os mecánicos cheos de anguria e Nós como para que nos fagan cóchegas. As tres, as tres e media... Os rapaces dormen beatíficamente en canto Juan Mayo, noso vello mariñeiro, entrégase a todos os demos coñecidos, o patrón Pedro Rama, maldí de todas as industrias do día e o noso motorista, Pais Louro, perdida xa a esperanza, pacta coas ánimas do purgatorio e ofrécelles unha misa se logramos desenvolver esta madixa. Xurde pola escotilla Xosé Martínez López a preguntar se estalou o barco; trae un pixama bermello, de corte moscovita, que ao noso mariñeiro dálle medo, xa agobiado porque as bruxas anden remexendo polas válvulas. Volven dos seus

acochos da adega, Encisa e Míguez. Valenzuela aparece coa súa fruta baixo do brazo, coma un fakir indio, de circo, disposto a partir serpes a volta de mazurca. Anguria, desalento, agobios. Chegamos a convencernos da necesidade de suspender o cruceiro; así non é posible seguir. E os minutos arrástranse, agobiadores. Un vello pescador fuma doutoralmente a súa pipa, reclinado na caña da súa dorna. Percíbense as primeiras luces do día; arrecendo intenso a mar. Todos a unha sentimos a emoción desta hora e languidamente, desfalecidos, como os grumetes que retornan de sondear, damos á vila dormida as nosas máis queixosas melancolías agora encadradas naquelas coplas que os acordeóns divinizaron e as masas orfeónicas envileceron:

*Eres Conchita la ilusión mía,  
vivo en el mundo, con que dolor,  
siempre pensando tu eres mi vida  
siempre pensando tu eres mi amor*

E o eco, retorcéndose nas ruelas de Santa Uxía de Ribeira, devólvenos tenaz, implacable, unha soa palabra: ilusión<sup>17</sup>

## **6 xullo**

Espértome ás sete despois dun pequeno sono. Segue o martelo dos mecánicos e non hai maneira de escorrentar o pesimismo. Ás oito saen en gamela os rapaces faceren ximnasia e bañarse. Conferencia telefónica co armador a quen é preciso informar da nosa situación,<sup>18</sup> ás dez dou orde ao patrón de levantar áncora, sexa como sexa; se o motor non funciona, navegaremos a vela; todo é preferible antes de dar por suspendida a viaxe ou ter que pasarmos unha semana amañando avarías. Ás 10:20 dan coa avaría, intensifican todos seu traballo nun enorme esforzo

e dez minutos despois logramos acender o barco; ás once están todos a bordo e os mecánicos en terra. Levantamos áncora, coa ledicia de seguirmos e a tristura de deixar esta vila encantadora de Santa Uxía de Ribeira onde nos acolleron con agarimo. Navegamos rumbo a Rianxo, con vento W.S.W.

Ás 11:45 deixamos por babor a sinal do Maño. Apagamos o motor.

Ás doce pasamos fronte á praia de Barraña<sup>19</sup>, coa illa de Arousa a estribor. Ramón Martínez López canta con emoción lírica ás terras natais de Boiro e Cabo da Cruz.

Ás 12:55 pasa amurado por babor, en bolina, con vento S.W. un galeón de compra. Os rapaces están xa preparando a caldeirada: Astorga, Laso, Veiras, Mengoti e Xulio García pelan patacas con grande destreza; Míguez e Casado dispoñen os congros; Monchiño Baltar coida do lume. Outro grupo de rapaces examinan comigo o libro de derrota. Ás 12:50 temos Portomouro a barlovento, Tanxil a estribor e Rianxo a proa, recollemos velas e pouco despois atracamos no embarcadero onde nos esperan Arturo Noguero<sup>20</sup>, Dieste<sup>21</sup>, e moitos amigos e mariñeiros. Desembarcamos.

Ás 2:20 volvemos a bordo cargados de emoción: Rianxo perdéranos de por vida. Estes pazos centenarios, estas brancas casiñas mariñeiras, esta igrexa preciosa evocada en cen naufraxios, estas tabernas fermosas arrecendendo a albariño e



Arturo Noguero foi un dos que recibiu a expedición en Rianxo.

mariscada, esta ermida de San Bartolomeu no illote disposta como para un fondo de balada, irán sempre connosco<sup>22</sup>. E nosos rapaces morrerán de vellos soñando con este mediodía espléndido, que, acaso, nunca máis volveremos gozar.

Comemos. Riquísima e succulenta caldeirada de congro que Casado, Míguez e Laso guisaron ás mil marabillas.

Ás tres e media imos todos ao cemiterio a deixar unhas flores na tumba de Manuel Antonio, o malogrado e inesquecible mestre<sup>23</sup>. Nin un discurso, nin un comentario, nin unha glosa. Para que?, el vive no fondo de todos Nós. Monchiño Baltar, o benxamín da “xeira”, fai a ofrenda e todos, espontaneamente, cantamos noso himno:

*Ei Armórica, Cornubia e Cambria,  
Escocia, Eirín, Galicia  
e a illa de Man.  
Son as sete naciós celtas  
fillas do rei Breogán.*

*Miña patria Galicia  
ti és e ti serás  
cos teus verdes agros  
o máis quente fogar.*

*Son os sete cisnes brancos  
fillos dos de Damiáns;*

*para tí, miña patria,  
nos beizos un cantar,  
nos peitos a ledicia  
da nosa mocedá.<sup>24</sup>*

Ás catro saímos cara Vilagarcía. Escóltannos algúns balandros con Núñez Búa<sup>25</sup> e os camaradas da “IV liña”<sup>26</sup>. Fermosísimo recibimento. Refresco no Concello, merenda no Clube de Regatas e baile no Casino. Varios



Sebastián González García-Paz (á esquerda) e Antonio Fraguas Fraguas, na época en que colaboran con Ultrera (Museo do Pobo Galego).


comercios engalanados con bandeiras galegas; emoción nas xentes, que nos saúdan con abrazos fraternais. Os nosos rapaces son invitados a cear nas casas dos seus compañeiros, que se desviven por atendelos.

O profesor da Universidade Antonio Fraguas, veu saudarnos e regálanos cunha doctísima e maxistral conferencia sobre “Xeografía e folcklore de Galicia”<sup>27</sup>.

Ramón Martínez López e eu imos cear nunha clásica taberna de mariñeiros. Delicioso viño do Ribeiro, mariscos e guisos que saben a maná. Parabéns do patrón, disputas da cociñeira, comentarios cos grumetes que saborean cuncas cheas de branco de Gomariz e de San Clodio<sup>28</sup>.

A media noite vento inquedo e inquedante que o noso optimismo supón Norte fresco, ledicias “do mar” como lle chama o noso patrón; vento ao que saudamos coa cantiga viril:

*Vento ventiño do norte,  
vento ventiño norteiro,  
vento ventiño do norte,  
serás o meu compañeiro*<sup>29</sup>



El Pueblo Gallego, 6 de xullo.

7 xullo

Vilagarcía. Erguémonos ás sete e pasamos a fondear fronte á praia de Compostela. Ximnasia, baño. Cargamos gasolina e víveres. Núñez Búa agasállanos cuns centos de churros e café. Vou cumprimentar ao señor comandante de Mariña.

Soben a bordo a saudarnos e falar connosco mozas encantadoras e dúcias de Ulteiras, estes Ulteiras de Vilagarcía —tan correctos, tan intelixentes e tan entusiastas— que rivalizan cos de Pontevedra en seren os primeiros e mellores.

Á 1:40 zarpamos a vela para a Illa de Arousa. Facemos rumbo W.1/4 S. con Nordeste, abertos de estribor. Durante un cuarto de hora acompañannos na súa estupenda iola os camaradas Rodríguez Padín, do pazo de Vilaxoán<sup>30</sup>.

Ás dúas deixamos por babor o illote de Gorma. Julio García, empoleirado no derradeiro frechaste, dános un adeus de despedida que ecoa aló, lonxe, na fermosa e branquísima praia de Catro Cordas. Marusía; o barco arrandéase sensiblemente.

Ás 2:15 pasamos fronte a Punta Fornelo deixando a babor o faro de Seixo. Quince minutos despois arriamos velas e ás 2:35 botamos áncoras e rizón por mor do mal estado da mar. Travesía; vento moi forte. Xantamos.



*El Pueblo Gallego, 8 de xullo.*



Estouran en terra uns foguetes e o areal da Illa de Arousa ínzase de xente. Desde una terraza mirannos con prismáticos; nas alturas próximas arremuíñanse os rapaces curioseándonos; por una canella aparece un cidadán seguido de sesenta ou setenta nenos con pinta de cantaren algún himno ou cousa semellante. Mulleriñas encollidas e mozas vestidas de domingo que moven as mans saudando. Desembarcan todos e quedo só a bordo. Gozo tres horas de silencio, tumbado sobre una colchoneta. ¡Que deliciosas horas de soño! O barco baila aloucado na marusía, zoa o vento, o ceo de sutil gris atolda os horizontes, e eu –¡pobre de min!– maxínome piloto de largacía fragata, nun cruceiro polas mares misteriosas e apetecidas das paternas nacións celtas. Con este barco afouto e mariñeiro, con esta sagrada bandeira galega que ondea no máis alto do pau maior, con este ceo nostálxico e saudoso, con este vento frío e de invernía de atardeceres literarios, se tivese a bordo a cen Ulreias, sería capaz de levantar áncora agora mesmo sen rol, nin andrómenas de axudantes de mariña, nin regulamentos, sen liortas dos contramestres, nin ameazas dos cabos de mar. Cantábrico adiante, rumbo a Saint-Malo, a parrafear cos mariñeiros bretóns, os nosos irmáns de raza, que tantas cousas nos teñen que dicir.

Ás 5:55 partimos. Vento de proa, virada rumbo S.E., uns arames despois rumbo S. choupada que empalidecen, salseiros que obrigan a pechar os zapóns e, dentro da boia, facéndolle fronte a todos os perigos, sen medo aos baixos; como só pode navegar o noso egregio patrón Pedro Rama, entrada en Cambados e magnífica atracada, que facemos cunha grata chuvia de aplausos.

Visita á vila, vella, ilustre, admirable, fermosísima. Merenda. Baile no Casino. Serenata da afinada rondalla da Xuventude Católica. Banquete succulento. Cansanzo, soño, repouso.



Faro de Vigo, 8 de xullo.

## 8 xullo

Como zarpamos ás nove, non é posible, por falta de tempo, facer ximnasia en Cambados. Saímos con rumbo W., vento N.E. e mar rizado. Ás dez atracamos no peirao de O Grove.

Agárdanos o contramestre do porto que, despois de esixirnos que arriemos a bandeira galega, saúdanos afectuosamente e ponse ao noso dispor.

Ímos á Toxa, anda que te andarás, aturando un sol do demo. Aburrimiento; poucos bañistas; moita canseira. Visitamos a fábrica de xabóns que Carlos Solá nos amosa detidamente regalándonos á saída con cremas e pastillas de xabón<sup>31</sup>.

Percorremos a illa, refrescamos na cantina, visitamos o gran hotel e á unha volven todos comer a bordo. Ramón Martínez López e máis eu quedamos a xantar no gran Hotel. Menú delicadísimo, soleira 1847 de Byass, albariño de Fefiñans, borgoña Moulin-avent Chablis, coñac Napoleón 1811.

Biscuit Debouché. Un xantar digno de grandes lores que nos compracemos en degustar falando en galego, vestindo camisas brancas co tríscele vermello, impondo os insuperables viños da nosa terra á altura dos viños máis afamados do mundo.

Zarpamos ás 4:30, despedidos por inmenso xentío. Vento forte, duro, de N.E. Navegamos a vela. Ás 4:56 viramos rumbo W. navegando a un longo. Ás 5:30 deixamos por estribor o vapor dos faros que nos saúda con tres grandes xipridos. Cruza máis lonxe un precioso pailebot de tres paus navegando de bolina.

Ás 5:50 pasamos os baixos da Redonda. Mar rizado, ceo anubrado, vento durísimo. Os salseiros mergúllannos; os golpes de mar obrígannos ir sentados agarrados uns a outros; os máis pequenos palidecen de medo no sollado.

Ás 6:45 viramos na punta de Cabicastro.

Ás 6:50 pasamos á altura de Portonovo, moi escorados de estribor, co corredor a flor de auga.

Ás 7:15 acendemos o motor, pois o vento non nos favorece e non é cousa de agardar cinco horas para entrarmos en Sanxenxo.

Ás 7:20 virada en redonda a babor co motor a toda máquina.

Desde as dornas que saen pescar, os mariñeiros saúdannos.

Ás 7:28 atracamos na dársena de Sanxenxo amurados ao vapor “Marta Junquera” con matrícula de Bilbao.

Ás dez ceamos a base de latas de conserva. Media hora despois deitámonos<sup>32</sup>.

## 9 xullo

Sanxenxo. Erguémonos moi tarde, preto das dez. Pasamos a mañá na magnífica praia de Silgar, facendo ximnasia e bañándonos. Parga Pondal e Xurxo Lorenzo vanse con algúns rapaces cara Portonovo e Calicastro a recoller materiais. Preto das tres xantamos a bordo, riquísima caldeirada de sardiñas. Pola tarde volven os diversos equipos aos seus traballos: uns, a recolleren folclore, outros, areas e mostras de rochas, outros documentos arqueolóxicos de toda índole.



*El Pueblo Gallego, 10 de xullo.*

Ramón Martínez López e máis eu suspendemos as tarefas alá polas seis da tarde e decidimos ir visitar o vapor “Marta Junquera”, dunhas mil toneladas, que está atracado ao noso carón. Recíbennos coma a vellos e queridos camaradas, ensínannos todo o barco, agasállannos na cámara e, quizais porque lle pareciamos peritos e probados nautas, vólvense locuaces a falaren das correntes, rumbos, enfilacións, estados da mar, compases, sextantes, bitácoras, balizas e non sei cantas cousas máis, que nos fan saír as cores na cara. Ensínannos moitos recortes de xornais nos que se fala do noso cruceiro e demostrannos que o seguiron con efusivo interese. Paréceme crer que tanto entusiasmo e simpatía débense ao noso xesto de levarmos sempre izada a bandeira galega; trátase de vascos e montañeses e, ao cabo, son moitos os vencellos que temos.



A bordo do "Xoquín Pérez".

Ao escurecer asistimos a un baile con que nos honran no bar da praia. Asisten todas as mozas de Sanxenxo, que por certo son fermosísimas, e só se nota a falta dos veraneantes, estes veraneantes cursis, de todo por coarenta duros, que acaso cren perder os seus prestixios de barrio se se arredan das tertulias de portería da praia.

Pasadas as dez e media, ceamos. A noite é espléndida, deliciosa. Todo incita a retornos románticos de fin de século. Valenzuela, cabalgando no botaló, fai soar na súa frauta a emocionante cursilería dun murcho valse de opereta; Iglesias, Castro, Mengoti e Encisa bogan nunha gamela cantando non sei que ritmos ás brisas matutinas e ao rosicler da aurora; Xurxo Lorenzo airea as súas nostalgias nun vello alalá de Lobeira<sup>33</sup>; Parga Pondal lémbra-nos as súas expansións estudiantís polos comedores bohemios de Berlín<sup>34</sup>. Escóitase, preto, na praia, a música melancólica duns titiriteiros. E cada un entristécese un pouco ante esta sinxela e lírica estampa do novecentos na que todos quixeramos perdurar.

## 10 xullo

Ás 5:50 saímos para Pontevedra. Na ruta espertamos, aseámonos, vestímonos e faise a limpeza do barco.

Ás 7:40 fondeamos en Cabaceira, fronte a Punta Lourido, facendo tempo para chegarmos á hora acordada. Minutos despois achégasenos a canoa de Fonseca que trae a bordo máis de coarenta Ultreias de Pontevedra cun grupo de amigos: Huesa, Iglesias Vilarelle, Filgueira Valverde, Cribeiro, Caramés, Martínez e moitos máis.

Ás 8:50 atracamos no peirao de Corbaceiras. Bombas, aplausos e a silueta quixotesca, erguida, sempre moza, de don Casto Sampedro que quixo vir recibirnos tamén<sup>35</sup>.

As súas primeiras palabras son para Nós unha consagración: este é o primeiro barco que entra en Pontevedra a súa hora.

Suculento almorzo no Casino. Visita aos museos. Paseo pola cidade. Cada expedicionario vai almorzar convidado á casa dunha familia pontevedresa.



La Voz de Galicia, 10 de xullo.



# Crónica de Pontevedra

## La expedición "Ultraya" en Pontevedra

El domingo a las ocho de la mañana, según se había anunciado previamente llegó a nuestra ciudad el balandro en que los grupos "Ultraya" realizan su cruceiro de estudio y deporte por las Bías Bajas.

A esperar a los excursionistas acudió a las Comarcas gran cantidad de amigos y admiradores de la institución. Los "Ultrayas" pontevedreses salieron en una pasadizera a esperar a sus compañeros a la barra de la ría.

Forman la excursión veinte alumnos de la Universidad, « Instituto de Ortoes, Lugo, Pontevedra y Noia y los profesores Parga Pondal, de las Casas, Matías López y sus ayudantes.

Los excursionistas fueron obsequiados con un chocolate servido en el Casino e inmediatamente se trasladaron al Instituto donde los esperaba el vice-director señor Barba, con otros profesores del Centro y el inspector de primera enseñanza señor Caramón, con otras personas de la localidad.

A las once llegó al Instituto el gobernador civil señor Castilla López acompañado de una comisión de excursionistas que había pasado a cumplimiento al Palacio provincial. Después pasó a una de las aulas donde se hallaban reunidos los excursionistas con un numeroso grupo de alumnos del Centro. La presencia del señor Castilla López fue acogida con una cordiosa ovación.

El señor Figueroa Valverde explicó a los reunidos como el señor Castilla, dable autoridad, como gobernador y como arqueólogo, hace el sacrificio de abandonar por un momento su despacho oficial y acudir a las riberas de los canales de toda Galicia allí reunidos para darles una lección sobre arte gallego. Dedicó unas palabras a la personalidad del señor Castilla López en los retazos arqueológicos de Galicia y terminó agradeciendo en nombre de todos los presentes el regalo, inolvidable que representaba la presencia del gobernador en aquella aula.

Esta nueva acción acogió los primeros aplausos de la disertación del señor Castilla López que comenzó declarando, presa de intensa emoción el placer que le causaba poder hablar un rato sobre materias de su especialidad ante los alumnos allí reunidos y tomar antes cualquier que posición, no había sacrificado sino que tenía un verdadero placer en poder seguir por unos momentos en Pontevedra su labor docente de toda la vida.

Simultáneamente comenzó un recorrido admirado por el arte gallego en todas sus manifestaciones a través de la historia de nuestra tierra. Dedicó en lección con una maravillosa serie de proyecciones obtenidas sobre fotografías originales, producto de toda una vida de trabajo y de toda un temperamento de artista. Los alumnos siguieron con gran atención la charla del señor Castilla que dialogó muchas veces con el público durante la lección, modelo de conferencias pedagógicas.

Al terminar fue largamente aplaudido y acompañado hasta el Gobierno civil por los presentes.

Los profesores que dirigen la excursión fueron después obsequiados con una comida íntima por sus amigos y compañeros de Pontevedra. Tuvo lugar en el Restaurant de la Estación y fue admirablemente servida.

Los "Ultrayas" comieron en las casas de sus compañeros de Pontevedra realizando así un simpático acto de fraternidad gallega.

Después de comer visitaron las Miras y principales monumentos de la ciudad. A las cinco y media salieron en el balandro en que hacen la excursión, hacia Marín, con objeto de visitar el Polígono "Janer".

En el Polígono de Marín esperaba a los "Ultrayas" el jefe y el segundo señor Leizaola, que acompañaron a los excursionistas en una detalladísima visita al Polígono de Iru y fueron orales, dadas detalladas conferencias sobre Iru, rumbos y otros detalles marítimos que interesaron vivamente a los muchachos y a los mayores que los acompañaban.

Después de una detenida visita a todos las dependencias del Polígono los jefes acompañaron a los excursionistas al balandro en que hacen el viaje. Interesados vivamente por los problemas de marinería de los "Ultrayas", y leyendo los diarios de a bordo, cuyo contenido, sumamente pintoresco, atrae muchísimo a los marinos.

Los "Ultrayas" salieron ayer a las once para Buen y marcha encantados por los atenciones recibidas en nuestra patria.

Faro de Vigo, 12 de xullo.



El Pueblo Gallego, 12 de xullo.



Ángel del Castillo, gobernador civil de Pontevedra (Por A. de Sotomayor)

Ás 11 o gobernador saúdanos no Instituto e fálanos durante setenta minutos, verbo da arqueoloxía galega. Caso exemplar merecente de pasar á historia: un gobernador que prefire convivir con rapaces, e fala de arte, e evoca a nosa historia, e comenta o valor inestimable dos nosos grandes monumentos, a parolar con políticos e perder o tempo en trécolas caciquís de pouco máis ou menos. A min isto non me extraña nada; trátase de Ángel del Castillo, un intelectual dos de verdade e un galego de cerna<sup>36</sup>.

Ás 5:40 saímos para Marín onde chegamos ás seis e media.

Os comandantes e oficiais do Polígono de Janer recíbennos cordialísimos e amósannos devagar as magníficas instalacións desta escola superior de estudos náuticos<sup>37</sup>. Dúas horas e media de visita nas que os rapaces gozan o indecible. O señor Leste, o noso gran amigo e padriño, que dito sexa de paso, é hoxe un dos primeiros, mellores e máis auténticos prestixios da mariña de guerra, vai explicándoo todo co pracer dun profesor que logra verse rodeado dos seus alumnos predilectos.

Ceamos e saímos a percorrer as rúas mariñeiras. Aquí, en Marín no hai baile, ni saúdos do alcalde (que nin sabemos quen é), nin agasallos, nin parabéns. Ninguén nos coñece, nin Nós tampouco. Mellor, mil veces mellor; andamos máis a gusto.

Chegada a media noite, á volta dunha esquina, impensadamente, aparece o egregio director da Polifónica Blanco Porto<sup>38</sup>. Apertas, expansións, comentarios. E un paseo longo, sen présa, pola beira do mar, falando de Solesmes, da Coral de Bruxelas, dos balets rusos... ¡Ai, meus amigos! Isto válevos moito máis, infinitamente máis, que os discursos do señor alcalde de Marín.

## **11 xullo**

En Marín. Erguémonos ás 8:30 e vou almorzar a un café con Isidro Parga Pondal. O mozo e xa ilustre profesor da Universidade está enfermo e quere algo quente, que o tonifique.

Está esbrancuxado, esmorecente, febril. Nin un só día, nin unha soa vez, comeu nin durmeu fóra do barco e o réxime é máis duro do que semella e non todas as naturezas o poden aturar. Volvo con él ao barco e déixoo deitado.

Ás nove e media chega a buscarnos o señor Leste, segundo comandante do Polígono, para levarnos a visitar o torpedeiro número 3. Máis atencións e novos agasallos. Case ningún de Nós vira na súa vida un torpedeiro e no deixa de causarnos sorpresa a contemplación dun navío así, tan pequeno, tan diminuto, e dun valor guerreiro tan considerable. Chega con dicir que na visita perdo media dúcia de quilos a forza de encolleirme, coarme polos zapóns insignificantes, esmagarme para entrar entre paredes que distan uns centímetros, subir e baixar por escaleiras perpendiculares, etc., etc. Morrería en cuestión de horas se me obrigasen a vivir nun navío deste tipo.

Ás 11:45 saímos, a vela, levando connosco ata Bueu a Filgueira Valverde e a Mauricio. Saímos rumbo N. e vento N.W. Un cable despois viramos W.S.W. con vento de estribor, en bolina. Mar picada. Ás 12:30 pasamos a punta de Festiñazo e facemos rumbo S.S.W. Segundo a nosa corredeira navegamos a oito millas por hora.

Avisánnos da adega que facemos auga e que as colchonetas empezan a mollárense.

Moncho Baltar, Vieitez e Laso ceban a bomba de achicar e, dálle que dálle, nun abrir e pechar de ollos secan fondos.

Ás 12:55 estamos a cable e medio de Bueu e acendemos motor. Atracamos no peirao da Dársena á unha e dez minutos. Ninguén nos agarda, ninguén sabe da nosa chegada.

Saltamos a terra mentres acaban de preparar a caldeirada. Ao pouco recibimos un caixón de latas de conserva, agasallo de Gaspar Massó<sup>39</sup>. Xantamos ás dúas e media. Cando máis tranquilos estabamos aparece un contramestre que nos chama a atención por levarmos izada a bandeira galega. Semella terrorífico este furor dos respetables señores contramestres. Coma se obedecesen a unha consigna, en canto o “Joaquín Pérez” entra no porto escóndense, axexan polo pechadura do Casino, saen á rúa, avanza cara Nós silandeira e dramaticamente, abotoan o uniforme, fan que tusen, e encáranse co noso patrón, recítanlle non sei cantos artigos de non sei que leis, e ¡zas, zas, zas! apunte e multa. É, polo que parece, delito gravísimo levar izada a bandeira galega. A xulgar polo aceno, os tusidos, os bigotes e a voz dos respetables señores contramestres, unha de dúas: ou somos un barco pirata, ou un destrutor separatista capaz de bombardear e reducir a cinzas o porto que se nos antolle. Non deixa de ter graza polo que ten de entrenamiento e adoutrinamento, porque é o caso, que cada reprimenda dos respetables señores contramestres xorden a bordo media dúcia de nacionalistas máis. Conste que a bordo nin por casualidade falamos de política; son os respetables señores contramestres os que veñen darnos o mitin cun éxito que, por certo, nono imaxinan.

Ás seis, no coche da liña, volve Filgueira a Pontevedra; Mauricio continúa connosco.

Ás sete Parga Pondal anúnciame os seus desexos de retirarse da xeira. O pobre está destrozado, esbrancuxado, con bastante febre. Pide o seu coche a Mondariz e entra a deitarse, como pode, nunha casa hospitalaria. A todos nos entristece profundamente o percance: Parga, en dez días que leva connosco, fíxose querer devotamente; admirámolo todos e distinguímolo como merece; querémolo todos coma a un irmán, coma a un irmán maior e mellor desta familia errante.



Ceamos cinco grandes, monumentais, saborosas empanadas de sardiñas que nos custan dez reais cada unha. Un verdadeiro banquete, succulento, que noutra ocasión nos faría fe-



*Faro de Vigo, 12 de xullo.*

lices, pero que agora, logo da marcha do camarada, comemos coas angurias da derradeira cea.

O Casino dá un baile na nosa honra e alá ímos. En plena festa enterámonos da perda do “Blas de Lezo”<sup>40</sup>. En nome de tódolos expedicionarios apresúrome a testemuñar o noso pésame á Mariña, para Nós personificada no querido comandante Leste.

Deitámonos á unha. Pasamos mala noite. O barco, dado o estado da mar, ten un tormentoso e eléctrico abaneo dunha mecánica capaz de marear a Vasco de Gama. Ponse en dúbida que ao día seguinte poidamos continuar a viaxe. Sen embargo, malia todo, o espírito dos rapaces non decae. Que rapaces formidables! Lealmente debo confesar que empezan a asustarme e a seren merecentes dos meus odios: chego a crer que a súa afouteza, valor e arela de aventura, o que desexan xa é que se afunda o barco no medio do mar, baixo unha chuvia de centellas, para salvárense a nado coma os naufragos das novelas. E arroupome no meu impermeable para que ninguén vexa que aterezo conxelado de medo<sup>41</sup>.



## 12 xullo

Bueu. Non importa que tivesemos que madrugar pois ata as nove non chegarán os periódicos de Vigo e non é cousa de facerse ao mar sen sabermos máis noticias e ler unha relación completa da perda do “Blas de Lezo”. Iso sí, apenas chega o coche de Cangas, saímos. Sopra o vento de proa y temos que saír a motor, remolcando o balandro da illa de Ons que conduce o correo. Daremos atracado? Saben todos os entendidos en cousas da mar que a Ons non se pode chegar tódolos días; Ons, que debera titularse a “illa das vergonzas”, non mereceu do Estado nin un posto de carabineiros, que é o que o Estado adoita conceder máis doadamente. Os trescentos sesenta habitantes da illa non teñen nin médico, nin farmacia, nin crego, nada, absolutamente nada. Por non ter non teñen un humilde refuxio, nin un pobre atracadeiro, nin unha boia á que poder amarrar un barco en caso de perigo. Nada, absolutamente nada. Para maior ignominia, abonda saber que os heróicos torreiros que viven nela, incomunicados durante todo o inverno, non dispoñen nin dun elementalísimo botiquín. Aquí ao que enferma non lle quedan outros recordos que irse a Bueu ou a Sanxenxo, se o tempo o permite e se non, agardar a morte pacientemente, que para iso os señoritos de Madrid non se privan de nada.

Conseguimos desembarcar. Casado, axudante de Parga Pondal vaise con algúns rapaces a recolleren mostras de rochas; Ramón Martínez López vaise con outros a enfiar interrogatorios folclóricos; Xurxo Lorenzo bótase a recoller restos arqueolóxicos. Ás dúas coincidimos todos no faro: uns traen curiosas mostras de granitos e gneis, algunhas apenas coñecidas en Galicia; outros fachendea cunha completa nomenclatura das dornas, refráns, cantares populares, debuxos de vivendas e trebellos de labranza e de pesca, etc.; Xurxo Lorenzo aparece cargado cunhas grandes tégulas encontradas nun precioso castro, ata hoxe descoñecido, que conseguiu medir, fotografar e debuxar.

Descansamos no faro. Sinto fonda emoción ao volver pisar esta avanzada na que eu vivín unha semana, das máis felices da miña vida<sup>42</sup>. Os dous torreiros, tanto don Antonio Bruno como don José León, estímame lealmente e eu gardo e gardareilles sempre os meus mellores afectos. Conversamos longamente. Se eses patrioteiros de chin chin, se eses cabaleiriños intoxicados de paternidade universal se decatasen da traxedia destes torreiros! Xa non se trata de que lles aumenten o soldo, a pesar de que non gañan para vivir, é que dáse o caso singular de que a estes beneméritos funcionarios rebaixáronllo! Nin se trata de que los instalen co luxo que ten a súa oficina calquera chupatintas de barrio, non: trátase de facerlles sentir a nosa humanidade. Que menos que dotar aos faros dun botiquín, unha pequena biblioteca e algúns elementos indispensables para o decoroso exercicio da súa profesión? É que nin isto teñen, dándose o caso de esixirlles, por exemplo, vixiancia da costa, sen darlles nin uns malos prismáticos de teatro; de esixirlles axuda en caso de naufraxio e non proporcionarlles nin un par de salvavidas, nin un lanzacabos, nin unha modesta gamela coa que acudir nun caso de perigo. E logo, gran Ministerio de Mariña, pomposa dirección de navegación, setenta organismos asesores, medio millón de consellos técnicos, cen millóns de consellos protectores... Abofé que este é un país de opereta.



Faro de Vigo, 15 de xullo.

Baixamos ao almacén onde o meu gran amigo Didio Riobó ofrécenos non sei cantas toneladas de polbo, saborosamente condimentado. Na miña vida vin, nin comín, máis polbo. Dámonos o gran banquete e ímos dormir beatíficos a sesta á sombra das dornas, no curro.

Ás cinco saímos cara Cangas. Apenas unhas brazas de navegación, e chegamos á canle da Ouceta<sup>43</sup>, e principiamos a sufrir os horrores dunha navegación en serio. Mar de fondo, ceo anubrado, chubascos e vento W. Un temporal con todas as agravantes. O noso pobre barco dá uns cabezazos preagónicos, túbbase en todas as direccións; fai iso que, por dicírmolo dalgún xeito, chaman movemento de culler, que é como baleirar os figados dos propios tiburóns. Eu no creo que Vasco de Gama cruzase mar tan revoltó e dubido que a famosa tempestade sufrida por Cristóbal Colón fose nin unha caricatura desta. Isto é como para desexar o naufraxio dunha vez, con tal de vérense libres de tanto bailoteo e balbordo. Golpe de aquí, bandazo de alá, e agora que se afunde da popa e despois que o botaló pica na auga, e as ondas grandes, xigantescas, coma castelos, que nos levantan no sei ata onde e logo nos abandonan traizoeiramente deixándonos caer de súpeto de xeito que semella que os miolos van saír polo nariz. Sen embargo, só un “ultreia” se marea; os demais cantan e parolan como se aínda estivesemos no inesquencible baile de Ribeira. Non sei, non sei, pero é que á meirande parte deles isto aínda lles parece pouco. Pero que quererán estes Magallanes?

Por fin conseguimos dobrar Punta de Home, poñernos ao abeiro das Cíes e enfiarnos a ría de Vigo. Pasa a estribor o “Rezola número 2”, que nos saúda con tres longos asubíos. Alcanzanos ao pouco unha parella que vén coma alguén levada do demo e coa que competimos en velocidade e vencémola. O certo é que as nosas velas son moitas velas para unha pobre caldeira de vapor de esas que imaxinan os infelices enxeñeiros. As nosas velas!

Despois das oito atracamos no peirao de Cangas. Ninguén sabía da nosa chegada, daquela ninguén nos agarda, pero aos poucos minutos de chegarmos xa estamos rodeados de amigos e camaradas que nos agariman con toda caste de atencións. Vén saudarmos cordialmente o simpático alcalde que xa nonos abandona un intre. Ofrécenos unha gorentosa cea e un baile no campo de tenis. Abofé que é simpática, efusiva e amable esta xente de Cangas. Voltaremos algún día a demostrarnos a nosa gratitude, e tede en conta que na vida non hai nada tan auténtico coma a lembranza dos vellos e a esperanza dos mozos<sup>44</sup>.

### 13 xullo

En Cangas. Erguémonos tarde, a piques de dar as dez; onte voltamos a deshora do baile celebrado no campo de tenis e hoxe non tiña xeito de facernos espertar. Os camaradas de Cangas veñen buscar aos nosos rapaces e alá van, xuntos, a bañárense na praia. Voume a terra para facer provisiones e preparar unha boa paella: arroz, carne, pementos, chourizos e croques. Un entusiasta agasállanos cun cesto de patacas, outro unha botella de ponche, outro postais e fotografías da vila. Teño que dicir que esta xente extrema connosco as súas máis requintadas atencións.



Xa preto do medio día o patrón sorpréndeme cunha noticia verdadeiramente desagradable: na Axudantía non están dispostos a despacharnos o rol se non facemos efectiva unha multa de cincuenta pesetas imposta polo axudante de Bueu por mor de levarmos izada a bandeira galega. É de admirar este espírito inquisidor dos respetables señores axudantes de Mariña. Eu comprendo

## VIGO, EN LA RUTA DEL CRUCERO "ULTREYA"

No ignora el lector que bajo la advocación del nombre "Ultreya" —grito de los peregrinos al remar en Compostela su largo viaje—

Se agrupa la Galicia núbil, la de los rapaces todavía en los claustros de los Institutos nuestros, pero ya empapados de avidez por toda gallega inquietud, ávidos de mirar hacia adentro, para los problemas, los afanes, las ansias de la Tierra, con su pretérito glorioso y su futuro esperanzado.

Pues estos rapaces, alborada espléndida de la Patria, que cultivan parejamente la educación espiritual y física, aprovechan las vacaciones estivales para hacer un crucero por las rías bajas, a bordo de un balandro, en el que ellos son turistas y tripulantes a la vez.

Pero la excursión no es solamente turística. Al frente de los expedicionarios, vienen tres catedráticos de la nueva juventud universitaria: Parga Pondal, de Santiago; Martínez López, de Lugo y Alvaro de las Casas, director del

Instituto de Noya, escritor y orador consagrado y fundador de la orden infantil "Ultreya", para la que solo se exige vocación gallega.

En este periódico se ha comenzado a publicar, escrito por el propio "sobrecargo" de la flota, el diario de a bordo. Nuestros lectores, saben, pues, que la vida en el barco comienza a las seis de la mañana, con gimnasia, científicamente dirigida, y playa y baño, cuidadosamente vigilado. Y después, a navegar, con escala en donde haya un románico que admirar, una muestra de feldoro que recoger, una planta que clasificar o un ejemplar mineralógico que analizar. El periplo por las rías bajas se convierte así en un viaje pedagógico interesantísimo.

Vigo será visitado también por los "Ultreya". Y, a su debido tiempo, Vigo acogerá con la cordialidad desbordada de los demás pueblos visitados, a esta excursión tan simpática y promotora de rapaces gallegos.

*El Pueblo Gallego, 9 de xullo.*

o estado de ánimo dos respetables señores axudantes de Mariña e desculpoos: dunha banda é xente encanecida na vida do mar, xente que deixou a súa mocidade esfarrapada nunha longa vida de lendarias batallas navais, nas que non ondeou xamais esta bandeira azul e branca da nosa terra que eles chaman, alporizados, pirata; de por parte, é xente que malia a humildade das súas orixes, débelle á República seren equiparados ás escalas técnicas, e que se poidan relacionar de igual a igual cos mariños de escola, e é xusto, e demostra plausible gratitude, que estean dispostos a comerllelo fígado aos que ousen izar ao carón da bandei-



ra republicana outra calquera. O malo é que os nosos rapaces, estes simpáticos rapaces que nin por casualidade falan de política nin lles importa un pito este lío das bandeiras a cada axudante de Mariña ou cabo de mar que aparece –moi respetables meus señores– se alporicen e digan cousas tremendas. Impertinentes de... vaia, vinte axudantes de Mariña máis e aparecen en Galicia mil separatistas. E qué dirán a todo isto do seu respetable señor axudante os nosos queridos amigos de Bueu?

Pola nosa parte conste que, malia o susto, a lembranza que Bueu deixou en Nós non pode ser máis grata: as horas que pasamos alá, tan felices, non poden esquecerse doadamente. Abonda a conversa con que nos honrou o xenial artista Federico Ribas<sup>45</sup> para que esquezamos de vez estas torturadoras teimas regulamentarias dos señores axudantes, contramestres, cabos de mar, etc. Ás tres vén buscarnos o noso fraternal amigo Monge Otero co que



Faro de Vigo, 14 de xullo.



No xornal El Pueblo Gallego.



## Un periplo por las Rías Bajas

### ARRIBA A VIGO LA EXPEDICION "ULTREYA"

#### LA LLEGADA

Después de las seis de la tarde, con la oscuridad paulatina del día, hermanas en el dominio del mar, llegó a Vigo el buque que condujo a la zona, a la de las "Ultreyas", a través de un viaje un poco arriesgado, otro poco penoso y un tanto enervante. La tripulación, muy eficiente que capitaneaba, se alzó a la salida, en el momento de la salida, al tiro de las Casas y Martínez López.

A pesar del estado del mar, que a las seis de la tarde, "Ultreya" a las seis de la tarde, salieron a esperar a los expedicionarios numerosas embarcaciones del Club Marítimo, que tanta cordialidad puso en el recibimiento.

Las "Ultreyas", las velas de las piegas y el timón, el barco del Horno Gallego, atracaron al muelle del Club Marítimo, en donde las esperaba numerosas personas y representaciones.

Desembarraron, entre la multitud, un simpático.

#### UN REFRIGERIO DE HONOR

Después de ser saludados y de recibir toda clase de ofrecimientos, entre ellos una comunicación del Club Náutico, que puso a disposición de la unidad y oficial embarcada, sus instalaciones, los "Ultreyas" se dirigieron a "La Marisquería", en donde los galleguistas habían organizado un refrigerio en su honor.

Alegremente, los expedicionarios y sus esposas vigenses, en unión de otras personas, significativas, consumieron la cena sencilla y se dispusieron a regresar a bordo, para organizar la cena y prepararse a dormir placidamente.

#### UNA SORPRESA DESAGRA-DABLE

Pero no pudieron hacer ni lo uno, ni lo otro. La lluvia, que cayó persistentemente desde antes de su llegada, había inundado copiosamente las bodegas, imposibilitando todo intento de cocinar.

El episodio dejó un poco sobrecogidos a los "ultreyas", gentes

que, en verdad, han apenado, en su ruta arriesgada, a no sobrecogidos fácilmente.

Mas el conflicto pudo ser salvado merced a la gentileza del Club Náutico, que ofreció su terraza incondicionalmente. Se prepararon allí las colchonetas, que la lluvia había tenido la humareda de respetar, y en el local durmieron los alegres muchachos que no tuvieron alejamiento familiar o amical en Vigo, después de haber cenado en "La Marina".

#### UNA COMIDA INTIMA

Hubo que decidir a los intrépidos expedicionarios y catadriños, Martínez López y Álvaro de las Casas, pero que aceptasen la cena íntima que les fue ofrecida por algunos amigos de esta ciudad.

Y ambos destacados ilustres, que dirigen la expedición, se sentaron a una mesa cordial, después de asegurar el acondicionamiento de los rapaces que viajan a sus órdenes y bajo sus enseñanzas.

#### LA ESTANCIA EN VIGO

El mal estado del tiempo obligará seguramente a los "ultreyas" a alargar la ruta proyectada.

Hoy serán aún huéspedes de Vigo mientras se repara el bote y se decide su marcha.

En nuestra ciudad la llegada de los excursionistas, despertó la misma simpatía que van dejando a su paso por todos los pueblos que visitan.

### Cómo se conserva el pescado

Desde luego, el medio más eficaz es utilizar el hielo, pero en defecto de este procedimiento, se recomienda, para evitar la putrefacción, limpiar bien el pescado y colocar, en el lugar de las vísceras, una bolita con carbón.

Se asegura que, así dispuesto durante unas horas, gana en sabor y pierde todo olor desagradable.


**EL PUEBLO GALLEGO** en San Miguel de Reinante se vendió en la peluquería de D. Segundo Leitón

facemos unha excursión ao campo, ascendendo a un outeiro próximo desde o que dexergamos un panorama magnífico. Monge Otero, o noso introdutor, o noso padriño, o noso irmán maior destas fermosísimas terras, explícanolo todo con palabra afervoadada e emocionada.

Ás cinco visitamos o Círculo Mercantil onde me obrigan a dicir unhas palabras, e onde lles falo a un cento de mozos durante unha hora.

Ás seis, chovendo a caneiro cheo, sufrindo... un auténtico vendaval con frío que non merecen os peores días de xaneiro, saímos cara Vigo. Veñen a bordo connosco, Monge e unha dúcia de “Ultreias” de Cangas.

Bandazos, salseiros, chaparróns, etc.



*El Pueblo Gallego, 15 de xullo.*

## LOS ULTREYAS EN VIGO

Durante la mañana del día de ayer fueron muchos los viguenses que pasaron a bordo del balandro de los intrépidos y simpáticos Ultreyas, demostrándoles una vez más la vivísima y fraternal acogida con que se los recibió en nuestra ciudad. Especialmente los socios del Club Marítimo, se esforzaron por ser agradable a nuestros huéspedes, colmándolos de atenciones. También fue a bordo a saludar a los jóvenes universitarios el docto catedrático del Instituto de Almey señor Mllego — que accidentalmente se encuentra por Galicia — el cual prodijó los más entusiastas elogios a los expedicionarios.

Los Ultreyas almorzarón a bordo —ellos mismos salieron al mercado e hicieron la comida— dedicando la tarde a recorrer nuestra ciudad.

A última hora de la tarde arriaron solemnemente la bandera gallega y dieron por terminado el crucero, regresando los decididos jóvenes a sus respectivas localidades.

Hemos tenido ocasión de charlar largamente con los profesores Alvaro de las Casas y Ramón Martínez López que se muestran cordialmente reconocidos al recibimiento que Vigo les tributó. Nos relataron curiosísimas incidencias del viaje a través del cual tuvieron ocasión de comprobar el encendido galleguismo de nuestras rías en todos los puertos era acogida la bandera gallega navegante con ovaciones fervorosas y bienvenidas apasionadas.

Por nuestra parte reiteramos nuestras sinceras felicitaciones a esta admirable y ejemplar organización de Ultreya, que supo aprovechar quince días de vacación para estudiar gran parte de nuestro país y dejar, a través de su romántico itinerario, una estela de alegría, de simpatía y de alegría, que jamás podrán olvidarse. El rojo trisquel sobre los pechos moros sembró una noble y alta esperanza en la cual se refugian nuestros mejores deseos.

A medio camiño espéranos balandros, iolas, piraguas e nadadores que saíron ao noso encontro. Que emocionante proba de amizade e simpatía! No atracadeiro do Marítimo, malia este temporal de demo, agárdannos máis dun milleiro de persoas que acollen a nosa chegada con aplausos.

Benvidas, fotos, xantar na Marisquería, visita aos xornais, máis fotos, banquete na casa de Pepe. Cando ás once voltamos a bordo, para deitarnos, ai de mín! a adega está asulagada, a maior parte das colchonetas enchoupadas en auga e as mantas inserviles para todo servizo. Velaquí un grave conflito se non estivesemos en Vigo e non contásemos coa infinita xentileza dos nosos bos amigos os socios do Clube Marítimo. Grazas a eles, en menos que canta un galo, trasladamos ao seu local as colchonetas aproveitables e así quedamos perfectamente instalados.

Xa pode chover e ventar canto queira; nin as tempestades máis dramáticas nos asustan. Nós contamos coa amizosa hospitalidade do Marítimo e estamos a salvo de todo<sup>46</sup>.





## NOTAS - diario

1. Concello de Muros.

Todas as notas son do editor.

2. Convento franciscano de Louro, situado na parroquia do mesmo nome a poucos km de Muros, tanto é así que ata a exclaustación de 1835 adoita figurar como San Francisco de Muros. O frades volveron o ano 1870, continuado na actualidade.

3. Illa, tamén coñecida por Quebra, situada a curta distancia de terra firme, pertence á freguesía de Esteiro (Muros).

4. Freguesía de Sabardes, concello de Outes.

5. Enorme areal que queda descuberto en parte na baixamar, situado á entrada do porto de Noia.

6. O Testal.

7. Situada preto da desembocadura deste río. A central é unha interesante construción industrial, debida ao arquitecto Antonio Palacios.

8. Freguesía do concello de Noia.

9. O da igrexa parroquial de San Martiño de Noia.

*El Pueblo Gallego*, 7 de xullo de 1932.

10. Refírese ao monte da Enxa (Baroña, Porto do Son). Di Xurxo Lourenzo: *Primeiramente, domiñando*

## NOTAS

*aló no outo, a Enxa, que os de Muros chaman o Ens, grande teimo acotado nas cartas nos 543 ms de altitude (páx. 77).*

11. Porto situado á entrada da ría de Arousa.

12. Xornal madrileño.

13. Erro por Uxía.

14. *El Pueblo Gallego*, 9 de xullo de 1932.

15. Ou Coroso (Palmeira, Ribeira).

16. Monte Castro ou A Cidá, a un km aproximadamente de Ribeira. O dolmen de Oleiros fica no lugar de Axeitos da devandita freguesía (Ribeira). Foran estudados poucos anos antes por Fermín Bouza-Brey (“Estazóns prehistóricas da ría de Arousa. Anta e penedo grabado de Oleiros”, *Arquivos*, I, Seminario de Estudos Galegos, Santiago de Compostela, 1927), e o mesmo xunto con F. López Cuevillas (“Prehistoria e Folklore da Barbanza”, *Nós*, 46 a 59, 1927).

17. *El Pueblo Gallego*, 13 de xullo de 1932.

18. Era de Muros, Antonio Pérez Rodríguez.

19. Concello de Boiro.

20. Natural de Ourense, licenciado en Dereito, amigo de Vicente Risco e un dos fundadores da revista *La Centuria*. Incorporouse dende moi cedo ao movemento galeguista, colaborou en *Nós*, e residiu algún tempo en Rianxo. Foi “paseado”, aparecendo o seu cadáver na beirarrúa da estrada Coruña-Ferrol. Otero Pedrayo dedicoulle unhas páxinas no *Libro dos amigos*.



21. Rafael Dieste, natural de Rianxo (1899). Xa publicara *Viaje y fin de don Frontán* (1930).
22. Actualmente aínda existe a capela, pero queda no medio dos peiraos do porto.
23. O poeta rianxeiro falecera o 28 de xaneiro de 1930.
24. Así é como o publica, pero se o comparamos co que figura no libriño *Os nosos cantos* (Pontevedra, 1932, p. 10), detéctanse algunhas pequenas variantes, como por exemplo: Escocia por Scotia, Eirín por Erín, rei por pai, cisnes por ciños, de Damiáns por Dedaniáns, etc.
25. Membro da sección de Etnografía do Seminario de Estudos Galegos, rexentaba o colexio privado “León XIII” de Vilagarcía.
26. Os ultreias organizábanse en “ducias”, e cada doce “ducias” formaban unha “liña” á fronte da que estaba un “maor”. A IV liña correspondeía a Vilagarcía.
27. Era profesor auxiliar da Facultade de Filosofía e Letras, adscrito ás materias de Historia Universal e de España (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999. Vida e obra”, en *Antonio Fraguas Fraguas*, Museo do Pobo Galego - Fundación Antonio Fraguas Fraguas - Consellería de Cultura e Deporte, 2006).
28. Dous dos lugares do Ribeiro que teñen sona de moi bo viño, ambos na ribeira do Avia, concello de Leiro. Quedan preto de Esposende, de onde era a muller de Álvaro das Casas.
29. *El Pueblo Gallego*, 15 de xullo de 1932.
30. Vilaxoán, vila pertencente á freguesía de Sobrán (Vilagarcía de Arousa).
31. Xurxo Lourenzo fai a seguinte aclaración verbo dos agasallos: *A Nós déronnos pasta pra os dentes. Ao Casas xabrón* (pax. 82).

## NOTAS

32. *El Pueblo Gallego*, 20 de xullo de 1932.

33. Xurxo Lourenzo era moi afeccionado á música. O alalá de Lobeira foi recolleito antes de 1932 polos dous irmáns, Xaquín e Xurxo, na terra dos seus devanceiros:

*Quen me dera en Lobeira*

*quen en Lobeira me dera,*

*quen me dera en Lobeira,*

*Lobeiriña, miña terra.*

*Ai la la la la; ai la la la; ai la la la la la la la la la; la*

34. Investigara verbo dos cementos silicatados e os seus procesos de destrución no Zement-Technisches Institut der Technisches Hochschule, de Berlín.

35. Era o presidente da Sociedad Arqueológica de Pontevedra, precedente do actual museo provincial. Nacera en Redondela, en 1848, polo que xa pasaba dos 84 anos. Persoa de recoñecido prestixio e autor de varias publicacións.

36. Coruñés, nado en 1885. Foi o gran estudoso da nosa arte, ao que se lle deben varios traballos sobre diferentes monumentos. En 1932 xa publicara: “La arquitectura cristiana en Galicia”, “Protohistoria. Los castros gallegos”, “ Por las montañas de Galicia. Las casas del Cebrero”, “Reseña histórica de los monumentos y obras de arte que existieron y existen en Betanzos”, “Riqueza monumental y artística de Galicia”, etc.

37. Antecedente da actual Escuela Naval Militar, inaugurada o 15 de agosto de 1943.

38. Antonio Blanco Porto, foi un dos membros da comisión organizadora da Coral Polifónica de Pontevedra, sendo tamén o seu primeiro director, entre 1925 e 1940.

39. Un dos propietarios da fábrica de conservas “Massó”, de Bueu. Gran coleccionista sobre todo de libros e obxectos sobre o mar e a pesca. Actualmente a factoría está convertida en museo.

40. Estaba facendo manobras con outros buques de guerra en Fisterra e tocou fondo contra unhas rochas entre o illote Centolo e a costa, producíndoselle varias vías no casco. Os demais intentaron de o remolcar coa fin de varalo pero non foron capaces, afundíndose totalmente ás 8:45 do día 11. Salvouse toda a tripulación.

41. *El Pueblo Gallego*, 22 de xullo de 1932.

42. Froito da devandita estada é o seu traballo "A illa de Ons", que se publicará en 1934, nos números 131 e 132 de *Nós*. Nel reproduce algún debuxo de Xurxo Lourenzo, coma o sartego da illa do Crego, tomado das "Notas do meu diario arqueolóxico", p. 85.

43. Que separa a illa de Ons do illote coñecido por Onza ou Onceta, situado ao sur.

44. *El Pueblo Gallego*, 24 de xullo de 1932.

45. Na estada en Bueu non fai ningunha referencia a esta conferencia do artista vigués, colaborador asiduo nas revistas ilustradas, así como tamén nos xornais *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*, nos que publica sobre todo viñetas de carácter humorístico. Tamén sobresaíu como pintor.

46. *El Pueblo Gallego*, 30 de xullo de 1932.





NOTAS DO MEU DIÁRIO ARQUEOLÓGICO

XURXO LOURENZO



*Nós,* NÚMS. 124 E 125  
OURENSE, ABRIL E MAIO, 1934







N.º 124

Tomo 11



**nós**



CASTELA

# NOTAS DO MEU DIARIO ARQUEOLÓXICO

Por XURXO LOURENZO †

Foi unha neboenta noite compostelán de marzal de 1932. Preguntoiro enriba, Xurxo Lourenzo, Xosé Martínez López e mais eu andábamos a cismar en col de novos proieitos pra desenrolar nas nosas orgaizazóns de *Ultreya*. Propúxenlles un cruceiro con vinte rapaces, pol as rías baixas, a bordo dun pequeno pailebote. Aceitaron encheitos de emozón e dende aquele intre constituíronse nos executores mais afervoados da idea.

O primeiro de xullo, no *Xaquín Pez*, de trinta toneladas, figuémonos ao mar no porto de Muros, os tres compañeiros, vinte e dous rapaces e os profesores Ramón Martínez e I. Parga Pondal. Navegamos ao sul toda a nosa costa hastra o 15 que rematamos o roteiro en Vigo.

Naquela xeira, que espertou en toda a Terra aprausos unánimes, Xurxo Lourenzo foi o mellor irmán: sempre ledó, sofrido, traballador. Un exemplo no que todos nós reparamos e que todos nós temos de lembrar en recordo inesquecible.

No viaxe —primeira vegada que a bandeira galega ondeou no mastro dun navío, soia en rexo i-ergueito esprito nazonal— figuéronse estudos de petrografía, folklore, economía, etc. Veleiquí, en Xurxo Lourenzo, o diario dun arqueólogo mestre xa na frolos sus vintecatro anos.

Lédeo os eruditos co intrés con que se colle unha páxina, en boa parte, de descuberta; lédeo os amigos co a emozón da diada mais sentida, escrita por aquele que foi o irmán mais adicado e xeneroso; lédeo os patreotas co a mesma fonda e rexa fé que ele tiña nos longos destiños do noso pobo. *Ultreya*, ao faguer tamén seu este homenaxe ao ilustre malogrado, agarda, fidel á lembranza benquerida, o intre no que poder levar outra vez a bandeira da Patrea consagrada en xesta liberdadora pol o mesmo roteiro no que a levou Xurxo Lourenzo brilantes os ollos na espranza, inquedo o peito no desexo, tremente o corazón na cobiza.

ALVARO DAS CASAS.

Non comencei eu ista xeira, dito seña en descárrego da miña concencia, co-a teima de faguer un inventario máis ou menos compreto de todol-os materiaes arqueolóxicos espallados pol-a nosa roita: Eu fun somentes a «ver peisaxe».

Ésf, o interés que lle prestei á arqueoloxía, non foi escrusivo: agora, hei de apuntar somentres aquilas cousas que pra mfn foron de novidade e



Punta de Cavío

que coma tal ficaron, anotadas no meu carnet ou croquizadas no meu blok.

Torres Caplane, Astorga, Penas, foron os máis cotiamente interesados por estas cousas: nos seus kodaks han de atopar a saudade das nosas xeiras e descubrimentos.

Casado, o xeólogo, foi o compañeiro dos castros lonxanos e dos picoutos remotos.

**MUROS.**—1.º de Sant-Iago; a estrada de Corcubión desenrolase de vagar por diante de nós deica perdérese escurecida na mole augusta do



O Monte Louro

Monte Louro, cuia cume, cansa de ver tanta terra e tanto mar, agálfase por antre borbollóns de núbens e de vento.

Ao seu pé escurécese o mosteiro de franciscáns; cativa cofradía que chantou alí seu niño de pedra: homildosa traza, corte popular, co seu pequeno claustro de pilastras rectangulares e treitos de artesoado aldeán.

Elí deberon locir outros soles: anacos de capiteis e de fustes de sabor románico pérdense, aproveitados ao descuido antre as armaduras dos muros e baixo as lousas dos cruceiros.

Ouservamos unha curiosa fonte, de tipo popular, adicada á Virxe.


O século XVIII barreu das paredes exteriores da pequena eirexa as ornamentacións que o gótico, un gótico típicamente galego pol-o romanizado, debeu de ter esculpido. Vense, en troques, no interior unha soia nave, con cuberta de madeira e ouso rectangular de bóveda apuntada; o arco trunfal, de perfil moldurado, descarga en columnas de capiteis con ornamentación vexetal o da esquerda e hestoriado o da dereita, fustes lisos e basas áticas.

Os franciscáns amostraronnos as suas miudas xoias e reliquias. Todo é alí tosco, rectangular, forte como a costa que o domina. O viño de misa, non; abofé.



Eirexa de Muros.—Mocheta da dereita do arco trunfal

Nós quixemos ver a sesiga de D. Diego, o patricio da Nosa Universidade. Elí esbárase; un arco cruza no silencio da catívez. No chán pol-as portas, os propietarios esculpían as insinias do seu oficio: o peixe, as chaves, o anzó, e mil outras sinaes dinas de sere atopadas nas roquedas de un monte.



insculturas nas rúas de Muros

Ímos cara á Colexiata, mail-os rapaces p'fíense a comer cereixas.

Un velliño dime: En canto que se capa non se asubía.

I-eu tamén me poño a comer cereixas.

\* \* \* \*

Eiqui teñen os carros unha peza nova, de ferro, chamada *tuerca*, que

engancha ás treitoiras por baixo do eixe.

O dono do carro escamouse un pouco dos nosos inquéritos.

\* \* \* \*

S. Pedro de Muros. Eirexa Colexiata. Exemprar típico, catálogo de todol-os estilos da arquitectura.

A traza vella foi románica; reconécese na desfeita porta e no desfeito tímpano. A rosa conservase millor. Os capiteis son foraes; as basas teñen garras e a dereita está hestoriada. Conserva algúns canicelos do tempo.

Á veira fica o barroco, na ancha torre de redondas pracas.

No ousó está o gótico, co-a rachada fiestra de arquivoltas dentadas.

Dentro téñ pilares de dúas e tres columnas, con capiteis de fitaria e arcos apuntados. Outros capiteis teñen representacións animaes. Nas basas, áticas, lémbrense as garras.

A cuberta central é de madeira, mail-o ousó i-as capelas lateraes están abovedadas en cruceiría.



Cruz anseixa da Eirexa de Muros



As portas e sepulcros teñen arcos apuntados con arquivoltas dentadas. N-unha das primeiras hai unha inscrición que a premura do tempo impideunos lér.

Hai unha colección de curiosos relicarios, cuia feitura lembra ao Sant-Iago Alfeo Compostelán.



111 da Igrexa de Muros

Vel-eiquí unha magnífica eirexa, digna por todos conceptos de un estudo detido e completo.

A nós, hoxe, estanos chamando o mar...

### CORRUBEDO.

—Ímos por Corrubedo. A man do vento desenrola a presa unha maravillosa sucesión de montes e de curutos.

De *teimos* e de *piruchos*, mais ben dito, por ficar na fala do país.

Ao pasar por fronte do Son, á súa man esquerda, diviso unha eirexa que me parez tér ouso románico. O patrón dime que é a de Caamaño. Eu non-o sei.

Hai un esprendido encadeamento de Castros. Figura increíbele

ô maxinar tal número en tan pequena extensión de costa.

Primeiramente, domiñando aló no outo, a *Enxa*, que os de Muros chaman o *En*, grande teimo acôtado nas cartas nos 543 ms. de altitude, e que tén dous recintos de pequeno diámetro, chamado á *Atalaia*, o superior.

Embaixo, arrodeado pol-as augas, aparece o perfil cortado e penedoso do Castro de Baroña —cua citania está actualmente en excavación—.

Mais endiante o Castro de Queiruga ou punta do Castro, todo fl cultivado.



Eiquí, n-unha destas praias apareceu a famosa lápida de Queiruga, que figurou na exposición compostelán do 1909.

No fondo, por baixo dos dous *teimos*, o *Grande* e o *Branco*, a fantástica punta do *Coto do Castelo de Craba* de extraordinarias formas e con defensas naturais de grande outura.

Despois o *Outeiro do Castro*, acobillando ao pobo de Portal.

Aló o *Monte Taume*; após o *Monte Facho*...

Por toda a costa parecen divisarse anacos da vía román *per loca marítima*.

É unha pena o ir deixando detrás de ún, eisí ao voo, tanta cousa...

A curva da Barbanza pérdese por este lado suavemente no mar, pechando no hourizonte co-a minúscula masa do faro.

Eu saúdo co-as verbas do poeta:

O faro de Corrubedo  
co seu ollar largasfo  
ai amor, púxome medo.

Ademáis a nosa Nao tamén vai leda; tamén leva na proa os nosos corazóns.

\* \* \* \*

Os Penedos de Sagres, co-a sua estrana brincadeira, fantástica procesión de brancas bruxas, o frade e mail-a monxa, o paxaro... fainos esquencer por un momento a enormidade das curvas da Barbanza.

**RIBEIRA.**—Doblamos a Punta Airó. O primeiro que me chama a atención n-esta outra banda da Barbanza, é o Castro do *Monte de S. Alberto*. Enriba tén unha capela. As suas tellas teñen virtude na dirección dos ventos.

\* \* \* \*


Ímos ver a Anta de Oleiros, cos seus penedos insculturados. Fanse fotografías.

Ningún rapaz sabía cal era o nome galego dos dolmens. É outra pena.

Litoral desde o Testal deica Corrubedo



De regreso de Oleiros rubimos ao *Monte do Castro*, chamado correntemente *A Cidá*. Conserva restos de citania moi abundosos, cinguidos por



forte muralla, cuias duas portas son aínda recoñecibles, e téñ tres grandes recintos.

Voume pra mensurar, mais lémbrañme que xa Cuevillas e Bouza Brei teñen falado de íl. Recoñecemos as mámoas da súa falda. Voltamos pra Ribeira levando nos ollos a espuma de istas paisaxes de lenda.



Anteíxa no outo do arco trunfal da Eirexa de Murros

ñen o orgulo das vellas de miriñaque, que non é orgulo; é hestoria.

Os penedos de Sagres fixéranos esquecer a Corrubedo: as empanadas mariñáns de Ribeira, fannos agora esquecer de todo.

**RIANXO.**—Rianxo é o pobo dos Pazos. A arquitectura civil téñ eiquí unha importancia e un desenrolo insospetados: en cada rúa, en cada calixón, non falla o grande edificio, de blasoadas portas, que asoballa co-a súa mole ás demais casañas, empequenecidas.

Non vñ ningùn que tivese as fiestras abertas: os pazos de Rianxo teñen o orgulo das vellas de miriñaque, que non é orgulo; é hestoria.

A eirexa aparece dina dos edificios que a arrodean. Gótica de transición, cos seus arcos apuntados con arquivoltas de bolas e co-as súas portas de arco tudos con decoración floral.



Illa de Rúa


No ouso tén unha cruceiría sinxela e unha única nave dividida en catro treitos.

Rianxo tén pra nós grandes saudades: Ela era a terra de Manuel Antonio.

E sobre todo é a terra do noso Castelao.

**CAMBADOS.**—Hoxe é día 9; tantos son os que levamos en roita: Dende a cume do Monte da Pastora divísase todo o noso percorrido.

Fariña asegura que iste monte non tén folclore; mais as características



O Faxaro

O Frade e máis-a Monxa

disposicións non deixan lugar a dúbidas encol da súa autenticidade como Castro. Eu quíxeno mensurar mais o Fariña prometéu facelo n' dispacio. Ímos ver si cumpre a súa verba.

Na faldra do monte están as ruiñas inquedaes, anguriosas, da Eirexa de Santa María, Sepulcros que perderon as lëndas, altares cheos de hortigas,

hornacinas refuxio dos lagartos, portas que abren ao infinito, arcos que sosteñen ár...

É unha pena... É a terceira pena do meu diario...



Portonovo, Cruceiro no Campo de San Roque

de un carro co-as rodas pintadas de bermello. O xugo tíñao adornado con

**AROUSA.**—Tiña ganas de chegar a Arousa, movido pol-as recentes novas da descuberta de un cemiterio.

Fumos aló: foinos doado dar co-il guiados pol-as indicacións de uns rapaces que andaban co gando.

A descuberta fíxo a un mozo que ergueu unha das grandes e irregulares lousas que cementaban o chán, atopando unha grande figura emburullada n-un suario branco dentro do buraco. O mozo colleu moito medo i-a pantasma desapareceu con grande bruido.

Hoxe están abertas a maoría das sepulturas e xa un pouco esnaquizadas: semellan feitas de lousas de variable forma e grandor, que lle fan tomar aspecto sensibelmente antropeide. Recollín uns cantos anacos de tellón, de tipo barbarizante, con veiras reviradas e sinales dixitais no dorso. Paréceme unha cousa bastante avanzada.

Dinnos que no faro gárdanse restos de esqueletes atopados alf. A premura do tempo non nos permite rematar as nosas ouservacións.

No regreso camiñamos á veira

cruces e salomóns. Os carreteiros repetíronnos a hestoria da descuberta do cimenterio.

**O GROVE.**—Istes pobos sementados de auguistas son de unha parvice incomensurable: no Grove deixáanse sentir as proisimidaes da Toxa.

Casado i eu marchamos carreteira enriba i aparelamos c-un cativo que fa c-unha botella de viño na man. Falamos: O monte aquí outo que se divisa aló enriba, chámase o Monte da Vila. Nós apreciamos o contorno de dous recintos prolongados de L. a W. Dínos o rapaz que alí viven os mouros e que teñen enterrado un tesouro moi grande misturado con barras de veneno. Pol-o visto apareceron alí olas de barro cheas de terra.

O noso rapaz opina, non embargantes, que no Monte da Vila non hai ouro nin rén, i en troques que onde se atopa aos couces é no Monte da Siradela, que está nas terras veciñas á praia da Lanzada. Elí atópanse os puñas de ouro espetados no chán. A causa de ista abundancia é que n-il estiveron os mouros moito tempo. Mais istes mouros, i esto coidámolo interesante detalle, non fican sin localizar no tempo, senón que o rapaz dínos, esplicitamente, que chegaron ao Monte da Siradela «cando os homes viñeron por primeira vez a Hespaña».

Fique o dato adicado ao mestre Risco e aos seus mouros encantados i encantadores.

\* \* \* \*

Na Toxa son os auguistas o único material ouservabele.


A nós deronnos pasta pra os dentes. Ao Casas xabón.

**PORTONOVO.**—O pobo está edificado nas faldras de un coto, rematado por unha grande chaira nomeada «Campo de S. Roque», que fica a 41 ms. do nivel do mar, e que téñ enriba unha pequena hermidia c-un cruceiro. Todos facemos deseños. Castelao meteu-nos no corpo a cubiza dos cruceiros.

A mún o monte parece un vello castro, xa sin restos de fortificación visíbeles.

As casas que fican na ladeira N. forman o barrio da «Coba»; as do W. son as da «Atalaia».

Fumos beber a unha fonte que hai por baixo do barrio da Atalaia: elí unha vella escamona díxonos que perdíamos o tempo en buscar ouro, porque



Castro Libureiro

o que había, que estaba n-unha grande mina, levarono xa uns vellos fai moitos anos. Nós, buscadores de ouro fracasados, tornamos cara o noso veleiro co rabo antre pernas.

**BUEU.**—Xa dende o mar divisamos, no perfil do Morrazo, un grande picacho; o patrón púxolle o nome: é o monte Libureiro. Mais

à esquerda, peito do mar fica o Castro de Ardán, parexa de Castros de moi análogo perfil.

Os rapaces xa comenzan a se bulrar de isto dos Castros; en canto que se divisa ún no hourizonte, a voz corre de un en outro con grande barullo: ¡Outro Castro, outro Castro!...

Casado i eu fúmonos tomar un taco a unha tasca do porto con ánimo de tirar conversa. O taberneiro non é de Bueu sinón de Loira, e non sabe ben de istas cousas: íl coñeceas somentes por conversas de un seu vecino, o tío Diego, de Loira, que é un vello moi enteirado.

Non embargantes, e pouco a pouco, foinos contando como no coto de Ardán hai un castelo que é obra dos mouros, e como tamén perto de íl, à veira do mar, eisiste un grande e tenebroso burato, o «Santo do Mar», que comunica por un tunel con outro grande burato que hai por riba do Castro.

\* \* \* \*

Un día soubose pol-o libro de San Cipriano, que no Castelo de Ardán había un tesouro i entón cinco vellos foronse ao Monte en pos de íl.

Mais de repente saúlles o Demo con todo o seu aparello de tronos, terremotos e brúidos: os vellos pintaron no chán un circo Salomón e meteronse dentro: o Demo entón, preguntoulles o que buscaban e íles responderon que



querían diñeiro: Íde por él ás arcas reaes —respostou o Demo— porque pra que eu vol-o dea, é preciso que me traiades unha persoa en troques.


Marcharon os vellos e teimaron por levar ao parvo do lugar mais iste enganounos e non foi. Ao fin conseguiron bulrar ao Demo c-un gato, e apa receulles traguendo un carro cheo de diñeiro. Mais un dos vellos, ao ver tanto carto xunto, non pudo conterse i escramou: ¡Alabado sea Dios, xa somos ricos!, e o Demo desapareceu con carro e todo.

\* \* \* \*

Os rapaces orgaizan un partido de fútbol; namentras, nol-os dous marchamos pol-a carreteira de Cangas a Beluso, camiño do Monte Libureiro.

Denantes de sair do pobo dixeronnos unhas vellas, que no Libureiro hai uns mouros que teñen enterrada unha mina de ouro e outra de veneno.

Pol-o visto istes mesmos mouros foron os que fixeron a Eirexa de Valado, habendo moita xente que os ten visto ir a ela a «tomar posesión». Por



Castelo de Ardán

máis que fixemos, as vellas non poideron espricarnos o significado da súa frase.

Mais endiante topamos c-unhas mozas que viñan cantando pol-a carreteira i-aconsellaronnos que non rubisemos ao Monte porque elí hai uns buratos en que viven enanos que comen á xente e que fan moito mal: nós, non embargantes, emprendimos valentemente a ascensión.

Ao monte chamanlle uns «Monte Curuto», outros «Castro Libureiro», o certo é que n-un moxón que hai n-il, perto ainda da carreteira, leese *Coto de Aldao*, e que iste é o nome da parroquia a que pertence.

As mensuras do Castro son enormes, mail-o curuto, formado pol-o recinto superior, sô mide 12 metros no vento N. S.

O altímetro marcou 331 metros.

Os horizontes son a meirande maravilla que se pode imaxinar: eu coñezo os sitios estratéxicos, renomeados pol-as suas peixaxes e non coído que haia n-estas costas lugar igoalable. Dende fl contemplase toda a nosa roita.

No N. a costa escurecese dibuxando as masas do monte Louro e do Miñazo, rematando no Fisterre que mete a testa na i-auga como un enorme



Illa da Creba

cetáceo. Dende elf, esténdese por todol-os ventos do W. o confuso remate de un inmenso horizonte atlántico que dilata a súa curva deica se perdere nos Montes do Cereixo e nos penedos do Silleiro. De N. a S. pol-os ventos do Leste, sucedense escalonadas as bocas das catro grandes rías, separadas por tres enormes penínsuas, a derradeira das coaes, ocupa o noso estratéxico mirador. Sálvora, Ons, as Cfes, dibuxanse nítidamente encol do chán relumeante do mar.

Dende o SL. e deica o N. rube un infindo encadeamento de picachos e montanas. Pol-o fondo da ría de Vigo, cheganse a contar 15 términos do



Illa do Crego (Ons)


horizonte, pechado n-unha remotísima lontanía pol-as serras do Ceixo e do Suido.

\* \* \* \*

O Castro tén varios recintos, todos con terrapléns amurallados en bó estado de conservación. Nas faldas conserva unha chea de tapadas, de aparello ruín, e

de caprichosas formas. Toda a superficie está chea de pedras miudas e parecen recoñecerse restos de vivenda.

A cume tén sido escavada, con moi mal acerto, e dícenos que o escavador atopóu moedas románs. Nos cortes que se conservan da escavación, pódense recoñecer, encol de un piso de pedra natural, outro de pedra e terra de factura artificial. Enriba tén un chán de terra no cal se recoñecen restos de cerámica lisa ou con decoración sinxela, de tipo castrexo. Na súa parte superior hai un terceiro chán formado por tellóns de seición roxo claro, de arcilla, con inclusións de areas de cuarzo, de tipo bárbaro ou moi romaniza-



Castelo dos Mouros (Oua)


do, que presenta ás vegadas un lixeiro reborde nos extremos. Todos estes cortes fican cubertos por unha capa de terra vexetal de 20 cms. de espesor.

Escurece e aos nosos pés brilan xa as luminarias de Vigo. En Bueu agárdanos un baile e baixamos a presa.

**ONS.**—En Ons hai dous Castros: a nós deronnos noticias de mámoas e de camiños cubertos, mais non poidemos comprobalos.

En troques vimos a «Illa do Crego», que é un penedo apartado uns 50 metros da costa, que téñ esculpido no seu curuto un sepulcro antropoide de 1'80 ms. de lonxitude, rematado por unha cruz de pedra, mais moderna, chantada na parte correspondente á testa. Non lle acadei folclore ningún.

Somentes poidemos, debido á premura do tempo, visitar un dos Castros: iste foi o *Castelo dos mouros*, situado ao SL. da Illa e do cal se fixeron planos mensurados. O que eiquí vai é o de Torres Caplane. Téñ un sô recinto



Fortificación da Illa de Ons

de superficie sumamente inclinada, é un antecastro, cujas vertentes deféndeno naturalmente pol-o L. e N. No S. e W. fica separado do monte por un profundo foso.

Ao parecer non téñ máis folclore que o que se deduce do seu nome.

Rascando no chán tiramos un grande anaco de tellón, de tipo moi romanizado é análogo aos outros fragmentos atopados na costa.

O outro Castro chámase o *Coto da Coba do Lobo*, téndo tradición de vivendas, e sendo cicais o máis interesante da illa.

Eu só poiden anotar os seus perfis, xa dende o mar.

Eiqul rematan as notas do meu diario arqueolóxico. Ben sei que non tén rén de comrepto, e moi pouco de interesante; ben sei tamén que a miña atención polarizouse escesivamente, esquecendo outros motivos de percura e adicándome máis ás cousas da arqueoloxía e folclore castrexo. Mais repito eiqul o que denantes dixen: non foi a miña intención fundamental outra que a de un mero espectador, e moitas veces, os Castros, as Eirexas, os vellos informadores, fuxían da miña atención pra se fundir na totalidade de un panorama. Velehí a razón das miñas notas sin rematar.

E si hai alguén a quén isto lle non pareza nin centífico nin siquera práctico, respostareille co dito do vello de Muros:

«Namentras que se capa non se asubía».







## NOTAS

A continuación insírense varias notas aclaratorias para a mellor comprensión do texto, así como tamén algunhas reseñas bibliográficas da época.


---

**76:** *a sesiga de D. Diego:* O sartego de Don Diego III de Muros, a quen encargaron os Reis Católicos a creación do Hospital Real de Santiago, e tamén foi o principal fundador do Estudo Xeral Compostelán, orixe da Universidade Compostelá.

**76:** *No chán pol-as portas, os propietarios esculpían as insinias do seu oficio: o peixe, as chaves, o anzó...:* Daquela aínda había pedras nas rúas de Muros con marcas gremiais ou de propiedade, como as que aínda se poden ver no cemiterio de Santa María a Nova de Noia. Tratábase de tampas de defuntos que foran empregadas para lousar as rúas. Sobre as de Noia:

GONZÁLEZ PÉREZ, C. / XOGAINA, S.: *La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia*, Deputación Provincial da Coruña, 2003.

**76:** *Eiquí teñen os carros unha peza nova, de ferro, chamada tuerca, que engancha ás treitoiras por baixo do eixe:* O eixe do carro xira entre as catro treitoiras que baixan da cheda pero en varias comarcas, como na de Muros, algúns veciños metíanlle un ferro ou parafuso grande atravesando cada par, para que aínda que virase o rodal non saíse do seu sitio. As treitoiras tamén se coñecen por trentoiras, apeladoiras, etc.



A “tuerca” suxeita as dúas treitoiras (debuxo de R. Marín, 2006)

**77:** *Hai unha colección de curiosos relicarios, cuia feitura lembra ao Sant-lago Alfeo Compostelán:* Que representan a cabeza do santo ou da santa dentro da que se gardan os restos, que non teñen porque ser precisamente da cabeza.

**77:** *Castro de Baroña —cua citania está actualmente en excavación—:* Os primeiros traballos de escavación leváronse a termo no curso 1932-33. Un dos que tomou parte foi seu irmán Xaquín, aproveitando o tempo libre para recoller a nomenclatura das dornas da zona: “As dornas do Porto do Son”, *Nós*, 126-127, 1934.

**78:** *Lápida de Queiruga...:* Magnífica placa funeraria de mármore branco que serviu de ara ata 1750 na igrexa parroquial de Queiruga (Porto do Son). Dende 1822 fica no interior do templo, á dereita da porta principal.

**78:** *Vía román per loca marítima:* Non se

sabe de certo o trazado da dita vía, pero non faltan historiadores que supoñan que podería seguir a costa, sempre próxima ao mar.

**78:** *Os Penedos de Sagres:* Situados no extremo da península do Barbanza, onde empeza a ría de Arousa, Aguiño (Ribeira).



**A lápida romana de Queiruga**  
(Debuxo de R. Marín, 2006)

**78:** *Castro do Monte de S. Alberto:* Ou San Alberte, freguesía de Artes (Ribeira). Cando ameazaba temporal as mulleres dos mariñeiros subían ata a capela a cambiar a dirección das tellas, para que o santo fixese favorable o vento aos que andaban no mar.

**78:** *Anta de Oleiros:* Dolmen situado no lugar de Axeitos, freguesía de Oleiros (Ribeira).

**80:** *era a terra de Manuel Antonio:* O poeta rianxeiro autor *De catro a catro* falecera pouco antes, o 28 de xaneiro de 1930. Os expedicionarios fixéronlle unha ofrenda floral na súa tumba, como di Álvaro das Casas no *Diario de a bordo*.

**80:** *Fariña asegura...:* Luciano Fariña Couto, natural de Cambados, que colaborou con Xurxo no artigo “Tres estazóns de arte rupestre da Serra de Leboreiro” (1933).

**81:** *Eirexa de Santa María:* Erro por Santa Mariña. Refírese ás ruínas da igrexa de Santa Mariña Dozo (Cambados).

**81:** *novas da descuberta de un cimiterio...:* Trátase da necrópole de San Cristovo de Aobre ou Vista Alegre, sobre a que se publicaran por aquela época algúns traballos, entre outros: J.N.B.: “Achádegos arqueolóxicos”,


*Nós*, 5, 1921; H. OBERMAIER: “Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, VII, 1923.

Houbo varias descubertas, sendo unhas das principais en 1927 co gallo de obras no porto. En 1940 apareceu unha ara romana dedicada a Neptuno. Bibl.: BOUZA-BREY, F.: “O castro de Aobre e os contactos entre a Bretaña e a Galiza na época romana”, *Homaxe a Florentino L. A. Cuevillas*, Vigo, 1957.

**81:** *un carro co-as rodas pintadas...:* Nalgunhas comarcas —como na de Vilagarcía de Arousa— daquela había o costume de pintar de diferentes cores algunhas partes do carro, en particular as rodas.

**82:** *O xugo tíñao adornado con cruces e salomóns...:* É dicir, coa estrela de Salomón, á que se lle atribúen grandes poderes contra o demo, o mal de ollo, etc. Bibl.: X. Lorenzo Fernández:

“A arte popular nos xugos da Galiza”,  
*Trabalhos da Sociedade Portuguesa  
 de Antropologia e Etnologia*, VII, Por-  
 to, 1935.



Estrela, salomón e cruces en xugos  
 (debuxo de Xaquín Lorenzo, 1935)

**82:** *Campo de S. Roque... que tén enriba unha pequena ermida c-un cruceiro...:* O cruceiro, do que publica un deseño na páxina anterior, representa á Virxe do Socorro, iconografía mariánica que ten como punto de partida a imaxe que o ano 1658 se entronizara na igrexa do mosteiro compostelán de San Martiño Pinario: a Virxe terma do Neno co brazo esquerdo, mentres

que na man dereita ten un garrote co que malla no demo que fica aos seus pés.

**82:** *Castelao meteunos no corpo a cubiza dos cruceiros...:* O artista rianxeiro levaba varios anos traballando verbo dos cruceiros, e xa publicara *As cruces de pedra na Bretaña* (1930), pero a súa gran obra aínda tardaría moitos anos en saír por culpa da Guerra Civil, *As cruces de pedra na Galiza* (1950).

**83:** *Monte Libureiro:* Entre os concellos de Bueu e Cangas.

**83:** *Castro de Ardán:* Na parroquia do mesmo nome, concello de Marín.

**83:** *Santo do Mar:* Refírese a un illote no que hai as ruínas dunha capela dedicada a San Clemenzo, que algúns investigadores identifican coa que nomea o xograr Nuno Treez: *San Clemenço do mar / se mi d'el non vingar, / non dormirei...* Pertence a Ardán (Marín).

**83:** *libro de San Cipriano*: Tamén coñecido por “Ciprianillo”. Nalgunhas edicións figura unha relación de tesouros de Galicia.



**Círculo de Salomón**  
(dunha edición do Ciprianillo  
de finais do s. XIX)

**83:** *pintaron no chán un circo Salomón...*: Consiste nun círculo coa estrela de Salomón. Ao estar dentro del o demo non pode facer mal.

**84:** *Ao monte chámanlle uns “Monte Curuto”, outros “Castro Libureiro”...*: Entre os concellos de Bueu e Cangas. En 1928 leváranse a cabo traballos de escavación na coroa da acrópole:

apareceron tres aras romanas, restos cerámicos, moedas, fíbulas, muíños de man, etc.

**84:** *Eirexa de Valado*: Non existe ningunha freguesía na zona con este nome. Coidamos que se refira a algunha capela que hai ou houbo no lugar así chamado da parroquia e concello de Bueu.

**84:** *Castelo de Ardán* (ilustración): Castro de Ardán (Marín).

**85:** *monte Louro e do Miñazo*: Monte Louro (Muros), Miñarzo (non Miñazo), freguesía de Lira (Carnota).

**85:** *Illa da Creba* (ilustración): Na ría de Noia e Muros, pertence á freguesía de Esteiro (Muros). Esta ilustración debera ir ao comezo do diario.

**85:** *Montes do Cereixo*: Parroquia de Couso (Gondomar).

**85:** *nos penedos do Silleiro:* Cabo Silleiro, Baredo (Baiona).

**85:** *Serras do Ceixo e do Suido:* Refírese ao monte do Seixo, no Cerdedo e A Lama (Pontevedra). Serra do Suido: sistema montañoso entre os concellos de Avión (Ourense) e Fornelos de Montes, Covelo e A Lama (Pontevedra).

**85 e 87:** *Illa do Crego (Ons)* (ilustración): É unha pena na que hai un sartego tallado que se descobre na baixamar, situada a uns 50 m da costa polo Leste. Tamén se coñece por Laxe do Crego. Álvaro das Casas en “A illa de Ons” (*Nós*, núms. 131-132, 1934), ademais de reproducir o deseño de Xurxo Lourenzo, escribe: *A tradizón dí que antigamente a terra adiantaba ainda ben mais da laxe, e que neste lugar había un fermosísimo mosteiro que se esborrallou “cando os franceses”.*

**88:** (Ilustración): Ex libris dos irmáns Xaquín e Xurxo.





CINCO ARTIGOS DA ÉPOCA



## ANAUDOS ULTREYAS

Cecais hoxe, ista mañán, co primeiro locir do día no lombo das ondas, terá saído de Muros a náu argonáutica dos Ultreyas. Do Muros céltigo asucalcado xardín urbán na aba do monte vixiante, do Muros cuias donas teñen un andar de “mermaid”, do Muros aínda cheo da lexendaria épica das antergas navegazóns a vela, da vila que ten ancorada diante o bruar atránteco a insoa de soedade do Monte Louro. Experimentamos unha saudade non privada de envexa. Nos eiquí alapeados no cerne da meseta mais pol’a incomprensión que pol’o sol trunfal aínda queimante de intransixenza. Eles, os mociños, os Ultreyas a esperanza frocida da Galiza, navegando, a yalma resoante de cósmecas e raciales armuñías. Eiquí, n’iste intre a envexa nosa pode ser perdoada.

Os Ultreyas, os da Beiramar e os do centro da Galiza, van recibir co iste viaxe o doutorado espirtoal sumo da galeguidade na Universidá da mar e da costa. Os ollos e os anceios galegos, como os ríos da Terra, viven dende os orixes alagados de océano e de Oucidente. Como nas serras latexa un arelar de se deitar na onda en rexa figura de esculturado promontoiro, como os vales deixanse morrer gostosamente franqueados no seo materno das rías, a yalma galega fleta no ensoño e no pensar, as naus, proa ô infindo, das descubertas. Deica onde chega a nuben e a orballeira mariña, chegan os marcos materiaes da Galiza, e ela, a Nosa Terra, perfeizoa seu paisaxe na Beiramar. Os Ultreyas, finado o curso, pra folgar galegamente, fán iste periplo revelador, ô largo d’un arco da nosa costa. Mirarán ô vello cabo onde Pondal mirou a imaxen prometeica e tráxica do destino, mirarán as Illas arrincadas a Terra pol’os bicos amorosos da mar, e pousados os ollos no branco vagantío das praias e no paralelo decorrer das serras e das ondas, sentirán a presenza material da Galiza eterna, guiada pol’os Faros simbólecicos e pol’os Fachos adustos, na noite acesos de lumes estelares.



Ramón Otero Pedrayo.

Xuventude, veciñanza da fonte primeira, vibrazón de inmorrente enerxía, paixón saudosa medida e aproveitada no esforzo, enxebre falar mariñeiro, peitos e curazóns finchados como velas pol'o alento da Raza, técnica sinxela e eterna do náuta, e do pescador, todo isto cantará na yalma dos Ultreyas como canta o vento nas furnas e nos piñeirales. Dende a mar a fisiognomía da Galiza xurde crara e sin dúbidas, c'a sua enerxía espranzada dos Ultreyas, dos chamados a faguer a redenzón galega, ca benzón dos bardos precursores, da aldeia, e da mariña, ca intensa benzón da sua concenza galega.

Honra pra quen soupo avencellar ôs mociños no ordre dos Ultreyas. Co eles, navegando pol'os roteiros da mar de Amadís, o berro litúrxico dos pelegrinos da vía Francígena, recibe o baptismo da mar. No seu branco barco, navegan engayolados nas velas e nos paos, nosas millores espranzas. E cando, pol'a noitiña, chegando ô peirao amigos, os rapaces Ultreyas entoen de concerto cas ondas, as estrofas bari-les do Hino Galego, seu canto resoa, ô lonxe, vencedor de montes, de mesetas, e de incomprensiós nos peitos dos que en Madrí –Castelao, Villar Ponte, Picallo, e moitos outros bós e xenerosos– sentimos queimante a febre da saudade.

**R. Otero Pedrayo<sup>1</sup>**

## O DECÁLOGO DE ULTREIA

Pregúntannos moitos lectores que significan na vida de Galicia os flamantes grupos Ultreia, creados en Noia pola inquietude de Álvaro María das Casas e rápidamente difundidos por Galicia.

Ninguén mellor que a alma mater para decilo. O decálogo que baixo a indudable suxestión do director do Instituto de Noia escribiron os xoves Manuel Blanco, Juan Suárez Oviedo, Antonio Miguel Roig e Gonzalo Rudiño, de Noia.

Rogamos que o escrito sexa lido con atención. Non é un pregón máis. É unha interesante invocación á xuventude para que se una na realización de nobles fins, sen complicacións, coa meta posta no exercicio do ben:

A todol-os mozos galegos:

*Un fato de rapaces noiases maxinamos orgaizarnos nun agrupamento que baixo o nome de ULTREYA faga algunha cousa boa pol-a Terra axudando, na posibilidade das nosas forzas, a eses grandes homes que labouran sin acougos pol-a redenzón da Galiza, adiantando o intre cobizado no que o noso pais volte aos días groriosos doutroa.*

Xuntámonos, nomeamos un xefe e, cada un de Nós, asiñou este Decálogo:

- I. Porque amo á Galiza con toda a miña ialma, adicareille os meus millores esforzos pra tornala eternamente felis.

II. Porque a vida está encheita de mágoas, miña mocidade será unha leda canzón que ha erguer o espírito de todol-os coitados.

III. Porque estou afincado ao chan nativo e endexamais hei crebar as ligazóns co-a miña xente, mantereí sempre aceso o fogo do meu lar.

IV. Porque penso no que fun no que son e no que teño de ser, respetarei aos vellos e pequenos e defendereinos de todo aldraxe e sufrimento.

V. Porque quero a eficacia da miña laboura, axudarei os nobres desexos dos meus compañeiros como quixera que me axudasen a min na arela dos meus limpos ensoños.

VI. Porque teño de sere home útil a miña Terra, cumpriei todas as miñas obrigas pra ire faguendo a miña histórea de cidadán eisemprar.

VII. Porque quero limpar a miña axuda de erros, educarei meu espírito no estudo e no traballo.

VIII. Porque teño de sere rexo na axuda aos meus irmáns, fortalecerei meu corpo na craridade das augas e no ar das montañas.



IX. Porque soño un porvir de verdadeira fraternidade, farei por que rente de min se xunten todol-os rapaces galegos pra que o día de mañán non nos afasten prexuízos de caste.

X. Porque quero unha Galiza enteiramente galega en convívio con total-as razas, en fala con total-as culturas, abrirei meu peito a todol-os homes de boa vontade e reita intención.

Baixo esta bandeira desenrolamos a nosa aituazón circuscrita a eiscursiós e paseios nos que procuramos o coñecemento do chan natal dirixidos por un profesor ou home de ciencias ou letras que, ao par que fala con Nós na lingua groriosa e docísima dos nosos pais, váinos espricando monumentos e paisaxes, afincando nos nosos peitos este sagro amor a Terra que nos criou e que un día ha recoller nosos hosos rente das cinsas venerabres dos nosos vellos.

Rapaces irmáns do chan galego: é perciso que en cada cidade, en cada vila, en cada aldeia, fagades tamén grupos ULTREYA. O fraterno convívio dos nosos espritos, mantendo sempre aceso o fogo de tan limpas espranzas, é pra Galiza a garantía do adicado amor con que a temos de servir de homes. Sobre os nosos xerseis brancos fulxe un triskele roxo que ha correr os camiños galegos chamando a todol-os rapaces irmáns a esta nobre cruzada de galeguidade.

Rapaces irmáns da beiramar e da montana: botáivos como Nós, co roxo triskele no peito, a choutar pol-as congostras enriba fortalecendo voso corpo e abrindo a ialma a esta maternal fermosura do chan nativo, que é o recauto mais belo e mais bó de todo o mundo.

Ei Terra!<sup>2</sup>



## O MEU SAUDO... ÓS “ULTREYAS”

Rapaces: tamén eu quero faguer púbriga a miña ledicia didiante d’isa vosa fé, c’a cugula d’espranza os corazóns d’os que rindiron a Galiza todos os seus anceios. Tamén eu quero enxergar a miña voz homilde pr’o chea de quentura e fervores, a coro unánime d’a Terra qu’entoa pr’a voso regalo, o himno mais trunfal e mais rítmico que soñaron os bardos devanceiros.

Porque sodes a Xuventude, que é o mesmo que decir o Porvir. Porque levades xunguida n’o voso peito, a arela inmorredoira d’o que quer ser, por riba d’os séculos, mais alá d’o Tempo, atá o mesmo confín d’o infindo, onde Cronos s’adurmiña n’o seo d’a Eternidade. Porque sodes a forza creadora c’alenta n’o celme d’a mesma Vida, e bebe n’as fontes d’a Historia, feita de paisaxes inéditos, tinguida d’o rosi-cler d’as mais virxes auroras, sempre novas, e craras, e fecundas.

Porque Galiza esperta s’afirma en vos, c’o-a rotundidade d’a vosa confianza, que crea e re-crea n’o Mundo as mais imponderabeis audacias, c’o pulo de quen sabe domeñar o Destino, porque o Destino non é mais que o xogo d’as forzas d’o Espírito que se fai Verbo e Auto.

Por iso rapaces, eu quero berrar, dindes d’ista orela d’o mar Atrántico, dindes d’ista aresta d’a Ría d’Arosa que sabe de moitos camiños de “mar adrento”, dindes d’ista balcoada ou peirao tendido sobor d’as augas azúes que teñen a lomba d’o Barbanza por testigo inmutabel e fidel d’a sua beleza, o berro mais baril e mais rexo, mais caudoso e “ultreico”, pr’a que, o fío d’as ondas de branca cabeleira que galguean n’a roita d’o voso pailebot, chegue até o voso ouvido, e se faga concenza d’a nosa concenza, anceio d’o noso anceio, espranza d’a Terra que revive en cada un de vos e que vai camiño d’a sua liberadora redenzón.



*Roxerius* (Roxelio Pérez Gonzalez) era mestre. En 1933 ascende a inspector de ensino primario. Foi suspendido de emprego e soldo en 1936.

Rapaces “Ultreyas”: ¡Embora!

E té – “¡Oh, capitaine, mon grand capitaine!” – sibarita d’o koktel d’a química de mar e ceu – ¡ronsel de Manuel Antonio o noso!- que degustas n’as horas estrelecidas, n’a cuberta d’o mais mariñeiro pailebot, c’o-a voluptuosidade d’o “barman” que sabe de todol’os deliquios noctámbulos n’a confianza d’as suas intimidades – “bis a bis” c’o-a concenza- a miña mais cordial felicitazón. Cicais non limpa de toda envexa. Porque debe ser de una formidabel beleza, navegar pol’a mar d’a Galiza, Argonáuta d’un empeño románteco, n’a compañia d’unha tripulazón capaz de trastocar a xeométrica fé d’os meridiáns.

**Roxerius**

Vilagarcía d’Arosa, mes de Sant-Iago d’o 1932<sup>3</sup>.

## ULTREYA NO MAR

*Xa fun a Marín,  
xa pasei o mar,  
xa son mariñeiro,  
xa sei navegar.*

Fai dez días que do mastro dun pequeno pailebot era arriada unha bandeira, bandeira branca-azul que, agarimosamente, parecía darnos un adeus acogulado d’espranza, espranza nítida, cristaiña, a rimar cos seus coores, (“branco de luar”, “azul de mediodía”).

O dondo e baril son das notas do “Ei Armórica”, henchía os nosos peitos dun tenro sentimento de despedida, agrandado pol-a melanconía de aquíl solpor.

A xeira Ultreya remataba xa. Era chegado o intre de deixar o barco, o noso fogar viaxeiro, acariciado pol-as ondas do mar prestixiado pol-a musa enxebre de Códax<sup>4</sup> que faguía versos de filigrana amorosa e cortesán, cando aínda non nacera o “tetrástofa monorrímo”, tan duro como iste nome pedante que lle puxémos os eruditos.

Iste meio de fraterno convivio, xungueunos a todos amorosamente ô veleiro, que xa tiña pra Nós a quentura dun lar familiar. Cando, deixado, o mirei xa lonxe, os seus escobéns antoxáronseme dous ollos nos que tremían as bagoas da despedida... Tirei o pano pra lle acenar o derradeiro adeus.

*“Partir c’est mourir un peu”.*



*(Nous sommes très lyriques, mon cher. De La Tour Caplán).*

Mozos e profesores, todos vivimos quince días a vida dos mariñeiros ca ledicia própea da mocidade; quince días de intensa hirmandade, de verdadeira cofradía, ca sinceridade dos espíritos nobres, cultos e xenerosos.

Nin a máis cativa discusión parlixou a nosa familia viaxeira pol-o noso mar. Todos levamos o trisquel roxo en riba de alba camisa, no sitio do curazón, porque todos comulgamos no amor á Terra-Nai.

Así, alegres, cociñando o noso rancho e gobernando o velamen do barco, sulcamos (xa mainiñamente empapados no noso mar d’Arousa, xa choutando aloucadamente por riba do lombo das olas en Ons) dende Muros, antergo e silandeiro, a Vigo, que se mete na vida con un “plongeón” futurista. E cantas ensinanzas, cántas verdades non presentidas, son xa lus no noso cerebro i-auga bautismal na nosa concenza!...

Agora xa é certa a cantiga pra Nós.

Xa pasamos o mar, o noso mar, que sabe de total-as angurias, de total-as ledicias, de todol-os traballos: da vida e da morte dos nosos hirmáns, os mariñeiros galegos.

Eu tirei algo moi íntimo da xeira: unha reverencia máis fonda, máis cordial, pra todolos mariñeiros. Ista reverencia presídea un santo amor: meu pai, mariñeiro tamén.

**M. Encisa**

Ultreya de Vilagarcía<sup>5</sup>



Lembranza querendosa

## O QUE FOI E SIÑIFICA A XEIRA DOS “ULTREYAS”

*Discurso d'un mozo Ultreya leído na Cea Galeguista celebrada en Santiago no Día de Galicia.*

Primeiramente séame de paso perdoado, que a voz mais homilde e mais cativa dos Ultreyas se erga eiquí, na solenidade d-este acto, para agradecer, en primeiro lugar, á comisión organizadora d-esta cea, a inesquecible atención de agasallar a esta modesta representación dos Ultreyas, traéndonos de convidados.

E unha invitación amable que será o primeiro en agradecer, sinceiramente emocionado, coa mesma ledicia conque un pai agradece as atencións que se lle fan aos seus fillos, o noso capitán, o entusiasta “menages” do noso espírito, D. Alvaro das Casas.

Estas nosas cativas verbas de gabanza sinceira para él, serán, sen dúbida, as precursoras da veneración xusta que en días non lonxanos sentirá pol-a sua obra a mocidade galega que tivese a fortuna d-atoparse nas filas dos Ultreyas.

Xa sabedes homes de Galicia e vosoutros, irmáns Ultreyas, que a verba “Ultreya” vai sempre xungida fortemente ao siñificado de cultura; porque non se pode concibir un mozo de Ultreya que non teña, siquera sea en certo grado –na medida da razón, na medida do estudo ou dos seus anos– a doada cantidade de cultura, e por iso eu teño a seguranza de que todos vós por este motivo, e todol-os presentes por razón da sua galegitude saberedes cal é o motivo d-esta festa, do Día de Galicia. Soilo quero dicir que, por fortuna nosa, esta mocidade galega en que Nós vamos lediciosamente enrolados, ten a sorte d-atoparse agora, pol-o esforzo dos nosos

precursores que nos vixían dende o “alem” e pol-a constancia dos que hoxe nos guían, conque o Día de Galicia e xa unha festa oficialmente considerada por enteiro. A nosa Patria. Un día en que todo galego se sente achegado fortemente ás glorias escrusivamente nosas: na literatura, nas ciencias, no arte, na historia e en todol-as manifestaciós da nosa vida, pra o material.

Pol-o que a Nós resucita en tal día como hoxe sentimos unha arela particular e infantil que vou a xustificar:

Traemos nos nosos ollos o craro refrexo das augas mariñeiras e o feitizo das nosas rías percorridas nunha xeira leda e felís; o noso corpo ven queimado pol-o sol de tantas horas adicadas por enteiro á natureza e o noso espírito atópase ateigado de impresiós novas, “sublimes”, que xa se fan saudade ao lembral-as agora.

Ainda parés que petan no noso corazón as emociós de tantos saudos e recibimentos querendosos, agasallos cordiales e farturentos i a dôr, nova cada día, das despedidas.

Aínda parés que m-atopo escoitando os relatos de viaxes longos, moi longos e moi temerarios que con aire de emoción e sinxela nos facían os rudos mariñeiros, nas horas quedas dun navegar tranquilo; nosos compañeiros de viaxe... digo, non “compañeiros”: irmáns, porque Nós apreciamos e tratamos aqueles homes rudos e bons como “irmáns” e non ao xeito de “compañeiros de viaxe” de que nos fala noso querido Castelao.

A nosa bandeira azul e branca, locindo o roxo trisquel dos Ultreyas, baténdose ledamente e con fachenda —a pesares da xenreira dos “cabos de mar”— no pao maior do “Joaquín Pérez” tiña no seu pelerinaxe pol-as Rías baixas da Galicia, un certo aire de conquista.

E, certamente, foi a conquista do mar e da vida mariñeira para a moza emoción galega dos Ultreyas. Foi a conquista de amor para os nosos irmáns os mociños mariñeiros que aínda parés estal-os vendo loitar nas suas dornas pesqueiras co mar embravecido, que cando a Nós parecíanos terrible e disposto a tragarse o “Joaquín Pérez” con toda a tripulación era pra eles un “plato”: eses rapaces dos que me teño preguntado a min mesmo moitas veces que farían loitando co mar que foi seu berce e pode ser a súa sepultura. Agora decateime que eses rapaces traballan pra manter cicais unha familia enteira, orfa de pai; do pai roubado pol-o a vez pai e tirano Atrántico.

A estos mociños mariñeiros, somentes, que loitan tan cedo coa fereza insospeitada do mar, pra sortear a súa probeza, quero lembrar eiquí agora, no Día de Galicia, con fonda emoción de irmán e de galego.

Teñamos todos para estos mociños un recordo cariñoso, poñendo n-esta lembranza a ilusión e a quente esperanza de que un día non lonxano poida Galicia, nai e señora libre de cadeas alleas, mirar por eles.

E namentras: ¡¡Ultreyas, sempre adiante!!!

**Antonio Beiras**  
Ultreya de Sant-yago<sup>6</sup>







## NOTAS

1. *El Pueblo Gallego*, 6 de xullo de 1932.
2. *Vida Gallega*, núm. 526, Vigo, 10 de xullo de 1932.
3. *El Pueblo Gallego*, 16 de xullo de 1932. Pseudónimo do mestre e escritor rianxeiro Roxelio Pérez González (1897-1963).
4. Refírese ao trobador Martín Códax ou Codax , cantor do mar de Vigo.
5. *El Pueblo Gallego*, 31 de xullo de 1932. Foi un dos mozos que participou na xeira, figura cando menos cinco veces no diario de Álvaro das Casas.
6. *El Pueblo Gallego*, 6 de agosto de 1932. Foi outro dos mozos participantes; figura dúas veces (Veiras) no diario de Álvaro das Casas. Trátase de Antón ou Antonio Beiras García (Santiago de Compostela, 1916), médico e investigador, autor do primeiro estudo sobre medicina publicado en galego, presentado na Academia Médico Cirúrxica de Vigo no mes de decembro de 1958: *Ensaio para mellorar os resultados terapéuticos no estrabismo*.






TERCEIRA XEIRA

UNHA EXCURSIÓN POLA SERRA DO BARBANZA


*Nós,* NÚM. 114  
OURENSE, XUÑO, 1933





U L T R E Y A

(SEPARATA DO NÚMERO 114 DO BOLETÍN NÓS)







# U L T R E Y A

3.<sup>a</sup> xeira

BARBANZA

1933

Fal tempo que os rapaces da I Liña (Noia) matinaban faguer unha longa eiscursión, a pé, cumes enriba, a fortalecer o corpo no ár das montanas e a educar o espírito no estudo e coñecimento do chan nativo; unha volta pol-a campia tal como fan todas as organizaçions mozas da nova Europa; unha xeira a decorrer un recanto da patria, tal como as ten sinalado o consello reitor de ULTREYA.

Escollimos a catro rapaces alumnos do Istituto: Xohan Freire Antelo, Francisco Castro Lorenzo, Xohan Nieto Túnhez e Xosé Fernández García. Esí a xeira cumpría dobre finalidade: mobilizar aos ultreyas mostrando co-a realidade o fáciles que son de faguer eiscursions desde tipo, e acometer o intento dentro do ámbito do Istituto noiés, coma un novo tipo de estudos. De conquistar nosos fins —penséi— a primeira Liña terá aberto un vieiro no que traballar atinxindo a máisima eficacia e, en tempos n vir, poderá botarse a coñecer o curso do Tambre, as serras de Mazaricos, a bisbarra do Xallas, a ría Muros-Noia na súa totalidade, etc.; e o noso Istituto, que tantos ensaios leva feitos e sempre coreados pol-o éisito, poderá maxinar pra cursos sucesivos un tipo de eiscursión escolar económeco, útil e sempre porveitoso.

Propuxen que o fito da eiscursión fose o coñecimento do Barbanza, hastra agora pode decirse que inédito na bibliografía feita eiscección do estupendo catálogo prehistórico-folklórico de Cuevillas e Bouza-Brey publicando pol-o Seminario de Estudos Galegos. Desenrolado meu desexo, meus alumnos os ultreyas devanditos poderían coñecer unha península decorrida nos seus eixes fundamentais e unha zona prehistórica de probada valoración, a máis de ouservar de visu tipos de pobouzón, froras de montana, labouras de agro, freiguesías aínda no cerne do seu desenvolvemento, etc. A eiscursión remataríase estudando un faro, ese mito ennegado dos faros —altar dos máis insiñes martiroloxios— que os nosos alumnos saben de leituras de aula pro que ninguén víu de perto, no seu funcionamento, organizaçión e traballos.

Fíxose a xeira e ides ollar no relatorio dos rapaces a impresión que neles fica. Penso que conquerimos nosas arelas. Folga decir, é craro, que en todo instante puxou por nós a ledicia de botarnos enteiramente no colo materno da Natureza, de zugar directamente seus xugos virxinaes —inesquecible lección de vida— e de ligar en nobre e patrióteca conversa a nosa pequena cultura de homes que encomenzan a adprender co-a vella e controlada sabencia dos vellos pobos enraizados nun doroso ensino de séculos.

Na en nós ficará pra sempre a lembranza inmorredoirá das paisaxes, das falas dos labregos, das cancións dos mariñáns, de todo este pequeno mundo que se atinxen co-a man e que non por pequeno é menos intresante; pra nós ben mais interesante por certo que a

illa de Madagascar ou o curso do Ganxes, ou tantas cousas que se teñen de estudar namentras se iñora nosa propia Terra. Si pol-os carreiros e congostras por onde nós fomos conquerimos deixar o ledor recordo da nosa xuventude, sempre cobizosa de falas; si nos labregos e nos mariñas que topamos no roteiro fica por algún tempo a impresión agarrimosa dos cinco estudantes que nos chegamos a eles humildosos e fraternos, nosa xeira atinxiu total-as suas cobizas. Que sexa esf pol-o ben da Patria.

ALVARO DE LAS CASAS

•••

Catro ultreyas, alunos do Istituto, saímos na compañía de D. Alvaro o día 25 ás catro da serán nunha camioneta que levaba xente da feira pra Rianxo. Baixamos en Moimenta perto das cinco. Descansamos un pouco e perparamonos pra facer a ascensión á montana. Tempo incerto. O termómetro sinala 15 grados e o altímetro 220 metros.

Por unha costa moi pendente chegamos ás 6,15 á caseta da repobración forestal, na caída N. de Coto Cativo. O termómetro oito grados e o altímetro 520 metros. Acougamos



Os cinco circunstantes

media hora. Saímos encomezando a orballar e na compañía de dous guardas que nos puxeron en camiño. Seguimos pol-o cortafogo como un kilómetro, envoltos nun neboeiro que non deixaba ollar nada, e ameazando chuvia; camiñabamos como na noite mais pecha. Chegando á alambrada pasamos moito medo, pois estamos perdidos sin ollar camiño, arbore nin cousa vivinte. D. Alvaro guiábase pol-a brúxola. Entón, como por milagre, rompea o neboeiro e pudimos ollar un paisaxe enorme; avistamos dous logares que pol-o mapa supuxemos serían Queiro e Ne-

bra. O mar roxía aos nosos pés, nunha profundidade inmensa. O altímetro na alambrada sinalaba 560 metros.

Por medo a que a noite se viñese encima baixamos en liña recta seguindonos pol-a brúxola co-a enfilación de Nebra. Foi a costa mais terrible que baixei na miña vida. Caímos todos varias veces, pois baixábamos aos rolos, peor que unha parede. Tres ou catro veces pasamos medo de andar perdidos. Aquél demo de costa non tiña fin e nosas pernas xa non tiñan conta de nós. Ollamos a un home, berrámoslle e con él fomos a pillar o camiño dun regato por onde pasamos, xa de noite, seguindo hastra dar no lugar de Resua, onde pedimos pousada. Un home acompañounos hastra a taberna de Nebra, onde algúns conoían a D. Alvaro. Eiquí ceamos latas de sardiñas, pan e viño. Tiñamos moita fame e comimos moitísimo. Logo enchimos as colchonetes con palla e deitámonos a durmir. Serían as once.

O día 26 espertámonos ás oito. Descaunamos café con leite, pagamos por todo 11,50 ptas., fomos a ollar a irexa e collimos o camiño. O taberneiro ainda nos acompañou hastra o regato. Pasamos o lugar de Castrallón, e logo o lugar da Terrona. De eiquí veu un rapaciño con nós pra guiarnos. Fumos pol-o Campo da Coviña, onde descansamos, e onde o rapaz se despediu de nós. Logo subimos ao Enxa, que noso altímetro tasou en 440 metros, baixamos a Montemuiño, cruzamos a carreteira da Madanela e fomos a Baroña onde xantamos moi ben na casa do señor abade D. Manoel García Alvarez que nos convidou con moita xentileza. Logo (eran as tres) fomos á carreteira do Son, que cruzamos, e a visitar o Castro que fai días descubriron e que nos gostou moito.



O Castro está a unha altura de vinte metros.

Volvimos á reitoral e continuamos hastra a carreteira da Madalena. Hastra eiquí acompañounos o simpático Sr. Abade. Logo, sube que sube, continuamos pol-a carreteira con tempo frío. Termómetro nove grados.

Anoitecendo chegamos a Pousacarros onde ceamos ovos fritos, caldo, pan e viño. Durmimos en camas e desaanamos café con leite; cobráronnos por todo dez pesetas.

Espertamos ás nove; chovía á mares e non se vía nada. Quedar non podía ser, volver do Son era máis lonxe que seguir, pedir un auto era longo e a costa da carreteira perigrosa e decidimos animar á D. Alvaro e seguir. Veu con nós un guía e botámonos ao monte.

Pasamos o río Sieira e apandamos co-a terrible costa dos Forcados. Logo chegou o altímetro á 500 metros. Pasamos os Forcados número 1 (600 metros) e alá pol-a unha e media chegamos á Santa Cruz de Lesón. Dímoslle ao guía cinco pesetas, que non quería coller, pois parecíalle moito. Esta xornada fixémosla sempre chovendo á cantaros, como no día peor do inverno. Nunha casa de Santa Cruz fixéronnos lume, enxoi támonos e descansamos. Logo fumos, máis adiante, á taberna, onde comemos ovos fritos, pan e viño. Cobráronnos 6,50 pesetas.

Seguimos á Puebla, onde tomamos café e ollamos unha balea moi grande que acababan de encontrar os mariñeiros e que xa quería comprar un de Vilagarcía en 5.000 pesetas.

Seguimos por Palmeira á Riveira, onde chegamos ás sete. Ceamos n-unha fonda moi boa e dormimos en cama e ao día seguinte desaanamos café con leite. Cobráronnos por todo 21'50 pesetas. Eiquí fumos ao cine e estívimos moi convidados por todos. Quedamos moi contentos.

Saimos ás nove ben pasadas da mañán ao día seguinte, e pol-o Río de Pedrín, que outros chaman de Pepe Sevilla, fumos ao monte da cibdá, á 180 metros de outura. Din que é un castro moi interesante, pro nós non lle vimos nada de particular. O que nos gustou moito é a mámoa, da que se fala no libro

de Cuevillas, libro que nos leu D. Alvaro e está escrito en galego.

Logo fumos pol-a carreteira de Corrubedo á ollar o estupendo dolmen de Axeitos, que está moi ben conservado. O paisaxe que o rodea é do millor da nosa Terra.

Logo fumos á xantar á unha taberna de Bretal, ovos fritos e unha lata de sardiñas, pan resésego e viño; costounos todo 4'60 pesetas.

Despóis fumos á Corrubedo, onde chegamos contra as seis da tarde. Aquelo foi un tumulto. A xente tomounos por titiriteiros e os rapaces corrían por centos detrás de nós; en ningunha casa nos querían dar pousada e xa estabamos decididos á voltar á pé á Riveira. Por fin topamos un café e alá quedamos.

Despóis de descansar e na compañía do maestro, fumos á ollar o faro, onde estívimos máis de tres horas, vendo o libro diario, os partes metereolóxicos, etc. Tamén vimos como o encendían, que é cousa moi curiosa e da que un non se decata ven hastra que a vè. O torreiro, que se chama D. Antonio P. Díaz, portouse con nós como un pai: expricounos todo e mostrounos a *Revista de Faros*, onde reproducen un artigo de D. Alvaro con moitas gabanzas.

Xa con ben noite, e choviscando, voltamos ao pobo. Ceamos unha boa empanada de sardiñas con viño moi bó; xa nos tiñan as colchonetas cheas de palla, así que axiña nos fumos á deitar pra madrugar. Cobráronnos por todo dez pesetas. O maestro señor Villanueva convidounos á café.

Tardamos moito en dormir, pois estívimos moito tempo conversando. Este Corrubedo é un sitio de moitos naufraxios e que pon moito medo. Aiquí se perderon o «Saliar», o «Palermo», o «Marletón», o «Don Pedro», o «Connisbug» e outros moitos grandes trasatlánticos. O Antelo estaba sempre facendo chistes e non non deixaba dormir. Aquelo foi unha festa. Cando nos dormimos eran máis das duas.

Ao día seguinte erguímonos ás cinco e saímos en auto de liña pra Riveira, e dende aiquí tamén pol-a liña á Noia. O outo dos cinco veunos á costar 25 pesetas.

Chegamos á Noia ás nove da mañán, moi

contentos e satisfeitos, dando por rematada a excursión.

#### XOHAN NIETO TUÑEZ

Saimos de Noia na serán do día de San Marcos, unha feira das máis importantes que hai na nosa vila; deixa n-ela moito diñeiro e proba d-ésto son as seguintes anotacións: o concello recaudou por arbitríos 103 pesetas; un comercio, nin dos millores nin dos peores, vendeu 500 pesetas; unha tenda de comestíbles vendeu 200 pesetas, e unha fonda, d-esas como hai moitas, dou de xantar a 300 persoas. Sin embargo compre decir que este ano non alcanzou a feira a importancia de outros anos, posto que non chegou a competir co-as festas do Patrón, cando n-outros tempos tivo tanto ou máis valor.

En este día vese en Noia xente moi diferente á nós pol-as suas costumes e pol-o xeito de vestir e de falar; mentras que unhas mulleres visten mantón con freco longo propio da banda de Esteiro e Muros, outras traenno de alfombra con côres charramusqueiros, como as de Riaño. Os lugares máis concurridos da feira son: a Angustia onde é costume mercar os potes e toda crás de pucheiros de Buño, lotes de cebola e leitugas e os afamados cestos de corres, noutras terras chamados bimbios; o campo de San Francisco cos seus árbores añosos, baixo a sombra dos que se venden as balocas novas que xa temos n-este tempo e as vellas que se mercan pra sementar, o ceboliño de San Cosme e outras cousas de horta; o campo da feira onde se fan as carreiras de cabalos, véndose n-elas cousas tan paveras como as carreiras dos mozos da vila nos cabalos dos probes labregos que, coidando que il-os van á mercar, déixanos pasear hastra que cansos pónenlle ao cabalo calquer defecto; á beira da estrada de Muros, onde hai postos de arreos, timoeiros, xugos e trallas. Costume moi chocante é que no paredón da cárcel puxéronse, como facían antigamente, as mozas que veñen pra se alquilar de criadas, todas en ringleira, mostrando os callos das mans. O máis bonito é ollar a Porta da Vila, onde

se poñen os postos da quincalla, os pandeireros, os follalateiros, as mulleres de San Cosme que venden os sombreiros de palla, os charlatáns, etc.

En Moimenta baixamos do auto. Moimenta é unha pequena aldea de unhas vintecinco casas, na que solo topamos tres mulleres, unha d elas moi lingoeteira, que parou á falar con nós e á bromear decindo que iamos ás pandeiradas de Nebra, terra, según nos dixo, de mozas rúis. Estas mulleres vestían de escuro, ao xeito da vila, pro con sombreiro de palla, como as noiesas.

Subimos pola repobración á durmir en Nebra, onde a xente nos tomou por paneiros. Ao chegar escoitamos unha pandeirada que se facía nun pendello veciño; son as afamadas pandeiradas de Nebra que teñen sona por todo o arredor. E-ste lugar de Ne-



Unha casa de chabiz

bra é famoso pol-as mortes que fixo a Guardia civil alá pol-o ano 1916, cando foi dos consumos. Aínda o recorda toda a xente.

Na mañan seguinte saímos pol-o Enxa camiño de Montemuíño, na compañía d-un cativo que nos serviu de guía. Na saída do lugar matamos unha *escansa* que é un bicho semellante á unha cobra pequena, que según dí a xente, pica ós martes e ós viernes, facendo moito mal. Cando pasa ésto hai que ir axiña á un regato e lavar ben a picada cun seixo branco. Fora d-estes días a *escansa* non aparece nunca e cando aparece non pica.

En Montemuíño ollamos un cruceiro cun farol cheo de óleo, que tiña no peto das áni-

mas moitas cadelas ou carochas que tamén lle chaman eisí.

Fumos xantar á Baroña, na casa do abade, que nos convidou moi regaladamente. Baroña aínda que está pertiño do mar é un pobo labrego onde toda a xente anda á traballar nas terras. Eiquí hai unha escola particular.

Despóis de xantar fumos ao Castro, onde están facendo escavacións. Había por alí moita xente dos lugares veciños; aquilo é unha romería, pois todos pensan que vai aparecer unha mina de ouro. Á nós tomáronos por enxeñeiros e andaban un pouco escamados véndonos rebulir d-unha parte pra outra. Preguntamos á algunhas mulleres pol-o choio do Castro e nos dixeron que ésta fora unha cidade dos mouros que aínda víñan pol-as noites dos sábados á cantar e á troulear; que aíquí había dúas minas, unha de ouro e outra de veneno e que o que dise con ésta morría. Ao ismo da península chámanlle lugar das campas e din que alí hai enterrada moita xente.

Fumos durmir á Pousacarros, na ribeira do Sieira. É un lugar de catro veciños que viven como os máis pobres do mundo, que según soupemos son moi ricos, pois o que menos ten na casa aforrados máis de cinco mil pesos. Son a casa do Patolino, a do Felipe, a do Xosefíño e a do Manoel. Sojo ven o viño e o pan trigo o día da festa da Madalena, que é moi sonada. Son de carácter moi tristeiro e calado. A casa onde nós paramos semellaba na entrada a coba d-unha bruxa; arriba no piso era algo millor. As xentes que nos diron pousada semellan ser moi boas e honradas. O home da casa di que é astrónomo e que sabe moitas matemáticas; sabe o nome de todas as estrelas, o sitio onde están, as horas que marcan e outras moitas cousas.

Na mañán seguinte saímos á subir os Forcados en compañía d-un guía, pois chovía e había un neboeiro que non deixaba ollar nada. Pasamos vendo a capela de Santa Madalena, onde se fai a gran festa; á ela veñen todos os que teñen feridas, e logo deixan pendurados nas silveiras os lenzos co-a sangue pra que queden á secar nos aires da Santa.

Pol-o camiño foinos contando o guía (que

é neto do Felipe) que todo o Barbanza está cheo de casas dos mouros.

Chegamos á xantar á Santa Cruz de Lección, na taberna; pro denantes paramos n-unha casa onde pedimos caridade de fogo pra enxoitarnos, pois íamos mollados como pitos. Santa Cruz xa está na estrada e semella un arrabal d-unha vila.

Logo fumos á Puebla e despóis á Riveira, onde durmimos.

Na mañán seguinte fumos á ollar o monte da Cidade e logo á muifeira do San Alberto, onde topamos dous homes que nos levaron á Axeitos. Era un labrego do país e outro que tiña andado de emigrante por Norteamérica. Dixerónnos que o país non era moi rico pois a familia de mais capital en algunhas legoas ao redor non pasaría dos vinte mil pesos.

Entramos en Corrubedo por antre duceas de rapaces que corrían tras de nós como si fôsemos xitanos ou titiriteiros. Corrimos oito ou nove casas, fondas e cafés sin que nos quixesen dar pousada, acaso confundíndonos con maleantes. Por fin topamos albergue no café dunha señora moi simpática que nos diu de cear unha boa empanada de sardiñas. Eu penso que esta señora nos acolleu por que chegou por alí de casualidade o maestro do Pósito Sr. Villanueva que é amigo de don Alvaro e ao ver que eramos xente conocida seguro que perdeu o medo.

Estudamos detidamente o faro, deitámonos e á mañán seguinte regresamos a Noia no auto de línea, chegando a nosa vila ás nove da mañán.

XOAN FRIEIRE ANTELO

Saindo de Noia, a un kilómetro e como a cen metros da carreteira, deixamos o dólmen de Coba da Moura que non nos detuvemos a ollar por ser conocido de todos. Os do Instituto temos ido a él moitas veces e na aula de Historia temos de él unha linda maqueta que fixo D. Alvaro. É un dólmen moi bunito pro que lle faltan as pedras da cobertura.

Baixamos en Moimenta e non nos chegamos a ollar as mamoas de Cures que cita o Seminario de Estudos Galegos, por estar fora do noso derroteiro e perder nelo moito tempo.

Na primeira xornada, ou sexa o día 25, non ollamos nada de prehistoria.

O día 26 fomos pol o Enxa onde todos os labregos din que hai unha cidade de mouros. Eu penso que si aquí se escavase aparecería algo. Semella un castro con dúas defensas e plataforma moi grande con pedras que lle fan unha defensa natural.

Pol-a serán fumos a ollar a citania de Barroña, descuberta pol-o carabineiro D. Pablo Díaz que nol-a mostrou. É un señor de moita cultura que leva traballando nela dende xoves santo. Este señor ten unha colección moi boa de moedas e moitas antigüedades.

O castro está nunha península nos mapas chámase punta do castro cuyo ismo chá-



Dolmen de Axeitos

mase *logar das campas*; aquí foi onde apareceu a lápida román en mármore que se garda en Queiruga e que foi levada á exposición de Compostela. Neste lugar olláanse restos dunha calzada román e as xentes din que hai homes enterrados e que aparecen encantos.

Logo do ismo olláse unha altura do terreo con pedras que semella unha muradela. Despois chégase ao castro propiamente dito, todo arrodeado de muradela con porta principal: o oco vese moi ben.

No castro hai dúas penedas que D. Alvaro pensa que están insculturadas, pro don Pablo dí que non. No castro olláanse moi ben as plantas de dazasete casas circulares e síguese ben o trazado de outra muradela. Unha de estas casas xa foi aberta, a primeira de contra o sul, e apareceron nela dúas agu-

llas e unha anela de bronce, tres machados neolíticos, dous muiños de man de roda e unha enormidá de cerámica, casi toda decorada, pro ningunha policromada. A decoración que domiña son bultiños como garabanzos e incisións como espiña de peixe. Esta casa aberta ten cinco metros de diámetro. O día que se abran todas con certeza que han aparecer moitas cousas.

O día 27 non ollamos nada de prehistoria.

O día 28 ollamos perto de Riveira o castro chamado Monte da Cidade que teñen moi ben estudado Bouza-Brey e Cuevillas no seu libro *Prehistoria e folklore de Barbanza*. Ollamos moi ben a mamoa de que falan e gostounos moito, moito mais que o castro onde non ollamos nada.

Logo fomos ao dolmen de Axeitos que é a cousa mais bunita que ollei na miña vida. Está tan ben que parez que foi feito onte. Reparámos na inscultura de que se fala na obra galega citada e comprobamos a esactitude de todo menos a orientación do dolmen que según a nosa brúxula ten a porta orientada ao Este e non ao N. E. como está no libro. A rectificación nol val a pena.

Aquí fixemos unha foto estupenda, o millor que se pode facer, e compria pois nunca foi ben retratado.

Esto foi o que ollamos de prehistoria.

XOSÉ FERNÁNDEZ GARCÍA

Saímos de Noia collendo o val do río San Francisco e partindo da sua confluencia co Traba onde forma unhas marismas moi fermosas, entre xunqueiras. O paisaxe por aquí é moi belo: piñeirales, terras de traballos e as casas espalladas dos lugares da freiguesía de Tállara.

Logo encoméñzase a partir de Sobreviñas a subir unha costa moi pina que vai collendo a estribación O. de Confurco hastra chegar a Moimenta, punto da divisoria onde nace o San Francisco que para en Noia e o río de Goyán que vai parar á ensenada do Cabo da Cruz. Xa é terra montanesa, moi desarbolada e pouco poboada; soio se alvistan os lugares de Cures alá no fondo e a bastante longura. Moimenta é un lugar de unhos



vintecinco veciños, probe, con casas en pranta arredondeada algunhas d'elas.

Encomezamos a subir a costa de Fontefría entre carpazas e toxos baixos, sin ollar unha casa e cruzándonos con duceas de vacas bravas, que algunhas impuñan respecto, pois semellaban touros das corridas. Denantes era aquí onde se viñan a buscar os touros prás famosas corridas de Noia de que fala o poeta Labarta. Dende a cume, erma e desamparada, ollase un paisaxe imponente, toda a ría de Arousa na súa beleza sin par; os pobos branquiños da beiramar parez que se collen co-a man. Por aquí vai-se a Lidón, lugar de dúas casas moi típico que inspirou un conto precioso a Romero Blanco.

Deseguida entramos nos arames da repobración forestal, que cruzamos de Leste a Oeste. Aínda está nos comenzos e os piñeiríños nin se ollan apenas: están enterrados en pozas e levantan apenas unha coarta.

Logo chegamos á caseta dos guardas; probe, sinxela e moi simpática. D. Alvaro dí que lle gustaría vivir aquí, pro é un sitio medoñento, sin arbres, nin xente, nin cousa viva que se olle; semella estar un solo no mundo.

Cruzamos unha chaira longa, sempre pol-a repobración, hastra dar cos outros arames. Aquí encomenza unha pendente bárbara, dun desnível incalculable: semella caer a pico sobre o mar, sobre a costa da Aguieira. Arrodeanos unha natureza esquiva, agría, de serra brava, pro ollase un val fondo e verdecente, con poucas casas pro cun arbolado precioso que parez dende esta outura sinalar o curso dun río.

Baixamos esta costa a pico, aos rolos, caéndonos e rañándonos nos toxos; parez que andamos nunha expedición en país de lobos. Hastra dar co carreiro, casi ao fin da costa, non ollamos en toda a serán dende Moimenta nin un lugar, nin unha casa, nin un arbore: vacas bravas (nesta ladeira moitas mais que na de Moimenta), toxales, penedas (na cume do Diraiite altas como castelos) e corvos. Isto parez un paisaxe de maldicións.

Choutamos por unhos pasales o regato de Queiro, xa con noite, baixo ameneiros ro-

mánticos, e voltamos a subir un pouquiño hastra o lugar de Resua. Dende aquí fomos á irexa de Nebra e rente dela, nunha taberna, pasamos a noite.

Nebra é un lugar moi fermoso na vista do mar, un pouco no alto, con terras moi ricas de laboura adicadas a liño, millo e balocas. Olláanse moitos frutales. Está no pé do Diraiite (outros dín Iroite) pro dende aquí non semella cuan outo está o monte e que costa espantosa tivemos que descer.

Camifiamos pol-o lugar de Castrallón enfiando a cume do Enxa. Dende esta montaña olláanse as terras de Son e Portosín, portos moi probes. Por aquí xa non hai gando bravo pro as penedias son maiores. Fora do recuncho de Nebra óllase que estas aldeas



Fortificación do castro de Iroite.

son moi probes pois toda a costa O. do Enxa é unha pedreira que non pode dar nada. Olláse moi ben a entrada da ría de Noia, o Monte Louro e a entrada de Corcubión; percíbese como rompe o mar nos centos de baixos tan peligrosos como abundan por estes acantilados.

En Montemulño volta a aparecer poboación que semella aproveitar un recunchiño aproveitabre, voltan as penedas e chegamos a Baroña, perto da carreteira e casi a nivel do mar. É unha aldea probe pol-o que parez pro moi limpa e axeitada.

De aquí subimos pol-a carreteira a longa costa pra a Madalena, entre negros piñeirales (dende Noia non olláramos un piñeiral con excepción do pequenísimo de Castrallón). Paisaxe moi acidentado, bordeando

sempre barrancas fondísima; a carreteira serpentea un precipicio de película. Salvamos as cumes de Boaseca e caímos, semella-ba que caímos, no buraco de Pousacarros, na ribeira do Sieira. Viñamos de salvar cumes ermas e inhospitas e aquí voltamos a ollar verdor, terras de traballo e xente, sobre todo xente, pois esta excursión parece que a estamos facendo por un deserto. Dende a saída de Nebra non voltamos a ollar gando bravo.

Pousacarros é un lugar de catro veciños, de primeira impresión miserabre: aquí non hai nin un lavabo pra se lavar, nin pantrigo, nin tenda, nin nada. As casas semellan cobas e a xente parece que vive en mesturanza con gando. Mais según din é un lugar moi rico e non hai veciño que non teña aforrados en ouro cinco mil pesos. Non gastan en todo o ano un patacón, aforran todo e o gando bravo producelles moito pol-as puchas que venden nas feiras de Noia e a Puebla. Aquí ollamos por primeira vez gando cabrío aínda que pouco. As catro familias semellan dunha tristura moi grande e parece que nos teñen medo. Estrana que vivindo así e nesta lonxanía vistan pouco típicamente e falen un galego adulterado que parece o das vilas.

Na mañan seguinte subimos por Pedras Negras aos Eorcados número Un ollando xa gando bravo pro moi pouco e non tan fero como o que tiñamos visto hastra agora.

Pasamos a penichán dos Forcados que era un diluvio, enterrando os pés nun verdadeiro fangal. O mesmo paisaxe que ollamos sempre no Barbanza: pedras, monte baixo, falta total de árbores e vacas bravas; aquí ollamos tamén unha manada de eguas do monte, desas que semellan sin dono e andan a brincar de un sitio pra outro como micos.

O val do río Barbanza en troques é admirable, de pendentes agudas, todas arboladas

de piñeiros novos, embocando a ensenada da Puebla. Xantamos en Santa Cruz de Lesón despedíndonos do Barbanza, pois dende aquí a paisaxe xe é totalmente diferente.

O macizo central por onde andivemos queda dito que ten un aspecto de gran unidade, domiñando sempre a súa formación granítica, descarnada pol-os ventos, sin vexetación. Os piñeirales chegan hastra alturas de unhos dous centos metros e dende aquí xa non se avisa un arbre; eu penso que será pol-o gando bravo que acaba con todo.

Da Puebla a Ribeira fomos costeando nunha carreteira que parece a rúa dunha cidade, toda chea de casas a un lado e a outro. De Ribeira fomos ao monte da Cidade dende onde se olla toda a ría de Arousa é boa parte da de Noia, e a costa galega dende Finsterre hastra Cies, con todo detalle.

Dende a falda da Cidade hastra Corrubedo por Artes e Salmón vai ún sempre entre casas, por terra chan, e casi a nivel do mar. Quero decir que no pé da Cidade e na vertente S. S. W. ollase a lagoa do Carragal con moito folklore, xa recollido.

En Corrubedo conven anotar as dunas que se amontoan no ismo e que na marusia chegan a pechar a carreteira. Corrubedo, cos seus 2.000 habitantes, é tan probe que soa-mentes se mantén do mar pois a terra é unha pedreira que non dá nada nin ten conca pra coller dous carros de balocas. O pobo é branco como unha pomba e fai unha impresión inesquecible. Mais de noite impón moito, tan escuro e sempre co zoar do vento e o balbordo medoñento do mar. D. Alvaro díxonos un verso de Bouza-Brey que está moi ben:

O faro de Corrubedo  
con seu ollar largasío  
ai, amor, púxome medo.

FRANCISCO CASTRO LORENZO











A "II XEIRA DO MAR": MUROS - VIGO

EN LEMBRANZA DA "I XEIRA" DE 1932  
1 AO 5 DE XULLO DE 2006



## A XEITO DE DIARIO

### **De cómo a serea de Sálvora sabe das Xeiras do mar que fixeron os ultreias en 1932 e 2006, e doutras moitas cousas máis ocorridas nas Rías Baixas**

Clodio González Pérez

O día 4 de xullo de 1932, de camiño polo mar entre Noia e Ribeira, os ultreias botaron á auga ao pasaren a altura de Corrubedo unha botella cun escrito en galego. Descoñecemos o texto porque Álvaro das Casas no di nada máis no seu diario da expedición, e tampouco se sabe se chegou a algunha das nosas praias ou foi parar a unha de lonxe. Quen me dera lucir esa botella coa mensaxe nun dos andeis da miña biblioteca! Pero por máis que levo inquirido: a mariñeiros vellos, que daquela eran mozos, e a cantos anticuarios coñezo, ninguén me deu novas da botella dos ultreias.

Agora, despois de tantos anos de pesquisa, cheguei a convencerme de que o mar non a botou para as nosas costas, senón para as da outra banda do Atlántico, e quizais rematase nun areal brasileiro, arxentino, cubano... Quen sabe? Vaia sorpresa que levaría se a abriu un galego! Malia xa non cavilar nela, cando ando pola praia non podo pasar sen botarlle unha ollada a cantas botellas acho entre a area e os argazos.

Unha noite desas que os ollos seguen abertos pero os ósos non se queren erguer, reflexionei verbo da persoa idónea para relatar todo o sucedido nos primeiros días de xullo de 2006. Claro que podía ser un ou unha ultreia, pero ningún fixo esta vez a xeira enteira, polo que se tería que procurar cando menos un por xornada.

Veume ao maxín un nome; ben o pode facer e de mar sabe máis que ninguén, pero é tan tímida e esquiva... Preguntei por ela a mariñeiros que xa hai moitos anos que non saen a pescar, e tamén a novos que van agora de cote, a mergulladores que chegan ao fondo do mar, a pescadores de cana que pasan os días ao axexo, a patróns que coñecen as rías mellor que as súas propias casas... Ou non mo quixeron dicir, ou non se atreveron por medo a que se mofasen deles por manter tratos cunha serea.



Illa da Rúa: o faro.

Matinei, aínda que non me credes, na serea de Sálvora.

Botei varias noites cos primeiros folios: escribía e... rachaba. Non quería que fose un diario máis, para lelo folla a folla do mesmo xeito que se fai cun almanaque. Deixei para máis adiante... Algún día ha de chegar a inspiración!

O domingo seguinte de rematar a xeira fun cuns amigos en barco de Cambados á illa da Rúa, situada na ría de Arousa e non moi lonxe da de Sálvora. Nunca estivera nela e impresionoume o rochedo, como ao debuxante da expedición de 1932, Xurxo Lourenzo, que deixou un sinxelo deseño polo que se comproba que daquela aínda non existía o faro actual. Entrei na casa do fareiro, abandonada, e andei por entre as rochas ata chegar á auga... Que medo pasei! As gaivotas declaráronme a guerra e organizaron un masivo “bombardeo” contra o inimigo, é dicir, contra min, en defensa dos niños e dos gaivotiños que tomaban o sol. Cos berros avisaron axiña do perigo ás que andaban pescando ou descansaban nas bateas. Gañaron elas, nunca vira tantas xuntas!





As “bombas” obrigáronme a enxaugar a camisa, e cando xa rematara pareceume escoitar como se petase algo contra as rochas: era unha botella grande de vidro azul claro e de feitura antiga, semellante ás que dentro delas constrúen barquiños os mariñeiros nas horas de lecer. Igual é de licor dos que acamparan na illa uns días antes!. Pero, polo que si ou polo que non, non me custaba nada collela e comprobar se tiña algo dentro. Deume o seu traballo: cando estaba a piques de tocalle cos dedos as ondiñas arredábana unhas cuartas; poñíame noutra pedra e facían ao revés, ata que nunha desas boteille a man, e... tiña dentro un papel e escrito!

Non debía levar moitos días na auga; escribírano a lapis e recendía a sal, como as praias e as xunqueiras no devalo da marea... Quen a botara coñecía o meu devezopor dar con alguén que estivese ao tanto das dúas xeiras do mar dos ultreitas, pero por moito que levo cavilado, non atopo unha explicación que se poida considerar lóxica ao feito de saber da miña viaxe á illa da Rúa. Quizais a informou algún mariñeiro, mergullador ou patrón... Como se enterou da data?

Pero a mensaxe da botella non era para min. Viña dirixida aos nenos e ás nenas que participaran na expedición Ultreia que rematara uns días antes no porto de Vigo, a tardiña do 5 de xullo.

Que ninguén pense que me vou apropiarme dun texto que non escribín. Por eso o primeiro que teño que dicir é que non coñezo á persoa ou... quen sexa! que botou a botella á auga. Oín falar dela aos mariñeiros e ata lin unha lenda non sei en que libro, pero de certo ninguén sabe se existe ou non. Eso era o que pensaba antes; agora teño a seguranza de que se trata dun ser real, de carne e ósos, mellor dito, de carne e espiñas.



## Carta a unha amiga ou amigo da expedición Ultreia

Chámome Sálvora e son unha serea. Que terei que ver coas xeiras das Rías Baixas dos ultreias? Como supoño que te farás tal pregunta, antes de seguir vouche contar parte da miña vida, para que xulgues que si teño moito que ver co mar por ser o meu mundo, como o teu é a terra; coa illa de Sálvora, que é a miña casa e por eso me chamo así, e como a miña familia leva tanto tempo vivindo nestas augas, coñecemos todos os sucesos e traxedias ocorridos aquí dende hai séculos.



Sei de feitos que pasaron moito antes de eu nacer. Como podes ver, neso son igualiña a calquera humano: a ti contáronche os avós historias de tempos pasados, e a min tamén dende meniña. Por certo, teño unha avoa que moito sabe de todo, quén dera que escribise as súas memorias, pero non aprendeu a ler nin a escribir. Non che vou dicir

a miña idade porque aquí non temos calendarios nin reloxos para medir o tempo, rexémonos polo sol, a lúa e as estrelas.

Tiven boas mestras e mestres moi sabios que me ensinaron os secretos do mar. Como non temos radio nin cine, nin tampouco televisión, seguimos como dende sempre: pasamos o tempo de lecer tombadas na area no fondo do mar á sombra do arco da vella que fan os raios do sol ao pasar pola auga. Os maiores cóntannos lendas e historias; as sereas mozas falamos dos sereos mozos e os sereos mozos falan de Nós... Neste curruncho agarimado e acolledor estamos tranquilos e seguros

de que ningún buzo vai ser capaz de chegar a el. Os humanos sempre falades de sereas, pero tamén hai sereos, e que guapos son! (Prométeme que non llo dirás a ninguén, nin ao amigo ou amiga máis amigo ou amiga que teñas: un que vive nunha das furnas da illa de Ons tenme enfeitizada...!) Contáronme que na cidade de Vigo (da que eu, como podes comprender, non coñezo máis que o porto), hai a escultura dun sereo nunha das prazas. Gustaríame vela para saber se o artista atinou ben... Quizais un día lle caia ao mar unha postal a un turista e así poderei saber como é. Ti tamén me podes axudar: colle unha fotografía ou unha postal, métea nunha botella, tápaa ben cunha cortiza e bótaa ao mar. Prométeme que o farás, que xa hoxe mesmo aviso a todos os sereos e sereas que revisen cantas botellas aboien entre Ribadeo e Fisterra, e Fisterra e a foz do Miño.



Paso o tempo contemplando engaiolada como brincan os peixes, erguen voo as aves e tamén como andan os barcos, as dornas e os grandes transatlánticos. O xoves pasado estiven ata o serán cos arroaces que viven preto de aquí..., qué ben o pasamos! Gustaríame falar máis, pero... quedamos tan poucas sereas!

## Da miña devanceira que non volveu máis

Xa che dixen que me chamo Sálvora porque teño a morada nunha das furnas desta illa, a onde chegaron os meus devanceiros hai centos de anos. Se che ensinase a miña árbore xenealóxica quedarías abraiado ou abraiada, pero non podo porque está gravada nunha rocha do fondo do mar, entre Sálvora e os illotes de Sagres, xusto onde o océano se empeza a chamar ría, e a ese sitio nunca chegou ningún humano.


É unha árbore grande e con moitas pólas, tantas como devanceiros viviron aquí, agás unha que lle falta, esgazada como se fose por unha treboada. Miña avoa sempre me fala moi baixiño se lle pregunto por ela. Un día, despois de insistirle moito e aproveitando que estabamos soas, atreveuse a contar parte da historia, pero daquela aínda non nacera ela: relatárala súa avoa, e a súa avoa a súa..., e así ata non se sabe cantas avoas.

—Mira, Sálvora, xa non vive ninguén que saiba a historia da póla esgazada da nosa árbore. A tataravoa dicía que unha mañá de verán chegara á illa un cabaleiro francés, un tal Roldán, fuxido e avergoñado de perder unha batalla moi lonxe de aquí, non montes Pirineos, que eu non sei onde quedan porque nunca pasei de Fisterra. Baixou dun barco cos mastros crebados e as velas esgazadas, e tombouse á sombra dun carballo...

—Tan canso estaba que durmiu unha hora, dúas, tres..., e de non ser por unha voz moi estraña que viña de entre uns cons, aínda pasaría deitado moitas máis. Primeiro éralle desagradable —non estaba esperto de todo—, pero logo empezoulle a gustar: era tan doce e atraínte que ningún humano se resistiría a non ir ata ela. Ergueuse, subiu a unha rocha e albiscou ao lonxe a silueta dunha muller, pero enganábao o sol que lle daba de fronte: tiña cara de muller, cabelo de muller, corpo e brazos de muller, pero as pernas eran unha fermosa cola



Un brasón dunha casa de Rianxo.



Unha ameia da muralla de Noia.



O brasón de Galicia que deseñou Castelao, 1937.

coverta de escamas brillantes, rematada nunha aleta que movía ao son do cantar.

–Tan entretida estaba fitando como un arroás xogaba coa auga do chafariz dunha balea, que non se decatou do home..., e cando virou a cabeza xa non puido fuxir... E foise con Roldán.

E volveu a Sálvora?

–Nunca máis. E por eso deixaron a árbore xenealóxica da familia sen esa póla. Tiveron varios fillos, pero todos humanos e con pernas, e ningún sabe se a súa bisavoa foi ou non unha serea. Malia que unha serea moi velliña, que finou sendo eu nena, dicía que non acontecera así, que se fora cun mariñeiro moi guapo que lle embarrancara o barco na praia... E ata tamén se contou que caera na rede dun barco pesqueiro e que a collera o patrón cando chegou no copo entre os peixes, e casou con ela.

–Xa ocorreu hai tantos anos! O caso é que algunhas familias humanas crían que unha das súas devanceiras fora unha serea, e por eso a mandaban labrar no seu brasón. E ata Castelao deseñou un para Galicia do que terma unha serea, que non é outra máis que a miña antepasada de Sálvora.



## Da xeira de 1932, que foi antes de eu nacer

Canto dela sei débollo a miña avoa, pois daquela eu aínda non chegar a este mundo. As sereas temos moi boa memoria, e por eso lembramos feitos que os humanos xa esqueceron. Mágoa que a avoa finara, porque ela si que cho contaría ben. Dicía que tanto lles chamou a atención o ver un barco ateigado de rapazotes e profesores, que se xuntaron media ducia de sereas e sereos e foron detrás del ata a ría de Vigo. De volta aproveitaron para visitaren aos parentes das illas Cíes, Tambo, Ons e ata aos que daquela vivían na da Toxa, que logo se trasladaron para a de Cortegada.



Do que se lembraba mellor era de cando o balandro tentou achegar a Sálvora, e o forte vento e as ondas de varios metros de alto arredábano cada vez para máis lonxe. Ocorreu esto o 4 de xullo de 1932.

O barco era de Muros, chamábase “Xaquín Pérez” e fora construído doce anos antes. De eslora medía 16,25 m, e de manga, 4,77 m. Que ledicia o día que saíron do porto muradán!, ata estiveron as autoridades. Gustaríame conversar con el pero morreu xa hai anos, pois as sereas entendemos a linguaxe dos barcos e o “Xaquín Pérez” era o indicado para contarnos como se desenvolveu a expedición, falar da valentía daqueles rapaces e profesores, e tamén dos moitos perigos polos que pasaron.



Miña avoa non sabía os rapaces que irían, pero igual eran máis de vinte. Un amiga que vivía na illa da Creba (abandonouna dende que construíron nela unha casa), lembrábase de que algúns baixaran no Freixo, pero a festa grande fora en Noia, onde pasaron case dúas xornadas. O cuarto día o “Xaquín Pérez” enfilou cara a Sálvora, pero o tempo pouco ou nada os axudou sobre todo ao pasar polos baixos de Corrubedo, que ata se tiveran que tombar na cuberta collidos das mans. Por máis que o intentasen non deron arribado a Sálvora, tendo que facelo —e non con pouco traballo— no porto de Aguiño.





O vapor "Santa Isabel".

Quen daquela falaba da miña illa! En 1932 dicir o seu nome era lembrar o naufraxio do vapor “Santa Isabel” que afundira en poucas horas a noite do dous de xaneiro de 1921. Cando rompeu o día non se vía del máis que a punta do trinquete. Debeu ser a maior traxedia das ocorridas nas nosas costas: morreron 214 persoas, e aínda serían máis se os habitantes –e, sobre todo, as mulleres– de Sálvora non se botasen ao mar coas dornas. E aínda así os ultreias querían arribar a Sálvora!

O cinco chegaron a Ribeira, e contaba a serea Barbanzá que dedicaron o máis do día á arqueoloxía, e que pola noite os ribeiráns organizaran unha festa na honra dos aventureiros visitantes. O seis soltaron cabos, largaron velas e saíron cara ao porto de Vilagarcía de Arousa, facendo de camiño unha curta parada en Rianxo. En todos os sitios eran recibidos cos brazos abertos e –esto sóbouse despois– un dos profesores da expedición namorouse dunha das mozas vilagarcíás que visitaran o barco e casou con ela.

O sete pasárono entre a illa de Arousa e o porto de Cambados; o oito estiveron no Grove, e xa navegando pola ría de Pontevedra chegaron á tardiña a Sanxenxo..., e co balandro escorado a estribor! Na capital da provincia, contaba unha das sereas

da illa de Tambo, ata os recibiran con bombas. Estiveron en Bueu, e o día seguinte visitaron Ons: percorreron a illa, recolleron pedras e cunchas, subiron ao faro e, por último, baixaron á praia para ver o sartego do Crego, onde estivo enterrado un frade.

O día 13 o “Xaquín Pérez” arribaba a Vigo, malia ao moito vento e a forte chuvia que tiveron que aturar toda a travesía da ría dende Cangas. As sereas das illas Cíes lembrábanse do recibimento e de que pasaran a noite fóra do barco porque se inundara de auga, e tamén que polo mal tempo decidiran –contra a opinión dalgúns que querían continuar– dar por rematada a expedición sen iren ás Cíes como tiñan proxectado e concluír o periplo en Baiona.



Nunha xuntanza que tivemos na illa de Ons os primeiros días de setembro seguinte, á que asistiu miña avoa materna, moito se falou da aventura dos ultreias e do atrevidos que foran en percorrer as Rías Baixas, pois aínda non un mes despois, o 6 de agosto, o mar engulía entre Ons e Sálvora a 20 mariñeiros da lancha motora “Azaña” de Cangas do Morrazo, cando volvían cargados de peixe.







## Da expedición de 2006, á que tiven a sorte de asistir

Un sereo das Cíes de camiño a Fisterra informoume de que os ultreias ían repetir a Xeira das Rías Baixas e que agora participarían nenos e nenas, e non como na de 1932 que só foron rapaces. Que ben!, dixeran para min, así saberei como se desenvolve unha xeira, e se é igual a como contaba a avoa.

Indagamos que embarcación iría esta vez, pois o “Xaquín Pérez” xa finou hai moitos anos varado nun areal, coas cadernas e a quilla fóra da auga, que son as costelas e o espiñazo das embarcacións. Preguntamos aquí e acolá, ata que soubemos de certo que o barco elixido era o “Nauja”, que ficaba no porto do Grove, e tamén que o día 30 de xuño sairía cara a Muros. Aproveitei o traxecto para falar con el, pois –como poderás entender– non o ía facer cando estivesen os nenos e as nenas, que son uns curiosos e pasan o máis do tempo na cuberta debuzados na borda, albiscando os peixes e como voan as gaiotas e os corvos mariños.

Informeime de que o veleiro “Nauja” –por certo, é moi atento e faladeiro–, non é galego, pero agora xa se considera como se viñese ao mundo en calquera dos nosos estaleiros. E fala o galego tan ben!

–Nacín nuns estaleiros de Frederikssund, en Dinamarca, e botáronme ao mar en 1930, dous anos antes de que os ultreias fixesen a primeira xeira. Pesquei bacallao e lirio nas illas Feroe, pero o ano seguinte mercoume o Ministerio de Defensa Marítima danés, dedicándome entón a gardacostas ata a segunda Guerra Mundial, en que me converteron en patrulleiro das costas grenlandesas.

Cala e salouca, como se o que vai contar non fose do seu agrado.



—O meu nome, “Nauja”, é grenlandés, e quere dicir “gaivota”. Así é que se algunha vez me chaman Gaivota tamén entendo. E como unha gaivota fuxín a mañá do 29 de agosto de 1943 das tropas alemanas do porto de Copenhague. Quen sabe onde estaría agora se me chegan pillar! Pero a miña proeza non a tivo en conta a mariña danesa, que me vendeu en 1958 á Cámara Real de Comercio Grenlandesa, dedicándome entón ao transporte de viaxeiros, mercadorías e a levar o correo por toda a costa oeste da gran illa xeadada.





—Levo pasado moitos perigos, dos que o peor ocorreume o 29 de outubro de 1959 que o rexo vento e a treboada de neve leváronme contra uns cons, onde quedei escorado e se non fora pola axuda do “Rasmus Moller”, alí ficaría para sempre. Volvín a traballar arreo ata 1976, cando xa cumprira os 46 anos, que as autoridades grenlandesas decidiron poxarme e fun mercado polo danés Svend G. Jensen.

—Nos anos seguintes fixen de todo, dende veleiro de lecer ata transportador de mercadorías. Pasei varias veces por diante das Rías Baixas... Quen me ía dicir que quizais rematarei nelas os meus días! O 22 de xuño de 1999 atraquei no porto de Almería e a policía xa non me deixou saír: o amo metérame na adega máis de seis toneladas de haxix. Eu era inocente pero non por eso me librei de ir á cadea, a uns vellos hangares nos que botei abandonado case tres anos. O pesadelo non rematou ata 2002, ao mercarme a empresa Acquavisión/Galicia. Restauráronme por dentro e por fóra, facendo de min un barco novo, como se tal acabase de saír dos estaleiros, pero co aspecto, sabedoría e experiencia de medio século de andar polo mar...

Estabamos a chegar ao porto de Muros, e díxenlle que xa seguiríamos falando os vindeiros días, pois tiña decidido acompañalo ata Vigo, malia que a expedición non ía ser como a de 1932, que só duraría cinco xornadas e que en cada unha os nenos e as nenas serían de colexios ou institutos diferentes.



## Primeira xornada, sábado, 1 de xullo: Muros - Ribeira

Cando chegamos a Muros había festa, era –segundo souben despois– o último día da de San Pedro. Canta xente! O “Nauja” atracou nun dos peiraos, e non pechamos ollo ata pasadas as catro da madrugada pois, por se é que non o sabes, os barcos e as sereas tamén durmimos. Máis dunha vez escoitei coma uns xemidos que viñan da popa. Era –contoumo o “Nauja”– o espectro do “Xaquín Pérez” que non abandona as augas de Muros e anda desorientado pola ría sen atopar acougo en ningún curruncho.



Ás nove da mañá chegaron ao peirao os primeiros expedicionarios, os monitores e tamén os acompañantes que se encargarían de explicarlles aos nenos e ás nenas o motivo de se celebrar esta viaxe. Segundo puideren escoitar, e que tamén mo confirmou o “Nauja” cando pasabamos fronte a Corrubedo, eran escolares do Centro Público Integrado de Cervantes e do Instituto de Ensino Secundario de Becerreá. Eu non sei moi ben onde quedan eses concellos pois, só teño visitado os costeiros, pero debe ser lonxe do mar porque nunca navegaran nun veleiro, e por eso ao subir o primeiro que fixeron foi percorrer o barco enteiro: de proa a popa, de estribor a babor, e da adega á ponte.



Partimos de Muros a eso das dez da mañá ao son do himno do Antigo Reino de Galicia que interpretou un gaiteiro novo –tamén ultreia– que se chama Brais. Comezou a tocar xusto cando o patrón deu orde de soltar cabos e a embarcación empezou a arredarse do peirao.

Que pouco axudou o tempo! Nas primeiras horas o mesto neboeiro e o mar picado non deixaron ver nada, e máis dunha onda petou contra a borda mollándolle os pés a algún dos expedicionarios. Foi unha mágoa porque a paisaxe de ámbalas dúas bandas da ría é engaiolante. Pero, polo que podía escoitar, todo este tempo aproveitárono ben con actividades na cuberta e na adega: a importancia das cartas náuticas, os nomes das partes do barco, como se izan e arrían as velas, as artes de pesca, a flora e a fauna intermareal, etc.

Entre Muros e Ribeira falei abondo co “Nauja”. Eu ía preto da proa, a estribor, que é por onde mellor oen as embarcacións. Grazas a eses oídos invisibles para os humanos, saben de todo canto se fai e se di na cuberta, na adega, nos camarotes e ata na ponte onde vai o patrón.





—Amiga Sálvora, non son un barco tan pequeno como parece: teño de eslora 22 metros, aos que se lles sumamos o que mide o bauprés ou pao que terma da vela que sobresaie pola proa, e a botavara ou pao da vela mesana da popa, ando preto dos 30 metros de longo. De manga mido 5 metros, e de puntal, 3 metros. O meu velame consta de sete velas: a maior, a mesana, tres foques (de forma triangular), e dous foques en estai ou entrepaos, que van suxeitos con cabos. Ademais levo un bo motor por se o vento non axuda. Podo con ata 50 pasaxeiros, pero sempre van algúns menos, porque prefiro pecar por defecto de carga que por exceso.

Conforme entramos na ría de Arousa empezou a mellorar o tempo. Atracamos..., pero do que pasou despois só che podo dicir o que escoitei contar pois, como comprenderás, quedei no peirao facéndolle compañía ao “Nauja”. Dixeron que logo de xantar foran ao parque natural de Corrubedo: máis dunha vez tomei o sol na area da duna grande, e tamén nadei na auga morniña da lago de Carregal.

Saímos con festa de Muros e arribamos tamén con festa a Santa Uxía de Ribeira que, segundo puiden saber, celebraba eses días o centenario da concesión do título de “cidade” por parte do rei Alfonso XIII. Quixera despedirme dos expedicionarios, pero... Recibíronos na casa do concello, merendaron e á noitiña saíron no autobús cara a Cervantes e Becerreá.

## Segunda xornada, domingo, 2 de xullo: Ribeira – Vilagarcía de Arousa

Pasamos o día enteiro na ría de Arousa. Cando saímos Ribeira seguía durmindo, e non é de estrañar logo de pasar a máis da noite de troula, tanta que se non me vou para a illa da Rúa non pegaba ollo co barullo das orquestras. A eso das nove chegaron os primeiros expedicionarios: esta vez eran alumnos e alumnas dos colexios públicos integrados de Seoane do Courel e Pedrafita do Cebreiro, todos de moi lonxe do mar.

A mañá non foi axeitada para navegar, e menos aínda para un barco de vela. A sorte é que o noso conta cun bo motor, que senón igual botaríamos varias horas sen movernos do sitio. A poucos metros de deixar o peirao xa case non se albiscaba Ribeira, non se vía máis que brétema por todas partes: pola proa, pola



popa, a babor e a estribor. Se fose antano, o patrón tería que facer o percorrido tanxendo a campá que vai pendurada na ponte, pero agora existen aparellos seguros para navegar sen perigo de dar contra unha rocha ou outra embarcación.

O “Nauja” comentoume que tiñan pensado fondear e desembarcar en Sálvora, a miña illa e a miña casa. Cando me aburro nado arredor dela: segundo o tempo, a dirección do vento e de como estea o mar, uns días empezo indo cara ao sur e outras cara ao norte.



Os ultreias que van na proa empezan a albiscar ao lonxe a illa, pero por mor do neboeiro pouco máis se distingue a praia e unha construción pacega, que antano foi fábrica de salgar peixe. Nin se vía a estatua que os homes nos dedicaron a todas as sereas, nin tampouco as ruínas das casas e dos hórreos dos últimos habitantes. Pero non fondeamos, quizais por non ser o tempo moi axeitado para facer o percorrido a pé ata o faro. Xa tiña avisado a todos os amigos e amigas... outra vez será!

Como cada xornada os expedicionarios son diferentes, hai que repetir as actividades, así como tamén ensinalles o barco e facer fincapé na riqueza das nosas rías. Acordaron fondear fronte a un dos illotes do arquipélago de Sálvora, o Xiadoiro Areoso, e xantar na cuberta antes de baixar á praia. Non sei cal sería o menú, pero polo que puideron escoitar unha das veces que pasei por diante da proa (agarreime á cadea da áncora para que non me levasen as ondas), falaban moito e ben da empanada de mexillóns. Eu nunca comín empanada, pero os mexillóns están moi bos.

O bote deixounos na praia: uns bañáronse, outros pasearon polo areal e tamén houbo algúns que recolleron cunchas entre as rochas. Non se querían ir, estíbese tan ben!, pero xa era a hora do regreso. A cadea turra pola áncora e o “Nauja” pon a proa rumbo a Vilagarcía de Arousa. O tempo, que pola mañá non fora moi bo, pola tarde tornouse espléndido, permitindo admirar as paisaxes da ría de Arousa, as bateas, os barcos de pesca, as embarcacións...

O mesmo que os ultreias de 1932, estes tamén foron recibidos polas autoridades municipais e agasallados cunha merenda.



### **Terceira xornada, luns, 3 de xullo: Vilagarcía de Arousa – O Grove**

Non vai frío pero o ría cubriuse de brétema. Eu, que levo toda a vida no mar, presinto que dentro de poucas horas sairá o sol e o resto do día vai ser marabilloso para navegar e para admirar a paisaxe. A eso das nove da mañá a chegaron ao peirao o participantes e o persoal encargado da expedición, polos que agardaba a tripulación que, como bos mariñeiros, pasaran a noite no barco. Hoxe tocoulle aos alumnos e alumnas do Instituto de Ensino Secundario “Xermán Ancochea Quevedo” da Pobra de Trives, na provincia de Ourense.

Estou contenta porque van visitar a miña illa. O “Nauja” diríxese cara a Sálvora por entre bateas de mexillóns, gaivotas que de cando en vez se pousan nos mastros e corvos mariños. E falando de aves, tivemos unha acompañante inesperada que, logo de dar varias voltas, pousou no bauprés e foi con Nós o resto da travesía: unha pomba mensaxeira. Tan mansiña que ata come as faragullas de pan na man. Aínda que non sei moito das aves de terra, debía levar moito tempo voando e o primeiro sitio que lle pare-

ceu máis axeitado para descansar foi o noso barco, acompañándonos ata fondear e tamén xantou cos ultreias.

O bo tempo convida a bañarse, a tomar o sol ou a pasear pola area da praia. O bote foinos deixando no peirao, mesmo fronte á estatua da miña devanceira que, como xa che contei, un día desapareceu e ninguén sabe para onde foi.



O “Nauja” pasou o día fondeado fronte á estatua da miña devanceira...

Encamiñáronse ata o faro, pasando entre centos de gaivotas bardalleiras que non fan máis que berrar cando alguén lle pode facer mal aos gaivotiños ou aos ovos. Eu fun ata á punta dos Besugueiros, fronte ao faro, xusto onde naufragou o buque “Santa Isabel” en 1921, morrendo na traxedia 214 persoas; e puider ver como os ultreias admiraban o Atlántico dende as ruínas do faro vello. De volta detivéronse no faro novo e deberon falar coa fareira, pois parte do ano a encargada de coidar del é unha muller.

O resto da tarde, ata que partiron para o Grove, pasárono na miña praia, digo que é a miña, porque nela adoito botar moitas horas, unhas veces tomando o sol e outras a brisa do mar. No tempo que pasou fondeado o “Nauja” en Sálvora non estiven soa: xuntámonos moitas sereas e sereos, e tanto barullo armamos que ata non sei se algún dos ultreias se decatara da nosa presenza, pero como non son mariñeiros non distinguen entre o nado dun arroós e o dunha serea.





A pomba que pola mañá viñera parte do camiño connosco, ao se empezar a mover o barco posou de novo nun dos mastros, acompañándonos de novo ata as primeiras bateas. A tarde era espléndida, luminosa, e o mar tan calmo que só se sabía que andaba o barco polo ronsel de luces e sombras que ía deixando detrás. O “Nauja” largou as velas e así, fachendoso, a semellanza dun pavo real cando abre o abano multicolor, entrou no seu porto do Grove.

A xornada rematou como as anteriores, coa recepción por parte das autoridades municipais na casa do concello e unha merenda, ás que eu non asistín non máis que por ser serea. Non me atrevín...!



### **Cuarta xornada, martes, 4 de xullo: O Grove – Marín**

Benvidos, nenos e nenas dos institutos de Ensino Secundario “Carlos Casares” de Viana do Bolo e “Castro de Baronceli” de Verín, e tamén algúns do concello de Rubiá, xusto onde remata Galicia e empeza León! O día amañeceu co mar cuberto, aínda que non tanto como na da xornada de Ribeira a Vilagarcía. Algúns ultreias teñen medo subir a un barco de vela, pero eso ocórrelle a todos cantos pisan por primeira vez a súa cuberta.



O destino é Marín. Por diante queda o día enteiro para percorrer parte das rías de Arousa e de Pontevedra. Levei unha sorpresa ao enfilear o “Nauja” a proa cara á miña illa de Sálvora; logo souben, polo que dixo o patrón, que non ían baixar a terra, que só era para que a admirasen dende o mar. De camiño non faltou a visita de varios arroaces que nos acompañaron diante do barco moi ledos, ou eso parecía, polos pinchacarneiros que daban na auga.



Durante a travesía fóronse desenvolvendo as actividades de todos os días, así como as visitas á ponte e á adega, de xeito que ás poucas horas de pisar a cuberta os ultreias xa sabían tanto de mar como algúns mariñeiros.



O destino eran as illas Ons que, como me dicía miña avoa, fora unha das paradas máis importantes da expedición de 1932. Eu nunca baixei a terra, pero dende lonxe xa petan nos ollos as construcións novas que fixeron uns anos antes de eu nacer; tan alleas son ás nosas, que ata resalta unha no medio das casas que din que é un silo para gardar trigo, pero... se aquí sementaban millo e para eso están os hórreos! Fondeamos e xantamos (eu tamén o fixen, á sombra do “Nauja”, na banda de babor). Polo que escoitei, non faltou a empanada de mexillóns, moi saborosa polo que me dixo unha das gaiotas que tivo a sorte de botarlle o peteiro a un anaquiño.



O bote levounos ata o peirao e dende alí percorreron parte da illa e, como remate, pasaron unhas horas na praia da Laxe do Crego. Contaba miña avoa paterna –que era de Ons e ao casar fora para Sálvora– que nin as sereas máis vellas se lembraban



de cando fixeran aquel sartego, nin tampouco sabían da persoa que escollera tal lugar para ser enterrada, aínda que todas concordaban en que moito lle debía gustar o mar para querer que todos os días a auga cubrise a súa tumba no abalo e a deixase visible no devalo.

O Nauja prendeu o motor, subiu a áncora, despregou velas e colleu rumbo a Marín. Poucas paisaxes

deben ser tan fermosas como estas das nosas rías, e máis un día de sol: a illa grande de Ons, a súa compañeira a Onza, e algún illote coma o do Centolo; á popa a inmensidade do océano Atlántico, e á proa a costa da ría de Pontevedra; a Lanzada, Portonovo e Sanxenxo, a babor; e Aldán, Bueu e Marín, a estribor.

Na illa de Tambo, situada fronte a Marín, viviron moitos anos uns parentes de meu avó que a deixaron ao facerse cargo dela os militares, procurando un novo fogar nunha das Cíes, na de San Martiño, que é a onde van menos turistas.

A xornada rematou no porto de Marín, coa recepción no concello e a merenda de despedida.

Nubrouse. Non sei se choverá de noite.



### **Quinta e última xornada, mércores, 5 de xullo: Marín - Vigo**

Vaia se acertei! Choveu de noite e seguía pola mañá. Se non amaina, as amigas e os amigos do Instituto de Ensino Secundario “Aquis Querquernis” de Bande non van ter bo día, pero o mar sempre dá sorpresas, e igual dentro de poucas horas xa luce o sol.

Ao principio non entendía eso de Aquis Querquernis..., pero logo houbo alguén da tripulación que lle preguntou a un dos ultreias de onde viña ese nome tan raro, e este aclaroulle que se chamaba así un campamento romano de preto de Bande, do que aínda quedan importantes restos.

Sáímos de Marín camiño das illas Cíes. Un dos acompañantes senlleiros que se incorporou á expedición foi a mestra Antía Cal, convidada por mor de que o seu marido, Antón Beiras, participou na xeira de 1932. Emocionouse moito e durante toda a viaxe non fixo máis que repetir canto lle contara o home: os problemas que tiveran en varios portos para atracar se non arriaban antes a “bandeira pirata” —a galega—; o perigo que pasaron cando quixeron ir a Sálvora; das moitas cousas que aprenderan...



Así como nos fomos aproximando ás illas Cíes mellorou o tempo, desapareceu o neboeiro e cando chegamos semellaba máis un día de calor de agosto que de comezos de xullo. De camiño cruzámonos con varias embarcacións, das que a que máis lles chamou a atención aos expedicionarios foi un enorme buque que ía cargar coches a Vigo. De par deste xigante o noso barco non era nada, como se adoita dicir nestes casos, un concho de noz con velas.

As gaivotas non nos deixaron en paz, debían pensar que eramos un pesqueiro. A min non me caen mal estes paxaros, malia que sexan rebuldeiros e non deixen de berrar e de comer, pero se me dan a escoller, prefiro aos tímidos e fuxidíos corvos mariños.

Parte do tempo foi para as explicacións cotiás, que esta vez tamén se referiron aos parques naturais e, en particular, á importancia do das Illas do Atlántico. Falan moito das praias do Caribe (eu delas non sei máis que polo que me contou un sereo cubano), pero estas illas teñen todo: paisaxes, areais, auga limpa, sol, sombra..., e rica flora e fauna. Fondeamos na enseada da praia de Rodas e, antes de baixar, a tripulación encargouse de poñer sobre a cuberta empanadas, bocadillos, mexillóns, refrescos... Eu sei todo isto polo que dicían e tamén porque vía aos que se debruzaban na borda cos anacos de empana na man.





Canto me gustaría acompañalos pola illa! Síntome moi orgullosa de ser serea, aínda que algunha vez quixera ser muller..., pero tamén debe haber mulleres que lles gustaría transformarse en sereas e percorrer o mar, entrar nos barcos afundidos, descubrir currunchos maravillosos ateigados de peixes e mariscos... Aproveitei a estadía para visitar uns parentes que viven na illa de San Martiño; falamos de moitas cousas e coñecín unha sereña que naceu hai uns días... Eu díxenlles que lle podían chamar Ultreia.



O regreso foi marabilloso, pero triste, o primeiro polo día espléndido, e o segundo porque era o derradeiro da *Xeira de 2006*. Vigo é unha grande cidade, que medra a pulos, tanto que dende que estivera nela, haberá uns dez anos, xa case vista dende o mar non me parece a mesma. Os expedicionarios non sabían que admirar máis, se a paisaxe ou as embarcacións que entraban e saían do porto. Apesareime cando o “Nauja” empezou a arriar velas coa axuda de varios ultreias que turraban

polos cabos, e máis cando o gaiteiro que nos dera a saída en Muros volveu tocar o himno do Antigo Reino de Galicia, pero agora como despedida. Quedei agachada detrás dun veleiro estranxeiro, vendo como deixaban o barco e eran recibidos pola xente que agardaba por eles no peirao.

A recepción foi na Estación Marítima, pero de como se desenvolveu só sei o que escoitei aos da tripulación cando volvían cara ao Grove: que fora un acto moi emotivo dedicado aos ultreias de 1932, a cantos participaron na organización da agrupación e ao seu fundador, o profesor Álvaro das Casas.

*Gustaríame contarche moitas máis cousas, pero tes que comprender que son unha serea e todo canto che acabo de dicir ou ben o vin dende o mar ou llo escoitei a alguén.*

*Ata outra xeira! Se volves percorrer as Rías Baixas –que de seguro o farás– non te esquezas de min, e de cando en vez dá unha volta polo barco dende a proa ata a popa fíitando sempre cara á auga, pois se cadra unha onda lévame o cabelo louro e podes ver o seu reflexo no ronsel da auga do mar... Pero non te entristezas se non ocorre así: ten a seguridade que eu ando preto de todos os barcos onde hai alguén que quere descubrir a natureza e coñecer mellor Galicia.*

*Son tantos os homes e as mulleres que nunha viron sereas e falan delas! Cada neno ou nena que deixa de ter fe en Nós, é unha menos que queda, porque ás sereas ocorrenos o que a todos os seres creados pola fantasía humana: morremos no intre en que ninguén cre na nosa existencia.*

*Túa amiga para sempre,  
Sálvora*





## A opinión dos ultreias...

En 1932 dous ultreias publicaron o seu parecer verbo do desenvolvemento da xeira: M. Encisa, “Ultreya no mar”, e Antón Beiras, “O que foi e siñifica a xeira dos ‘ultreyas’”, ambos no xornal vigués *El Pueblo Gallego*, o 31 de xullo e o 6 de agosto, respectivamente.

Tampouco faltaron na xeira de 2006, neste caso tres participantes: as alumnas do CPI de Cervantes, Judith Arango Arias e Andrea Rosón González, e o profesor do mesmo centro Mario Otero Iglesias. Os tres contan a súa experiencia de xeito diferente: a primeira escolleu a poesía, a segunda o diario, e o terceiro a novela curta, cun remate que... oxalá se cumpra!



## A Expedición Ultraia

Judith Arango Arias. Alumna do CPI de Cervantes

Partiron nun barco veleiro  
hai xa moito tempo,  
cheos de ilusión e con algún  
que outro contratempo.

Eran os rapaces ULTREIA,  
coñecidos en toda Galicia  
e recibidos en cada parte,  
con acollemento e ledicia.

Setenta e catro anos despois,  
chamáronnos un bo día,  
para dicirnos que seis afortunados  
formarían parte desa travesía.

Eu fun unha das agraciadas,  
saímos de Cervantes,  
e para durmir mellor pola noite  
fomos de troula antes.

Á mañá seguinte no NAUJA  
presentouse a tripulación,  
e cada un deles  
explicounos a súa función.



Partimos con néboa  
dende o porto de Muros,  
e acabamos todos mareados  
aínda que iamos de duros.

Estivemos no barco  
durante toda a mañá,  
e cando chegou a hora  
paramos para xantar.

Leváronnos a un merendeiro  
onde puidésemos comer,  
para que recuperásemos forzas  
e ao barco axiña volver.

Despois da comida  
estivemos no parque de Corrubedo,  
pero non vimos as dunas  
por ir escasos de tempo.

Rematada esa visita  
volvemos ao veleiro de seguida,  
para partir canto antes  
e seguir co noso camiño.

Navegando cara Ribeira  
vimos ao lonxe unha balea  
e dende o barco miramos  
como desaparecía entre a marea.

Logo axudamos á tripulación  
e entre todos alzamos as velas,  
divertímonos moito,  
aínda que nos custou sostelas.

Cando chegamos a Ribeira  
moita xente agardábanos no porto  
e unha vez en terra  
a viaxe saíume corta.

Déronnos moitos agasallos  
e leváronnos ao concello  
alí merendamos e,  
acompañáronnos a velo.

Ao rematar o día e co  
cansazo da noite de antes,  
despedíronse de Nós e  
volvemos a Cervantes.

Foi unha viaxe moi fermosa  
e aquí aproveito para dicir,  
que se pode ser,  
o ano que vén quero repetir.

## Diario dunha ultreia cervantega

Andrea Rosón González. Alumna do CPI de Cervantes

2006, venres, 30 xuño

Santos: Lucina, Marcial

A néboa de pola mañá, deu paso a unha tarde de calor abafante, e mentres agardabamos o autobús, ao pé do CPI de Cervantes, estivemos comentando o inicio daquelas recente estreadas vacacións de verán. A primeira parada fixémola en Becerreá para recoller a outros rapaces do IES da vila, que virían con Nós. Eramos cinco rapazas e un rapaz de Cervantes e o mesmo de Becerreá, acompañados por un profesor de cada centro. Non cabe dúbida de que hoxe as rapazas pisamos forte.

Paramos para merendar nunha área de servizo da autoestrada e seguimos rumbo a Muros. Cando chegamos alí, despois de case tres horas de viaxe, recibíronnos moi ben e leváronnos ata o lugar onde nos aloxaríamos aquela noite para desfacer a equipaxe. Despois fomos cear, e todos coincidimos en que a comida estaba deliciosa. Muros recibíranos en plenas festas, e aló polas once da noite, os “profes” leváronnos un anaquiño ata as barracas. Bailamos un chisco no campo da festa e despois de tomar algo deitámonos.





2006, sábado, 1 xullo

Santos: Arón, Faxildo, Luz, Simeón

Erguémonos ás oito e media, almorzamos aínda coas lagañas pegadas aos ollos e dirixímonos ao peirao de Muros. Alí agardábannos todos os que nos acompañarían durante a expedición (a tripulación, un representante da Xunta e outras personalidades do mundo da cultura galega), e tamén a alcaldesa da localidade. Embarcamos ao son do himno do Antigo Reino de Galiza, nun día toldado polas nubes que empeoraría ao deixar a ría de Muros e Noia e adentrámonos no Atlántico. Con Nós tamén veu un equipo de TVE para realizar unha reportaxe.

Déronnos a benvida, contáronnos a historia do Nauja (unha vella embarcación que ata transportara cocaína) e explicáronnos un pouco como funcionaba todo nun veleiro como ese. Tamén nos dixeron que esta expedición se realizaba porque había 74 anos que o profesor Álvaro de las Casas e un grupo de rapaces percorreran en veleiro as Rías Baixas para reivindicar o uso da lingua nai e a cultura galega.

Paramos en Aguiño para xantar preto do Parque Natural de Corrubedo e logo volvemos a montar no veleiro para ir a Ribeira. Xa cunha tarde apacíbel recibímonos a corporación municipal, e despois de tomar todos xuntos uns pinchos, collemos o autobús para regresarmos a Cervantes. Cando chegamos aos Ancares pasaban xa das doce da noite. Foi unha experiencia moi fermosa que a todos nos gustaría repetir o vindeiro ano.











## Adiante!

Mario Otero Iglesias. Profesor e Xefe de Estudos do CPI de Cervantes

### CAPÍTULO I

O ruído do motor da embarcación “Cervo de Ancares” deixou paso ao chío das gaivotas da ría de Vigo. Era un zunido mol e cadente que se fundía coas primeiras raiolas de sol do apenas encetado mes da sega. O ronsel deixado atrás desaparecía engorde entre as bateas, mentres que un exército de ondas miúdas arrolaba con agarimo o iate de Xiana coa proa apuntando xa cara a cidade olívica.

Xiana sacou do interior dúas cadeiras gornecidas de veludo azul e dous vasos de zume de laranxa acabado de espremer. Mirou para a súa avoa e deulle reparo interrompela. Dende que subira á embarcación situárase preto da proa coa mirada perdida cara o horizonte. Nos últimos tempos, Iria cultivara unha capacidade de evasión tan grande, que deixaba absortos aos seus achegados. Con pasos lentos para non crebar a fragilidade do momento, achegouse a ela e abrazouna por detrás. Sempre se sentira moi unida a aquela muller misteriosa da que pouco lle contaran.

Xiana levaba agardando aquel día dende nena e por ese motivo sentía unha presión inusual na boca do estómago. Era unha xornalista de recoñecido prestixio en Galiza e aos seus trinta e dous anos xa entrevistara a todo un elenco de famosos, dende actores de sona internacional ata os políticos de primeira liña. Era considerada unha xornalista seria pero mordaz, capaz de alcanzar o segredo mellor gardado ante a inusitada pasividade da vítima.



A xente considerábaa perigosa pero, por outra parte, deixábase seducir por un anaco de fama no xornal galego máis vendido. “A sona é un bocado envelenado ao que poucos se resisten”, dixeran o decano da facultade no acto de licenciatura. A única persoa que permanecera implacábel durante o asedio, na súa curta carreira profesional, fora o novo Arcebispo de Compostela; un home de acenos austeros e discurso ben aprendido, que pretendía levar as rendas do encontro ata o remate.

Aquela non era unha entrevista normal, era a oportunidade de coñecer, non só a primeira premio Nóbel de literatura en lingua galega, senón a súa descoñecida avoa materna. Súa nai, nunca logrou perdoar a Iria o divorcio con Friedrich, e por esa razón, Xiana apenas vira a súa avoa máis que nas comidas familiares importantes. Aquela señora de pelo curto e branco, coqueta no vestir e de sorrir engaiolante, levaba algo practicamente insólito no ano 2080, uns lentes, que apenas ocultaban a vivacidade daqueles ollos escuros. A súa avoa debera de ser unha muller moi fermosa, outrora.

Nun aparte da última comida, Xiana dixéralle á súa avoa que tiña moito interese por escribir a súa biografía. Ela, a cambio, pediulle que a levara no seu iate dende Marín ata Vigo e que alí falarían do que ela quixese. Resultaba misteriosa aquela proposta pero pareceulle perfecta; alí terían a intimidade apropiada para conversar de cousas importantes. Recolléaa cedo na compostelá praza de Galicia e durante o traxecto en coche falaran de cousas triviais.

Situou o gravador a carón do zume e cun aceno sutil convidou a Iria a sentarse no cadeirón azul da dereita.

—Cando queiras! —Dixo Iria á vez que apoiaba o bastón no repousabrazos.

Miles de cuestións sucaban veloces os miolos de Xiana coma se dun circuíto de fórmula un se tratara. Preguntas persoais e profesionais mesturadas, por onde comezar! Ao final o sorriso de Iria deulle a confianza que precisaba para arrincar.

## CAPÍTULO II

—Bueno Iria, fáleme un pouquiño da túa infancia!

—Eu tiven unha nenez marabillosa no corazón dos Ancares. Nacín a comezos de 1993 nunha aldea de Cervantes, en plena crise demográfica. Daquela non había nenos nas aldeas e a pouca xente nova que por alí quedaba, ía fuxindo paseniño cara as vilas e as cidades máis próximas. De feito, meu irmán e eu só tiñamos un rapaz na aldea con quen xogar.

A meu pai gustáballe a poesía, pero sentíase frustrado por non ter a preparación necesaria para compondor versos. Non puidera acabar os estudos primarios porque meu avó morrera de novo e tivera que facerse cargo do traballo da casa. Cecais fose esa anguria o que o empurrou a lernos contos e poemas todas as noites da nosa infancia. Meus pais non tiñan moitos cartos pero dedicáronos todos á nosa formación académica. El dicía que a cultura era o ben máis prezado que a xente humilde podía herdar. Ela era a chave do progreso.

—Dende logo que a túa cumpría co estereotipo de familia tradicional!

—Si, daquela os divorcios, aínda eran unha excepción na zona rural galega.

—E, habendo tan poucos nenos na montaña, onde tiveches que estudar?

—Cursei os estudos primarios preto da casa, na Ponte de Doiras, e a secundaria en San Román de Cervantes, dous centros pequenos que permitían unha relación familiar tanto cos compañeiros coma cos profesores...

Iria foi lembrando pasiño a pasiño os acontecementos máis agarimosos que gardaba naquel baúl, aparentemente, comesto polos anos. Falaba sen présa, ríndose ás veces, debuxando coas mans escenas pasadas, ollando sen mirar para a súa interlocutora...

—O xefe de estudos, e á vez profesor de Tecnoloxía, acudira á clase cunha sorpresa debaixo do brazo. Xa comezara a intensa xeira dos exames finais e agradeciamos calquera comentario alleo ao estritamente académico. Os profesores estaban concentrados en rematar os temarios a toda costa e a tensión cheirábase en todos os recantos da aula.

“Tráiovos unha boa nova. A Consellaría de Medio Ambiente convida a sete rapaces do CPI de Cervantes a participar na Expedición Ultreia...”. E comezou a explicarnos o simbolismo daquela excursión que rememoraba os setenta e catro anos da expedición de Álvaro de las Casas con raparigos galegos polas costas do país.

Mirei para David, dous postos cara a esquerda, e as miradas fundíronse nun sorriso de complicidade. Era a última oportunidade que tiña para que a nosa relación subise un chanzo máis antes de coller as vacacións.

Tiñamos tres días por diante para entregar as autorizacións paternas e entre elas realizaríase un sorteo para determinar as sete prazas. Comezamos a facer o proxecto de Tecnoloxía e o profesor mandounos parar para que as nosas mans inocentes escolleran aos participantes. O corazón bombeaba o sangue con tanta

forza que o sentía gurgullar polas cavidades internas. David saíu de terceiro, pero o meu nome non aparecía. Cando xa se escolleran aos sete participantes a miña cara parecía o cadro da Virxe das Angustias que hai na igrexa da miña aldea, pero unha esperanza pareceu abrirse paso... “Agora imos seguir sacando nomes para facer a lista de espera, que seguro que algún alumno non pode acudir”.

Os meus compañeiros seguiron sacando nomes da bolsa de plástico e eu aparecín de cuarta na lista de espera. Non era o que imaxinara na casa pero aínda non estaba todo perdido. A lista foise movendo polo razonamento absurdo de “se non vai fulanito, eu tampouco vou”, e xusto o día de confeccionar o listado definitivo, o profesor veu a xunto de min consciente das miñas inquedanzas e, pousando a man na miña cabeza, como tiña de costume, dixo que tiña sitio de milagre. Non mo podía crer, pasaría dous días con David e montaría nun veleiro! Dende logo que a sorte non me podía deparar un destino mellor.

Os exames e as clases foron deixando sitio aos longos días de vacacións. As miñas notas foran tan boas que meus pais, como recompensa, deixáronme ir á piscina de San Román cando non había traballo urxente na casa. E alí, xunto a Vanessa, unha rapaza de terceiro da ESO agraciada coma min coa excursión, facíamos e desfacíamos virtualmente a maleta da viaxe. Nin que marchamos da casa toda a semana!

E chegou o venres. Erguérame preto das doce sobresaída. A noite anterior tardara moitísimo en durmir e oír o reloxo do cuarto grande cantar a unha, as dúas, as tres..., pero contra a mañanciña os rexos brazos da cama venceran o meu cansazo. Despois de xantar, achegoume meu pai no vello Ford Fiesta ata o colexio e alí collemos o autobús para ir recoller a outros tantos rapaces de Bece-rreá. Acompañábons o noso profesor de Tecnoloxía e o vicedirector do outro



centro. Unha lixeira calixe envolvía o val do Navia naquel pegañento calmizo que o aire acondicionado era incapaz de roubar.

A cara de Xiana non daba creto ante a descrición pormenorizada que unha muller con oitenta e sete anos daba da súa infancia. A súa cabeza desenrolaba de vagar as lembranzas do tenro nobelo en que antano decidira gardalas, quen sabe se agardando aquel momento...

Sentei con David e as gargalladas invadiron pronto o autobús cos sempre ocorrentes comentarios de Uxía. E así, entre chistes e contos fomos chegando a Muros. O porto estaba ateigado de atraccións, así que despois de cear non nos foi difícil convencer aos profesores para dar unha voltiña pola vila.

Unha airexiña morna con arrecendo a mar xogaba cos meus cabelos mentres camiñaba a carón de David. O ruído do mar mesturábase cos bocinazos das atraccións e a música veraniega dos chiringuitos. Os meus cinco sentidos eran incapaces de capturar tantas sensacións. Coido que unha nena non podía ser máis feliz!

E pasou a noite e tamén unha oportunidade máis para dicirlle a David todo o que practicara diante do espello da cómoda de meus pais os días anteriores.

—Pódese dicir entón, que David foi o teu primeiro amor? —Interrompeuna Xiana poñéndolle a man enriba do seu xeonllo, nun guiño de entendemento.

—Cando un é neno o corazón dá moitas voltas. Cabalga ceibe coma un corcel polo monte, pero con David foi distinto, eu sempre levei as rendas ben suxeitas.

—Como era ese rapaz?



—Dende logo, non se trataba do máis guapo do colexio. Era moreno e despistado, moi distinto do resto dos cativos. Non adoitaba xogar ao fútbol nos recreos, nin a participar nas liortas que tiñan os demais ás agachadas dos profesores de garda, simplemente se limitaba a ler no pasillo e a falar coas rapazas e cos profesores que por alí pasaban. Moitas veces ríanse del por traer o xerseí do revés pero a min volvíanme tola aqueles olliños distraídos pero limpos.

Despois de almorzar —reconduciu Iria a conversa— marchamos a alancadas cara o peirao. María esquecérase do neceser no hostel e xa andabamos ás carreiras coma sempre. Coñecemos á tripulación e ao resto de xente que nos acompañaría no veleiro ata Ribeira e subimos a bordo, ao son dunha fermosa canción interpretada por un gaitero noviño. Anos despois identifiqueina coma o Himno do Antigo Reino de Galicia.



As cámaras de TVE apreixaban todo coa voracidade dun monstro trípode famento para unha reportaxe que ían botar a semana seguinte. Explicáronnos o funcionamento do barco e cando nos deixaron un pouco de tempo libre un andazo comezou a buligar entre a tripulación máis nova. Comezou Cristina e coma



fichas de dominó fomos caendo un tras outro. Eu, nun momento de debilidade, non puiden evitar vomitar e alcancei sen querer a un señor de barba aderezado cunha gorra de mariñeiro. Non tardou en aparecer o profesor, poñéndome a man na cabeza, para dicirme, “noraboa, non todo o mundo pode gabarse de vomitar por enriba dun Director Xeral da Xunta de Galicia”, e rinme consciente de que a palidez que portaba no rostro era o espello do seu mareo.

Achegueime ata a proa do Nauja para ver se a brisa do mar me ía apazugando a cabeza. Estabamos xa lonxe da protección da ría e as ondas acaneaban o veleiro con descaro. Ao pouco apareceu David e abrazoume polas costas. Non falamos, porque estaba visto que abrir a boca naquel estado era perigoso e non sei canto tempo permanecemos naquela posición. O barco comezou a virar e un membro da tripulación avisou en voz alta que pronto atracaríamos en Aguiño. Pensar que en pouco tempo pisaríamos terra foinos dando azos para continuar, pese a que, apertada polos brazos de David, tampouco se estaba tan mal.



Unha melodía polifónica foi anagando a serenidade do encontro co seu volume. Iria remexeuse para atopar o teléfono móbil dentro do bolso e cun certo toque devolveu o silencio á cuberta da embarcación. Nese momento Xiana comprobou que efectivamente o seu estaba apagado e continuou escoitando.

Xantamos todos xuntos preto de Corrubedo e xa pola tarde o tempo sorriu e o vento calmou. Montamos de novo no Nauja e no curto traxecto ata a engalanada vila de Ribeira ninguén se volveu marear. A ría estaba lisa e a algarabía propia da rapazada volveuse a sentir. Ía chegando o final da excursión e, desafiando a opinión de pola mañá, xa todos queriamos volver a participar na expedición o ano seguinte.

En Ribeira recibíunos a corporación Municipal no salón de plenos coma se fosemos heroes. Merendamos e contra as nove volvemos a montar no autobús





que nos devolvería á monotonía das nosas casas. Viñen sentada con David todo o camiño. Agarreille a man e falamos das nosas cousas. Cada quilómetro que avanzabamos aumentaba a miña tristura por aquela xornada que remataba. Un bico na fronte de meu pai fronte ao colexio puxo o punto final á primeira etapa da Expedición Ultraia.



–Como rematou a vosa relación?

–Seguín en contacto con David grazas ao teléfono móbil que me regalara a miña madriña na festa de aniversario, e púideno ver unha vez na piscina de San Román e en dúas festas das proximidades. Cervantes pode ser moi pequeno e inmenso ao mesmo tempo para un cativo, pero lembro que cando me invadía a melancolía collía a cinta de vídeo da reportaxe de TVE e premía o pause no breve intre que a cámara nos enfocou na proa do Nauja.

Un día pola tarde, David chamoume con voz apenada. Seus pais decidiran marchar para Lugo e matriculalo no IES das Mercedes. O ceo escureceu e o verán fíxose noite. A min, que pouco saía da casa, Lugo semellábame América. Prometemos escribirmos, e así o fixemos durante case un ano, pero a distancia e o tempo foi esfarelado o noso noivado.

Volvín a participar na Expedición Ulteira, xa que os que fomos o primeiro ano tiñamos preferencia fronte aos demais. Porén, nunca máis volvín a marearme, se cadra porque os brazos protectores de David seguían aloumiñándome dende a lonxanía, e pese a que as tres etapas seguintes foron maravillosas, ningunha resultou como a primeira.

### CAPÍTULO III

–Din que os galegos non valoramos o que temos ata que é recoñecido fóra do país. A túa carreira corrobora a hipótese da nosa falta de autoestima como pobo. Poderíame comentar como influíu na túa vida a longa estadía en Austria?

–Eu presentara a tese doutoral en novembro sobre os poetas da montaña, centrada, como non, en Uxío Novoneira, e a miña titora, a catedrática dona María Luísa Cedrón chamoume durante o Nadal porque remitiran ao departamento un contrato de traballo interesante. Tratábase de dar clases de galego na Universidade de Innsbruck durante o segundo cuadrimestre. Ao parecer, había tanta demanda na cidade alpina que, á última hora, a universidade ofrecera a posibilidade de abrir a matrícula. Fenómeno estraño aquel de Innsbruck!, pensei eu, pero sen darlle moitas voltas á cabeza enviei o meu currículum vítae por correo electrónico. Levaba un mes de descanso na miña terra natal mergullada na lectura. Durante o estrés da tese acumulara unha morea de libros na mesa de noite á espera dunha paz que me permitise saborear as verbas impresas de escritores do máis variado.

Non tardaron unha semana en chamarme. Estaba convocada, xunto con outros catro candidatos, a unha entrevista en Innsbruck cinco días despois. Non albergaba moitas esperanzas pero a idea de visitar Austria cos gastos pagos venceu os meus recelos.



acquariumgalicia

acquariumgalicia

A entrevista saíra mellor do que pensaba xa que dominaba o inglés e aprendera algo de alemán na Escola Oficial de Idiomas. Ademais, posuía un currículo inzado de méritos para os meus trinta anos. Así que, a comezos de febreiro instaleime nun apartamento moi acolledor preto do Xardín da Corte, Hofgarten, un parque planificado hai máis de seis séculos e situado no corazón da cidade. A xanela do meu cuarto abría cara o río Inn e dende ela víase bulir preguiceiro o teleférico ata o Hafelekarspitze que, a 2300 m de altura, ofrecía unha vista de Innsbruck que non cansaba de enxergar nas tardes solleiras.

A neve, que sepultaba a cidade durante meses, lembrábame as xornadas sen colexio aló en Cervantes, cando o transporte escolar era incapaz de chegar á Freita a recollerme. Dende logo que a paisaxe érame bastante familiar e a cidade moi semellante a Santiago; de feito, coma aquela, tiña o encanto das cidades universitarias europeas.

O contrato rematou pero como o curso resultara un éxito renováronme como profesora durante dous anos máis.

—Como coñeciches a meu avó?

—Unha fin de semana de outono achegueime a Salzburgo cunha compañeira da facultade. O seu irmán, Friedrich, daba un concerto de órgano na catedral. Tiña trinta e cinco anos e xa conseguira facerse un oco no berce de W. A. Mozart. Oín o concerto prestando máis atención ao estilo renacentista do lugar de celebración que á propia música, e non por desprezar ao rapaz, que o facía moi ben, senón porque daquela os meus coñecementos musicais eran inexistentes. Despois fomos tomar un café coa familia deles ao famoso Fürst, ateigado de xente requintada á saída do concerto. Nunha sociedade como a austríaca, non saber de música é considerado como un caso de analfabetismo claro, e iso facíame sentir

verdadeiramente incómoda entre aquela xente. Friedrich tardou en aparecer, e xa contra a noite fomos cear os tres a un local de ambiente desenfadado que contrastaba cos nosos traxes de etiqueta. Era un rapaz simpático e de verbo áxil que rompía coa frialdade da imaxe que fora forxando durante o concerto. Impactárame a solemnidade coa que deixaba atrás cada un dos catro órganos da catedral, seguido sempre por unha axudante que se adicaba a pasarlle as follas da partitura.

Detrás daquela velada viñeron un par delas máis coa miña compañeira xogando o papel de celestina. Non fixo falla agardar moito tempo para que Friedrich e eu descubriremos un sentimento que excedía os límites da amizade. Foi alí, no barrio de Maxglan, na cervexería máis famosa da cidade, onde teu avó me pediu que saíse con el. E no tren que unía as dúas cidades matei moitas horas lendo aos clásicos á espera do encontro co meu novo amor.

—Mudando radicalmente de tema, foi en Austria onde te deches a coñecer como escritora. Como foron os teus primeiros pasos na literatura?

—Coa tranquilidade de Innsbruck como fondo agromou á luz o meu primeiro poemario, “Unha laña no rescaldo”. Moitas outras veces tiña escrito poesía, pero nunca sentira a necesidade de facelo coa intensidade de entón. Grazas a ela podía liberar as preocupacións que asulagaban un corazón namorado que murchaba coa distancia ao berce que o arrolou de novo.

Ese poemario foi traducido ao alemán como exercicio práctico nas miñas clases da universidade, e sen querer, chegou ás mans do maior editor austríaco, avó dun dos meus mellores alumnos. Gustoulle tanto que non só publicou o primeiro dos traballos, que logo chegou a Alemaña, senón que se converteu nun verdadeiro mecenas para min. Os meus libros tardaron en chegar a Galiza, e



nunca tiveron a mesma repercusión que no norte de Europa ata que comezaron a chover os premios.

Cando rematei o contrato de Innsbruck e coa seguridade da renovación nas mans, loitei por unha praza de titular en Viena, xa que Friedrich conseguira medio ano atrás, traballo na Orquestra Sinfónica da capital. Gañei a praza e non tardou en nacer a túa nai, Elisa. Ao comezo era branquiña e fráxil, pero os xens latinos predominantes fixeron dela unha rapaza morena e con carácter.

Anos despois uns compañeiros da facultade presentaron xunto coa Universidade de Santiago de Compostela a miña candidatura ao Nóbel de literatura. Eu pensei que tolearan pero un tempinho despois callou a proposta e convertínme no primeiro Nóbel en lingua galega. Non podía crer que aqueles sentimentos estampados en papel como menciña da alma, tiveran tanta repercusión internacional! Durante aquel ano tiven que pedir a excedencia para poder acudir a todos os actos que me reclamaban como conferenciante, sobre todo aqueles que procedían da miña terra.

—Foi entón, cando comezaches a cavilar no regreso a Galiza?

—Si, aquelas viaxes sementaron en min a idea do retorno. Tanto insistín na volta que Friedrich rematou por ceder ás miñas pretensións. Eu conseguín pronto praza en Santiago e non tardei en converterme en Catedrática. O Nóbel, era unha laxa cun peso específico elevado.

O teu avó non conseguía facerse sitio nunha sociedade onde a música clásica non tiña, nin con asomo, a mesma importancia que no Norte de Europa, e comezou a cansarse de vivir á sombra da súa dona, así que, unha noite de San Froilán, comendo o polbo nas casetas espetoume que regresaba a Viena.

Elisa, que daquela contaba con vinte e dous anos, decidiu quedar en Galiza porque non estaba disposta a perder as novas amizades forxadas en Compostela. Os nosos vínculos afectivos mirraran tanto que rematamos aceptando racionalmente que era mellor seguir como amigos que tirarnos os trastos á cabeza. Pero a túa nai non aceptou o divorcio e botoume sempre á cara o egoísta que fora por non loitar pola unidade da miña familia. Ela sempre estivo moi unida a teu avó.

#### CAPÍTULO IV

—Como pasaches a ser a punta de lanza do grupo de intelectuais “Ultreia”?

—O destino colleume despistada en Santiago, lendo o xornal na cafetaría de sempre. Un home descoñecido, despois de deixar a gabardina no colgadoiro, séntase na miña mesa e comeza a falar do tempo. Dubidei da súa cordura pero seguinlle a conversa para non amolalo. Habilmente foi reconducindo o tema cara a literatura, a lingua, a política e a conversa durou cinco infusións e catro horas. Intercambiei o número de teléfono co meu interlocutor, por educación máis que por que pensara en volver a velo.

Porén, unha tarde de choiva miúda unida á impotencia de ensarillar dous versos con tino, fixo que a imaxe daquel estraño home aparecera dentro de min cunha nitidez abrumadora. Decidinme a chamalo. Quedamos aquela mesma noite na mesma cafetaría. Empapado pola choiva traía envolto un paquetiño debaixo do brazo. “Non pensei que me chamaras”, dixo enxugando a cara cun pano branco. “Sementaches en min moitas incógnitas, home sen nome!”, respondín eu con determinación. “Chove á esgalla, pero gústame a sensación das gotas de auga

correndo polas meixelas. Cada vez chove menos no país da pedra e da auga...”

E sen querer comezamos polo tempo atmosférico e rematamos rememorando vellas historias. Aquel home misterioso resultábame familiar e tiña un discurso fluído e interesante. Era profesor de Bioloxía e Xeoloxía nun IES de Santiago polo que non era de estrañar que faláramos do desastre que mudara a fisionomía de todo o que nos rodeaba, o troco climático, e en concreto o manido fenómeno da desertización.

—Avoa, era tan distinta a Galiza da túa infancia da actual?

—Xiana, ti só lembras un país de clima morno e agradábel dentro dunha España árida, pero cando eu era nova Galiza amosaba unha faciana dun verde intenso mentres que a choiva e as nevadas eran unha constante nos invernos, sobre todo en Cervantes. Agora apenas chove, e o Norte deixou de ser o belido xardín de outrora para tinxirse cunha tonalidade amarelenta. Dende os anos corenta, á nosa terra fóronlle secando as raíces pola invasión da xente que ía fuxindo engorde do gran deserto castelán. A poboación comezou a trasladarse ás zonas costeiras da península, aos vales dos grandes ríos, á franxa cantábrica, e como non, a Galiza. Pasamos a ser o motor económico dunha Iberia murcha, a costa de ir esquecendo as orixes. Pero Galiza..., Galiza é o pobo máis resistente de todo o planeta, sempre fomos capaces de atopar unha saída na adversidade.

Iria, calou un intre, botou man do zume para mollar a boca e continuou a conversa.

Falamos diso e moito máis e ao final entregoume o misterioso paquetiño. Abriño con tino, como se o importante fose o envoltorio, e dalí saquei unha camiseta verde. Serigrafado en branco había un símbolo celta seguido de “ULTREIA, expedición 2006” e, a carón, a sinatura endiañada de cando eu era pequena.

Aquela camiseta encheu de lembranzas a miña mente. Imaxes, sons, texturas penetraron nos miolos como cando sacas a cabeza pola xanela e respiras fondo nunha mañá de neve. Era David!

Aledeime moito de velo pero á vez avergoñeime. Pasara tanto tempo!

—Que foi de David durante todos eses anos?

—David tivera que mudarse de Lugo a Santiago aos dous anos de marchar de Cervantes. O pai atopara un traballo estábel nunha fábrica de taboleiro aglomerado das aforas da capital e alí forxaran definitivamente o seu fogar. Estudou Bioloxía no Campus Sur e rematou de profesor en Santiago despois de moitos anos percorrendo os institutos de Galiza.

Durante ese tempo foi afianzando unha tupida rede de contactos entre a xente coa que compartía uns ideais definidos, salvar a Galiza fronte á desertización que chegaba xa ata a bisbarra do Bierzo e recuperar os valores culturais e lingüísticos dunha nación que acadara os oito millóns de habitantes, contando aos emigrantes retornados e a xente do resto do estado que fuxía das areas. O sentimento galego estaba moi debilitado e precisaba unha Rosalía de Castro que iniciase un novo rexurdimento, e os dedos da organización apuntaban cara a min.

—Pódese considerar a David como o alma mater dos Ultra?

—David só era o enlace cos profesores de secundaria pero a malla era cada vez maior, grupos ecoloxistas, sindicatos, estudantes, actores, escritores... e eu sin sospeitar nada. Estábase cocendo a través de Internet unha revolución pacífica para o vinte e cinco de xullo. A organización estaba formada por milleiros de

persoas que durante anos foran cumprindo paso a paso o seu papel, ir introducíndose paseniño en todas as institucións que tiveran certo poder mediático. Unha malla sólida preparada para vencer aquel goberno gris, monótono e dirixido dende o exterior que levaba sangrando o máis vizoso da nosa cultura.

Persoas infiltradas en organismos do máis variado e realizando, en ocasións, papeis opostos ás súas crenzas, estaban preparados para derrocar a aquel goberno hostil e abafante que levaba preto de quince anos pisándonos as cabezas. As eleccións á Xunta eran en outubro e o pistoletazo de saída para a organización era o Día da Patria Galega do 2063. Só faltaba unha cabeza visíbel que transmitira a mensaxe, e esa era eu.

Ás doce da mañá irrompemos en todas as esquinas de Galiza cun berro tan forte que fixo tremer os alicerces da península, Adiante... Ulteira! Toda a organización ao destapado mandando unha mensaxe sinxela e clara. Unha manifestación aparentemente espontánea que deu a volta ao mundo. Por fin os galegos recuperamos o control das nosas rendas despois de anos de masacre intelectual.

Ulteira segue sendo unha organización virtual formada por miles de persoas que tornou o rumbo da nosa historia e que está sen estar en ningún sitio. Aparece nos grandes acontecementos para que os nosos gobernantes sintan o alento da sociedade galega aprobando ou reprobando decisións.

## CAPÍTULO V

—Como foi a túa relación con David a partir de entón?

—David foi unha beizón para min. Rexuvenecín moitos anos ao seu carón. Re-



vivín intensamente a paixón daquel primeiro amor, e foi capaz de ilusionarme en cada un dos proxectos que me presentou, que foron moitos e variados. David sempre foi un home inquedo e alegre. A xente sabía que podía contar con el para todo; era dos poucos que sempre respondía cun “moi ben” sonoro arroupado por un sorriso, á pregunta de que tal estas? aínda que as cousas non lle foran tan ben. Era, dende logo, un home optimista.

Viviamos cada un no seu piso, sen ataduras, como se fosemos mozos. Cando nos apetecía xuntabámonos pero sempre respectamos a nosa parcela individual, que despois de tantos anos vivindo en soidade, era xa unha parcela de varias hectáreas. Rematou sendo unha relación sen o pesado xugo do compromiso pero comprometidos no respecto e a confianza mutua. Foi, se cadra, o verdadeiro amor, o amor da miña vida. Divorciárase da súa dona porque a atopara con outro e nunca tivera fillos. Para que? se xa criara a miles de mozos en trinta e cinco anos de docente.

Pero... –a cara de Iria palideceu de súpeto– un accidente de tráfico mudouno todo. El corría de máis porque quería facer moitas cousas. E deixoume na curva do Poxigón, cunha estrada regada polo orballo que tanto lle gustaba.

Avoa e neta quedaron caladas uns intres. Iria sorriu levemente non podendo evitar que unha bágoa sucase a súa meixela. Xiana decidiu continuar.

–Despois dunha vida tan intensa como a túa e aos teus anos, que é o que agardas dela?

–Teño unha espiña cravada dende hai moito tempo. A túa nai sempre me culpou da ruptura con Friedrich. É posíbel que teña razón, pero eu son humana e como tal tamén cometo erros. Aínda que a miña imaxe fora empregada como

símbolo, as iconas da sociedade actual non son deuses, e detrás de cada imaxe hai unha persoa de carne e oso, coas virtudes e defectos dos demais. Pese a que túa nai e eu, sempre nos comportamos como persoas civilizadas, dende que me separei de teu avó, nunca tivemos unha conversa transcendental e sincera. Iso é algo que me atormenta. Outra espiña... –mirou a Xiana aos ollos e tragou saliva– foi non poder actuar nunca como todas as avoas contigo; pero despois da conversa de hoxe morrerei un chisquiño máis tranquila. Eso si, según toda a túa actividade profesional e un día ensinareiche o arquivo onde gardo todas as túas entrevistas. Xiana apertou agarimosamente a man enrugada da súa avoa e cunha mirada ateigada de complicidade dispúxose a finalizar o encontro.

–Chegados a este punto, hai unha pregunta que se responde por si soa; ten relación o facermos a entrevista na miña embarcación coa orixinal Expedición Ulteira?

–Hai setenta e catro anos que partimos de Muros un grupo de escolares para rememorar os setenta e catro anos da expedición orixinal de Álvaro de las Casas, como xa che dixen. Eran cinco etapas ata chegar a Vigo. Realicei as catro primeiras mentres cursei a ESO no CPI de Cervantes pero, na quinta e última, eu xa estaba estudando o bacharelato en Lugo e sempre me quedou mágoa de non rematala. Nesa segunda expedición selei, sen sabelo, un compromiso con David, que anos despois deu o froito da posta en escena do grupo Ulteira, é dicir, do rexurdimento dos valores galegos do século XXI. Aquela viaxe encerra moito simbolismo, e hai un feixe de sentimentos en todo o que a rodea. Tiña moitas ganas de rematar aquilo que comecei con trece anos, pero quería facer con alguén especial, coma ti. O destino é capaz de gardarche unha sorpresa cando menos o esperas, e a túa chamada para a entrevista encheu de luz o meu solpor.

Xiana abrazou a aquela velliña de pelo esbrancuxado e antigos lentes, e soubo por fin o que era ser neta. A mañá escapara como a auga dos mananciais entre os dedos dos nenos, mentres un nuboeiro ameazaba con dar un golpe de estado naquel ceo azul. Volveu á ponte de mandos e puxo rumbo cara Vigo. Iria levantouse coa axuda do bastón e dirixiuse, de novo, con paso canso cara a proa do iate. Cando chegaron ao peirao deportivo, o noivo de Xiana, que as estaba agardando para ir xantar a Baiona, tendeu a man para axudala a baixar e sen querer citou a palabra clave:

–ADIANTE, Iria!

Ela fitouno sorrinte e berrou:

–ULTREIA!



## Arquivos e xornais

Arquivo da Biblioteca da Deputación de Ourense: *Álvaro de las Casas*.

Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela: *Expedientes de alumnos*.

Arquivo municipal de Noia: *Libros de actas de sesións*.

Arquivo persoal de Xaime Isla Couto.

*El Pueblo Gallego*, Vigo, 1932, 1936.

*Faro de Vigo*, Vigo, 1932.

*Guieiro. Outavoz patriótico da F.M.G.*, 1936.

*La Voz de Galicia*, A Coruña, 1932.

*Nós. Boletín mensual da Cultura Galega*, Ourense, 1932, 1933, 1934.

*Vida Gallega*, Vigo, 1932.

## Publicacións coetáneas

BEIRAS, A.: “Lembranza querendosa: O que foi e siñifica a xeira dos “Ultreyas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 6 de agosto de 1932.

BLANCO, M. / SUÁREZ OVIEDO, J. / ROIG, A.M. / RUDIÑO, G.: “El Decálogo de Ultreya”, *Vida Gallega*, núm. 526, Vigo, 10 de xullo de 1932.

CASAS, Álvaro de las: “Ultreya. Mar adelante. Diario de a bordo”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 7, 9, 13, 15, 20, 22, 24, 30 de xullo, 1932.

--- : *Verbas aos mozos galegos. O momento universitario*, 1933 (ed. facsimilar, Fundación Premios da Crítica Galicia – Asociación Álvaro das Casas, 2003).



# BIBLIOGRAFÍA

--- : "Bágoas por outro irmán morto", *El Pueblo Gallego*, 22 de abril de 1934.

CASAS, Álvaro das, e outros (Remixio González Gándara, Alexandre Agra Cadarso, Miguel Roig Lestón, Rufo P. González, Carlos R. Padín, Xohán Astorga Anta, Xaime Isla Couto, Manuel Rei Lado): "Ultreya. 1ª. Xeira (Misión Biolóxica de Galiza)", *Nós*, 106 e 107, Ourense, outubro e novembro, 1932 (fíxose separata).

CASAS, Álvaro de las, e outros (Xohan Nieto Tuñez, Xoán Freire Antelo, Xosé Fernández García, Francisco Castro Lorenzo): "Ultreya. 3ª. xeira. Barbanza. 1933", *Nós*, 114, Ourense, xuño, 1933 (fíxose separata).

ENCISA, M.: "Ultreya no mar", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 31 de xullo de 1932.

LOURENZO, Xurxo / CASAS, Álvaro das: "Notas do meu diario arqueolóxico", *Nós*, 124-125, abril-maio, 1934.

OTERO PEDRAYO, R.: "Prosas galegas: A nau dos Ultreya", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 6 de xullo de 1932.

RISCO, V.: "Lembranza de Xurxo Lourenzo", *Nós*, 124-125, abril e maio, 1934.

ROXERIUS (Roxelio Pérez González): "O meu saúdo... ós "Ultreyas", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 16 de xullo de 1932.

ULTREYA: "Os agrupamentos ULTREYA", *Nós*, 98, Ourense, 15 de febreiro de 1932.

## **Publicacións e estudos actuais**

ABEIJÓN NÚÑEZ, F.: "Álvaro de las Casas", *Casa da Gramática, Revista de Creación Literaria e Cultura*, 7, IES de Noia 7, Noia, 2000.

--- : *Álvaro de las Casas*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2001.

AGRAFOXO, X.: 1936. *A guerra Civil en Lousame e Noia. Testemuñas dunha represión*, Concello de Lousame, Noia, 1995.

--- : "Álvaro de las Casas", *Casa da Gramática*, 7, Noia, 2000.

AGRELO HERMO, X. / ABEIJÓN NÚÑEZ, F.: "Ultreya sesenta anos despois", *El Correo Gallego*, 16 de febreiro de 1992.

--- : "Unha viaxe histórica", *El Correo Gallego*, 12 de abril de 1992.

AGRELO HERMO, X.: "Os 'Ultreya'", *Casa da Gramática*, 7, Noia, 2000.

ARIZAGA CASTRO, Á. R.: "Xurxo Lourenzo: Etnografía arqueolóxica da paisaxe mariña", *Encontros coa Etnografía*, Ed. Sementeira, Noia, 2005.

CAPELÁN REY, A.: *Contra a Casa da Troia* (e II), Ed. Laiovento, Noia, 1996.

CUQUEJO ENRÍQUEZ, Ma.: *Álvaro de las Casas: Sulco e Vento*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, 2004.

BOROBÓ (pseudónimo de Raimundo GARCÍA RODRÍGUEZ): "Hacia Herbón con los ultreyas", *La Región*, Ourense, 2 de maio de 1990.

DIÉGUEZ CEQUIEL, U.-B.: "O Nacionalismo xuvenil na Galiza republicana: de 'Ultreya' á creación da 'Federación de Mocidades Galeguistas', (1932-1934)", *Historia Nova*, IX e X Congreso de Novos/as Historiadores/as, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela, 2002.

# BIBLIOGRAFÍA

--- : "Álvaro das Casas e a súa actividade política na Galiza republicana (1931-1936)", *A Trabe de ouro*, 49, 2002.

--- : "Ultreya e as súas xeiras pola Galiza da II República (1932-1935)", *Mostra Filatélica...* Noia, 2002, Grupo Filatélico de Noia, Noia, 2002.

--- : *Álvaro de las Casas. Biografía e documentos*, Ed. Galaxia, Vigo, 2003.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Casal e o libro galego*, Ed. do Castro, Sada, 1983.

FRAGA VÁZQUEZ, X. A.: "Pasado e presente da Educación Ambiental en Galicia", *Encontros sobre Educación Ambiental en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1990.

--- : "Álvaro de las Casas e o excursionismo dos 'Ultreyas'", *Cerna. Revista galega de ecoloxía e medio ambiente*, 7, Santiago de Compostela, 1993.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Xaquín Lorenzo Fernández, "Xocas", 1907-1989*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2003.

--- : "Os 'ultreias' en Rianxo, 6 de xullo de 1932", *Guadalupe 2006*, Rianxo, 2006.

ÍNSUA LÓPEZ, E.X.: "Álvaro de las Casas e a ledicia de botarse enteiramente no colo da natureza", *Cerna. Revista galega de ecoloxía e medio ambiente*, 46, Santiago de Compostela, 2005.

REQUEIXO, A.: "Álvaro de las Casas e a literatura popular galega", *Casa da Gramática. Revista de Creación Literaria e Cultura*, 7, IES de Noia, 2000.

ULLOA FERNÁNDEZ, E.: *Álvaro das Casas y los grupos 'Utreyas'. Su incidencia en el nacionalismo gallego*, memoria de licenciatura, inédita, 1977 (Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela).

## **PARTICIPANTES**

Nenos, nenas, profesores e profesoras:

CPI de Cervantes

IES de Becerreá

CPI de Seoane, Folgoso do Courel

CPI de Pedrafita do Cebreiro

IES “Xermán Ancochea Quevedo”, A Proba de Trives

IES “Carlos Casares”, Viana do Bolo

IES “Castro de Baronceli”, Verín

Nenos e nenas do concello de Rubiá (Ourense)

IES “Aquis Querquernis”, Bande.

## **TRIPULACIÓN**

Roi Fernández Otero, patrón

Xoán Antonio Costas Otero, contramestre

Carlos Martínez Constenla, mariñeiro

Ainhoa Sánchez González, intérprete ambiental e mariñeira

Alfredo Fernández Prieto, coordinador en terra e administrador Acquavisión Galicia S.L.

## **CONCELLOS**

Muros, Ribeira, O Grove, Vilagarcía de Arousa, Marín e Vigo

## **MEDIOS DE COMUNICACIÓN**

Faro de Vigo

La Voz de Galicia

Radio Galega

Televisión de Galicia

Televisión Española en Galicia







## Índice

Nota proloquial	9
Limiar	15
Asociación xuvenil Ulteira	21
Xeiras	55
Primera Xeira	63
Segunda Xeira	73
Tercera Xeira	97
Notas	106
Primera Xeira (Nós)	119
Ulteira - Mar Adiante	145
Notas	184
Xurxo Lourenzo	191
Notas	210
Apendice	217
Notas	233
Tercera Xeira (Nós)	235
A II Xeira do mar Muros-Vigo	249

